CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 21

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez
Coordinador científico do CIRP
Manuel González González
Directora Técnica de Lingüística
María Sol López Martínez

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela
Tfno. +34 881 996 152 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.gal
http://www.cirp.gal

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2021
Autor Varios
Título Cadernos de Fraseoloxía Galega 21
Periodicidade Anual.
ISSN: 1698-7861 (Cadernos de Fraseoloxía Galega) (versión en papel)
eISSN: 2605-4507 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)
ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
DOI: https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.00001

Maquetación:
Grafisant, S.L.

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, COPAC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ERIH PLUS, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, OCLC WORLDCAT, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista Proverbium (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (http://www.letrasgalegas.org/) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 307-317).

Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional. Esta licenza obriga a especificar a autoría e o nome da publicación en caso de copia, distribución ou comunicación pública e impide tanto o uso deste material para propósitos comerciais como a distribución de obras derivadas.

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
21

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Santiago de Compostela
2021

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (IES do Milladoiro, España)

Consello Científico

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña, España)
Luis Alfaro Echevarría (Universidad Central "Marta Abreu" de Las Villas, Cuba)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo, España)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca, España)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València, España)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga, España)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg, Alemaña)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona, España)
Andrea Expósito Loureiro (IES Pedro Floriani de Redondela, España)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo, España)
Luís González García (Universidade da Coruña, España)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans, Francia)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz, Austria)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Ottavio Lurati (Universität Basel, Suíza)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans, España)
Wolfgang Mieder (University of Vermont, Estados Unidos)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet, Rusia)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Hungría)
António Nogueira Santos (Portugal)
Beatriz Pérez Traseira (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid, España)
Monika Sułkowska (Uniwersytet Śląski , Polonia)
Sara Villar Aira (Colexio Compañía de María, España)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig, Alemaña)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen, Alemaña)

Consello de Redacción

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela, España)
Vanessa Fernández Pampín (IES do Milladoiro, España)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo, España)
Alba Quintairos Soliño (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, España)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña, España)

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, ata o número 17 recíbíana tódalas universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, era de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde o número 18 publícase unicamente en formato dixital. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 200 fraseólogos de 25 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseológica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, hasta el número 17 la recibían todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, era de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde el número 18 se publica únicamente en formato digital. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 200 fraseólogos de 25 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. Until number 17, it was spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities and after six months, it was freely available on the network [http://www.cirp.es/pls/bdox/ inv.cfg_ini]. From number 18 it is only published in digital format. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia–both Galician and universal–, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 200 from 25 different countries have already contributed.

Cadernos de Fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Jusqu'au numéro 17, elle était diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique, et envoyée à toutes les Universités d'Espagne et du Portugal; six mois après la parution de ses numéros, elle était en accès libre sur le lien [http://www.cirp.gal/cfg]. À partir du numéro 18, elle n'est publiée qu'en ligne. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 200 phraséologues de 25 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Cadernos de Fraseoloxía Galega ist eine internationale Zeitschrift, die sich mit der Phraseologie und Parömiologie aller Sprachen der Welt aus verschiedenen Perspektiven wie Lexikografie, Translatologie, Komparatistik und Didaktik beschäftigt. Die Zeitschrift ist in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und wurde bis vor Kurzem an alle spanischen und portugiesischen Universitäten per Post geliefert. Zur Zeit ist die Zeitschrift Cadernos de Fraseoloxía – seit der Nummer 18 – nur über das Internet unter <http://www.cirp.gal/cfg> zugänglich. Für die Publikation werden ausschließlich Originalbeiträge in einer der acht europäischen Großsprachen angenommen. Veröffentlicht werden die Arbeiten jedoch nur auf Galicisch, denn ein Hauptziel der Zeitschrift besteht darin, das Galicische als Forschungssprache zu fördern bzw. die galicische Phraseologie und Parömiologie auf internationaler Ebene bekannt zu geben. Die Zeitschrift wird vom Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mit Sitz in Santiago de Compostela unterstützt und bis dato haben 200 Phraseologen aus 25 verschiedenen Ländern darin mitgewirkt.

Cadernos de Fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке. Номер 17 есть во всех университетах Испании и Португалии. Спустя шесть месяцев после выхода, данный выпуск был выложен в свободный доступ. Начиная с 18-го номера, журнал издается исключительно в электронном виде [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 200 фразеологов из 25 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS 17

BEVILACQUA, Cleci Regina: *A fraseoloxía especializada: produtos fraseográficos e aplicacións / Specialized Phraseology: Phraseographic Products and Applications*.. 19

ORENHA-OTTAIANO, Adriane: *Escollas colocacionais a partir dun corpus de estudantes de tradución e a importancia do desenvolvemento da compentencia colocacional / Collocational Choices from a Corpus of Translation Students: The Importance of Developing Collocational Competence* 35

ORTIZ ÁLVAREZ, María Luisa: *Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras / Vocabulary, Identity and Discourse in Brazilian idioms* 65

TAGNIN, Stella E. O.: *A Lingüística de Corpus e as súas aplicacións na Fraseoloxía: un panorama de pescudas desenvolvidas na Universidade de Sao Paulo / Corpus Linguistics and its Applications in Phraseology: An Overview of Research Developed at Universidade de Sao Paulo* 93

ZUCCHI, Angela Maria Tenório: *Orientación na universidade para a multiplicación dos estudos fraseolóxicos / Guidance for Increasing the Number of Phraseological Studies at Universities* 105

RECADÁDIVAS / COMPILATIONS 135

MARTÍNS SEIXO, Ramón: *A fraseoloxía no* Cantigueiro de Cotobade *de Antonio Fraguas / Phraseology of* Cantigueiro de Cotobade *by Antonio Fraguas* 137

RECENSIÓNS / REVIEWS 213

FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia e SARDELLI, Antonella (2019): *Estudios lingüísticos y literarios de las unidades fraseológicas en las obras cervantinas*. Por / By Vanessa Fernández Pampín 215

GAUTIER, Laurent (2018): *Figement et discours spécialisés*. Por / By M.ª Isabel González Rey 218

LEI, Chunyi (2017): *Teoría fraseológica y lenguaje figurado en España y China*. Por / By Liqun Wang 224

SAILER, Manfred e MARKANTONATOU, Stella (2018): *Multiword expressions: Insights from a multi-lingual perspective*. Por / By Patricia Buján Otero 229

SOLANO RODRÍGUEZ, María Ángeles e BIELAWSKA, Karolina (2017): *Proyectos de fraseología integrada para la enseñanza de ELE*. Por / By M.ª Carmen Losada Aldrey 232

NOVAS / NEWS 237

1. Libros, revistas ou artigos / *Books, Journals and Papers* 239

1.1. Actas /*Proceedings* 249

1.2. Contidos dos Coloquios de Tavira / *Contents of Tavira Colloquia*..... 251

1.3. Recensións / *Reviews* 255

1.4. Recensionantes / *Reviewers* 256

1.5. Teses / *Thesis* 257
1.6. Traballos de Fin de Master / *Master's Thesis* 257
1.7. Traballos de Fin de Grao / *Final Degree Projects* 258
1.8. Outros traballos académicos..... 259
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / *Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences* 259
2.1. Congresos EUROPHRAS 259
2.1.1. Congreso EUROPHRAS 2019. Santiago de Compostela 259
2.1.2. Congreso EUROPHRAS 2019. Málaga 259
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2019 260
2.2.1. 13.º Colóquio Interdisciplinar sobre Proverbios 260
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2019 / *Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2019* 260
2.3.1. Seminario *La phraséologie et son enseignement*. Université Sorbonne Nouvelle 260
2.3.2. Congreso *Kollokationen und Idiome in der zweisprachingen und Varietäten-Phraseographie*. Universität Innsbruck 260
2.3.3. *PhraséoRom: Colloque International « Phraséologie et stylistique de la langue littéraire »*. Friedrich Alexander-Universität Erlangen-Nürnberg 260
2.3.4. *13th International Conference of the Asian Association for Lexicography (ASIALEX 2019): Lexicography: Past, Present, Future*. Asian Association for Lexicography 261
2.3.5. *VI Congresso Internazionale di Fraseologia e Paremiologia PHRASIS - Fraseologia e paremiologia: modelli, strumenti e prospettive*. Università di Roma Tre, Università di Cagliari 261
2.3.6. Colloque international *Lexique et frontières de genres*. Université de Pau et des Pays de L'Adour 261
3. Recursos / *Resources* 261
3.1. Dicionario *Kotowaza* de proverbios xaponés-inglés-holandés 261
3.2. Dicionario *10000 Japanese Idioms* 262
3.3. *Chinese Proverbs: The Wisdom of Cheng-Yu* 262
3.4. *Don't get me wrong* 262
3.5. *Das Kannst du Laut sagen!* 262
3.6. *Vous avez la parole!* 263
3.7. *The Illustrated Histories of Everyday Expressions* 263
3.8. *PhraséoBase* 263
3.9. *Coa palabra na boca. Suxestións para traballar con refráns nas aulas* 263

4. Fraseografía espontánea / *Spontaneous Phraseography* 264
4.1. Proverbios suecos en *The Gold Scales* 264
4.2. Mapa interactivo *Refráns que falan de Lugo* 264
4.3. Ditos, frases feitas e refráns en *DaCerna* 264
4.4. Ditos e refráns en *A memoria dos nosos* 264
BALANCE / OUTCOME 265
1. Índices de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* / *Index of* Cadernos de Fraseoloxía Galega 267
1.1. Índices alfabéticos de artigos / *Alphabethical index of papers* 267
1.2. Índice da sección de Recadádivas / *Index of Compilations section* 272
1.3. Índice alfabético de recensións / *Alphabethical index of reviews* 274
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / *Alphabethical index of reviews by authors* 274
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / *Alphabethical index of reviews by reviewers* 280
1.4. Índice da sección de Novas / *Index of News section* 285
1.5. Publicacións recibidas na redacción / *Publications received in the editorial department* 288
2. Índice temático dos vinte e un números de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* / *Subject index of the twenty-one issues of* Cadernos de Fraseoloxía Galega .. 289
2.1. Índice dos artigos / *Index of the papers* 289
2.2. Fraseoloxía bilingüe / *Bilingual Phraseology* 297
2.3. Función e índice da sección de Recadádivas / *Function and index of the Recadádivas section* 297
3. Procedencia dos autores de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* / *Origin of the authors of* Cadernos de Fraseoloxía Galega 301
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / AUTHOR GUIDELINES 307

In memoriam Maria Aparecida Barbosa

Presentación

Cadernos de Fraseoloxía Galega estrea un novo número, o número 21, 2019, adicado a Maria Aparecida Barbosa († 2019), con aportacións de compañeiras súas no apartado ESTUDOS destinadas a honrar a súa memoria. Con este número levamos 3 editados unicamente en liña. Con anterioridade, podíanse consultar os números dixitalmente aos 6 meses de publicárense en papel. A partir do número 18, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** entra definitivamente no grupo das revistas electrónicas, de acceso libre desde o momento da publicación dos seus novos números, mantendo a mesma estrutura en cinco grandes apartados relacionados con aspectos fraseolóxicos ou paremiolóxicos, neste caso, nas seguintes linguas de traballo: español, francés, galego e inglés.

A sección de ESTUDOS ofrece cinco traballos que abordan diversas cuestións relacionadas coas distintas áreas da fraseoloxía e da paremioloxía, téoricas e aplicadas. O traballo de Cleci Regina Bevilacqua (*A fraseoloxía especializada: produtos fraseográficos e aplicacións*) constitúe unha introdución á homenaxe da profesora Maria Aparecida Barbosa e repasa as súas principais contribucións ao eido da fraseografía aplicada á terminoloxía. Pola súa parte, Adriane Orenha-Ottaiano propónnos no seu artigo (*Escollas colocacionais a partir dun corpus de estudantes de tradución e a importancia do desenvolvemento da competencia colocacional*) analizar as escollas colocacionais dos estudantes de tradución tomando como referencia o *Corpus de Aprendizes de Traduçao (CAT)*. Partindo da relación entre lingua e cultura, Maria Luisa Ortiz Alvarez amósanos en *Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras* unha escolma de expresións idiomáticas opacas do portugués do Brasil co obxectivo de achegarnos ao seu significado a través do seu inherente valor sociocultural. En *A Lingüística de Corpus e as súas aplicacións na Fraseoloxía – un panorama de pescudas desenvolvido na Universidade de São Paulo,* Stella E. O. Tagnin ofrécenos un panorama das investigacións sobre Lingüística de corpus desenvolvidas na Universidade de São Paulo, facendo especial fincapé na fraseoloxía e no proxecto CoMET, que engloba tres corpus nos que a presenza dos fraseoloxismos é salientable. O último dos artigos que compoñen este apartado pertence a Angela Maria Tenório Zucchi (*Orientación na universidade para a multiplicación dos estudos fraseolóxicos*); nel, a autora busca incentivar a investigación en Fraseoloxía a partir dun panorama dos estudos fraseolóxicos no que nos presenta as posibilidades de investigación e de dirección académica deste eido.

A sección de RECADÁDIVAS ofrece unha nova escolma de fraseoloxía e paremioloxía galegas, un traballo realizado por Ramón Martíns Seixo dedicado

á fraseoloxía propia do *Cantigueiro de Cotobade*, de Antonio Fraguas. Con esta escolma acádanse 714 expresións que se suman ao Tesouro Fraseolóxico Galego (véxanse as cifras na páxina 300).

A sección de RECENSIÓNS valora 5 obras. Patricia Fernández Martín e M.ª Antonella Sardelli presentan o primeiro volume da colección italiana *Fraseologia e paremiologia*. Laurent Gautier achega un volume dedicado ás relacións entre a fixación e as linguas de especialidade. A seguir, a última obra de Chunyi Lei, dedicada á comparación entre a linguaxe figurada en España e China. Poñendo o foco nas unidades plurilexicais, Manfred Sailer e Stella Markantonatou ofrecen o primeiro volume da serie *Phraseology and Multiword Expressions,* onde compilan unha serie de artigos que tratan, dende un punto de vista multilingüe, a taxonomía, a definición e os métodos de investigación destas unidades. Finalmente, María Ángeles Solano Rodríguez e Karolina Bielawska parten do *Marco europeo común de referencia para as linguas* para ofrecer dez unidades de programación por tarefas que favorezan o desenvolvemento da competencia fraseolóxica en español.

As referencias bibliográficas da sección de NOVAS seguen a visualizar a vitalidade da investigación fraseolóxica no mundo, xa que para este ano 2019 reunimos 235 libros, artigos, comunicacións ou recensións. A todo isto hai que sumar as 11 unidades (5 artigos, 1 recadádiva e 5 recensións) propias deste número. A seguir, dáse conta das Actas do último Coloquio de Tavira, Congresos, Seminarios e Xornadas que se celebraron deste ano 2019 e dos recursos máis recentes. Tamén se informa de novas achegas ao que chamamos "Fraseografía espontánea".

A sección BALANCE ofrece a referencia completa do que 200 investigadores de 25 países deron á luz nos 21 números de Cadernos de Fraseoloxía Galega nestes seus 19 anos de existencia. O índice ofrécese por orde alfabética de autores, por temática dos traballos e por procedencia dos autores. Esta revista quere agradecer a acollida internacional cumprindo todos os parámetros de calidade e ofrecendo ata o número 17 unha difusión internacional tanto no seu formato en papel como actualmente en Internet (https://www.cirp.gal/w3/cfg/).

Coma sempre, a revista remata coas normas de admisión e de valoración de orixinais.

O Consello de Redacción

Preface

Cadernos de Fraseoloxía Galega publishes its new issue, n. 21, 2019, a tribute to Maria Aparecida Barbosa († 2019) where different contributions to the ESTUDOS section made by her colleagues are intended to honour her memory. This is our third issue only published online. Previously, issues were available online 6 months after the hard copy had been distributed. Since issue 18, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** has permanently been part of the completely online, open-access journals that make their issues available from the beginning, while keeping its original structure: five major sections related to phraseological or paremiological aspects and written in Spanish, French, Galician and English.

The ESTUDOS ("Studies") section offers five articles about different matters related to diverse areas of theoretical and applied Phraseology and Paremiology. Cleci Regina Bevilacqua's work (*Specialized Phraseology: Phraseographic Products and Applications*) is the starting signal of our tribute to Dr. Maria Aparecida Barbosa, reviewing her main contributions to the field of Phraseography applied to terminology. For her part, in *Collocational Choices from a Corpus of Translation Students: The Importance of Developing Collocational Competence*, Adriane Orenha-Ottaiano analyses what collocations are chosen by several students of Translation taking as a reference the *Corpus de Aprendizes de Traduçao (CAT)*. Drawing from the correlation between language and culture, Maria Luisa Ortiz Alvarez shows a compilation of obscure idioms from Brazilian Portuguese in *Vocabulary, Identity and Discourse in Brazilian idioms*. Her aim is to decipher their meaning while highlighting their intrinsic sociocultural value. In *Corpus Linguistics and its Applications in Phraseology: An Overview of Research Developed at Universidade de Sao Paulo*, Stella E. O. Tagnin presents an overview of the ongoing studies on Corpus Linguistics developed at Universidade de São Paulo. Her article focuses on both Phraseology and the CoMET project, which is comprised of three corpora that contain a high number of phraseological units. The last of the articles of ESTUDOS was written by Angela Maria Tenório Zucchi (*Guidance for Increasing the Number of Phraseological Studies at Universities*). The aim is to boost the study of Phraseology by presenting an overview of Phraseology studies that introduce the research and academic guidance possibilities of the said field.

In RECADÁDIVAS ("Compilations"), a new selection of Galician phraseological and paremiological units by Ramón Martíns Seixo is included. The author offers a compilation of units extracted from the work *Cantigueiro*

de Cotobade, by the Galician writer Antonio Fraguas. With this contribution, the Galician Phraseological Thesaurus adds 714 new expressions (see data in page 300).

The RECENSIÓNS ("Reviews") section assesses 5 works. Patricia Fernández Martín and M.ª Antonella Sardelli introduce the first volume of the Italian collection *Fraseologia e paremiologica*. Laurent Gautier presents a work centered in the correlation of fixation and speciality languages. Then, Chunyi Lei's most recent contribution to the field is described. In this book, Lei compares figurative language in Spain and China. With a focus on complex lexical units, Manfred Sailer and Stella Markantonatou offer the first volume of the series *Phraseology and Multiword Expressions,* which includes several articles that describe —from a multilanguage point of view— the taxonomy, definition and research methods of these units. Based on the *Common European Framework of Reference for Languages,* María Ángeles Solano Rodríguez and Karolina Bielawska have created ten syllabus' units with a task-based approach intended to develop the students' phraseological competence in Spanish.

The bibliographical references included in the section NOVAS ("News") show an overview of the dynamism phraseological research has all around the world: 235 books, articles, communications or reviews have been gathered in this section, along with the 11 contributions (5 articles, 1 compilation and 5 reviews) included in this issue. In addition, the Proceedings of the last Tavira conferences can also be found, as well as other conferences, seminars and congresses celebrated during 2019. Finally, there is a brief introduction to recent resources and contributions to what we call "Spontaneous Phraseography."

The BALANCE ("Outcome") is a complete reference to what 200 researchers from 25 countries have contributed to the 21 issues of **Cadernos de Fraseoloxía Galega** during its 19 years of existence. The index of authors is alphabetical, but there is also an index arranged according to the articles' topics and a table showing each author's institution. We would like to express our gratitude for our journal's international reception and support, which acknowledges our commitment to comply with the quality parameters, offering —up until issue 17— an international distribution both in paper and online formats (https://www.cirp.gal/w3/cfg/en/intro.html).

As usual, the Author Guidelines are included at the end of the issue.

The Editorial Board

Estudos
Papers

A fraseoloxía especializada: produtos fraseográficos e aplicacións[1]

Specialized Phraseology: Phraseographic Products and Applications

Cleci Regina Bevilacqua
Universidade Federal do Rio Grande do Sul
https://orcid.org/0000-0002-1002-9080
cleci.bevilacqua@ufrgs.br

Resumo: Este texto trata sobre a fraseoloxía especializada e pon o seu foco nos produtos fraseográficos e as súas aplicacións, considerando algunhas das ideas propostas pola profesora Maria Aparecida Barbosa, profesora da Universidade de São Paulo e homenaxeada neste escrito. Inicialmente, presentamos algúns conceptos sobre as unidades fraseolóxicas especializadas (UFEs), destacando dúas tendencias principais en relación cos tipos de fraseoloxías especializadas: as colocacións e as fórmulas. A seguir, discutimos a nosa noción das UFEs, considerándoas unidades sintagmáticas recorrentes en situacións de comunicación de áreas temáticas que revelan unha preferencia evidente por especificidades e por convencións propias do idioma, da área e do xénero textual en que ocorren. Revisamos as principais ideas da profesora Barbosa relacionadas coa terminoloxía, etno-terminoloxía, fraseoloxía e as súas aplicacións, destacando ademais a importancia das linguaxes especializadas para a constitución das áreas de coñecemento e para a formación de especialistas. Posteriormente, mostramos exemplos de UFEs das áreas de Dereito Ambiental e da Conservación e Restauración de Bens Culturais Móbeis en papel. Indicamos os criterios para a súa selección e os campos de fichas fraseográficas para o seu rexistro en bases de datos en liña, a partir de proxectos desenvolvidos polo grupo Temisul. Seguindo as ideas de Barbosa, salientamos a importancia deses produtos tanto para profesionais da linguaxe (tradutores, redactores e revisores de textos especializados), como para os aprendices das diferentes áreas do coñecemento. Esperamos, deste xeito, poder amosar a importancia da fraseoloxía e da fraseografía no ámbito da terminoloxía e dos estudos do léxico, ben para a conformación das diferentes áreas do coñecemento, ben para a súa aprendizaxe.

Palabras clave: terminoloxía, fraseoloxía especializada, unidades fraseolóxicas especializadas, produtos fraseográficos.

---

[1] Data de recepción: 01.10.2019. Data de aceptación: 03.03.2020
Tradución feita por Raquel Sánchez González.

Abstract: This text deals with Specialized Phraseology and focuses on specialized phraseographical products and their applications considering some of the ideas of professor Maria Aparecida Barbosa, professor at São Paulo University and honored in this volume. Initially, we present some conceptions on Specialized Phraseological Units (SPUs) highlighting two main trends regarding the types of specialized phraseologies: collocations and formulae. Then we put forth our conception of SPUs, considering them as recurring syntagmatic units in the communicative situations of thematic áreas that reveal a marked preference for specificities and conventions specific to the language, area and textual genre in which they occur. We review Professor Barbosa's main ideas concerning Terminology, Ethno-Terminology, Phraseology and their applications, highlighting the importance of specialized languages for the constitution of knowledge areas and for the formation of specialists. Furthermore, we bring examples of SPUs from the areas of Environmental Law and Conservation and Restoration of Movable Cultural Goods on paper. Drawing from the projects developed by the Termisul Group, we indicate the criteria for their selection and the card fields for their registration in online databases. Following Barbosas ideas, we highlight the importance of these products for language professionals (translators, writers and proofreaders, as well as for learners from diferente fields of knowledge. We hope, therefore, to be able to show the importance of Phraseology and Phraseography in the context of Terminology and Lexical Studies, as well as for the shaping of diferent areas of konwledge and their learning.

Keywords: terminology, specialized phraseology, specialized phraseological units, phraseographical products.

1. Introdución

Este texto aborda algúns aspectos relativos á fraseoloxía especializada, principalmente enfocados á construción de produtos fraseográficos e ás súas aplicacións, tanto para a tradución e a produción de textos especializados, como para o ensino de linguaxes especializadas, considerando ademais algunhas propostas da profesora Maria Aparecida Barbosa. Inicialmente, presentamos dúas nocións predominantes relativas ás unidades fraseolóxicas especializadas (UFE) e indicamos a noción adoptada por nós. A seguir, amosamos algunhas ideas da mencionada profesora sobre terminoloxía, etnoterminoloxía, fraseoloxía e adquisición de linguaxes especializadas. Tratamos, a continuación, os produtos fraseográficos, propondo criterios de selección das UFE e exemplificando coas bases de datos do grupo Termisul. Por último, amosamos as súas posibles aplicacións na formación de profesionais da linguaxe (tradutores, revisores e redactores de textos especializados) e de aprendices de linguas de especialidade, é dicir, os aprendices das distintas áreas especializadas. Deste xeito, buscamos establecer a relación das ideas da mencionada profesora cos temas atinentes ás aplicacións da fraseoloxía co propósito de mostrar a importancia da fraseoloxía especializada, pero principalmente, de rescatar e valorizar as propostas teóricas e aplicadas da profesora Barbosa, preservando, así, o seu legado no referente aos estudos do léxico e, máis especificamente, á fraseoloxía.

Antes de revisar as ideas de Barbosa, cabe destacar que incluímos os estudos das UFE e, polo tanto, da fraseoloxía especializada no ámbito da terminoloxía, considerando os novos paradigmas textuais e comunicativos xurdidos a partir dos anos 90 (Bourigault e Slodzian, 2004; Cabré, 1999 e 2001; Gaudin, 1993; Temermann, 2000). Con base nestes paradigmas, que parten dos textos e da situación comunicativa para determinar o valor de

unidade especializada dunha unidade léxica, amplíase a mira de estudo da terminoloxía, pasando a consideralas unidades maiores ca os termos no seu estudo, entre elas as UFE.

Centrándonos na revisión dos principais autores que tratan ese tema é posible identificar a existencia dunha variación denominativa, isto é, a atribución de diferentes denominacións ás UFE. Neste sentido, atopamos, entre outras denominacións, "fraseoloxismo" (Blais, 1993; Pavel, 1993), "unidade fraseolóxica" (Gouadec, 1994; Bevilacqua, 1996); "unidade fraseolóxica especializada" (Cabré, Lorente e Estopà, 1996), "combinatorias léxicas especializadas" (L'Homme, 2000; Maciel e Bevilacqua, 2018), "colocacións especializadas estendidas" (Orenha-Ottaiano, 2009) e "unidades fraseolóxicas do discurso científico-técnico" (Sevilla-Muñoz, 2015).

Igualmente, existen diferentes propostas de definicións que poden ser agrupadas en dúas grandes tendencias (Bevilacqua, 2004). A primeira considera as UFE como colocacións, ou sexa, como combinacións formadas por dúas unidades léxicas en que unha é a base e a outra, o colocado. Estas unidades presentan un carácter semifixo e teñen consenso entre o grupo de especialistas que as utilizan. Sintacticamente, poden estar formadas por estrutura do tipo N+N (*salvaguarda de arquivos* —en galego, "salvagarda de arquivos"—), N+Adx (*acervo bibliográfico*), V+N (*restaurar documento*) e Adx+Adv (*ambientalmente nocivo*). Esa perspectiva fundaméntase en gran parte na proposta de Hausmann (1990) para as colocacións da lingua xeral. Para os autores que seguen esta proposta (por exemplo: Lorente, Bevilacqua e Estopà, 2002; Bevilacqua *et al*., 2013), o termo é o núcleo ou base da unidade. Así, na unidade *salvaguarda de arquivo, arquivo* é o termo e, polo tanto, o seu núcleo.

A segunda tendencia define as UFE como fórmulas prototípicas de determinadas áreas de coñecemento. Por exemplo, nun contrato de compravenda, está a UFE *constituir um compromisso entre [x] e [y]* (en galego, "constituír un compromiso entre [x] e [y]"), onde *x* pode ser o vendedor e *y,* o comprador. Entre os autores que seguen esta proposta, atópanse Gouadec (1994), Bevilacqua (1996) e Bevilacqua *et al.* (2013).

Cremos que, nun texto especializado, poden darse os dous tipos de combinatorias e é importante recoller, analizar e describir ambos tipos. Nesa liña, e baseándonos en estudos realizados anteriormente (Bevilacqua, 2004; Bevilacqua *et al.*, 2013) e en pescudas realizadas xunto ao grupo Termisul[2], definimos, seguindo as propostas comunicativas e textuais da terminoloxía, as UFE como unidades sintagmáticas recorrentes nas situacións de comunicación de áreas temáticas que revelan unha preferencia evidente por especificidades e convencións propias do idioma, da área e do xénero textual en que ocorren. Ditas unidades non poden ser explicadas unicamente por pautas gramaticais, estilísticas e afinidades semánticas, posto que resultan dunha selección restritiva condicionada polo xeito de dicilas en cada ámbito do coñecemento. O seu uso está xustificado pola repetición frecuente e polo consenso da comunidade de falantes que comparte a mesma especialidade.

[2] Referímonos aos dous proxectos *Combinatórias Léxicas Especializadas da Linguagem Geral* e *Conservação dos bens culturais móveis em papel: identificação e representação de Unidades Fraseológicas Especializadas (UFEs)*, desenvolvidos polo grupo Termisul (www.ufrgs.br/termisul).

Por exemplo, nos textos da lexislación ambiental brasileira pódense atopar casos como *revogam-se as disposições em contrário e para os efeitos da presente lei* ("revóganse as disposicións contrarias e para os efectos da lei actual"), que se caracterizan como fórmulas prototípicas, e *comprar energia e reciclagem de resíduos perigosos* ("mercar enerxía e reciclaxe de residuos perigosos"), consideradas colocacións.

Logo de presentarmos os tipos de UFE, así como a definición que adoptamos, mostramos algunhas ideas da profesora Maria Aparecida Barbosa relativas á terminoloxía, á etnoterminoloxía e á fraseoloxía co fin de relacionalas coa construción de produtos fraseográficos e a súa utilización por diferentes usuarios, principalmente tradutores, revisores de textos especializados e aprendices de distintas áreas do saber.

2. Algunhas ideas de Maria Aparecida Barbosa sobre terminoloxía, etnoterminoloxía, fraseoloxía e a súa adquisición

Na súa traxectoria académica, a profesora Maria Aparecida Barbosa dedicouse aos estudos do léxico nas súas diferentes áreas —lexicoloxía, lexicografía e terminoloxía—, centrándose nos aspectos teóricos, descritivos e aplicados. Destaca, no ámbito da terminoloxía, a súa proposta relativa á etnoterminoloxía, onde cuñou o concepto "vocábulo-termo" para explicar o léxico utilizado nos textos literarios e o seu valor especializado ou non, conforme veremos máis adiante.

Retomamos algunhas das súas principais concepcións sobre as temáticas mencionadas anteriormente co obxectivo de relacionalas, sobre todo, cos aspectos aplicados da fraseoloxía especializada. En primeiro lugar, destacan as súas propostas concernentes á metalinguaxe e ao seu papel na constitución das áreas de coñecemento. Seguindo a liña dos paradigmas comunicativos e textuais da terminoloxía, Barbosa xa salientaba, nos seus escritos, o proceso de constitución das ciencias e da tecnoloxía, así como a función das terminoloxías para a conformación dos diferentes ámbitos do saber. Nas palabras da autora (Barbosa, 2004: 315):

> *[...] uma ciência ou uma tecnologia vão constituindo-se e delimitando-se como tais, no processo histórico de acumulação e transformação do conhecimento, à medida que, simultaneamente, se vão delimitando o seu objeto formal, os métodos e técnicas de análise e descrição desse mesmo objeto e à medida que, igualmente, se vai consolidando a sua metalinguagem. Noutras palavras, com a precisa definição dos seus termos, e somente assim, determinam-se claramente os fatos próprios ao seu universo, seus métodos e técnicas. É legítimo afirmar, pois, que a construção da ciência é indissociável da construção de sua metalinguagem. À proporção que se vai constituindo, consolida-se a ciência e sua identidade epistemológica.*[3]

[3] Tradución da cita: "[...] unha ciencia ou tecnoloxía van constituíndose e delimitándose como tais, no proceso histórico de acumulación e transformación do coñecemento, a medida que, simultaneamente, van delimitando o seu obxecto formal, os métodos e técnicas de análise e descrición dese mesmo obxecto e, á vez que, igualmente, se vai consolidando a súa metalinguaxe. Noutras palabras, coa precisa definición

Tamén propuña que o valor dunha unidade lexical como vocábulo ou termo se constituíse polo universo de discurso no cal se insire. Destacaba, así, a función da unidade lexical polo valor que adquire no discurso, no seu uso, e a importancia do contorno discursivo para a constitución e delimitación das terminoloxías. De novo vemos que as súas ideas estaban en consonancia cos novos paradigmas teóricos comunicativos e textuais da terminoloxía. Nas súas palabras (Barbosa, 2007: 439):

> *[...] uma unidade lexical não é um termo ou vocábulo, em si mesma, mas, ao contrário, está em função 'termo' ou em função 'vocábulo', ou seja, o universo de discurso em que se insere determina o seu estatuto em cada caso. Assim, não é possível estabelecer uma taxonomia paradigmática dos conjuntos termos e dos conjuntos vocábulos, pois toda a classificação resultada dos entornos discursivos e dos condicionamentos das normas discursivas, dependente, portanto, dos universos de discurso e das situações de discurso.*[4]

Considerando a dificultade de establecer unha fronteira rigorosa entre os termos das linguaxes especializadas e os vocábulos da lingua xeral, a autora presentou a súa proposta de etnoterminoloxía, considerada unha subárea do ámbito da terminoloxía que ten como obxecto de estudo o discurso etnoliterario. O obxectivo desa subárea é delimitar as "estruturas morfo-semântica-conceituais de sua unidade padrão, o vocábulo/termo uma das características do discurso etno-literário"[5] (Barbosa, 2007: 433).

A autora dedicouse, tamén, aos estudos fraseolóxicos, buscando explicar e exemplificar ese fenómeno lingüístico. Deste xeito, en relación coa fraseoloxía, revisou o dobre significado das UFE: a) como unidades formadas por máis de dúas palabras ou frases cun certo grao de lexicalización, con "diferentes tipos e graus diversos de integração semântica e sintática de seus constituintes"[6] (Barbosa, 2012: 241) e b) como "conjunto de frasemas de um universo de discurso"[7] (Barbosa, 2012: 241). Para a investigadora, o termo *fraseoloxía* era un hiperónimo que abarcaba diferentes unidades lexicais multivocabulares, entre os que se atopan proverbios, colocacións, ditos populares, refráns, etc. Malia que eses tipos de unidades posúen "integração, mais ou menos acentuada, entre súas partes"[8] (Barbosa 2012: 491), distínguense por estruturas semánticas, sintácticas e pragmáticas propias de cada un dos tipos mencionados.

---

dos seus termos, e só así, determínase claramente a silueta apropiada do seu universo, os métodos e as técnicas. É lexítimo afirmar que a construción da ciencia é indisociable da construción da súa metalinguaxe. Conforme se vai constituíndo, consolídase tamén a ciencia e a súa identidade epistemolóxica".

4 Tradución da cita: "[...] unha unidade lexical non é un termo ou vocábulo en si mesma. Ao contrario, está en función 'termo' ou en función 'vocábulo', ou sexa, o universo de discurso no que se insire determina o seu estatuto en cada caso. Así, non é posible establecer unha taxonomía paradigmática dos conxuntos termos e dos conxuntos vocábulos, xa que toda a clasificación que resulta dos contornos discursivos e dos acondicionamentos das normas discursivas depende, polo tanto, dos universos e das situacións de discurso".

5 Tradución da cita: "estruturas morfosemánticoconceptuais da súa unidade patrón, o vocábulo/termo, unha das características do discurso etnoliterario".

6 Tradución da cita: "diferentes tipos e graos diversos de integración semántica e sintáctica dos seus constituíntes".

7 Tradución da cita: "conxunto de frasemas dun universo de discurso".

8 Tradución da cita: "integración máis ou menos acentuada, entre as súas partes".

No seu texto *Fraseologia e linguagens: a fraseologia na literatura e no discurso publicitário* (2012), a estudosa presenta os tipos e graos de lexicalización das fraseoloxías e analiza exemplos dos discursos literario e publicitario. Entre as súas propostas, xulgamos importante destacar o papel das unidades fraseolóxicas nos seus contextos de uso. Así pois, segundo a autora (2012: 492): "As relações semântico-conceituais dos frasemas, numa perspectiva mono e multilíngue, mono e multicultural, mostram o papel social e cultural dessas unidades linguísticas, geradoras de reflexos de recortes culturais, cujo resultado é uma forma de conteúdo exclusiva e própria de um grupo"[9].

Alén de tratar a terminoloxía, a etnoterminoloxía e a fraseoloxía, Barbosa preocupábase pola adquisición do coñecemento especializado por parte dos aprendices dunha área específica e pola súa divulgación. Sobre o papel da linguaxe especializada na aprendizaxe dunha ciencia ou tecnoloxía, Barbosa (2004: 313) clarificou:

> *Ciências e tecnologias constituem universos de discurso que constroem uma metalinguagem específica e uma 'visão de mundo' segunda. Aprender uma ciência básica, uma ciência aplicada, ou uma tecnologia corresponde a aprender (adquirir competência e desempenho) a linguagem de especialidade respectivamente constituída.*[10]

Esa idea pode ser complementada con outra na cal se destaca a propia constitución do suxeito pescudador a partir da apropiación que fai da linguaxe especializada da súa área, quer como o uso que fai dela, que o axuda a entender, reexpresar e realimentar os saberes científicos e tecnolóxicos, quer a súa visión do mundo. Resáltase a importancia da linguaxe especializada non só para que os aprendices comprendan e adquiran coñecementos específicos dunha área, senón tamén para eles poderen actuar (e, especialmente, actuar nun contexto especializado), inclusive producindo coñecemento e construíndo e reformulando a súa visión do mundo. Nese sentido, Barbosa sinala que (2007: 422-443):

> *Ao assimilar uma metalinguagem técnico-científica, o pesquisador iniciante estará assimilando e construindo um saber e o saber-fazer específicos daquela ciência e/ou tecnologia, que lhes possibilitam entender, rediscursar e realimentar não só os modelos científicos ou tecnológicos, como também a sua própria 'visão de mundo' anterior, num processo de amadurecimento intelectual e pessoal.*[11]

---

[9] Tradución da cita: "As relacións semántico-conceptuais dos frasemas, nunha perspectiva mono e plurilingüe, mono e multicultural, mostran o papel social e cultural desas unidades lingüísticas, xeradoras de reflexos de recortes culturais cuxo resultado é unha forma de contido exclusiva e propia dun grupo".

[10] Tradución da cita: "Ciencias e tecnoloxías constitúen universos de discurso que constrúen unha metalinguaxe específica e unha segunda 'visión do mundo'. Aprender unha ciencia básica, unha ciencia aplicada ou unha tecnoloxía corresponde a aprender (adquirir competencia e desempeño) a linguaxe de especialidade respectivamente constituída".

[11] Tradución da cita: "Ao asimilar unha metalinguaxe técnico-científica, o investigador inicial estará asimilando e construíndo un saber e un 'saber facer' específicos daquela ciencia ou tecnoloxía que lle posibilitan entender, rediscursar e realimentar non só os modelos científicos e tecnolóxicos, senón tamén a súa propia 'visión do mundo' anterior nun proceso de madurez intelectual e persoal".

Como ferramenta fundamental no proceso de adquisición dunha metalinguaxe científico-técnica, a autora incluía a terminoloxía aplicada, é dicir, a preocupación coa construción de recursos terminográficos a partir de principios teóricos e metodolóxicos, como podemos ver na seguinte cita:

> *Esses aspectos, dentre outros, mostram a importância das metalinguagens terminológicas na sociedade atual, para a aplicação do saber e do saber-fazer do indivíduo, não só sobre determinada ciência ou tecnologia, como também o seu saber sobre o mundo. Daí decorre a importância dos modelos epistemológicos e metodológicos de tratamento, compilação, recuperação e transmissão de metalinguagens* (Barbosa, 2004: 315).[12]

Coas citas e comentarios anteriores, cremos que elaboramos unha síntese dalgunhas das principais ideas de Barbosa sobre temas referentes aos Estudos de Léxico.

3. Fraseoloxía especializada: produtos e aplicacións

A partir dos temas tratados pola profesora Barbosa, buscamos establecer a relación entre as súas ideas e algunhas propostas de construción de produtos fraseográficos, como demostrar as súas posibles vantaxes ben na formación de profesionais de diferentes áreas de coñecemento, ben no seu uso por profesionais da linguaxe como tradutores, redactores e revisores de textos especializados.

Relembramos brevemente a definición que propomos para as UFE: unidades sintagmáticas recorrentes nas situacións de comunicación de áreas temáticas que revelan unha preferencia evidente por especificidades e por convencións propias do idioma, da área e do xénero textual en que ocorren. Resultan dunha selección restritiva condicionada polo xeito de dicilas, o cal é característico de cada ámbito do coñecemento. Así mesmo, o seu uso xustifícase pola repetición frecuente e polo consenso entre a comunidade de falantes que comparte esa especialidade (Bevilacqua, 2004; Bevilacqua *et al.*, 2013).

Pola definición anterior, podemos afirmar —ao igual que Barbosa afirmou sobre as unidades lexicais que pasan a ter a función de termo— que as UFE adquiren un valor especializado e constitúense como tal debido ao universo do discurso no que ocorren, configurándose, polo tanto, no e polo discurso no cal son usadas. Por esa razón, cremos que non só os termos, senón tamén as fraseoloxías axudan a conformar os dominios do saber, atribuíndolles un estatuto específico dunha ciencia ou técnica.

Para demostrar as afirmacións anteriores, mostramos o exemplo da UFE *transferência de acervo* ("transferencia de acervo") da área de Conservación e Restauración de Bens Móbeis en papel, recollida nunha investigación en desenvolvemento no grupo Termisul. No dicionario de lingua xeral, a unidade léxica *transferência* ten o sentido de "mudar

[12] Tradución da cita: "Eses aspectos, entre outros, mostran a importancia das metalinguaxes terminolóxicas na sociedade actual, para a aplicación do saber e do saber facer do individuo, non só sobre determinada ciencia ou tecnoloxía, senón tamén o seu saber sobre o mundo. De aí decorre a importancia dos modelos epistemolóxicos e metodolóxicos de tratamento, compilación, recuperación e transmisión de metalinguaxes".

de um lugar para outro" ("mudar dun lugar para outro") e pode referirse a obxectos ou persoas (Aulete Digital).

No entanto, ao analizarmos os contextos de *transferência de acervo* no corpus especializado da área construído polo equipo do proxecto[13], veremos que esas unidades adquiren un valor especializado e poden, inclusive, inserirse na árbore de dominio construída por Bojanoski (2018)[14] e complementada por Arcos (2019). No contexto que se presenta a continuación para *transferência*, vemos que esta unidade ten o mesmo sentido da lingua xeral referido anteriormente, pero, ao ir acompañada por un termo da área (*acervo*), caracterízase como un proceso específico que debe ser usado por profesionais da área da conservación ou da documentación. Ademais, tamén require coidados e procedementos (métodos de manipulación, acondicionamento, transporte, carga e descarga) co fin de preservar o acervo do mesmo xeito no que se atopaba no seu lugar de orixe. Así pois, polo seu contorno discursivo, *transferência* pasa a ter un valor especializado cando aparece unida ao termo *acervo* e constitúese unha UFE, é dicir, adquire un valor especializado no ámbito no que se emprega. O seu contexto de uso amosa claramente este valor:

> *O transporte de acervo é um item importante na preservação. É necessário que durante a* ***transferência do acervo*** *até o destino final, sejam cumpridos os seguintes procedimentos quanto aos métodos de manuseio, acondicionamento, transporte, processos de carregamento e descarregamento.* (Corpus Papel Termisul).[15]

A figura de abaixo ilustra unha parte da árbore de dominio de Bojanoski (2018) para amosar a inserción de *transferência* a partir dos datos recollidos por Arcos (2019). Nesta árbore, o termo *conservação preventiva* ("conservación preventiva") (3.1) é un hiperónimo de *conservar/restaurar* e inclúe varios procedementos (*diagnóstico, controle climático* —control climático—, *controle de pragas* —control de pragas—, *segurança* —seguridade—, *armazenamento* —almacenamento—, que non aparecen representados aquí en función do espazo), entre os cales se atopa *transporte de acervo* (3.1.7), que pasou a abranguer outros procesos (*retirada* e *transferência*) a partir da pescuda de Arcos (2019).

---

[13] O corpus de lingua portuguesa contén preto dun millón de palabras e posúe textos de xéneros diferentes (artigos, teses, ensaios relatos). Os textos estaban dispoñibles en liña e pasaron por todos os procesos necesarios para o seu uso en ferramentas informáticas.

[14] Profesora do Departamento de Museoloxía, Conservación e Restauración da Universidade Federal de Pelotas e investigadora do Proxecto Termisul. Na súa tese de doutoramento (Bojanoski, 2018) elaborou unha árbore de dominio para a área de Conservación e Restauración de Bens Móbeis en papel. Arcos (2019), na súa disertación de mestrado, complementou a árbore coa inserción de algúns procesos da área, indicados polas UFE.

[15] Tradución da cita: "O transporte de acervo é un elemento importante na preservación. É necesario que, durante a **transferencia do acervo** ata o destino final, se cumpran os seguintes procedementos de carga e descarga".

Figura 1 - Inserción de *transferencia* na árbore de dominio de Bojanoski (2018).



Fonte: Arcos 2019

A partir do exemplo recollido arriba, cremos que identificar as UFE, explicar o seu significado, coñecer o seu comportamento na comunicación e suxerir alternativas para a súa descrición, clasificación e tratamento son temas indispensables para o desenvolvemento dos estudos terminolóxicos e fraseolóxicos. Igualmente, xulgamos necesario o coñecemento destas unidades na lingua materna e nas linguas estranxeiras para producir textos correctos desde o punto de vista lingüístico e adecuados desde o punto de vista da convencionalidade da área especializada. En consecuencia, a súa identificación e presentación en forma de base de datos dispoñibles en liña é fundamental, non só para os profesionais da linguaxe como tradutores e redactores, senón tamén para os futuros profesionais doutras áreas. Isto débese a que, conforme o indicado por Barbosa (2004), adquirir a metalinguaxe especializada é unha parte fundamental do proceso de adquisición e construción dunha ciencia ou tecnoloxía por parte dos aprendices. Ao apropiarse da metalinguaxe da súa área de formación, o aprendiz asimila e constrúe un saber e un saber facer específicos que lle permiten entender, volver a dicir e a alimentar a súa área de coñecemento e a súa visión do mundo (Barbosa, 2007).

Deste xeito, tanto para os profesionais da linguaxe —que afrontan traducións, producións ou revisións de textos especializados— como para os profesionais dos varios dominios do coñecemento é fundamental coñecer non só os termos das diversas áreas, senón tamén as UFE, posto que elas se refiren aos procesos específicos desas áreas ou indican funcións pragmáticas propias de cada dominio especializado, como veremos nos exemplos comentados a seguir.

Coñecendo esa importancia das UFE, no ámbito do grupo Termisul desenvolvemos dous proxectos de identificación e representación desas unidades en bases de datos en liña. O primeiro proxecto denomínase *Combinatórias Léxicas Especializadas (CLEs) da Linguagem Legal*[16] e foi desenvolvido entre 2010 e 2016 co obxectivo de identificar as

[16] A base pode consultarse en http://www.ufrgs.br/termisul/cles/

UFE (denominadas no proxecto "combinatorias léxicas especializadas") da área do Dereito Ambiental en portugués e os seus equivalentes en alemán, español, francés, inglés e italiano. O segundo proxecto, iniciado en agosto de 2019, leva por título *Conservação dos bens culturais móveis em papel: identificação e representação de Unidades Fraseológicas Especializadas (UFEs)* e busca construír unha base de datos con UFE da mencionada área en portugués e os seus equivalentes en español, francés, inglés, italiano e ruso. As UFE identifícanse a partir dos 300 termos en portugués atopados no proxecto anterior (*A linguagem do patrimônio cultural brasileiro: conservação dos bens culturais móveis*, 2016-2019[17]). A identificación das UFE realízase nun corpus textual elaborado para este fin, aplicando os principios da Lingüística de Corpus (Biber *et al.*, 1998; Stubbs, 1996) e as ferramentas informáticas Sketch Engine[18] e AntConc[19].

O grupo estableceu os seguintes criterios para a identificación das UFE en ambos proxectos (Bevilacqua *et al.*, 2013):

- sintagmaticidade: as UFE deben estar formadas por máis dun elemento lingüístico;
- relativa estabilidade semántica e sintáctica: son unidades fixas ou semifixas, isto é, admiten pouca ou ningunha substitución dos elementos lingüísticos que as conforman no eixe paradigmático (*higienização do acervo* —hixienización do acervo—, onde a nominalización *higienização* pode ser substituída por *limpeza,* formando a UFE *limpeza de acervo*), así como a inclusión de novos elementos no eixe sintagmático (*conservação de documentos* —conservación de documentos— admite a inserción de *preventiva*, formando a UFE *conservação preventiva de documentos*);
- frecuencia relevante: as UFE deben ter unha frecuencia considerable nos ámbitos nos que son utilizadas, o que axuda a caracterizalas como prototípicas de cada área;
- prototividade: as UFE son específicas en determinadas áreas de coñecemento e caracterizan o xeito de dicilas;
- consenso: o seu uso está establecido polos membros da área especializada, o que lles confire un carácter convencional e dun ámbito específico. Así, no corpus de conservación e restauración de de bens, atopamos *guarda* ("garda") ou *salvaguarda do acervo* ("salvagarda do acervo"), pero non *cuidado do acervo* ("coidado do acervo");
- complexidade tradutora: foron identificadas UFE que poderían presentar dificultades para a súa expresión nas linguas estranxeiras. Por exemplo, cales serían os equivalentes de *higienização de acervo*, *baldeação de produtos perigosos* ("transvasamento de produtos perigosos") e *em conformidade com a lei* ("en conformidade coa lei") nas linguas estranxeiras previstas nos proxectos?

[17] Este proxecto recolleu 300 termos que xa se atopan na base de datos que pasará a estar dispoñible en breve na páxina web de Termisul: www.ufrgs.br/termisul.

[18] https://www.sketchengine.eu/

[19] http://www.laurenceanthony.net/software/antconc/

Como exemplos de unidades que indican procesos no ámbito do Dereito Ambiental, temos UFE que se caracterizan como colocacións: *avaliação da qualidade ambiental* ("avaliación de calidade ambiental"), *cessão de águas públicas* ("cesión de augas públicas"), *coleta de resíduos sólidos* ("recollida de residuos sólidos"), *lançamento de óleo* ("descarga de petróleo"), *remembramento do solo* ("parcelamento do solo") etc. Estas unidades indican procesos relativos á área de medio ambiente, principalmente os orientados á súa protección e preservación. Tamén temos unidades consideradas fórmulas, que posúen funcións pragmáticas específicas nos textos lexislativos. Entre elas temos: *de acordo com o disposto na legislação* ("de acordo co disposto na lexislación") —ten a función de indicar a intertextualidade entre os textos de Dereito Ambiental—; *no uso das atribuções que lhe conferem os artigos* ("no uso das atribucións que lle confiren os artigos") —define os autores que poden propor e asinar os documentos lexislativos, isto é, o presidente da república, o presidente do senado etc.—; *Esta lei entra em vigor na data da sua publicação* ("esta lei entra en vigor na data da súa publicación") —establece que unha lei pasa a estar vixente a partir do momento da súa publicación—.

Para a área de Conservación e Restauración de Bens en papel, identificamos soamente UFE formuladas por verbos e nominalizacións —ou sexa, do tipo das colocacións— e que se refiren aos procesos específicos da área: *abrigar coleção* ("abrigar colección"), *causar mancha* ("producir mancha"), *branqueamento de fibras* ("branqueo de fibras"), *controle de pragas* ("control de pragas"), *deterioração de documento* ("deterioración de documento"), *encadernar livro* ("encadernar libro"), *guarda de acervo* ("colección"), *higienização de documento* ("hixienización de documento"), *preservação do arquivo* ("preservación do arquivo"), entre outras.

Para ambos proxectos, construímos unha base de datos en liña, na que as UFE son entradas con ficha propia cada unha delas. Os campos incluídos nas bases son os seguintes: entrada, contexto coa súa fonte, outras formas, ver tamén, equivalentes nas linguas estranxeiras e notas.

O campo *outras formas* permite a inserción de UFE que presentan a inserción dalgún elemento lingüístico ou dalgunha alteración morfosintáctica en relación coa UFE principal, considerada a máis frecuente nos *corpus*. Por exemplo: *de acordo com o disposto na lei* (en galego, "de acordo co disposto na lei"), onde a forma *disposto* foi incluída na unidade principal *de acordo com a lei*. Ese campo tamén posibilita a inserción de forma nominalizada (*acondicionamento de resíduos*) da forma verbal considerada como a principal (*acondicionar resíduos*).

O campo *ver tamén* é unha hiperligazón que remite á ficha de unidades que establecen unha relación semántica de sinonimia coa entrada da UFE. Por exemplo, a entrada *lançamento de óleo* remite a *descarga de óleo* (véxase a figura 2).

O campo *nota* presenta información complementaria para o uso da UFE. Por exemplo, explícase cando unha unidade pode aparecer con hiperónimos do termo da entrada da UFE. É o caso de *adulteração do produto* ("adulteración do produto"), que ten como nota:

Produto que pode ser farmacêutico, dietético, de higiene, semielaborado, ou fertilizantes, corretivos, inoculantes, estimulantes, biofertilizantes, entre outros.[20]

Presentamos a entrada de *lançamento de óleo* para exemplificar os campos mencionados. Na figura 2, vemos a *entrada*, o seu *contexto*, a indicación da *fonte* (Resolución n.º 269, do 14 de setembro do 2000, br.), *ver tamén*, que indica o sinónimo da entrada (*descarga de óleo*), e os *equivalentes* en alemán, inglés e español. A cor azul indica unha hiperligazón, ou sexa, remite á ficha completa dos sinónimos e dos equivalentes.

Figura 2 – Entrada *Lançamento de óleo*

Entrada: **Lançamento de óleo**
Contexto: Constitui infração às regras sobre a prevenção, o controle e a fiscalização da poluição causada por **lançamento de óleo** e outras substâncias nocivas ou perigosas em águas sob jurisdição nacional a inobservância a qualquer preceito constante na Lei nº 9.966, de 28 de abril de 2000, e a instrumentos internacionais ratificados pelo Brasil.

Ver também: descarga de óleo

Equivalente em alemão:

Öleinleitung

Freisetzung von Öl

Equivalente em inglês:

oil discharge

oil release

Equivalente em espanhol:

descarga de petróleo

Fonte: Grupo Termisul

A oferta desas bases de forma gratuíta e en liña é un exemplo claro de produto fraseográfico construído con base nos principios teóricos e metodolóxicos que permiten a compilación, recuperación e divulgación das linguaxes especializadas. Alén diso, conforme xa afirmamos anteriormente, tais produtos axudan á consolidación e recoñecemento das áreas, pois sistematizan os seus termos e conceptos e permiten estruturalos en árbores de dominios ou mapas conceptuais. Ese xeito de organización do coñecemento especializado permite entender como cada área representa o coñecemento que produce e como se conforma.

En canto ao uso ou aplicación de tais produtos, pensamos que sería fundamental coñecer non só os termos relativos aos conceptos da área, senón tamén aos procesos referentes a estes termos. Estes procesos, expresados por verbos e nominalizacións que acompañan aos termos —constituíndo as UFE— forman parte das linguaxes especializadas e, á vez, configuran as súas diferentes áreas. Coñecer eses procesos, entendelos e saber utilizalos forma parte da formación dos profesionais dos diversos ámbitos. De feito, en

[20] Tradución da cita: "Produto que pode ser farmacéutico, dietético, de hixiene, semielaborado, ou fertilizantes, correctivos, inoculantes, estimulantes, biofertilizantes, entre outros".

calquera destes casos, a escolla de opcións erradas, en relación coas UFE, pode revelar un descoñecemento das convencións da área e xerar interpretacións inadecuadas que comprometen a calidade do texto. Nese sentido, pensamos que a oferta de produtos terminográficos —e, especificamente, fraseográficos— segue a proposta de Barbosa (2004) debido á súa importancia para a adquisición do saber e saber facer no eido científico-técnico co obxectivo de adecuar a reexpresión dese saber e a construción da visión do mundo dos profesionais, incluíndo os profesionais da linguaxe.

4. Consideracións finais

Neste texto buscamos prestar unha simple homenaxe á nosa colega, a profesora e pescudadora Maria Aparecida Barbosa, relacionando algunhas das súas ideas sobre terminoloxía, etnoterminoloxía e fraseoloxía coa fraseoloxía especializada. De entre as propostas da referida profesora resaltamos a constitución das unidades léxicas polo seu uso nun dominio ou contorno discursivo específico, caracterizándoas como vocábulos ou termos. Así mesmo, destacamos a importancia que lles deu ás linguaxes especializadas para a adquisición dun saber e un saber facer, ademais do seu interese para a construción da visión do mundo dos suxeitos actuantes nos ámbitos especializados.

A partir desas ideas, centrámonos na fraseoloxía especializada, presentando as diferentes concepcións de fraseoloxía e a nosa definición para ese fenómeno lingüístico. Mostramos como as ideas de Barbosa se aplican ás UFE para atribuírlles o valor especializado que adquiren nun determinado ámbito ou contorno discursivo e o seu papel na estruturación, adquisición e produción do coñecemento especializado. Expuxemos exemplos de UFE de dúas áreas e fixemos referencia a dous proxectos que pretenden a construción de produtos fraseográficos en liña. Destacamos o papel deses produtos para a formación de profesionais das diferentes áreas do saber e para os tradutores, produtores e revisores de textos especializados.

Ademais diso, buscamos establecer a relación entre a teoría e a práctica con miras a demostrar a relevancia dos estudos fraseolóxicos e a necesidade de elaboración de produtos que inclúan, alén dos termos, as UFE. Xulgamos que ditos produtos son escasos nas diferentes áreas do coñecemento e nas diversas linguas, polo que é necesaria a realización de novos traballos e proxectos de investigación que dean conta desa carencia. Neste sentido, os ensinos de Barbosa sinálannos varios camiños que deben ser seguidos.

5. Referencias bibliográficas

ARCOS, Manuela Machado (2019): "Identificação e análise de UFE eventivas na área da Conservação e Restauração de bens culturais móveis em suporte papel", [disertación de mestrado], Programa de Pós-Graduação em Letras, Universidade Federal do Rio Grande do Sul, Porto Alegre.

BARBOSA, Maria Aparecida (2004): "A terminologia e o ensino da metalinguagem técnico-científica", en ISQUERDO, Aparecida Negri e KRIEGER, Maria da Graça (eds.): *As Ciências do Léxico. Lexicologia, Lexicografia, Terminologia*, vol. II. Campo Grande: Editora UFMS, 311-325.

(2007): "Etno-terminologia e terminologia aplicada: objeto de estudo, campo de atuação", en ISQUERDO, Aparecida Negri e ALVES, Ieda Maria (eds.): *As Ciências do Léxico. Lexicologia, Lexicografia, Terminologia,* vol. III. Campo Grande: Editora UFMS, 433-445.

(2012): "Fraseologia e linguagens: a fraseologia na literatura e no discurso publicitário", en ISQUERDO, Aparecida Negri e SEABRA, Maria Cândida Trindade Costa (eds.): *As Ciências do Léxico. Lexicologia, Lexicografia, Terminologia,* vol. VI. Campo Grande: Editora UFMS, 489-497.

BEVILACQUA, Cleci Regina (1996): "A fraseologia jurídico-ambiental", [disertación de mestrado], Programa de Pós-Graduação em Letras, Universidade Federal do Rio Grande do Sul, Porto Alegre.

(2004): *Unidades Fraseológicas Especializadas Eventivas: descripción y reglas de formación en el ámbito de la energía solar* [tese de doutoramento], Barcelona: Universidade Pompeu Fabra, Instituto Universitário de Linguística Aplicada.

BEVILACQUA, Cleci Regina *et al.* (2013): "Combinatórias Léxicas Especializadas da Linguagem Legislativa: uma abordagem orientada pelo corpus", en MURAKAWA, Clotilde e NADIN, Odair Luiz. (eds.): *Terminologia: uma ciência interdisciplinar*. San Paulo: Cultura Acadêmica, 227-243.

BIBER, Douglas *et al.* (1998): *Corpus Linguistics. Investigating Language Structure and Use*. Cambridge: Cambridge University Press.

BLAIS, Esther (1993): "La phraséologie. Une hypothèse de travail", en *Terminologies Nouvelles* 10, 50-56.

BOJANOSKI, Silvana (2018): "Terminologia da Conservação em bens culturais em papel: produção de um glossário para profissionais em formação" [tese de doutoramento], Programa de Pós-Graduação em Memória Social e Patrimônio Cultural. Pelotas: Universidade Federal de Pelotas.

BOURIGAULT, Didier e SLODZIAN, Monique (2004): "Por uma terminologia textual", en *Cadernos de Tradução* 17, 101-108.

CABRÉ, María Teresa (1999): *La terminología, representación y comunicación: elementos para una teoría de base comunicativa y otros artículos*. Barcelona: Universidad Pompeu Fabra, Instituto Universitari de Lingüística Aplicada.

(2001): "Sumario de principios que configuran la nueva propuesta teórica y consecuencias metodológicas", en CABRÉ, María Teresa e FELIU, Judit (eds.): *La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica*. Barcelona: Universidad Pompeu Fabra, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 17-25.

CABRÉ, María Teresa; LORENTE, Mercè e ESTOPÀ, Rosa (1996): "Terminología y fraseología", en *Actas del V Simposio de Terminología Iberoamericana*. Cidade do México: Colegio de México, 67-81.

GOUADEC, Daniel (1994): "Nature et traitement dês entités phraséologiques. Terminologie et phraséologie. Acteurs et amenageurs", en *Actes de la Deuxième Université d'Automne en Terminologia*. París: La Maison du Dictionnaire, 167-193.

GAUDIN, François (1993): *Socioterminologie: des problèmes semantiques aux pratiques institutionnelles*. Rouen: Publications de l'Universite de Rouen.

HAUSMANN, Franz Joseph. (1990): "Le dictionnaire de collocations", en HAUSMANN, Franz Joseph *et al.* (eds.): *An International encyclopedia of lexicography* vol. 1. Berlín, Nova Iorque: Walter de Gruyter, 1010-1019.

L'HOMME, Marie-Claude (2000): "Understanting Specialized Lexical Combinations", en *Terminology,* vol. 6, n.º 1, 89-110.

LORENTE, Mercè; BEVILACQUA, Cleci Rregina. e ESTOPÀ, Rosa (2002): "El análisis de la fraseología especializada mediante elementos de la lingüística actual", en CORREA, Margarita (org.): *Anais do VI Simpósio da Rede Ibero-americana de Terminologia*. Lisboa: Ed. Colibrí/ILTEC, 647-666.

MACIEL, Anna Maria Becker e BEVILACQUA, Cleci Regina (2018): "A variação terminológica em uma base de dados de combinatórias léxicas especializadas: descrição e tratamento", en ISQUERDO, Aparecida Negri; DAL CORNO, Giselle Olivia (orgs): *As Ciências do Léxico*, vol. VIII. Campo Grande: Editora UFMS, 273-290.

ORENHA-OTTAIANO, Adriane (2009): *Unidades fraseológicas especializadas: colocações e colocações estendidas em contratos sociais e estatutos sociais traduzidos no modo juramentado e não juramentado* [tese de doutoramento], UNESP, São José do Rio Preto.

PAVEL, Silvia (1993): "La phraséologie en langue de spécialité. Méthodologie de consignation dans les vocabulaires terminologiques", en *Terminologies Nouvelles* 10, 67-82.

SEVILLA-MUÑOZ, Manuel (2015): "Las unidades fraseológicas del discurso científico-técnico y su traducción (inglés-español)", en CONDE TARRÍO, Germán *et al.* (ed.): *Para la traducción Fraseológica y paremiológica: Ámbitos, recursos y modalidades.* Instituto Cervantes: Centro Virtual Cervantes.

STUBBS, Michael (1996): *Text and corpus analysis. Computer-assisted studies of language and Culture*. Londres: Blackwell.

TEMERMANN, Rita (2000): *Towards new ways of terminology description. The sociocognitive approach*. Ámsterdam: John Benjamins Publishing Co.

Escollas colocacionais a partir dun corpus de estudantes de tradución e a importancia do desenvolvemento da competencia colocacional[1]

Collocational Choices from a Corpus of Translation Students: The Importance of Developing Collocational Competence

Adriane Orenha-Ottaiano
Universidade Estadual Paulista "Júlio de Mesquita Filho" (UNESP)
https://orcid.org/0000-0001-8417-5120
adriane.ottaiano@unesp.br

Resumo: O obxectivo deste artigo é extraer e analizar as colocacións empregadas por estudantes de tradución a partir dun corpus paralelo chamado *Corpus de Aprendizes de Traduçao (CAT)*, formado por textos orixinalmente escritos en portugués e traducións para a lingua inglesa, por medio das ferramentas de computación dispoñibles grazas á plataforma *Sketch Engine* (Kilgarriff et al 2004). Todos os textos orixinais e traducidos alimentaron o *Multilingual Student Translation Corpus* (MUST[2]), baixo a nosa coordinación na Universidade Estadual Paulista (UNESP) e baixo a dirección das Profs. Dras. Sylviane Granger e Marie-Aude Lefer (Granger e Lefer, 2020), da Université Catholique de Louvain. Ao analizar as escollas colocacionais utilizadas polos aprendices de tradución, buscamos debater tamén cales serían as opcións de tradución máis frecuentemente empregadas na lingua albo por medio do corpus *EnTenTen15*. Baseándose no resultado deste estudo, é posible destacar a importancia de promover o desenvolvemento da competencia colocacional nos cursos de formación de tradutores. Investigacións como a proposta tamén poden contribuír a unha mellor comprensión da dificultade e complexidade na tradución de colocacións. Ademais, pode sinalar a necesidade de crear ferramentas, materias didácticos e dicionarios dirixidos ao ensino e aprendizaxe de colocacións (Orenha-Ottaiano, 2015, 2017), así como para axudar na escolla das mellores opcións na tradución de colocacións, co obxectivo de desenvolver a competencia colocacional do tradutor estudante e profesional.

Palabras chave: colocacións, padróns colocacionais, escollas colocacionais, competencia colocacional, competencia tradutoria, corpus de estudantes de tradución, corpus.

---

[1] Data de recepción: 30.09.2019. Data de aceptación: 23.03.2020
Tradución ao galego por Rubén Martínez Rodríguez.

[2] Pódese acceder ás informacións dende: https://uclouvain.be/en/research-institutes/ilc/cecl/must.html.

Abstract: The aim of this paper is to extract and analyze the collocations employed by translation learners from a parallel corpus entitled Translation Student Corpus (CAT), made up of texts originally written in Portuguese and their translations into the English language, with the help of the tools available through the Sketch Engine platform (Kilgarriff et al 2004). All original and translated texts fed the Multilingual Student Translation Corpus (MUST), under our coordination, at São Paulo State University (UNESP), and under the management of Drs. Sylviane Granger and Marie-Aude Lefer (Granger e Lefer, 2020), from the Université Catholique de Louvain. By analyzing the translation learners' collocational choices, we also sought to discuss which translational options were most often employed in the target language through the EnTenTen15 corpus. Based on the results of this study, it may be possible to emphasize the relevance of promoting the development of collocational competence in translator training courses. Investigations such as the proposed one may contribute to a better understanding of the difficulty as well as complexity of the translation of collocations. In addition, it may signal the need for the creation of tools, teaching materials and dictionaries aimed at teaching and learning collocations, as well as at helping choose the best translation options of collocations, with a view to developing student and professional translators' collocational competence.

Keywords: collocations, collocational patterns, collocational choices, collocational competence, translator competence, student translation corpus, corpus.

1. Introdución

Moitos estudos abordan a cuestión da dificultade na aprendizaxe e na produción de colocacións nunha segunda lingua ou lingua estranxeira (Banhs e Eldow, 1993; Meunier e Granger, 2008; Martelli, 2007; Nesselhauf, 2005; Orenha-Ottaiano, 2015 etc.). Con todo, son aínda escasos os traballos acerca da pedagoxía da tradución a partir de corpus, especialmente centrados na análise da tradución de colocacións baseada en corpus (Bernardini, 2007; Gregorio-Godeo e Molina, 2011; Kenny, 2001; Orenha-Ottaiano, 2009, 2012 e 2016), que poden contribuír para unha mellor comprensión da dificultade que envolve a complexidade da tradución de tales combinatorias, principalmente polo factor de que tales combinatorias non poden ser traducidas palabra por palabra, senón pensadas como un só ítem lexical, como un bloque de palabras único. Baker (1992) xa sinalaba a importancia dos estudos acerca da tradución de colocacións, debido aos obstáculos varios que a cercan.

A experiencia como investigadora da área de Estudos da Tradución Baseados en Corpus e docente do curso de Bacharelato de letras con Habilitación de Tradutor dende hai case 20 anos tennos mostrado que os estudantes de tradución chegan nos últimos anos ao curso de graduación pouco conscientes das colocacións e o aspecto da convencionalidade da lingua. Por ese motivo, xorde a necesidade de ter en conta a importancia de observar como se dá o proceso de tradución das colocacións co obxectivo de axudalos no desenvolvemento da competencia colocacional e, consecuentemente, posibilitar a produción de textos máis fluídos na lingua de chegada. Por competencia colocacional entendemos a capacidade e habilidade de identificar, comprender e, principalmente, producir colocacións nun determinado contexto da lingua, para fins tradutolóxicos, para o ensino ou comunicación nunha determinada lingua, sexa materna ou estranxeira.

Coa finalidade de observar mellor a dificultade á que os estudantes de tradución se enfrontan no emprego e na tradución das colocacións, nos últimos 9 anos realizáronse

tests sobre colocacións elaborados baseándose nas colocacións utilizadas nas aulas, en diversas actividades e inclusive centrándose no desenvolvemento da escoita, mediante exercicios auditivos, vídeos e *TED Talks*. Orenha-Ottaiano (2012) presentou resultados parciais desta investigación co uso de tests sobre colocacións, datados de 2010 e 2012. Como os test foron realizados tamén nos seguintes anos, de 2013 a 2018, os resultados seguiron indicando que os estudantes de tradución precisan desenvolver maior conciencia e competencia colocacional, tendo en conta o seu baixo desempeño nos tests. O estudo evidencia que, para o proceso de tradución, é necesario ter desenvolvido e activado unha conciencia colocacional e convencional da lingua.

A investigación presentada neste artigo é máis ben unha tentativa de mostrar a deficiencia colocacional por parte dos estudantes de tradución e destacar a necesidade do ensino explícito das colocacións e do desenvolvemento dunha mellor reflexión sobre as colocacións no proceso de tradución, principalmente nos anos de graduación e posgraduación en tradución, de modo que poidan producir textos máis fluídos e idiomáticos na lingua de chegada.

Os traballos de mestrado e doutoramento están a desenvolverse baixo a nosa supervisión, baseándose na exploración dun Corpus de Estudantes de Tradución[3] (CAT) en proceso de incorporación ao *Multilingual Student Translation Corpus* (MUST). Tales traballos (Rocha; Alves; Orenha-Ottaiano, 2018) teñen como propósito a investigación das tradución de colocacións metafóricas e de colocacións especializadas da área da política por estudantes de tradución ao traducir textos de cuño xornalístico.

Estes estudos tamén contribúen a unha mellor compensación do proceso de tradución das colocacións, posibilitando reflexións sobre como ensinar as colocacións en cursos de graduación e posgraduación en tradución, de modo que favorecen a produción de recursos que poidan axudar tanto a profesores como alumnos neste proceso, así como na creación de ferramentas, produtos e dicionarios bilingües e multilingües (Orenha-Ottaiano, 2015, 2016, 2017) co fin de facilitar o traballo de tradución. As investigacións mencionadas forman parte dun proxecto de investigación desenvolvido na Universidade Estadual Paulista titulado «A compilación de materiais didácticos e glosario especializados baseados en corpus e a súa contribución para unha pedagoxía do léxico e da tradución» e polo grupo de investigación Fraseoloxía e Colocacións baseados en Corpus (FRASCORP), debidamente rexistrado no directorio de grupos de investigación do CNPq (Consello Nacional de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico).

2. Tradución e ensino de colocacións para estudantes de graduación

Tendo en conta que, actualmente, as colocacións están consideradas unha parte importante dos estudos de léxico e que a tradución de colocacións pode ser vista como unha actividade bastante complexa, os estudos baseados en corpus poden impulsar reflexións e, principalmente, favorecer os resultados e promover solucións, no sentido de facilitar

[3] A compilación do Corpus de Estudantes de Tradución e do Multilingual Student Translations Corpus foi aprobada polo Comité de Ética en Pescuda, da Universidade Estadual Paulista (UNESP), o 01/04/2019, CAAE nº 94053718.4.0000.5466, baixo a nosa responsabilidade.

este proceso. Por medio de ferramentas como as dispoñibles grazas ao programa *Sketch Engine* (Kilgarriff *et al.*, 2004), principalmente *Word Sketch* e *Concord*, e polo acceso a corpus xigantes, principalmente cun buscador de palabras polo seu lema, a tradución e busca de equivalentes de colocacións e outros fraseoloxismos en varias linguas viuse extremadamente favorecida nos últimos anos. Deste xeito, as pescudas na área de Estudos de Tradución baseados en Corpus, Lexicoloxía/Lexicografía e Fraseoloxía/Fraseografía toman un rumbo xamais visto ou esperado.

Kenny (2001) aporta unha grande contribución aos Estudos de Tradución baseados en Corpus ao tratar o impacto da Lingüística de Corpus na área de Estudos de Tradución. Tamén trata, de modo máis específico, o papel dos corpus na tradución de colocacións en xeral e de colocacións creativas. Así mesmo, inclúe unha serie de exemplos e análises bastante pormenorizadas da tradución de colocacións a partir dun corpus paralelo de textos literarios alemán-inglés, onde resalta o difícil papel do tradutor ao trasvasar ditos fraseoloxismos.

Hu (2015), pola súa banda, tamén pescuda as aplicacións de corpus na área da tradución e afirma que, como a colocación é un aspecto importante da cohesión textual, as investigacións centradas nas colocacións poden axudar a comprender a estrutura e as características textuais. Segundo o autor, ao estudalos en textos traducidos (no contexto da tradución), poderemos contribuír a comprender mellor as mudanzas de significado lexical e da estrutura sintáctica que poidan ocorrer no proceso da tradución dun par específico de linguas.

Como o obxectivo da nosa investigación é a escolla colocacional dos estudantes de tradución en corpus paralelos, é necesario tratarmos a súa definición neste estudo. Orenha-Ottaiano (2017: 458) defende que se trata de «combinacións recorrentes, arbitrarias, convencionais e abranguentes, é dicir, presentes en diversos contextos (*pervasive*), lexical e/ou sintacticamente fixas até certo grao e que poden ter un alcance colocacional máis ou menos restrinxido[4]». Ao referírmonos ao contexto da tradución de colocacións neste traballo e á investigación que realizamos co obxectivo de compilar nunha plataforma online dicionarios de colocacións nas combinacións inglés-portugués e portugués-inglés (Orenha-Ottaiano, 2017), parece imprescindible referírmonos á cuestión de que as colocacións son combinacións específicas dun idioma e dunha cultura e, como tal, a colocabilidade dos seus elementos pode diferir dun idioma para outro. Nese sentido, cada idioma está constituído pola súa propia rede de colocacións.

Alén diso, é preciso considerar que algunhas colocacións tamén poden ter certo grao metafórico e o seu significado pode non ser tan facilmente entendido por falantes non nativos desa lingua, especialmente nos casos nos que xornalistas, escritores, propagandistas e outros falantes nativos crean novas colocacións baseadas en colocacións xa existentes na lingua e que pasan a ter un novo significado soamente

[4] "pervasive, recurrent, arbitrary and conventionalized combinations, which are lexically and/or syntactically fixed to a certain degree and may have a more or less restricted collocational range" (Orenha-Ottaiano 2017: 458).

naquel contexto no que foron creadas. Neste caso, o tradutor precisa ter un coñecemento colocacional nas dúas linguas de modo que poida comprender o que os autores queren dicir neste novo contexto.

Sendo así, neste traballo propomos unha nova definición para as colocacións: trátase de combinacións recorrentes, arbitrarias, convencionais, abranguentes, lexical e ou sintacticamente fixas até certo grao e que poden ter un alcance colocacional máis ou menos restrinxido. Son, aínda, combinacións específicas dun idioma e dunha cultura e, como tal, a colocabilidade dos seus elementos poden variar significativamente dun idioma para outro, estando constituídos, polo tanto, pola súa propia rede de colocacións. No que respecta á tradución de colocacións, o tradutor debe coñecer máis profundamente a rede de colocacións de cada lingua, a fin de que poida traducir textos máis idiomáticos na lingua de chegada. Na figura 1, resumimos a definición de colocacións para unha mellor visualización e compresión:

Figura 1: Definición de colocacións

No que se refire aos dous elementos da colocación (a base e o colocado), consonte á terminoloxía de Hausmann (1984, 1985) non posúen o mesmo status semántico dentro da combinación. En realidade, existe unha xerarquía entre eses elementos, xa que un determina e o outro é determinado. O que determina é a base, un elemento autónomo, mentres que o que é determinado é o colocado, que soamente pode ser interpretado semanticamente dentro da colocación. Resumindo, a base é aquilo que xa sabemos e o colocado é aquilo que estamos a buscar. Por exemplo, en *to curb corrumption, corrumption* é a base e *to curb* é o colocado.

En relación á taxonomía das colocacións, utilizamos a estrutura proposta por Hausmann (1984) e difundida por Orenha-Ottaiano (2004). Seguen, abaixo, os tipos de colocacións, con exemplos retirados do *EnTenTen15* a partir das bases *corrumption*, *corrupt*, *investigation*, *savvy*, *engage*, *fight* (verbo e substantivo) e *leadership*:



Figura 2: Taxonomía das colocacións

Unha vez debatidas e definidas as colocacións, no próximo apartado pasamos á descrición dos corpus empregados neste estudo, así como as ferramentas empregadas para a extracción das colocacións.

3. Corpus e ferramentas empregadas na investigación para a extracción e análise das colocacións

Para a extracción de candidatas a seren colocacións utilizamos o *Corpus de Aprendizes de Traduçao (CAT)*, é dicir, un corpus paralelo formado por textos orixinalmente escritos en portugués (subcorpus do portugués) e as súas traducións para a lingua inglesa (subcorpus do inglés). Os textos en portugués son constituídos por 20 textos xornalísticos, de 500 a 800 palabras, cuxa temática varía desde textos políticos, ata textos relacionados co medio ambiente ou coa educación, entre outros. Os textos traducidos para a lingua inglesa foron realizados por estudantes do curso de Bacharelato de letras con Habilitación de Tradutor na meirande maioría ou por graduandos do curso de Licenciatura en Letras da Universidade Estadual Paulista (UNESP) do Brasil, con nivel de proficiencia B2 e C2.

No momento, os textos orixinalmente escritos en portugués do CAT posúen 12 824 ítems, debido a que cada texto orixinal (TO) foi traducido por, polo menos, máis de 10 participantes. Para esta investigación, seleccionamos só os textos traducidos (TT) por estudantes do curso de Tradución e, dese xeito, fan un total de 140 901 ítems.

Cabe observar que todos os textos orixinais e traducidos que compoñen o CAT alimentaron o *Multilingual Student Translation Corpus* (MUST), baixo a dirección das Dras. Sylviane Granger e Marie-Aude Lefer (Granger e Lefer, 2020), profesoras do *Center for English Corpus Linguistics* da Université Catholique de Louvain, e baixo a nosa coordinación, na Universidade Estadual Paulista (UNESP) do Brasil. O proxecto MUST busca crear un grande corpus multilingüe de tradución para estudantes con metadatos padronizados que combine preceptos de pescudas baseadas en corpus de estudantes (*Learner Corpus Research*) e dos estudos da tradución baseados en corpus (*Corpus-Based Translation Studies*). O corpus MUST poderá ser explorado por medio da interface Hypal4MUST, unha versión personalizada do *Hybrid Parallel Text Aligner* (*Hypal*) deseñado por Obrusnik (2014) para o procesamento de textos paralelos. Na actualidade, o proxecto inclúe 31 buscadores de 18 países e abrangue máis de 15 idiomas (alemán, chinés, francés, galego, holandés, inglés, grego, italiano, lituano, macedonio, noruegués, polaco, portugués, portugués brasileiro, esloveno e español).

Con respecto á metodoloxía empregada para as traducións dos textos, cabe mencionar que foron, primeiramente, realizadas nun laboratorio da UNESP. Con todo, tendo en conta a dificultade de reunir alumnos de series diferentes nun mesmo horario e lugar, os participantes da investigación foron autorizados a traducir nun lugar e horario da súa preferencia, coa condición de que seguisen as orientacións previamente establecidas pola coordinación do proxecto:

1. As traducións deben ser realizadas en dúas horas ininterrompidas.
2. As traducións non deben ser feitas coa axuda doutros compañeiros.
3. Autorización para utilizar soamente ferramentas que xa utilizaban no laboratorio (memorias de tradución e dicionarios, excluíndo ferramentas de tradución automática tales como o Tradutor de Google etc).

4. A entrega das traducións debe seguir os prazos estipulados polo equipo do proxecto.

Para a verificación da frecuencia de uso das colocacións empregadas nos textos orixinais, utilizamos como corpus de referencia o Corpus Brasileiro, constituído por 871 117 178 palabras, dispoñible na plataforma *Sketch Engine*[5] (Kilgarriff *et al.*, 2004). En relación coa investigación sobre a frecuencia de concorrencia das colocacións traducidas para o inglés polos estudantes de tradución, fixemos uso do corpus *English Web 2015* (*EnTenTen15*), con aproximadamente 13 mil millóns de palabras, dispoñible na mesma plataforma, e que forma parte da familia *EnTenTen* (Jakubíček, 2013). O *Sketch Engine* é un sistema de consulta de corpus que lle permite ao investigador xerar concordancias para cada palabra ou expresión nun ou varios corpus fornecidos pola plataforma ou no seu propio corpus, entre outras ferramentas. Máis especificamente, para esta investigación fixemos uso da ferramenta *Work Sketch*, co obxectivo de descubrir o comportamento colocacional e gramatical das colocacións pescudadas.

A continuación, deixamos un resumo do deseño dos corpus empregados neste estudo:



Figura 3: Corpus utilizados na investigación

A figura mostra o *Corpus de Aprendizes de Tradução* (CAT), que alimenta o *Multilingual Student Translation Corpus* (MUST). Tamén indica que os datos descubertos no subcorpus do inglés do CAT son verificados no corpus de referencia *EnTenTen15*, da plataforma *Sketch Engine*.

4. Etapas metodolóxicas para a extracción das colocacións do CAT e verificación das opcións de tradución

Coa finalidade de extraer as colocacións para a análise do seu proceso de tradución, primeiramente seleccionamos as dez primeiras palabras chave de contido do subcorpus do portugués do CAT, segundo mostra a táboa 1:

[5] Dispoñible en: http://www.sketchengine.co.uk/.

Dez primeiras palabras chave a partir do CAT - subcorpus inglés	Frecuencia no CAT - subcorpus inglés
1. presidente	48
2. governo	20
3. país	18
4. droga	4
5. política	14
6. sociedade	13
7. congresso	11
8. ministro	11
9. verdade	10
10. corrupção	10

Táboa 1: Dez primeiras palabras-chave de contido do CAT

Para este artigo, seleccionamos o ítem lexical "corrupção" (en galego, "corrupción"), tendo en conta que é un tema que se tratou moito nos medios nos últimos dous anos. Como palabra correspondente en inglés, temos o ítem lexical *corruption*, cuxa frecuencia no CAT foi de 145 resultados unha vez que foi traducida por máis de 10 suxeitos en diversos contextos que forman o subcorpus do inglés. A palabra "corrupção" ten unha frecuencia de 974 resultados no Corpus Brasileiro, mentres que *corruption* conta con 518 814 resultados no corpus *EnTenTen15*.

A partir do ítem lexical "corrupção", considerado nesta investigación como a base dunha colocación segundo a taxonomía descrita arriba (Hausmann, 1984; Orenha-Ottaiano, 2004), extraemos as colocacións máis frecuentes do CAT mediante a ferramenta *Word Sketch*. Cabe lembrar que, no noso estudo, buscamos atopar todos os tipos de colocacións, é dicir, investigamos colocacións verbais, nominais, adxectivas e adverbiais, conforme á base extraída para a análise, obviamente.

Para a base "corrupção", foron extraídas as colocacións "denunciar X (alguén) por corrupção" ("denunciar a alguén por corrupción"; colocación verbal), "enfrentamento à corrupção" ("enfrontamento á corrupción"; colocación nominal), "combate à/contra a corrupção" ("combate á/contra a corrupción"; colocación nominal) e "corrupção passiva" ("corrupción pasiva"; colocación adxectiva).

Logo de atopar as colocacións no TO, buscamos as súas respectivas traducións no subcorpus do inglés do CAT, tamén mediante a ferramenta *Word Sketch*. Tamén empregamos o *Concord* para a análise e extracción dos contextos das traducións.

Tendo extraído as escollas colocacionais dos estudantes no CAT, pasamos a utilizar o corpus *EnTenTen15*, co propósito de verificar se as colocacións empregadas son frecuentes e recorrentes na lingua de chegada (inglés). As ferramentas principais foron *Word Sketch* e *Concord*.

Abaixo está a figura que ilustra as etapas metodolóxicas para a análise en cuestión:



Figura 4: Etapa metodolóxica para a análise da tradución das colocacións

No ítem seguinte discutimos as colocacións extraídas a partir da base *corruption* e as escollas colocacionais presentes no CAT. Ademais, presentamos as frecuencias de concorrencia das opcións de tradución no *EnTenTen15*, co o obxectivo de analizar as mellores escollas colocacionais ou mesmo discutir outras posibilidades de tradución.

5. Discusión das colocacións e das escollas colocacionais extraídas do Corpus de Aprendizes de Tradução

Unha vez identificadas as palabras de contido mais frecuentes do subcorpus do portugués, seleccionamos para a análise neste estudo a base "corrupção", conforme mencionamos. Mediante o *Word Sketch*, foi posible extraer as seguintes colocacións na lingua de partida:

- "denunciar X por corrupção" (colocación verbal);
- "enfrentamento à corrupção" (colocación nominal);
- "combate à/contra a corrupção" (colocación nominal); e
- "corrupção passiva" (colocación adxectiva)

Comezamos pola análise da colocación verbal "denunciar X por corrupção". No cadro de abaixo, presentamos algúns contextos da súa tradución, con polo menos un exemplo de cada verbo empregado para a tradución do colocado "denunciar", a partir de dous contextos no que foi usada nos xornais en portugués. Co obxectivo de presentar un considerable número de contextos de tradución, dispomos, para debatermos, de todos os exemplos retirados do CAT no Anexo 1.

1. O governo já abalado de Temer sofreu mais um revés quando, nesta segunda-feira, o procurador-geral da República o **denunciou** formalmente **por corrupção**.	Brazilian president's government has suffered another setback when, on Monday, the Attorney General of the Republic formally **denounced** him **for corruption** [...] ========== His last setback came this Monday, when the Attorney General of the Republic, Rodrigo Janor, formally **denounced** him **on the charge of** corruption [...] ========== The already shaken government of Temer has taken another strike when the attorney general of Brazil has formally **arraigned** him **for corruption** [...] ========== The weakened Temer's governance suffered another reverse, on this Monday, as the Brazilian attorney general has **reported** him **for corruption** [...]
2. A força-tarefa da Operação Lava Jato **denunciou** nesta segunda-feira, 22, o ex-presidente Luiz Inácio Lula da Silva **por corrupção** e lavagem de dinheiro no caso do Sítio de Atibaia, interior de São Paulo.	Public Prosecution **denounced** Lula **for corruption** and money-laundering at his site in Atibaia May, 22nd 2017. ========== The task force in charge of Operation Car Wash (Operação Lava Jato) has **arraigned** last Monday, 22, Lula da Silva, Brazilian ex-president, **for corruption** and money laundering in the case of Lula's farm. ========== The task force Operação Lava Jato **reported** on Monday, the 22nd, ex-president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money laundering on the case of the croft in Atibaia. ========== Brazil Prosecutors **charge** Lula **with corruption** and Money Laundering in the Estate Property of Atibaia 22 May 2017

Cadro 1: Contexto das escollas colocacionais para a tradución de "denunciar X por corrupção"

Para visualizar mellor as opcións de tradución a partir da colocación "denunciar X por corrupção", presentámolas nunha táboa abaixo, de forma resumida, indicando tamén a aparición de cada unha no CAT:

Colocacións verbais extraídas do CAT (TO)	**Traducións dos estudantes para inglés – CAT (TT)**	**Aparición das colocacións traducidas no CAT**
"denunciar X por corrupção"	*denounce X for corruption*	20
	denounce X on the charge of corruption	1
	report X for corruption	10
	arraign X for corruption	6
	charge X with corruption	2

Táboa 2: Síntese das opcións de tradución para a colocación "denunciar X por corrupção" e súa aparición no CAT

Segundo podemos observar na táboa de arriba, as dúas colocacións máis empregadas polos estudantes de tradución foron *denounce X for corruption* (20 aparicións), seguida de *report X for corruption* (10 aparicións).

A partir desta fase, co propósito de verificar se as colocacións extraídas do CAT son frecuentes e recorrentes na lingua de chegada (inglés), pasamos a utilizar o corpus *EnTenTen15*. As ferramentas principais foron *Word Sketch* e *Concord.* Primeiramente, buscamos a base *corruption* no *Word Sketch* e analizamos o cadro de resultados da pescuda segundo mostra, parcialmente, a figura de abaixo:

Figura 5: *Word Sketch* (parcial) para ítem lexical *corruption* a partir do *EnTenTen15*

Con respecto á colocación verbal, cuxa opción de tradución foi o colocado *denounce* combinado coa base *corruption*, verificamos que aparece 393 veces no *EnTenTen15*, con *LogDice*[6] de 6,41, segundo o resultado xerado polo *Word Sketch*. Con todo, o verbo *denounce* combinado co *on the charge of corruption* (*be denounced on the charge of corruption* —en galego, "ser denunciado por corrupción"—), unha das opcións dos estudantes, non aparece nos resultados do *Word Sketch*, sendo que *on the charge of corruption* aparece 39 veces no *EnTenTen15* e ningunha delas concorda co verbo *denounce*.

[6] "A statistic measure for identifying collocations. It expresses the typicality of the co-occurrence of the node and the collocate. It is used in the word sketch feature and also when computing collocations from a concordance. It is only based on the frequency of the node and the collocate and the frequency of the whole collocation. LogDice is not affected by the size of the corpus and, therefore, can be used to compare the scores between different corpora. LogDice is the preferred option when working with large corpora" (Fonte: *The Sketch Engine Glossary*). Dispoñible en: https://www.sketchengine.eu/guide/glossary/?letter =L&cat=statistics.

O colocado *report*, combinado coa base *corruption*, posúe unha frecuencia de 925, con *LogDice* de 4,44. Ese resultado indica que pode tratarse dunha boa opción de tradución. Con respecto aos valores de LogDice, considerando que, segundo Gablasova, Brezina e McEnery (2017), a medida estatística LogDice foi creada como unha alternativa para o MI-score e que os autores definen que unha combinación pode ser considerada unha colocación se presenta un MI ≥ 3, establecemos, neste traballo, que unha combinatoria traducida poderá ser considerada unha boa opción tradutolóxica para unha colocación na lingua meta no caso de que tamén presente un LogDice ≥ 3.

A combinación *charged with corruption* aparece 644 veces, segundo a ferramenta *Concord*. Con todo, non aparece na lista do *Word Sketch* por motivos estatísticos.

O verbo colocado *arraign* ten unha frecuencia de 9 095 no *EnTenTen15* (lematizado, categoría verbo). A colocación *arraigned for corruption* (en galego, "acusado de corrupción") non consta na lista do *Word Sketch* e hai que ter en conta que, ao buscala na ferramenta *Concord*, tan só atopamos 3 aparicións, como en: *Former Minister Elena Udrea showed up at the High Court on Monday for a new court hearing in the "Bute Boxing Gala" case in which she was* ***arraigned for corruption*** ["A exministra Elena Udrea presentouse no Tribunal Supremo este luns para unha nova vista do caso *Bute Boxing Gala* no que ela está imputada por corrupción"]. Os tres estudantes que a empregaron poden terse confundido co seu significado de "levar X ao tribunal para ser formalmente acusado dun crime" (*Macmillan Dictionary on-line*), un pouco diferente de "denunciar X por algún crime".

En relación á opción *charge X with corruption* (en galego, "acusar formalmente a X dun delito"), non foi identificada ningunha aparición no *Word Sketch*. A combinación *charged with corruption*, é dicir, o verbo *charge* empregado na voz pasiva, aparece 644 veces no *EnTenTen15*.

A táboa de abaixo resume as opcións de tradución encontradas no CAT e o resultado da verificación da súa aparición e LogDice no *EnTenTen15*:

Colocacións verbais extraídas do CAT (TO)	**Traducións dos estudantes ao inglés no CAT (TT)**	**Aparición e LogDice da colocación no *Word Sketch - EnTeTen15***
denunciar X por corrupção	*denounce X for corruption*	343 / 6,45
	denounce X on the charge of corruption	0
	report X for corruption	762 / 4,4
	arraign X for corruption	0
	charge X with corruption	0

Táboa 3: Síntese da aparición das opcións de tradución da colocación verbal "denunciar X por corrupção" no EnTenTen15

Segundo podemos observar arriba na táboa, as opcións de tradución na lingua de chegada para a colocación verbal "denunciar X por corrupção" son *report X for corruption* e *denounce X for corruption*. Este resultado indica que as dúas colocacións,

cuxa aparición e LogDice foron verificada no *Word Sketch*, poderían ser as mellores opcións de tradución para a referida colocación verbal. Con todo, o tradutor estudante deberá analizar ben os dous contextos nos que se insiren, tanto da lingua de partida como da lingua de chegada, co obxectivo de optar pola mellor colocación, pois, segundo Baker (1992: 49):

> *[...] differences in collocational patterning among languages are not just a question of using, say, a different verb with a given noun; they can involve totally different ways of portraying an event. Patterns of collocation reflect the preferences of specific language communities for certain modes of expression and certain linguistic configurations; they rarely reflect any inherent order in the world around us.*[7]

O segundo tipo de colocación encontrada no CAT a partir do ítem lexical "corrupção" foi a colocación adxectiva "corrupção passiva". A referida colocación foi traducida a partir de dous contextos diferentes que forman parte do subcorpus do portugués do CAT e, en ambos contextos, foi traducida por *passive corruption*, con 28 aparicións na lingua de chegada, é dicir, no subcorpus do inglés do CAT. Abaixo presentamos dous contextos da colocación adxectiva empregada para a tradución de "corrupção passiva". Os demais contextos retirados do CAT están dispoñibles no Anexo 2:

Janot ofereceu a denúncia criminal na noite de segunda-feira contra Temer e o ex-assessor presidencial e ex-deputado Rodrigo Rocha Loures (PMDB) pelo crime de **corrupção passiva** a partir da delação dos executivos da JBS.	Janot filed the criminal complaint Monday night against Temer and former presidential aide and deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for the crime of *passive corruption* from the testimonies of JBS company executives. On Monday night, Janot presented the criminal report against Temer and the former presidential advisor and former congressman Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for crimes of **passive corruption** confirmed by JBS executives.
O procurador-geral da República, Rodrigo Janot, afirmou na segunda-feira que ninguém está acima da lei, após apresentar denúncia contra o presidente Michel Temer pelo crime de **corrupção passiva**.	Attorney General of the Republic Rodrigo Janot said on Monday that no one was above the law after filing a complaint against Brazilian president Michel Temer for the crime of **passive corruption**. The Republic's attorney general, Rodrigo Janot, stated on Monday that nobody is above the law after presenting charges against the president Michel Temer for crimes of **passive corruption**.

Cadro 2: Contexto das traducións da colocación "corrupção passiva"

[7] Tradución da cita: "[...] as diferenzas nos patróns colocacionais entre linguas non son só cuestión do uso (por exemplo, um verbo diferente cun substantivo dado), senón que implican xeitos totalmente diferentes de representar un feito. Os patróns das colocacións reflicten as preferencias de comunidades lingüísticas específicas por certos modos de expresión e determinadas configuracións lingüísticas; raramente reflicten unha order inherente no mundo que nos arrodea".

A táboa de abaixo resume as opcións de tradución atopadas no CAT e o número de veces que aparece nel:

Colocacións adxectivas extraídas do CAT (TO)	**Traducións dos estudantes para inglés do CAT (TT)**	**Aparición das colocacións traducidas polos estudantes**
"corrupção passiva"	*passive corruption*	28

Táboa 4: Síntese das opcións de tradución para "corrupção passiva" e a súa aparición no CAT

A colocación *passive corruption* ("corrupción pasiva") non aparece na lista do *Word Sketch*. Ao buscala no corpus *EnTenTen15*, encontramos 77 resultados, feito este que, en principio, pode levar a crer que non se trata dunha colocación moi frecuente na lingua inglesa. Con todo, quedaría a cuestión acerca de cal sería, entón, a opción de tradución para "corrupção passiva" en inglés.

Aínda que o procedemento non se realizou coas demais opcións de tradución, decidimos recorrer ao buscador de *Google* e atopamos 67 900 resultados de *passive corruption,* o que pode indicar que se trata dunha colocación frecuente en inglés, aínda que os resultados estatísticos do *Word Sketch* nos levaran a probar que non, tendo en conta a escasa aparición da combinación no corpus *EnTenTen15*. Quizais, nunha futura investigación, pagaría a pena buscar a aparición de todas as opcións de tradución tamén no *Google* ou noutros motores de busca.

O feito de que a colocación *passive corruption* non ten unha aparición frecuente no *EnTenTen15* pode ser explicado por unha cuestión cultural da lingua de partida (portugués) en relación á lingua de chegada (inglés). O tema foi bastante explorado nos xornais brasileiros, tendo en conta que o país pasa por unha seria crise político-financeira, debida ao alto grao de corrupción que atravesan varios partidos políticos.

O último tipo de colocación extraída foi nominal. Para esta análise, centrámonos nas colocacións "enfrentamento à corrupção" e "combate à/contra a corrupção". A decisión de analizar as dúas colocacións nun mesmo bloque xustifícase primeiramente polo feito de os dous colocados faceren parte dun campo semántico bastante próximo. Alén diso, os estudantes de tradución utilizaron colocacións semellantes na lingua de chegada para as dúas colocacións da lingua de partida. A seguir, mostramos un cadro co resumo dos contextos de tradución para as dúas colocacións sobre a análise. Novamente, presentamos polo menos un exemplo de cada colocación empregada para a tradución de "enfrentamento á corrupção" e "combate à/contra a corrupção". Os demais contextos sacados do CAT están dispoñibles no Anexo 3:

[...] e encontrou a resistência de "poucas forças contrárias" ao papel do Ministério Público de **enfrentamento à corrupção**.	and found the resistance of "some contrary forces" to the role of the Public Prosecution of **corruption confrontation**. ========== and found the resistance of "few opposing forces " to the role of prosecutor **facing corruption**. ========== and came across to "few counter forces" to the role of the Public Ministry of **face-off to corruption**. ========== and found "few opposing forces" resisting the Prosecution's role in **dealing with corruption.** ========== has been facing resistance of "few opposite forces" to the role of the Public Prosecutors Office in **fighting corruption.** ========== and has met resistance of "few contrary forces" to the role of Public Prosecutor's Office in the **battle against corruption.**

Cadro 3: Contexto das traducións da colocación "enfrentamento à corrupção"

[...] independentemente de qualquer consideração político -partidária, bem como com o **combate** incessante **contra a corrupção**, [...]	regardless of any political-partisan consideration, as well as the unceasing **fight against corruption**. ========== independent from any political-partial consideration, as well as with the endless **struggle against corruption**. ========== regardless of any political-partisan consideration, as well as the incessant **combat against the corruption** ========== regardless of any political party consideration, as well as the incessant **combat against corruption**, ========== which are independent of any political or partisan bias, as well as the incessant **battle against corruption** ========== regardless of any political party account, as well as the restless **war on corruption**

Cadro 4: Contexto das traducións da colocación "combate à corrupção"

A táboa de abaixo resume as opcións de tradución encontradas no CAT e o número de aparicións de cada opción de tradución no CAT:

Colocacións nominais extraídas do CAT (TO)	**Traducións dos estudantes para inglés - CAT (TT)**	**Aparición das colocacións traducidas polos estudantes**
"enfrentamento à corrupção"	*corruption confrontation*	1
	facing the corruption	2
	facing corruption	2
	face-off to corruption	1
	dealing with corruption	3
	fighting corruption	2
	battle against corruption	1
"combate à/contra a corrupção"	*fight against corruption*	8
	fight against the corruption	1
	struggle against corruption	1
	combat against the corruption	1
	combat against corruption	1
	battle against corruption	1
	war on corruption	1

Táboa 5: Síntese das opcións de tradución para "crime de corrupção passiva" e o número de aparicións no CAT

A colocación nominal "enfrentamento à corrupção" ("enfrontamento á corrupción") foi traducida polos estudantes coas seguintes colocacións nominais e verbais: *corruption confrontation* ("confrontamento coa corrupción"), *facing (the) corruption* ("enfrontarse á corrupción"), *face-off to corruption* ("abordar a corrupción"), *dealing with corruption* ("lidiar coa corrupción"), *fighting corruption* ("loitar contra a corrupción") e *battle against corruption* ("pelexar contra a corrupción").

A primeira opción de tradución, *corruption confrontation,* non foi atopada no *Word Sketch*. Ao buscala no *Concord*, confirmamos que aparece só unha vez no *EnTenTen15*. Dese xeito, parece indicar non ser unha tradución fluída na lingua inglesa.

Con respecto a *face the corruption*, non houbo ningún resultado no *Word Sketch*, tendo apenas 6 aparicións no resultado presentado pola ferramenta *Concord*. *Face corruption*, sen o artigo definido *the*, forma máis axustada ao contexto no que foi empregada, non aparece no *Word Sketch* e ten unha presenza de 305 aparicións, mostradas polo *Concord*.

A combinación *face-off to corruption* suxerida por un dos estudantes non aparece no *EnTenTen15* debido a que o 'phrasal verb' *face off* non pode ser usado coa preposición *to*. Alén diso, por tratarse dun verbo, non poderá ser empregado con guión. De calquera modo, *face off* non coloca coa base *corruption*.

A colocación *deal with corruption* non aparece nos resultados do *Word Sketch*. Hai 981 resultados no *Concord,* non mostrándose estatisticamente relevantes para figurar como unha opción de tradución para a colocación.

Como colocación verbal, *fight corruption,* conforme a empregan os estudantes, aparece 10 945 veces segundo os resultados do *Word Sketch*, cun *LogDice* de 9,01 (é a segunda colocación verbal máis frecuente coa base *corruption* no *EnTenTen15*).

A colocación nominal *battle against corruption* aparece na lista de expresións preposicionais (*prepositional phrases*) do *Word Sketch* en 521 ocasións, con 532 resultados no *Concord* e LogDice 8,95.

Para a **colocación "combate à/contra a corrupção"** (en galego, "combate á/contra a corrupción"), temos as seguintes opcións de tradución: *fight against* (*the*) *corruption* ("loitar contra a corrupción"), *struggle against corruption* ("forcexear coa corrupción"), *combat against* (*the*) *corruption* ("combater a corrupción"), *battle against corruption* ("pelexar contra a corrupción"; a súa frecuencia de aparición foi comentada na análise anterior) e *war on corruption* ("estar en guerra contra a corrupción").

En canto á opción de tradución *fight against corruption*, como colocación nominal, confirmamos a aparición de 10 237 resultados no *Word Sketch* e LogDice 8,95, encontrada na lista das colocacións xeradas polo *Sketch* para unha expresión preposicional (*prepositional phrase*) a partir da base *corruption*. Trátase dunha colocación tan frecuente como a verbal *fight corruption* (10 945 resultados), anteriormente presentada.

A opción de tradución *struggle against corruption* non aparece nos resultados do *Word Sketch e* presenta 537 resultados no *Concord* e LogDice de 5,35.

Verificamos que o colocado *combat* aparece á vez que *corruption* 5 697 veces, cun *LogDice* de 9,21, sendo a colocación verbal máis frecuente a partir da base *corrupt*, segundo datos xerados polo *Word Sketch* no corpus *EnTenTen15*. Con todo, o estudante traduciu a colocación nominal "enfrentamento à corrupção" tamén por unha colocación nominal en lingua inglesa, *combat against corruption*. Como colocación nominal, non hai resultados no *Word Sketch*. No *Concord*, notamos que a tradución dada polo estudante co artigo definido (*combat against the corruption*) aparece apenas 3 veces e que, no contexto no que se traduce, non debería empregarse, por se tratar dun combate á corrupción de modo xeral. En realidade, non habería problemas en adecuar a frase utilizando unha colocación verbal en vez de nominal, de modo que veriamos o emprego dunha colocación bastante frecuente (*combat corruption*). En relación á opción pola colocación nominal *combat against corruption,* houbo 123 resultados xerados polo *Concord*. Dada a referida frecuencia, non foi estatisticamente relevante para xurdir nos resultados do *Word Sketch*.

No que atinxe á colocación *war on corruption*, non foron encontrados resultados mediante o *Word Sketch* e a referida combinación ten unha frecuencia de 333 resultados no *Concord*.

A táboa de abaixo resume as opcións de tradución encontradas no CAT e o número de resultados de cada opción no *EnTenTen15*:

Colocacións nominais extraídas do CAT (TO)	**Traducións dos estudantes ao inglés - CAT (TT)**	**Aparición e LogDice da colocación no *Word Sketch - EnTeTen15***
"enfrentamento à corrupção"	*corruption confrontation*	0
	facing the corruption	0
	facing corruption	0
	face-off to corruption	0
	dealing with corruption	0
	fighting corruption	10.945 / 9,01
	battle against corruption	521 / 8,95
"combate à/contra a corrupção"	*fight against corruption*	10.237 / 8.95
	fight against the corruption	0
	struggle against corruption	537 / 5,35
	combat against the corruption	0
	combat against corruption	5.697 / 9,21
	battle against corruption	521 / 8,95
	war on corruption	0

Táboa 6: Síntese do número de resultados das opcións de tradución das colocacións "enfrentamento à corrupção" e "combate à/contra a corrupção" no *EnTenTen15*

No caso de optarmos por escoller unha tradución para a colocación "enfrentamento à corrupção" máis adecuada ao contexto no que se insire, baseándose nas opcións dos estudantes de tradución e na frecuencia de aparición nun corpus de lingua inglesa representativo, o *EnTenTen15*, o cadro de arriba móstranos máis claramente que *fighting corruption* (10 945 resultados e LogDice de 9,01), e *battle against corruption* (521 resultados e LogDice de 8,95), poderían ser opcións interesantes, unha vez que se trata de colocacións mais convencionais e frecuentes en inglés, estatisticamente falando, e comprobado polo resultado do *Word Sketch*. Nótase que as demais opcións propostas polos estudantes non parecen ser fluídas ou convencionais neses contextos.

Con respecto á colocación "combate à/contra a corrupção", temos como resultados frecuentes as colocacións *fight against corruption* (F= 10.237; LogDice= 8.95), *combat against corruption* (F=5.697; Logdice= 9,21), *struggle against corruption* (F=537; Logdice= 5,35) e *battle against corruption* (F= 521; LogDice= 8,95). Conforme ás frecuencias de aparición e LogDice, as referidas colocacións poderían ser consideradas as mellores opcións de tradución para os contextos investigados.

6. Conclusión

Aínda que foi investigado só un ítem lexical, é dicir, unha base, segundo a nomenclatura de Hausmann (1984, 1985), este estudo envolveu a análise de 4 colocacións en lingua portuguesa e máis de 20 opcións de tradución de colocacións en lingua inglesa, empregadas en máis de 70 oracións traducidas polos diversos estudantes.

Os datos resumidos nos cadros e nas táboas presentadas na análise deste artigo evidencian que, no caso de que os aprendices tivesen acceso ou máis práctica no uso de ferramentas de análise lexical, tal como o *Sketch Engine*, quizais poderían máis rapidamente ter optado pola colocación máis adecuada e frecuente no contexto de tradución. Con respecto á colocación "combate à/contra a corrupção", no caso de que o estudante de tradución ou mesmo un tradutor profesional usase o *Sketch Engine* na súa tarefa de tradución, podería notar máis facilmente os resultados do *Word Sketch* (conforme mostra a figura 3 de arriba) que unha opción de tradución fluínte na lingua inglesa para a colocación da lingua de partida "enfrentamento à corrupção" podería ser, ademais de *fighting corruption e battle against corruption, tackling corruption* (frecuencia de aparición de 3 513 resultados – *LogDice* de 7,97) ou *curbing corruption* (frecuencia de aparición de 1 783 resultados – *LogDice* de 8,43) segundo o contexto de tradución.

Os resultados desta investigación lévannos a percibir a importancia de promover a conciencia colocacional e o desenvolvemento da competencia colocacional nos cursos de formación de tradutores. Aínda que a grande maioría dos alumnos teña un bo nivel de proficiencia da lingua inglesa, e obtiveran un resultado satisfactorio para algunhas opcións de tradución, moitas veces parecen non ter conciencia do aspecto convencional e colocacional da lingua, acreditando que poden combinar palabras de forma libre, debido a non se tratar de combinacións idiomáticas. Os datos mostran, tamén, que a tradución de colocacións é bastante complexa e require moitas habilidades e competencias por parte do tradutor estudante, principalmente, así como do profesional. Unha desas competencias é a colocacional.

Tamén cabe destacar que os resultados xerados polo programa *Word Sketch* ofrecen pistas moi importantes acerca das mellores escollas colocacionais para unha determinada base (palabra de busca). Con todo, segundo mencionamos, o tradutor estudante deberá analizar ben os dous contextos nos que se insiren, tanto da lingua de partida como da lingua de chegada, a fin de optar pola mellor colocación. Iso implica dicir novamente que os estudantes de tradución deberán desenvolver tanto unha conciencia colocacional en canto á súa competencia colocacional unha vez que, conforme Baker (1992), "os padróns de colocación reflicten as preferencias de determinadas comunidades".

Como profesora e investigadora da área de Estudos da Tradución Baseados en Corpus, é posible sustentar que os datos igualmente nos sinalan e destacan a necesidade de creación de ferramentas, de materiais didácticos e dicionarios dedicados ao ensino e aprendizaxe de colocacións, de modo que poidan axudarlle aos estudantes de tradución na escolla das mellores opcións de tradución para as colocacións.

Agradecementos

Agradezo á Fundación de Amparo á Pesquisa do Estado de São Paulo (FAPESP), expediente n.º 2018/22943-8, pola bolsa de posdoutoramento concedida, a cal nos posibilitou dedicar máis tempo á investigación científica e, dese modo, redactar este artigo.

Anexo 1: Contexto das traducións da colocación "denunciou X por corrupção"

O governo já abalado de Temer sofreu mais um revés quando, nesta segunda-feira, o procurador-geral da República o **denunciou formalmente por corrupção**.	Brazilian president's government has suffered another setback when, on Monday, the Attorney General of the Republic formally **denounced** him **for corruption** [...] The latest setback came this Monday, when the Attorney General of the Republic, Rodrigo Janot, formally **denounced** him for **corruption** [...] Temer's administration, which was already weakened, has found a new setback when, on this Monday, the Attorney General of the Republic formally **denounced** him **for corruption** [...] Temer's government has suffered another setback when, on Monday, the Brazil Attorney Prosecutor formally **denounced** him **for corruption** [...] On Monday, the latest setback came when Brazil Attorney Prosecutor Rodrigo Janot formally **denounced** him **for corruption** [...] The government already unstable has suffered another defeat when, on this Monday, the republic's attorney general **denounced** him formally **for corruption** [...] The last defeat came on this Monday, when the republic's attorney general, Rodrigo Janot, **denounced** him formally **for corruption** [...] Temer's already shaken government suffered yet another setback when, on Monday, the Attorney General of the Republic formally **denounced** him for **corruption** [...] The already disturbed government of Temer suffered another reverse when, on Monday, the Attorney General of the Union **denounced** him formally **for corruption** [...] ========== His last setback came this Monday, when the Attorney General of the Republic, Rodrigo Janor, formally **denounced** him **on the charge of** corruption [...] ========== The already shaken government of Temer has taken another strike when the attorney general of Brazil has formally **arraigned** him **for corruption** [...] The last strike hit him when the attorney general of Brazil, Rodrigo Janot, has formally **arraigned** him **for corruption** [...] ========== The weakened Temer's governance suffered another reverse, on this Monday, as the Brazilian attorney general has **reported** him **for corruption** [...] Temer's already shaken government suffered another setback when, in this Monday, the Republics attorney general formally **reported** him **for corruption** [...]

	Temer's already shaken government suffered another setback when, in this Monday, the Republic's attorney general, Rodrigo Janot, formally **reported** him **for corruption** [...] The shaken government of Temer suffered one more setback when, this Monday, the general prosecutor **reported** him formally **by corruption** [...] The last setback came out this Monday, when the general prosecutor, Rodrigo Janot, **reported** him formally **by corruption** [...] The Brazilian President Temer's already shattered government suffered another setback when, this Monday, the Prosecutor General of the Republic formally **reported** him **for corruption** [...]
A força-tarefa da Operação Lava Jato **denunciou** nesta segunda-feira, 22, o ex-presidente Luiz Inácio Lula da Silva **por corrupção** e lavagem de dinheiro no caso do Sítio de Atibaia, interior de São Paulo.	Public Prosecution **denounced** Lula **for corruption** and money-laundering at his site in Atibaia May, 22nd 2017. The task force of the Operation Car Wash **denounced** on Monday, 22nd, the former president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money-laundering Federal Prosecutor's Office **denounces** Brazilian President Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money-laundering The "Lava Jato" task force **denounces** on Monday, 22nd Brazilian President Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money-laundering The Attorney **denounces** Lula **for corruption** and money-laundering in the Atibaia farm May, 22nd 2017. The "Operação Lava Jato" task force **denounces** this Monday 22 the ex-President Luiz Inácio Lula da Silva **by corruption** and money laundering in the case of the Atibaia farm. Attorney's office **denounces** Lula **for corruption** and money laundering at Atibaia site May 22nd, 2017. The Lava Jato Operation task-force **denounces** on this monday, 22, the former president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money laundering in the Atibaia Site case. Attorney General **denounces** Lula **for curruption** and Money laundering at Atibaia farm. Attorney's Office **denounces** Lula **for corruption** and money laundering of the countryside house in Atibaia. Prosecution **denounces** Lula **for corruption** and money laundering in property in Atibaia May 22nd, 2017 The task force from Lava Jato operation **denounced** this Monday, 22nd, the former president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money laundering about the countryside house in Atibaia. ========== The task force in charge of Operation Car Wash (Operação Lava Jato) has **arraigned** last Monday, 22, Lula da Silva, Brazilian ex-president, **for corruption** and money laundering in the case of Lula's farm.

	The Office of the Attorney General **arraigned** Lula **by corruption** and money laundering, on Atibaia's farm. The Office of the Attorney General **arraigned** Lula by corruption and money laundering, on Atibaia's farm. ========== On croft in Atibaia, prosecution **reports** Lula for corruption and money laundering 22tst May, 2017 The task force Operação Lava Jato reported on Monday, the 22nd, ex-president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money laundering. On croft in Atibaia, prosecution **reports** Lula **for corruption** and money laundering. The task force Operação Lava Jato **reported** on Monday, the 22nd, ex-president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruption** and money laundering on the case of the croft in Atibaia. The task force Operação Lava Jato **reported** on Monday, the 22nd, ex-president Luiz Inácio Lula da Silva **for corruptio**n and money laundering on the case of the croft in Atibaia. Brazil Prosecutors **charge** Lula **with corruption** and Money Laundering in the Estate Property of Atibaia 22 May 2017. The Car Wash operation's task force **charged** on this Monday, 22, the former president of Brazil, Luiz Inácio Lula da Silva **with corruption** and money laundering in the case of the Estate Property of Atibaia.

Anexo 2: Contexto das traducións da colocación "corrupção passiva"

Janot ofereceu a denúncia criminal na noite de segunda-feira contra Temer e o ex--assessor presidencial e ex-deputado Rodrigo Rocha Loures (PMDB) pelo crime de **corrupção passiva** a partir da delação dos executivos da JBS.	Janot filed the criminal complaint Monday night against Temer and former presidential aide and deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for the crime of **passive corruption** from the testimonies of JBS company executives. On Monday night, Janot presented the criminal report against Temer and the former presidential advisor and former congressman Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for crimes of **passive corruption** confirmed by JBS executives. Janot provided the criminal denunciation on the night of Monday against Temer and the former presidential adviser and former deputy, Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for the crime of **passive corruption** from accusations made by JBS's executives. anot offered the criminal report Monday night against Temer and the ex-presidential advisor and ex-representative Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for the crime of **passive corruption** from the delinquency of JBS executives. Janot has made the criminal arraignment against Temer and the former presidential adviser and former deputy, Rodrigo Rocha Loures, from Brazilian democratic Movement (MDB) for **passive corruption** because of the accusation from executives of JBS (Joesley Batista's company). Janot offered late Monday the criminal complaint against Temer, and former presidential aide and former deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB party) for the crime of **passive corruption** that was showeup up in JBS executives delates. Janot offered the criminal denounce on the night of monday against Temer and the former presidential aide and former deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB) for the crime of **passive corruption** from the delation of the executives from JBS. Janot has offered the criminal complaint at Monday night against Temer and former presidential advisor and deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB) on the charge of **passive corruption** on the basis of informers' testimony who were executives of JB. Janot offered criminal denunciation on Monday night against Temer and his ex-presidential councillor and ex-deputy Rodrigo Rocha Loures (PMDB) by **passive corruption** crime due to JBS businessman accusation. Janot offered the criminal report on Monday at night against Temer and the ex-president-advisor and ex-congressman Rodrigo Rocha Loures (PMDB) by the **passive corruption** from the testimonial of the businessmen of JBS.

O procurador-geral da República, Rodrigo Janot, afirmou na segunda-feira que ninguém está acima da lei, após apresentar denúncia contra o presidente Michel Temer pelo crime de corrupção passiva.	Attorney General of the Republic Rodrigo Janot said on Monday that no one was above the law after filing a complaint against Brazilian president Michel Temer for the crime of **passive corruption**. The Republic's attorney general, Rodrigo Janot, stated on Monday that nobody is above the law after presenting charges against the president Michel Temer for crimes of **passive corruption**. the Brazilian attorney general, Rodrigo Janot, affirmed on Monday that nobody is above the law, after showing the denunciation against President Michel Temer for the crime of **passive corruption**. The General Attorney of the Republic, Rodrigo Janot, said, on Monday, that no one is above the law after presenting a report against the President Michel Temer for the crime of **passive corruption**. The attorney general, Rodrigo Janot, claims that nobody can be above the law, after arraigning president Temer for **passive corruption**. The Brazil Attorney Prosecutor Rodrigo Janot said on Monday that no one was above the law after presenting a complaint against President Michel Temer for **passive corruption** crime. The attorney-general of the Republic, Rodrigo Janot, affirmed on monday that no one is above the law, after submit a denounce against the president Michel Temer for the crime of **passive corruption**. The attorney general of the Republic, Rodrigo Janot, claimed on Monday that nobody is above the law, after presenting a complaint against president Michel Temer on the charge of **passive corruption**. The republic's attorney general, Rodrigo Janot, affirmed on Monday that no one is above the law, after submitting denunciation against the president Michel Temer by passive corruption crime. The general prosecutor, Rodrigo Janot, claimed on Monday that anyone is above the law, after he submit the report against the president Michel Temer by **passive corruption** crime.

Anexo 3: Contexto das traducións das colocacións "enfrentamento à corrupção" e "combate à corrupção"

[...] e encontrou a resistência de "poucas forças contrárias" ao papel do Ministério Público de **enfrentamento à corrupção**.	and found the resistance of "some contrary forces" to the role of the Public Prosecution of **corruption confrontation**. ========== and has found resistance of "few contrary forces" to the Public Ministry's role of **facing the corruption**. and found resistance from "few people against" related to Public Ministry mission about **facing the corruption**. and found the resistance of "few opposing forces " to the role of prosecutor **facing corruption**. and found resistance in "a few contrary forces" to the role of the Public Ministry of **facing corruption**. ========== and came across to "few counter forces" to the role of the Public Ministry of **face-off to corruption**. ========== and found "few opposing forces" resisting the Prosecution's role in **dealing with corruption.** and found "few opposing forces" resisting the public prosecution's role in **dealing with corruption**. and found resistance from "few opposing forces" to the role of the Public Prosecution Service in **dealing with corruption**. ========== has been facing resistance of "few opposite forces" to the role of the Public Prosecutors Office in **fighting corruption.** and has found resistance of 'few contrary powers' to the Public Ministry role in **fighting corruption**. ========== and has met resistance of "few contrary forces" to the role of Public Prosecutor's Office in the **battle against corruption.**
[...] independentemente de qualquer consideração político -partidária, bem como com o **combate** incessante **contra a corrupção**, [...]	independently of any political-partisan consideration, as well as the incessant **fight against corruption**. independently of any political-partisan consideration, as well as the incessant **fight against corruption**. regardless of any political-partisan consideration, as well as the unceasing **fight against corruption**. independently of any political-partisan consideration, as well as the incessant **fight against corruption**. regardless of any politic-party consideration, as well with the incessant **fight against the corruption**. regardless to any political or partisan considerations, as well as to the unstoping **fight against corruption**.

	regardless any political-party consideration, as well as the **fight against corruption** regardless any partisan political considerations. as well as with the constant **fight against corruption**. regardless of any political party consideration, as well as the endless **fight against corruption**. ========== independent from any political-partial consideration, as well as with the endless **struggle against corruption**. ========== regardless of any political-partisan consideration, as well as the incessant **combat against the corruption** ========== regardless of any political party consideration, as well as the incessant **combat against corruption**, ========== which are independent of any political or partisan bias, as well as the incessant **battle against corruption** ========== regardless of any political party account, as well as the restless **war on corruption**

7. Referencias bibliográficas

BAKER, Mona (1992): *In Other Words*. Londres: Routledge.

BAHNS, Jens; ELDAW, Moira (1993): "Should we teach EFL students collocations?", en *System* 21/1, 101-114.

BERNARDINI, Silvia. (2007): "Collocations in Translated Language: Combining Parallel, Comparable and Reference Corpora", en *Proceedings of the Corpus Linguistics Conference* (CL2007). Birmingham: University of Birmingham, 116.

GABLASOVA, D., BREZINA, V. e MCENERY, T. (2017): *Collocations in Corpus-Based Language Learning Research: Identifying, Comparing, and Interpreting the Evidence. Language Learning*, 67:S1, 155-179.

GRANGER, Sylviane e LEFER, Marie-Aude (2020): "The Multilingual Student Translation corpus: A resource for translation teaching and research", *Language Resources and Evaluation*. Dispoñible en: https://doi.org/10.1007/s10579-020-09485-6. [Data de consulta: 12/02/2020].

GREGORIO-GODEO, Eduardo e MOLINA, Silvia (2011): "Collocations and the translation of news: an English–Spanish electronic dictionary of multi-word combinations as a translation tool", en *Perspectives*, 19:2, 135-152.

KENNY, Dorothy (2001): *Lexis e Creativity in Translation*. Mánchester: St. Jerome Publishing.

KILGARRIFF, Adam e TUGWELL, David (2002): "Sketching words", en CORRÉARD, Marie-Hélène (ed.): *Lexicography and Natural Language Processing*: *a Festschrift in Honour of B. T. S. Atkins*. EURALEX, 125-137.

KILGARRIFF, Adam; RYCHLÝ, Pavel; SMRŽ, Pavel e TUGWELL, David (2004): *Itri-04-08 the sketch engine*. Information Technology, 105-116.

HAUSMANN, Franz Josef (1984): "Wortschatzlernen ist Kollokationslernen. Zum Lehren und Lernen französischer Wortverbindungen", en *Praxis des neusprachlichen Unterrichts* 31, 395 – 406.

(1985). "Kollokationen im deutschen Wörterbuch. Ein Beitrag zur Theorie des lexikographischen Beispiels", en BERGENHOLTZ, Henning; MUGDAN, Joachim (Eds.). *Lexikographie und Grammatik*. Tubingen: Niemeyer.

HU, Kaibao (2015): *Introducing Corpus-based Translation Studies*. Berlin: Springer.

JAKUBÍČEK, Miloš; KILGARRIFF, Adam; KOVÁŘ, Vojtěch; RYCHLÝ, Pavel e SUCHOMEL, Vít (2013): "The Tenten Corpus Family", en *7th International Corpus Linguistics Conference CL*. Reino Unido: Lancaster University. 125–127. Dispoñible en: https://www.sketchengine.eu/wp-content/uploads/The_TenTen_Corpus_2013.pdf. [Data de consulta: 29/09/2019].

Macmillan Dictionary. Dispoñible en: https://www.macmillandictionary.com. [Data de consulta: 17/09/2019].

MARTELLI, Aurelia (2007): *Lexical Collocations in Learner English: a corpus-based approach*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.

MEUNIER, Fanny e GRANGER, Sylviane (eds.) (2008): *Phraseology in Foreign Language Learning and Teaching*. Ámsterdam e Philadelphia: John Benjamins.

Multilingual Student Translation Corpus. Dispoñible en: https://uclouvain.be/en/research-institutes/ilc/cecl/must.html. [Data de consulta: 12/09/2019].

NESSELHAUF, Nadja (2005): *Collocations in a Learner Corpus*. Ámsterdam e Philadelphia: John Benjamins.

OBRUSNIK, Adam (2014, 20-23 xullo): "Hypal: A User-Friendly Tool for Automatic Parallel Text Alignment and Error Tagging", en *Eleventh International Conference Teaching and Language Corpora*, Lancaster, 67-69.

ORENHA-OTTAIANO, Adriane (2004): "A compilação de um glossário bilíngue de colocações, na área de jornalismo de Negócios, baseado em corpus comparável" [tese de mestrado]. Universidade de São Paulo, Brasil.

(2015): "Collocations workbook: um material de apoio pedagógico on-line e baseado em corpus para o ensino de colocações em inglês", en *Revista de Estudos da Linguagem*, Belo Horizonte, vol. 23, n. 3, 833-881.

(2017): "The compilation of an Online Corpus-Based Bilingual Collocations Dictionary: motivations, obstacles and achievements", en *Proceedings of E-Lex Conference 2017*. Leiden, The Netherlands, 458-473.

ROCHA, Jean Michel Pimentel; ALVES, Emanoel Henrique e ORENHA-OTTAIANO, Adriane (2018): "Corpus de Aprendizes de Tradução – CAT: perspectivas de pesquisa do léxico fraseológico", en *V Congresso Internacional de Fraseologia e Paremiologia & IV Congresso Brasileiro de Fraseologi*a.

Sketch Engine. Dispoñible en: http://www.sketchengine.co.uk/. [Data de consulta: 20/09/2019].

Ted Talks. Dispoñible en: http://www.tedtalks.com/. [Data de consulta: 14/03/2018].

Léxico, identidade e discurso nas expresións idiomáticas brasileiras[1]

Vocabulary, Identity and Discourse in Brazilian idioms

Maria Luisa Ortiz Alvarez
Universidade de Brasília
https://orcid.org/0000-0003-3131-6932
marialuisa.ortiz@gmail.com

"Falar uma língua não significa apenas expressar nossos pensamentos mais interiores e originais; significa também ativar a imensa gama de significados que já estão embutidos em nossa língua e em nossos sistemas culturais".[2]

(Hall, 2006: 40)

Resumo: De acordo con Lakoff & Johnson (2002: 71), as expresións idiomáticas configúranse como instrumento interesante para evidenciar a relación embrionaria entre lingua e cultura, xa que "os valores fundamentais de uma cultura serão coerentes com a estrutura metafórica dos conceitos fundamentais dessa cultura". Para González Rey (2007: 112), estas expresións estereotipadas transmiten representacións mentais moi enraizadas na comunidade lingüística onde foran creadas, que, en ocasións, contribúen para perpetuar ideas, independentemente da súa veracidade. O noso obxectivo é traer unha mostra de expresións idiomáticas opacas do portugués do Brasil, en contexto de uso, tentando contribuír á súa comprensión, en relación ao valor cultural, social e identitario que as caracteriza.

Palabras clave: léxico; discurso; identidade; expresións idiomáticas.

---

[1] Data de recepción: 31.10.2019. Data de aceptación: 13.03.2020
Tradución ao galego por Sara Villar Aira.

[2] Tradución da cita: "Falar unha lingua non significa só expresar os nosos pensamentos máis fondos e orixinais: significa tamén activar a inmensa gama de significados que xa están imbricados na nosa lingua e nos nosos sistemas culturais".

Abstract: According to Lakoff & Johnson (2002: 71), idiomatic expressions are an interesting instrument to highlight the embryonic relationship between language and culture, since "the fundamental values of a culture will be coherent with the metaphorical structure of the fundamental concepts of this culture". For González Rey (2007: 112), these stereotyped expressions convey very rooted mental representations in the linguistic community where they were created, which, on occasion, contribute to perpetuating ideas, regardless of their truthfulness. Our goal is to bring a sample of opaque idiomatic expressions of the Portuguese of Brazil, in a context of use, aiming to contribute to their understanding, in relation to the cultural, social and identity value that characterizes them.

Keywords: lexicon; Speech Identity Idiomatic expressions.

1. Introdución

A lingua ten o papel de representar as prácticas empregadas polas persoas, pois manifesta as actitudes, coñecementos, crenzas, ideoloxías, comportamentos e valores de determinada comunidade lingüístico-cultural. Esas prácticas son expresivamente traducidas polo léxico que reflicte os ambientes e características deses grupos segundo a súa visión de mundo (individual e colectiva) e dos costumes e simboloxía adquiridos a través da experiencia que o contexto en que habitan lles proporciona e con el se identifican. De acordo con Woodward (2009), cada cultura ten as súas propias e distintivas formas de clasificar o mundo. É pola construción de sistemas clasificatorios que a cultura propicia ao ser humano os medios polos cales é posible dar sentido ao mundo social e construír significados.

Bronckart (1985) alega que a lingua ten que ser encarada nunha dupla perspectiva: comunicativa e tamén representativa. Ou sexa, a lingua vehicula non só información, senón tamén todo un conxunto de intencións, pareceres, emocións e comportamentos por parte de quen enuncia. O discurso como práctica social é un modo de representación, de acción dos suxeitos (axentes comunicativos) sobre o mundo que os rodea e sobre outras persoas e, ao mesmo tempo, tamén é unha práctica de significación, pois existe unha relación dialéctica entre discurso e estrutura social. Polo tanto, toda práctica discursiva carga unha dimensión social (a práctica) e unha dimensión material (o texto). Os suxeitos actúan por medio de discursos e de outras prácticas sociais e nesa acción constrúen as súas identidades sociais, nas interaccións con diferentes experiencias que levan á produción de novos conceptos de mundo e novas maneiras de entender, vivir e convivir nel. Esas prácticas sociais teñen por detrás unha cultura chea de valores, crenzas e ideoloxías. Tendo en vista eses tres aspectos —a lingua, a cultura e a identidade—, pretendemos amosar as características culturais e identitarias de expresións idiomáticas brasileiras en uso, consideradas opacas.

2. O léxico

> "O léxico, cujas formas exprimem o conteúdo da experiência social, é o conjunto dos elementos do código linguístico em que se sentem particularmente as relações entre a língua de uma comunidade humana, sua cultura – no sentido antropológico –, sua civilização. Compreende-se, pois, que uma alteração nas unidades desse inventário seja, raras vezes, reflexo de alterações culturais".[3]
>
> (Barbosa, 1996: 120).

Como resultado das grandes transformacións no mundo, as linguas–culturas (adoptamos no noso traballo o termo lingua-cultura, tamén usado por Kramsch, 1993 e 1998) e as identidades non quedan á marxe desas mudanzas. De acordo con Carvalho (2009), toda lingua é dinámica e as súas manifestacións provocan mudanzas sociais e, consecuentemente, novas formas e novas necesidades expresivas que se renovan e, ao introducir novos sentidos, elas tamén constrúen identidades.

O léxico que forma parte das linguas-culturas tamén "está em perpétuo movimento, seu carácter de inacabado e de devir está sempre presente (…) visto que essa é a parte do sistema linguístico mais suscetível a mudanças por constituir um conjunto aberto" (Biderman, 1999: 96). É, por natureza, un sistema flexible e con posibilidade de expansión condicionada polas mudanzas socioculturais, o que equivale a dicir que son os falantes quen o determinan, crean e manteñen.

Silva (2000: 142) acentúa que:

> *[...] o léxico constitui-se do saber vocabular de um grupo sociolinguístico e culturalmente definido; é o conhecimento partilhado que povoa a consciência do falante, onde esse acervo se configura como verdadeira janela através da qual o indivíduo divisa o seu entorno, ao mesmo tempo em que, ademais, revela os valores, as crenças, os costumes, os modismos que viabilizam a comunidade em que vive o usuário de tal e qual palavra ou expressão*.[4]

---

[3] Tradución da cita: "O léxico, cuxas formas expresan o contido da experiencia social, é o conxunto dos elementos do código lingüístico en que se perciben particularmente as relacións entre a lingua dunha comunidade humana, a súa cultura (no sentido antropolóxico), a súa civilización. Compréndese pois, que unha alteración nas unidades dese inventario sexa, raras veces, reflexo de alteracións culturais".

[4] Tradución da cita: "[…] o léxico está formado polo saber vocabular dun grupo sociolingüístico e culturalmente definido; é o coñecemento compartido que habita a consciencia do falante, onde ese acervo se configura como unha auténtica xanela a través da cal o individuo divisa o seu entorno, ao mesmo tempo que, ademais, revela os valores, as crenzas, os costumes, os modismos que viabilizan a comunidade en que vive o usuario dunha determinada palabra ou expresión".

Así, "os membros dessa sociedade funcionam como sujeitos - agentes no processo de perpetuação e reelaboração contínua do léxico da sua língua" (Biderman, 2001: 179). En definitiva, eses membros usan a lingua como retrato do seu tempo, actuando inclusive como axentes modificadores, imprimindo marcas xeradas polas novas situacións coas que se atopan. (Sá, 2011: 245)

Andrade e Bastiani (2012: 170) afirman:

> *Se considerarmos a dimensão social da língua, podemos ver, no léxico, o patrimônio cultural de uma comunidade. Transmitidos de geração a geração como "signos operacionais". É através dos "nomes" que o homem exerce a sua capacidade de exprimir sentimentos e ideias, de "cristalizar" conceitos. O patrimônio lexical de uma língua constitui um arquivo que reflete percepções e experiências multisseculares de um povo, podendo, por isso, ser considerado testemunho de uma época.*[5]

Concordamos plenamente cos autores cando expresan que o léxico é un patrimonio cultural. Son as comunidades as que, co seu potencial creativo e as súas visións do mundo, atribúen significados a ese patrimonio dentro das súas realidades culturais e históricas. É un saber compartido que reflicte valores, crenzas, intuicións, referencias metafóricas e idiosincrasias que marcan a súa identidade.

3. Cultura, identidade e expresións idiomáticas

> "As expressões idiomáticas integram o melhor sistema de símbolos para representar uma identidade cultural".[6]
>
> (Jorge, 2001: 216)

Como xa mencionamos anteriormente, a cultura, así como a lingua e a identidade, non son algo fixo, nin determinado, nin acabado. Todas elas están en proceso de constitución, producidas por seres sociais en constante interacción e inseridos nunha sociedade que pasa por transformacións no plano político, económico, científico, social, ideolóxico e cultural. A cultura instrumentaliza o ser humano a convivir socialmente e adoptar patróns aceptados polo seu grupo social, polo tanto tamén inclúe, segundo Eagleton (2005: 184), "afeto, relacionamento, memória, parentesco, lugar, comunidade, satisfação emocional, prazer intelectual".

---

[5] Tradución da cita: "Se consideramos a dimensión social da lingua, podemos ver, no léxico, o patrimonio cultural dunha comunidade. Transmitidos de xeración en xeración como 'signos operacionais'. É a través dos nomes que o home exerce a súa capacidade de exprimir sentimientos e ideas, de 'cristalizar' conceptos. O patrimonio léxico dunha lingua constitúe un arquivo que reflicte percepcións e experiencias multiseculares dun pobo, podendo, por iso, ser considerado testemuña dunha época".

[6] Tradución da cita: "As expresións idiomáticas integran o mellor sistema de símbolos para representar unha identidade cultural".

Para Silva (2000: 89), a identidade "é um significado – cultural e socialmente atribuído". Por iso, ela non é "fixa, estável, coerente, unificada, permanente [...] tampouco é homogênea, definitiva, acabada, idêntica, transcendental.". Ao contrario, é unha "construção, um efeito, um processo de produção, uma relação, um ato performativo. A identidade é instável, contraditória, fragmentada, inconsistente, inacabada" (Silva, 2000: 97). Polo tanto, igualmente defendemos que a identidade é unha construción e todo aquilo que é construído pode verse afectado por mudanzas, alteracións e inclusións.

Hall (2006: 109), pola súa parte, acredita que esas identidades son construídas dentro —e non fóra— do discurso. Precísase comprendelas como producidas en lugares históricos e institucionais específicos, no interior de formacións e prácticas discursivas específicas, por estratexias e iniciativas específicas.

Sendo así, acreditamos que a análise do léxico en actividades sociais dunha determinada comunidade ou grupo de persoas permítenos entender a dinamicidade da cultura, dos seus membros e o seu sistema lingüístico, a "bagaxe" oriúnda da cultura que a identifica. Por esa razón, neste traballo pretendemos amosar e analizar algunhas expresións idiomáticas brasileiras en uso que, dende o punto de vista semántico, son expresións opacas e requiren dunha competencia metafórica e fraseolóxica adecuada para poder comprender o seu significado. O noso propósito é contribuír ao debate respecto da idiomaticidade e convencionalidade que explica o funcionamento desas expresións en uso para que sexan debidamente estudadas nas aulas de LE.

O léxico nútrese constantemente de expresións idiomáticas, unha herdanza cultural da lingua que provén do discurso e que se incorpora na lingua cos seus diferentes graos de cristalización, marcados polo:

- espazo xeográfico no que son utilizadas, coas súas particularidades rexionais e culturais, ou sexa, algunhas expresións son utilizadas e comprendidas por unha determinada comunidade lingüística e non por outra, sendo difícil a súa tradución debido a factores culturais específicos. Por exemplo: *estar com um pé na senzala*; *resolver um pepino; banana que já deu cacho; pintar o sete; estar encima da carne seca, estar com o rei na barriga, vestir o pijama de madeira, rodar a baiana*;
- momento histórico no que son creadas, podendo deixar de ser utilizadas ou caer en desuso nun determinado momento histórico; por outro lado, hai expresións que, debido a factores contextuais e culturais dun determinado feito histórico, só teñen sentido naquel momento. Por exemplo: *virar/acabar em pizza*; *crimes de colarinho branco*; *lava jato; vaza jato; ser um laranja, a cobra vai fumar*;
- polas súas marcas sociais, acontecendo que gran parte delas se atopan no nivel coloquial, na linguaxe informal. Por exemplo: *barra pesada; armar um barraco; cabra da peste; rodar a baiana; enfiar o pé na jaca, comprar a parada, descer o cassete, passar um sabão.*

Flores d'Arcais (1993) postula que os sentidos figurados das expresións idiomáticas son motivados polo coñecemento metafórico que as persoas posúen sobre o mundo.

Estas relacións metafóricas están presentes na construción semántica e no sentido idiomático da expresión que fai que sexan totalmente comprendidas, de ser observadas e interpretadas adecuadamente. Lakoff e Johnson, no libro *Metaphors we live by* (1980), demostran como moitas expresións idiomáticas teñen motivacións derivadas do sistema conceptual humano. Anos despois, Lakoff e Turner (1989) destacaron que as metáforas son convencionais cando están establecidas na nosa experiencia diaria, sendo utilizadas automaticamente e sen esforzo. Nese sentido, Kövecses (2002) reitera a posición de Lakoff e Turner a respecto da convencionalidade dunha metáfora, pois postula que tanto as metáforas lingüísticas como as conceptuais son convencionais cando están fortemente establecidas nunha comunidade lingüística. Por esa razón, Kövecses (2010: 242) fala sobre a importancia da concienciación sobre as metáforas conceptuais por parte de alumnos de LE, pois promove a comprensión do significado do uso figurativo de palabras e expresións. Partindo desa idea, o autor destaca tres vantaxes: (1) a dimensión avaliativa do sentido no uso das expresións idiomáticas; (2) as restricións dese uso; e (3) a conexión entre esas expresións e a cultura e a historia daquela comunidade lingüística. Schröder (2008: 41), por outro lado, defende que as metáforas "não necessariamente e nem sempre são conceitos estáveis e culturalmente entrincheirados, mas, sim, são negociados e renegociados no decorrer da interação social".

Partimos do presuposto de que cada lingua ten as súas expresións, as súas metáforas, as súas imaxes, a súa representación fraseolóxica, atravesadas polas cores locais do pobo que lles deu vida, que as verbaliza e as categoriza. A análise delas envolve aspectos cultuais sociais e políticos, pois están vinculadas a valores socioculturais e temporais e están motivadas por unha contextualización cultural que lles dá un motivo intrínseco. De aí que Duarte (2006: 13) afirme que as "expressões idiomáticas só quando integradas em contexto discursivo/textual fazem sentido". Elas amosan toda a súa raza, forza ilocutoria, pois posúen unha infinidade de extraordinarias potencialidades e funcionalidades, actualizadas de acordo cos contextos de enunciación.

Nesa liña de pensamento, Charteris-Black (2004) engade que non se pode separar o papel semántico da metáfora do seu papel pragmático e enfatiza que o uso da metáfora camufla, moitas veces, a función persuasiva, que non necesariamente é transparente de inmediato, como é o caso dalgunhas expresións utilizadas na política do Brasil, principalmente na época de eleccións, cando os candidatos tentan persuadir os electores. Así, atopamos, por exemplo, a expresión brasileira *bananeira que já deu cacho*, que significa "persoa que está en decadencia, que xa deu o que tiña que dar" e que aparece nun artigo de xornal utilizada por un deputado federal, membro do Partido da Social Democracia Brasileira (PSDB), que apoia a candidatura do actual prefecto Antônio Carlos Magalhães Neto, do Partido Democrata (DEM), ao goberno do estado da Habia e critica o actual gobernador do estado Rui Costa, membro do Partido dos Trabalhadores (PT), que está disputando a reelección. O deputado expresa: *Existe um sentimento muito forte na Bahia que deseja renovação, competência administrativa, e ele representa isso. Inclusive porque é um ciclo e o ciclo do PT* ***é bananeira que já deu cacho***. O deputado tenta persuadir o electorado para non votar ao PT por ser a oposición e por crer que o PT non ten nada

máis que engadir. Mais a metáfora tamén serve como recurso estilístico que implica intencións retóricas dentro dun determinado contexto; por exemplo, a expresión *ir desta para melhor,* que significa "morrer".

As expresións idiomáticas reciben o nome de "locucións" na tradición hispánica, como, por exemplo, nas obras de Corpas Pastor (1996), Ruiz Gurillo (1998), Penadés Martínez (1999; 2002; 2005; 2008) e Seco, Andrés e Ramos (2004), mentres que no Brasil utilízase o termo "expresión idiomática". Elas posúen varios trazos característicos: a) no plano léxico, o feito de constituír unha unidade estable (fixa, cristalizada), pola combinación de morfemas/lexemas; b) no plano sintáctico, o seu carácter indescompoñible, aliado ao feito de non constituír unha unidade frásica independente; c) no plano semántico, unha significación opaca e que non corresponde á suma dos significados dos seus elementos constituíntes; d) no plano pragmático, a relación estreita que establece coa situación de enunciación e e) no plano cultural, a súa fixación e consagración polo uso, alén do feito de revelar a visión do mundo propia dunha cultura determinada. Sen coñecer o contexto histórico-social no cal está inserida a expresión idiomática, dificilmente se consegue comprender o(s) sentido(s) que ela mobiliza.

A cuestión da convencionalidade e da idiomaticidade son aspectos moi ben explicitados por Tagnin (2013: 21). A autora establece a distinción entre expresións idiomáticas e expresións convencionais, cando argumenta:

> *Há expressões que são convencionais por estarem intimamente ligadas a um fato social e há outras em que o que é convencional é sua forma. Por exemplo,* Feliz Natal *é uma expressão convencional social, pois está ligada à comemoração do Natal, enquanto* mundos e fundos *é uma expressão convencional devido a sua forma, isto é, convencionou-se combinar os dois vocábulos* mundos *e* fundos - *e não* universos *e* profundidades*, por exemplo – unidos pela conjunção* e. *E convencionou-se também ser essa ordem em que devem aparecer, jamais* fundos e mundos.[7]
>
> E engade:
>
> *No momento em que a convenção passa para o nível do significado, entramos no campo da idiomaticidade. Dizemos que uma expressão é idiomática quando seu significado não é transparente, isto é, quando o significado da expressão toda não corresponde à somatória do significado de cada um de seus elementos.* (Tagnin, 2013: 22)[8]

[7] Tradución da cita: "Hai expresións que son convencionais por estar íntimamente ligadas a un feito social e hai outras nas que o convencional é a súa forma. Por exemplo, *Feliz Natal* é unha expresión convencional social, pois está ligada á conmemoración do Nadal, mentres que *mundos e fundos* é unha expresión convencional debido á súa forma, isto é, convencionouse combinar as dúas palabras *mundos* e *fundos* (e non *universos* e *profundidades,* por exemplo) unidos pola conxunción *e.* E convencionouse tamén ser esa a orde na que deben aparecer, non sendo posible *fundos e mundos*".

[8] Tradución da cita: "No momento en que a convención pasa ao nivel do significado, entramos no eido da idiomaticidade. Dicimos que unha expresión é idiomática cando o seu significado non é transparente, isto é, cando o significado da expresión completa non corresponde á suma dos significados de cada un dos seus elementos".

Para a autora, a idiomaticidade significa que a expresión é opaca polo feito de ter un significado global e metafórico, específico da comunidade que a creou e a estableceu como convencional. Por exemplo, a expresión *a porca torce o rabo* significa, antes de todo, unha "situación de moita dificultade" e non pode ser analizada extraendo o significado oriúndo das palabras que forman esta frase.

Mário Perini (2010) apunta como característica relativa ás expresións idiomáticas a violación dalgunha regra gramatical, semántica ou léxica, cando di:

> *As expressões idiomáticas sempre violam alguma regra da língua: em geral uma regra semântica, mas às vezes também regras de sintaxe. E às vezes elas contêm itens léxicos que não aparecem em nenhum outro contexto. Na verdade, se alguma coisa define a expressão idiomática é justamente a presença de alguma violação gramatical ou lexical.* (Perini, 2010: 324)[9]

Segundo o autor, a violación semántica acontece debido a que as palabras contidas na expresión perden o seu significado literal, adquirindo un sentido que non podería ser previsto. A violación sintáctica ocorre, por exemplo, cando a regra que garante que elementos coordinados unidos por "e" poidan ter a súa orde cambiada se torna inválida. No caso *de mala e cuia* non pode ser mudado por *de cuia e mala,* pois perde o seu significado idiomático. No que se refire a ítems lexicais que non ocorren fóra de expresións idiomáticas, o autor cita a expresión *a granel* que contén unha palabra que non é usada en ningún outro contexto.

Na análise da mostra de expresións idiomáticas que realizaremos neste estudo, basearémonos en Perini (2010) e Tagnin (2013), alén doutros autores anteriormente citados.

Xatara e Seco (2014: 504-505) salientan que as semellanzas que ocorren no interior das expresións idiomáticas promoven contactos interlingüísticos entre diferentes culturas e propician o intercambio deses datos culturais entre as diversas sociedades, ou sexa, das súas visións do mundo, ideoloxías e escalas de valores. Máis adiante, as autoras engaden que "não podemos deixar de mencionar a própria existência intralinguística de sinonímia entre as expressões idiomáticas, tradicionalmente consideradas cristalizadas e, portanto, não vulneráveis à variação".[10] E complementan que o "fato se explica por uma cristalização ou estabilidade apenas relativa, o que deixa margem a uma variabilidade, ainda que restrita".[11]

---

[9] Tradución da cita: "As expresións idiomáticas sempre violan algunha regra da lingua: en xeral, unha regra semántica, mais ás veces tamén regras de sintaxe. E ás veces conteñen ítems léxicos que non aparecen en ningún outro contexto. En realidade, se algunha cousa define á expresión idiomática é xustamente a presenza dalgunha transgresión gramatical ou lexical".

[10] Tradución da cita: "non podemos deixar de mencionar a propia existencia intralingüística de sinonimia entre as expresións idiomáticas, tradicionalmente consideradas cristalizadas e, por tanto, non vulnerables á variación".

[11] Tradución da cita: "feito se explica por unha cristalización ou estabilidade apenas relativa, o que deixa marxe a unha variabilidade, aínda que restrinxida".

Mais, cando se trata de expresións idiomáticas opacas, pode tamén ocorrer o contrario, pois a metáfora que está na base desas frases ten un significado que no imaxinario dunha comunidade dada terá un sentido diferente daquel que supostamente interpretamos, inclusive pode provocar malentendidos ou simplemente ser falsos parecidos, como, por exemplo, *jogar a toalha* (portugués) que significa "desistir de algo, recoñecer a derrota" (a orixe está ligada ao boxeo, cando o técnico dun boxeador tira a toalla na lona do ring, pedindo o fin da loita) e *tirar la toalla* (español de Cuba) que significa "interceder a favor de alguén para que non sexa castigado ou sancionado" (Tristá Pérez e Cárdenas Molina, 2016: 493). Así, de acordo con Mendes (2002: 29), a interpretación correcta dun significado esixe unha estimativa detallada da cultura dos seus usuarios. A linguaxe autoriza o acto do individuo autor social e, por iso mesmo, só pode ser comprendida no seu significado completo tendo en consideración a moldura social que a modela-determina. A visión sociocultural das expresións idiomáticas é a de que "elas são, indubitavelmente, a reflexão de um modo particular de pensar, de se comportar e também de conceituar a realidade e a experiência"[12] (Monroy Casas e Hernández Campoy, 1995: 58).

Algunhas expresións idiomáticas típicas brasileiras precisan dun contexto para ser correctamente entendidas; por exemplo: *crimes de colarinho branco, virar pizza, sair de fininho, a vaca foi para o brejo, zorra total, rodar a baiana, armar um barraco, tirar sarro, quebrar o galho, ser um barato, dar um jeito, não dar no couro, a cobra vai fumar, boi de piranha, cabra da peste, ficar uma arara, chutar o balde, dar com a língua nos dentes, chá de cadeira, arrastar a asa* etc. A opacidade, a non composicionalidade semántica das expresións idiomáticas, débese á súa base metafórica, pois o xurdimento delas ten as súas orixes nas experiencias dos seus falantes e son metáforas de situacións vividas e sentidas por eles; por exemplo, a expresión *a porca torce o rabo* significa, por riba de todo, unha "situación de moita dificultade".

Sendo así, a inserción da noción de "punto pragmático" para a comprensión delas parece tornar máis evidente que os procesos de significación deses construtos son extremadamente complexos, por envolver non só compoñentes sintácticos e semánticos, senón tamén pragmáticos, culturais e cognitivos.

Tomando en consideración a relación establecida entre léxico, cultura e identidade e tendo en conta que esas tres vertentes inflúen na arquitectura metafórica (contido e estrutura) das expresión idiomáticas e na forma de ser rexistradas, analizaremos unha mostra desas unidades que están fortemente relacionadas á cultura da sociedade brasileira.

4. A pescuda

Esta pescuda é de natureza cualitativa/interpretativa, de carácter descritivo, xa que describimos, analizamos e interpretamos expresións idiomáticas que compoñen unha mostra do corpus elaborado para ese fin. As unidades aquí definidas como expresións idiomáticas poden ser atopadas con facilidade no discurso coloquial oral e escrito, no día

[12] Tradución da cita: "elas son, indubidablemente, o reflexo dun modo particular de pensar, de se comportar e tamén de conceptuar a realidade e a experiencia".

a día do brasileiro, para expresar contrariedade, ironía, desacordo, emocións e matices do pensamento e do sentimento humano. As fontes de datos foron o *Dicionário brasileiro de expressões idiomáticas e ditos populares: desatando nós*, de Hudinilson Urbano, publicado en 2018, e o dicionario de Aristides Fontes Filho, titulado *O dito pelo não dito. Dicionário de expressões idiomáticas,* publicado en 2006.

Foron extraídas 64 expresións idiomáticas opacas dos dicionarios enriba citados, as cales forman o corpus do estudo. Para a análise só foi seleccionada unha mostra composta por 8 expresións en uso, en contexto. O corpus está constituído por expresións idiomáticas que cargan a identidade do pobo que as creou e que a sociedade espallou e estableceu. Elas expresan sentimentos, emocións, ironía, humor, o sentido tráxico ou gracioso da vida, describen acontecementos, etc. (Ortiz Alvarez, 2012: 12).

A continuación, mostramos o corpus e o significado das expresións:

	Expresión	**Significado idiomático**
1	*Ser um bicho de sete cabeças*	Cousa difícil de realizar, de comprender. Significa que se está diante dalgunha dificultade que pode non ter unha solución simple, algo que é case imposible de solucionar, o que pode acontecer por receo ou por mera falta de disposición.
2	*Ter/haver boi na linha*	Persoa que intercepta, interrompe ou intervén intempestivamente. Dificultade ou sospeita. Significa atopar un obstáculo, xurdir un problema, unha adversidade. Houbo épocas nas que as estradas de ferro eran protexidas por cercas, nas áreas de campo, onde se criaba gando. Se un dos animais pasaba a cerca e se instalaba tranquilamente sobre ou entre os trillos da vía férrea, o maquinista estaba obrigado a parar o tren, pois había, literalmente, boi na liña.
3	*Acordar/estar com a macaca*	Acordar e estar de mal humor. Estar axitado, irritado, histérico. Está asociada a outras dúas palabras africanas, do quicongo, *maka'aka* que se refire a ataques de risa en ritos relixiosos; en congués, *omakaka* que signifiga "gargallar". Logo, "estar com a macaca" tamén ten que ver coa euforia. Nalgunhas rexións, o demo é substituído polo macaco ou pola súa femia. Polo tanto, "estar con a macaca" tamén é estar endiañado, ser posuído por cousa ruín.
4	*Rodar a baiana*	Enfadarse, reaccionar de forma inesperada. É unha expresión brasileira, en especial da xente do Nordeste, que significa pedirlle explicacións a alguén, esclarecer unha situación ou causar confusión, unha actitude de baixo nivel, armar un escándalo ("fazer barraco"; *barraco* aquí ten o significado de confusión, conflito, e perde o seu significado literal, que é casa mal construída ou mal conservada, tosca, edificada nas pendentes dos montes, con paredes de táboas e teito de cinc, feita sen planificar pola poboación de rendas baixas); barracón.
5	*Botar/colocar a boca no trombone*	Facer unha denuncia pública, delatar, reclamar, facer público un segredo. Denunciar algo que non está claro, gritar ou revelar algo para que todo o mundo o saiba. Tamén significa contar unha novidade a outras persoas ou falar sobre un asunto que a maioría non ten coraxe para facelo.

6	*Fazer boca de siri*	Manter un segredo absoluto, non falar sobre un asunto, non difundir, non propagar.
7	*Bananeira que já deu cacho*	Expresión que se utiliza para designar a alguén ou algunha cousa que non vai ir para adiante, nunha alusión á planta que, despois de producir unha vez non dará máis banana. Persoa que está en decadencia, que perdeu a vitalidade, que xa deu o que tiña que dar e que non ten máis que engadir.
8	*Abalar Bangu*	Expresión usada para dicir que alguén fixo algo bonito, arrasou, mandou ben, sorprendeu, causou impacto.
9	*Dar calote*	Trapallear, non pagar débedas, sexa por non ter diñeiro ou por mala fe. Para sentido de valor pasivo, úsanse os verbos *levar/sofrer calote.* Calote é o diminutivo de "calo", que era o nome da lasca de queixo ou melón que se daba para que o fregués probase, confiando na venda inmediata. Cando o fregués saboreaba gratuitamente e non compraba, daba o calote.
10	*Ser um laranja*	Ser unha persoa que intermedia, voluntaria ou involuntariamente, transacións financieiras fraudulentas, emprestando o seu nome, documentos ou conta bancaria para ocultar a identidade de quen a contrata. A produción de laranxas frecuentemente ten, entre outras finalidades, a intención de escapar do fisco. Normalmente, cando o 'laranja' ten ciencia de que está sendo utilizado para a práctica, é remunerado pola prestación do servizo. Noutros casos, máis comúns con persoas con pouca instrución ou baixo poder adquisitivo, o "laranja" utiliza o nome sen que o individuo teña ciencia do crime.
11	*Crime de colarinho branco*	O *crime do colarinho branco* (ou crime corporativo, máis correctamente) refírese ao crime non violento, financeiramente motivado, cometido por profesionais dos negocios e do goberno. Está relacionado con fraudes, uso de informacións privilexiadas, subornos e outras actividades practicadas, principalmente, por persoas instruídas cultural e financeiramente, e que moitas veces teñen cargos políticos ou posúen influencia no goberno. O termo "*colarinho branco*" posúe esa designación por facer referencia ás persoas instruídas e influentes que xeralmente visten traxe e camisa social, unha caracterización atípica do que xeralmente se ten por un criminal.
12	*Elefante branco*	*Elefante branco* é unha expresión usada de forma crítica e irónica para indicar algunha cousa que é valiosa e dispendiosa, pero non posúe ningunha utilidade práctica. Presente ou obxecto innecesario, que ten pouca ou ningunha importancia; todo o que é magnífico e caro, mais non rende.
13	*Acabar em pizza*	Ser algo errado que acaba sen ningún castigo. Segundo o xornalista Eduardo Martins, a expresión xurdiu no equipo de fútbol Palmeiras na década de 1950 cando, despois dunha grande e calorosa discusión entre os directores do club, todos foron a unha pizzería, deixando as diferenzas atrás. Desde entón, a expresión é usada co sentido de non dar en nada, non presentar resultados.

14	*Dar uma de João sem braço*	Designa o preguiceiro, omiso ou trapalleiro que se fai o despistado para non ter que cumprir unha obriga. É o individuo que finxe non entender o que está acontecendo para sacar vantaxe dunha situación e garantir o seu propio ben.
15	*Marcar touca*	Significa dicir tonterías, vacilar, bobear, non cooperar, deixar pasar, estar distraído, estar nas verzas ("dormir no ponto") e, por tanto, perder unha oportunidade.
16	*Feijão e arroz*	Como alimentación básica, diaria e común, pasou a significar aquilo que é de cada día, o común, unha cousa habitual, algo simple, básico ou rutineiro.
17	*A vaca foi para o brejo*	Estropearse, saír todo mal. "A vaca foi para o brejo", no sentido literal, ocorre cando ela tolea, porque, famenta, vai alí, no tempo de seca, en busca dos últimos brotes de herba limoeira ("capim verde"). Un *brejo* é un terreo cheo de lama, enlamado. A orixe probable da expresión está no feito de que os gandeiros saben que, cando unha vaca tolea nun *brejo*, dá moito traballo sacala de alí. Así, a expresión significa algo con moita dificultade, moi difícil, moitas veces ata imposible.
18	*Resolver o pepino/ descascar o abacaxi*	Significa resolver un problema complicado, embarazoso.
19	*Ser cabra da peste*	Individuo valente, disposto ou digno de admiración. Tamén pode ser unha persoa mala temida pola súa valentía e crueldade (moi utilizada no Nordeste do país).
20	*Dar com os burros n'água*	Significa saír prexudicado, perder un negocio, non ter boa sorte. Non conterse, enganarse completamente, saír todo mal.
21	*Chutar o balde/chutar o pau da barraca*	Enfadarse, desistir. Perder o control, a calma.
22	*Ter um pé na senzala/ na cozinha*	Forma racista de falar dunha persoa de orixe negra. Infeliz recordatorio do período de escravitude no que o único lugar das mulleres negras era a cociña da casa grande (a casa do amo). A "senzala" era o aloxamento que acollía aos escravos.
23	*A cobra vai fumar*	Significa algo difícil de realizarse, que hai problemas, que a situación se vai agravar. Ten o mesmo significado que a expresión "O bicho vai pegar": a cousa vaise poñer fea. A súa orixe data da segunda guerra mundial, cando o goberno brasileiro achegaba posturas ben cos Estados Unidos, ben coa Alemaña nazi. Nesa época, era común oír que sería máis fácil que unha cobra fumase que que o Brasil entrase na guerra. Mais entrou, no lado correcto, e como resposta á provocación, os soldados da Força Expedicionária Brasileira adoptaron un escudo cunha cobra fumando.
24	*Dar canja*	Aquilo que é fácil de facer ou resolver, que non esixe esforzo. Presentación que un cantante ou músico fai de sorpresa nun local onde moitas veces a súa presenza non era esperada. "Canja" é unha sopa feita a base de arroz ou pasta, condimentos e polo, fácil de preparar.
25	*Tirar água do joelho*	Mexar, facer pis. É unha expresión usada normalmente por homes e xurdiu como unha forma eufemística para que os homes puidesen falar de que ían orinar sen parecer maleducados.

26	*Dar cano*	Significa cancelar un compromiso asinado, non cumprir cun compromiso xa asumido. Non cumprir o prometido.
27	*Queimar os últimos cartuchos*	Esgotar todos os recursos. Gastar a última oportunidade, a última posibilidade de conseguir algo.
28	*A casa de mãe Joana*	Lugar onde se pode facer de todo, onde ninguén manda ou todos mandan, onde todos teñen liberdade, podendo entrar e saír á vontade; balbordo, desorganización.
29	*Zorra total*	Desorde, confusión.
30	*Ser um boia fria*	O termo "boia-fria" designa a un individuo que executa un traballo asalariado na zona rural sen a obtención de vínculos de emprego. A expresión é proveniente do modo no que se alimentan, pois saen para o traballo de madrugada e xa levan as súas olas; como non teñen como quecelas, comen a comida fría. Viven nas facendas, en colonias con decenas de casas, onde, alén de recibir salario, poden facer pequenas tarefas propias, cuxa colleita venden ao propio dono da facenda ou nas cidades próximas.
31	*Ficar a ver navios*	Esperar en van, non conseguir o desexado, non alcanzar o que se pretendía, merecía ou lle prometeran.
32	*Angu de caroço*	Intriga, confusión, complicación, cousa que dá resultado contrario ao esperado ou desexado. "Caroço" refírese á pequena porción de fariña que non se disolve no "angu", unha pasta espesa que se prepara misturando, ao lume, fariña de millo (*fubá*), de mandioca ou de arroz, con auga e, ás veces, sal.
33	*Tirar o cavalinho da chuva*	Desistir dunha idea, propósito, proxecto, intento; reducir as pretensións por non haber hipótese de éxito; non ser bobo.
34	*Mãe (pai) coruja*	Dise do pai ou da nai que exalta esaxeradamente as cualidades do(s) fillo(s).
35	*Pagar o mico*	Colocarse nunha situación embarazosa ou vexatoria; pasar vergoña; ser enganado. "Mico" é denominación común a varias especies de monos do xénero Cebus, de pequeno porte e rabo longo.
36	*Ver passarinho verde*	Sentir felicidade; demostrar alegría. Segundo a lenda, as mozas comunicábanse cos seus namorados colocando un periquito verde preto do marco da súa ventá.
37	*Dar zebra*	Acontecer algo improbable ou un resultado inesperado.
38	*Estar encima da carne seca*	Estar nunha situación favorable, vantaxosa; dominar a situación. A orixe desta frase foi o próspero comercio da carne moito antes da chegada dos frigoríficos. Curiosamente, foi adoptada unha palabra composta, carne-seca, e non "charque", que quere dicir o mesmo. A expresión foi motivada polos negocios dun comerciante cearense que se mudou ao Brasil meridional despois de ter perdido, nunha gran seca, todo o gando que criaba.
39	*Abrir mão de*	Deixar de lado, desistir. Ceder, abandonar.
40	*Pintar o sete*	Facer falcatruadas, facer trasnadas, diabruras ou tolerías. Facer barullo; dar que falar; divertirse; causar/provocar escándalo; causar confusión/desorde; facer e desfacer ao seu antollo ("deitar e rolar"), facer cousas pouco habituais; festexar moito; conmemorar intensamente; atormentar, maltratar.

41	*Estar como rei na barriga*	Expresión usada para referirse ás persoas que se dan moita importancia a si mesmas, que se amosan arrogantes, pedantes, vaidosas, presuntuosas. Alusión ás raíñas embarazadas por ocasión da morte do rei que non deixou herdeiro varón.
42	*Ser barra pesada*	Algo considerado perigoso, difícil ou constrinxente. Algo sen control. Fai referencia ás cousas que son complicadas de ser resoltas ou vividas. Dependendo do contexto en que este termo é aplicado, pode tamén ser interpretado como un sinónimo de individuo deshonesto, groseiro e violento. Literalmente, a palabra "barra-pesada" fai referencia ao obxecto metálico macizo en forma de cilindro que ten un peso extremadamente elevado. Por ser bastante pesada, só se consegue levantala con moito esforzo. Metaforicamente, este esforzo e dificultade serviron como orixe para o actual significado común desta palabra.
43	*Vestir o pijama de madeira*	Morrer, falecer.
44	*Cabra da peste*	Individuo valente, disposto ou digno de admiración, coraxoso, traballador. Tamén ten o sentido de persoa mala, temida pola súa valentía e crueldade. É unha expresión usada no Nordeste do Brasil.
45	*Enfiar/meter o pé na jaca*	Beber moito, "encher a cara", non preocuparse polas consecuencias, exceder os limites. Facer unha gran parvada, cometer un erro. Comportamento abusivo.
46	*Passar um sabão*	Botar unha bronca, unha forte reprimenda.
47	*Ir para o beleléu*	Acabar, ter fin, morrer. Desaparecer. A palabra "beleléu" significa un lugar calquera, fóra do noso espazo de alcance, danos a idea dun lugar perdido e afastado de nós.
48	*Boi de piranha*	Persoa que se somete a un perigo, a un sacrificio, sen darse de conta diso, en beneficio de outra para librala dunha dificultade ou da culpa. No seu libro *O bode expiatório*, o profesor Ari Riboldi conta que a expresión xurdiu da necesidade de atravesar o gando o río no que había pirañas. O gandeiro debía escoller un animal vello ou enfermo e colocalo na auga nun lugar enriba ou debaixo do punto da travesía. Mentres que as pirañas comían o boi escollido, os demais pasaban o río e seguían o camiño sen dificultade.
49	*Ficar/virar uma arara*	Quedar moi enfadado, moi bravo, como un guacamaio ("arara"). A irritación do grito desta ave é manifestada con vehemencia, a berros.
50	*Dar com a língua nos dentes*	Revelar un segredo, ser indiscreto, falar demais. Darlle a alguén unha información que non debería ser compartida, pois é segreda.
51	*Arrastar a asa para alguém*	Estar interesado en alguén, galantear, insinuarse. Normalmente é usada cando a persoa que é o foco de interese non o percibe, mentres que outras persoas se decatan da situación.
52	*Quebrar o galho*	Resolver ou abordar unha dificultade cunha solución paliativa. Tamén pode significar facerlle un favor a alguén ou improvisar. Un "quebra-galho" é unha persoa, unha cousa ou unha maneira para resolver situacións complicadas.

53	*Tomar chá de cadeira*	Significa unha espera prolongada. É unha expresión que pode ser usada todas as veces que unha persoa agarda moito tempo por alguén ou para ser atendido en calquera servizo, sexa nunha consulta, nunha reunión, nunha entrevista ou na espera dun transporte.
54	*Pé de bói*	Persoa que ten moita disposición para o traballo; persoa moi conservadora.
55	*Falar com meus botões*	Falar/conversar consigo mesmo.
56	*Pegar/dar carona*	Solicitar/conseguir condución (de coche) gratuíta de alguén; embarcar na idea de alguén.
57	*Dizer cobras e lagartos*	Insultar, dicir cousas ofensivas e inxuriosas; falar mal de alguén.
58	*Ser maracujá de gaveta*	Persoa co rostro todo enrugado.
59	*Ser mandachuva*	Ser xefe, cabeza, líder.
60	*Chorar as pitangas*	Reclamar, suplicar, laiarse. É unha analoxía da cor vermella da polpa carmesí do froito "pitanga". Asóciase á expresión portuguesa "chorar bágoas de sangue".
61	*Tirar sarro*	Mofar ou rirse de alguén.
62	*Ser um barato*	Ser unha persoa ou cousa legal, moi boa, espectacular.
63	*Dar um jeito*	Resolver, organizar, ordenar, arranxar, corrixir, reparar ou improvisar algunha cousa.
64	*Não dar no couro*	Non satisfacer a alguén sexualmente. O termo vén dos tocadores de tambor, instrumento musical feito a base de coiro onde se bate. Dar no coiro corresponde a bater ben.

5. Análise

As 8 expresións idiomáticas, para análise, foron escollidas aleatoriamente e extraídas do corpus elaborado para o presente estudo. Para contextualizalas procuramos textos publicados nos últimos dez anos en diferentes xornais e revistas *online*, de entre eles a *Folha de São Paulo*, nos que esas expresións aparecen en uso. Organizamos a análise colocando inicialmente o texto onde a expresión aparece coa respectiva fonde de onde foi extraída e, posteriormente, fixemos a descrición e análise delas, para explicar mellor o seu uso.

1. FEIJÃO E ARROZ/FEIJÃO COM ARROZ

Folha de São Paulo - 16/05/2017[13]

O presidente Michel Temer, numa entrevista para a *Rede Vida*.

"Às vezes digo uma palavra qualquer [e falam]: 'O presidente disse que delação é feijão com arroz'"

[13] https://www.noticiasaominuto.com.br/politica/387157/temer-diz-que-delacoes-nao-devemser-feijao-com-arroz?&utm_medium=social&utm_source=twitter.com&utm_campaign=buffer&utm_content=geral

Temer diz que delações não devem ser 'feijão com arroz'

Presidente também defendeu o benefício do foro privilegiado

O presidente Michel Temer afirmou que os acordos de delação devem ser algo "excepcional" e concordou que as colaborações se tornaram "*feijão com arroz"*, sugerindo que o instituto hoje é algo muito recorrente. Em entrevista à Rede Vida, que foi ao ar nesta segunda-feira (15), ao ser questionado se a delação premiada havia virado "*feijão com arroz*" na Justiça, Temer consentiu e afirmou que os acordos servem para se obter "dados investigatórios, não dados condenatórios".

"Não quero tirar a importância. Uma empresa aí parece que tinha 77 delatores. A Odebrecht. Aí, para usar a sua expressão... São fatos repetitivos... Eu não sei se isto é o melhor. Também não quero fazer considerações sobre isso".[14]

Feijão e arroz/Feijão com arroz. É unha expresión composta por dous substantivos, *feijão* e *arroz,* unidos polas conxuncións *e* ou *com*. Xeralmente utilízase co verbo ser. No Brasil tanto o *feijão* como o arroz constitúen un alimento básico, diario na mesa do brasileiro. De aí xurdiu a expresión idiomática *ser feijão e/com arroz,* que, por analoxía, significa aquilo que é básico, común, rutineiro, habitual como o prato de *feijão* con arroz. Neste tipo de expresión, como no exemplo *mala e cuia* de Perini (2010), prodúcese unha violación sintáctica que non permite que a expresión sexa cambiada por "arroz e/com feijão", que se refire ao prato, pois perde o significado idiomático ao estar establecida nesta orde: *Feijão e arroz* (Tagnin, 2013). No texto, a expresión refírese ás delacións premiadas que se tornaron habituais nas operación da LAVA JATO, investigación sobre corrupción. O presidente Temer propón que as delacións sexan utilizadas como datos que poidan servir para a investigación, mais que non sexan definitorias para un castigo eventual; segundo o expresidente, sería necesario xuntar todos os feitos. Cabe resaltar que o presidente tamén estaba sendo investigado e fora citado na delación da Odebrecht, na época.

2. SER UM LARANJA

Mozarildo lamenta corrupção em Roraima

Agência Senado - 19/12/2011[15]

---

[14] Tradución do fragmento: "O presidente Michel Temer, nunha entrevista para a *Rede Vida.* "Ás veces digo unha palabra calquera [e falan]: 'O presidente di que delatar é *feijão com arroz*'". **Temer di que as delacións non deben ser 'feijão com arroz'.** *O presidente tamén defendeu o beneficio do aforamento*. O presidente Michel Temer afirmou que os acordos de delación deben ser algo 'excepcional' e concordou en que as colaboracións se tornaran '*feijão com arroz*', suxerindo que actualmente son algo moi recorrente. Na entrevista en *Rede Vida,* que se emitiu este luns (15), ao preguntarlle se a delación premiada virara '*feijão com arroz*' na Xustiza, Temer asentiu e afirmou que os acordos serven para obter 'datos para investigar, non para condenar'. 'Non quero restarlle importancia. Unha empresa parece que tiña 77 delatores. A Odebrecht. Aí, para empregar a súa expresión... son feitos repetitivos... Eu non sei se isto é o mellor. Tampouco quero facer consideracións sobre iso".

[15] https://senado.jusbrasil.com.br/noticias/100684985/mozarildo-lamenta-corrupcao-em-roraima
A *grilagem de terras* é a falsificación de documentos para, ilegalmente, tomar posesión de terras desocupadas ou de terceiros, de predios ou predios indivisos; designa a venda de terras pertencentes ao poder público ou de propriedade particular mediante a falsificación de documentos de propriedade da área. O axente de tal actividade é chamado *grileiro*. https://pt.wikipedia.org/wiki/Grilagem_de_terras

Em discurso no Plenário, nesta segunda-feira (19), o senador Mozarildo Cavalcanti (PTB-RR) disse que seu estado atravessa um momento triste, diante de várias denúncias de corrupção que atingem o governador do estado, José de Anchieta Júnior (PSDB). O senador Mozarildo Cavalcante (PTB-RR), lamentou, nesta terça-feira (17), atos de corrupção atribuídos ao atual governador de Roraima, José de Anchieta Júnior. Mozarildo leu trechos de uma reportagem publicada na revista *Veja* desta semana que revela que o governador do estado é suspeito de distribuir centenas de títulos fraudulentos de terras. De acordo com a reportagem, a própria mansão que José de Anchieta possui a 30 km da capital Boa Vista seria um exemplo típico de crime de grilagem. A propriedade, segundo a revista, tem 1,1 milhão de metros quadrados e custou apenas R$ 25 mil. O recibo de compra e venda do local revela que a casa foi comprada por um rapaz de 19 anos que o Ministério Público acredita *ser um "laranja*" usado para despistar o fato de que alguém fraudou papéis para se tornar titular da terra pública.

- Para o corrupto, fica a convicção de que vale a pena ser corrupto, porque ele não é alcançado pela Justiça, e para o eleitor fica aquela sensação, portanto, de impunidade, e que não adianta ele se esforçar para escolher candidato – criticou.[16]

"Hacker" preso pode ser descartado por ser Bolsonarista

Pragmatismo político - 26/07/2019[17]

Descoberta de que um dos supostos hackers é Bolsonarista fervoroso deixa operação da PF na berlinda e há movimentos para apontá-lo como inocente. Ocorre que a própria Polícia Federal já havia divulgado a ficha corrida do rapaz

Apontado como um "hacker" perigoso, Danilo Cristiano Marques, de 33 anos, foi um dos presos pela Polícia Federal na última terça-feira (24) na Operação Spoofing. Ele é acusado de ter invadido o Telegram de figuras como Sergio Moro, Deltan Dallagnol e até do presidente Jair Bolsonaro. No entanto, uma breve pesquisa pelas redes sociais do rapaz mostra que ele é apoiador convicto do atual governo. A família de Danilo confirma a informação e classifica o jovem como um "bolsonarista fervoroso" que participou ativamente da última campanha eleitoral. A informação que Danilo Marques é um antipetista bolsonarista surge como *uma pedra no sapato* da operação da Polícia

[16] Tradución do fragmento: "**Mozarildo lamenta a corrupción en Roraima**. Nun discurso no Pleno deste luns 19, o senador Mozarildo Cavalcanti (PTB-RR) dixo que o seu estado atravesa un momento triste tras varias denuncias de corrupción que atinxen ao gobernador do seu estado, José de Anchieta Júnior (PSDB). O senador Mozarildo Cavalcanti (PTB-RR) lamentou este martes (17) os feitos de corrupción atribuídos ao actual gobernador de Roraima, José de Anchieta Júnior. Mozarildo leu anacos dunha reportaxe publicada na revista *Veja* desta semana, que revela que o gobernador do estado é sospeitoso de distribuír centos de títulos fraudulentos de terras. De acordo coa reportaxe, a propia mansión que José de Anchieta ten a 30 km da capital Boa Vista sería un exemplo típico deste acaparamento de terras ilegal. A propiedade, segundo a revista, ten 1,1 millóns de metros cadrados e só custou 25 mil reais brasileiros. O recibo de compra e venda do local revela que a casa foi comprada por un mozo de 19 anos que o Ministerio Público considera *ser un 'laranja'* usado para despistar sobre o feito de que alguén falsificou documentación para converterse en titular de terra pública. 'Para o corrupto, fica a convicción de que paga a pena ser corrupto porque a Xustiza non o alcanza, mentres que no elector queda unha sensación, por tanto, de impunidade e que non o leva a esforzarse para escoller candidato', criticou".

[17] https://www.pragmatismopolitico.com.br/2019/07/hacker-preso-pode-ser-descartado-por-ser-bolsonarista.html

Federal e já há movimentos para tentar descartá-lo. Familiares alegam que Marques não tem nenhuma ligação com os ataques hackers e foi pego por *ser um "laranja*" da dupla Walter Delgatti Neto, 30, e Gustavo Henrique Elias Santos, 28. Ele é amigo dos dois há 15 anos. Para livrar Marques, a investigação terá de fazer um enorme jogo de cena. Isto porque a própria Polícia Federal vazou anteriormente que ele, junto com Delgatti, teriam trocado em dólares e euros cerca de R$ 90 mil, nos aeroportos do Rio e de Natal, supostamente para comprar armas.[18]

Ser um laranja é unha expresión de orixe incerta. O termo "laranja" pertence á xerga utilizada entre policías para referirse a alguén que "presta" o nome para ocultar a orixe de transaccións financeiras e comerciais criminosas (principalmente, ocultación de patrimonio, crimes de evasión fiscal, lavado de diñeiro), encubrindo a identidade do verdadeiro responsable do crime ou destinatario de diñeiro ilícito, especialmente en operacións que investigan eses crimes e corrupción. Cando o "laranxa" ten consciencia de que está sendo utilizado para a práctica, é remunerado pola prestación do servizo. Hai outros casos máis comúns con persoas que teñen pouca formación ou baixo poder adquisitivo, nos que o "laranja" ten o nome utilizado indebidamente sen que sexa consciente do delito. Algúns asocian a expresión á "testa de ferro". Nos dous textos de onde foi extraída a expresión, amósanse as fraudes realizadas por persoas ligadas aos políticos (como o *hacker* bolsonarista) ou os propios políticos son os protagonistas (como José de Anchieta Júnior, gobernador de estado). Nos dous textos dáse a entender que ambos son conscientes do crime que cometen como *laranjas.*

3. COLOCAR A BOCA NO TROMBONE

Em 2016, doleiro ameaçou 'colocar a boca no trombone'

O Antagonista - 03/05/2018 [19]

Dario Messer, um dos doleiros alvos da Operação Câmbio, Desligo, disse em 2016 a um repórter de *O Globo* que tinha sido "*boi de piranha*" de políticos que o enredaram no mensalão. O jornal resgatou a conversa, travada com o repórter por um aplicativo

[18] Tradución do fragmento: "**O 'hacker' detido pode ser liberado por ser bolsonarista.** *A revelación de que un dos supostos* hackers *é un fervoroso bolsonarista sitúa a operación da PF no punto de mira e xa hai movementos para que sexa considerado inocente. A propia Policía Federal xa divulgara os antecedentes do mozo.* Considerado un 'hacker' perigoso, Danilo Cristiano Marques, de 33 anos, foi un dos detidos pola Policía Federal o pasado martes 24 durante a Operación Spoofing. Está acusado de invadir o Telegram de figuras como Sergio Moro, Deltan Dallagnol e mesmo o presidente Jair Bolsonaro. No entanto, unha breve investigación das redes sociais do mozo mostra que é un seguidor convencido do actual goberno. A familia de Danilo confirma a información e cualifica ao rapaz de 'bolsonarista fervoroso' que participou activamente na última campaña electoral. A información de que Danilo Marques é un antipetista ['que rexeita o Partido dos Trabalhadores'] bolsonarista converteuse *numa pedra no sapato* ['nunha pedra no zapato'] na operación da Policía Federal e xa hai movementos para intentar liberalo. Algúns familiares alegan que Marques non ten relación ningunha cos ataques *hackers* e que lle pagaron para *ser un 'laranja'* de Walter Delgatti Neto (30) e Gustavo Henrique Elias Santos (28), dos que é amigo dende hai 15 anos. Para deixar libre a Marques, a investigación tería que dar un xiro de 180 graos. Isto débese a que a propia Policía Federal xa avanzara que el, xunto con Delgatti, terían trocado en dólares e euros preto de 90 mil reais nos aeroportos de Río e de Natal, supostamente para mercar armas".

[19] https://www.oantagonista.com/brasil/em-2016-doleiro-ameacou-colocar-boca-no-trombone/

de troca de mensagens, em que Messer prometia "*colocar a boca no trombone*" contra seus algozes. "Estou assistindo de camarote esses políticos se ferrarem, entre eles alguns políticos que mandaram o Toninho da Barcelona mentir e outros que tentaram me achacar. A minha vida inteira fiquei quieto sem reagir, não sei se foi bom ou ruim, mas agora falta pouco para a sentença. Aí vou *colocar a boca no trombone*!", disse o doleiro.[20]

Colocar a boca no trombone. Expresión idiomática cuxa probable orixe está no feito de que o trombón é un instrumento cun son bastante potente e con grande alcance. Por ese motivo, explícase que *colocar/pôr/botar a boca no trombone* é espallar unha información a moitas persoas. A expresión gañou "o mundo", "caiu na boca do povo" (metaforicamente falando) cun novo significado, idiomático, cando unha persoa quere reclamar e esixir os seus dereitos. Tamén significa revelar un segredo, denunciar algunha fraude que tal vez outros non teñan a coraxe de acusar. No texto, a expresión é utilizada por un "doleiro"[21] que ameaza con delatar políticos de alto nivel para os cales prestou os seus servizos. Xeralmente, durante as Operacións da LAVA JATO da Policía Federal, algúns dos albos decidiron optar pola delacións premiadas para minimizar os anos de condena. A expresión pode aparecer cos verbos *pôr/botar/colocar.*

4. BOI DE PIRANHA

Expresión composta por dous substantivos que tamén aparece no texto anterior, polo que aproveitamos para analizala dentro dese contexto. Contan que o *boi de piraña* é o bovino vello ou enfermo que o gandeiro escolle para atravesar o río para saber se hai ou non pirañas. O pobre animal é devorado vivo, sacrificado para que os outros animais sobrevivan. Hai unha especie de analoxía desa situación co significado idiomático que a converteu popular; refírese a algo de pouco valor que pode ser sacrificado para que outros poidan sobrevivir; así, é aquela persoa que se somete ou é sometido a un sacrificio para librar a outra persoa dunha dificultade ou culpa. No texto, a expresión aparece na fala do *doleiro* que reclama que fora usado por políticos como fachada, prestándolles os seus servizos, considerados ilícitos, e ameza con delatar o caso se é preso ou condenado na LAVA JATO. A expresión utilízase co verbo ser.

---

[20] Tradución do fragmento: "**En 2016, un doleiro ameazou con 'colocar a boca no trombone'** [literalmente, 'poñer a boca no trombón'; en galego, 'tirar da manta']**.** Dario Messer, un dos *doleiros* branco da Operación Cambio, Desligo, díxolle en 2016 a un reporteiro de *O Globo* que fora *boi de piranha* de políticos que o enredaran nos sobresoldos. O xornal recuperou a conversa, mantida co reporteiro a través dunha aplicación de mensaxería, na que Messer prometía 'colocar a boca no trombone' contra os seus verdugos. 'Estou vendo ao que se aferran eses políticos, entre os que están algúns que mandaron mentir a Toninho da Barcelona e outros que tentaron imputarme. Durante toda a miña vida estiven calado, sen opoñerme; non sei se foi bo ou malo, pero agora falta pouco para a sentenza. E aí vou *colocar a boca no trombone!',* dixo o doleiro".

[21] Individuo que actúa ás marxes da lei e do sistema financeiro; aquel que compra e vende dólares no mercado negro. A quen se caracteriza como "doleiro", a Policía Federal inclúeo nos crimes de lavado de diñeiro e evasión de divisas. Desa forma, enténdese que o "doleiro" é quen converte moedas dun país sen autorización ou alén dos límites permitidos polas leis vixentes.

5. RODAR A BAIANA

Folha de Valinhos - 31/03/2020[22]

Jair Fini

"...mas é ciúme, ciúme de você…"

No ano de 1968, Roberto Carlos fazia muito sucesso cantando "ciúme de você", composta por Luiz Ayrão, a música tocava a todo instante ficando muito tempo nas paradas. Dizem os especialistas que o ciúme é bem pior do que o corona vírus, pois quase todo mundo já sofreu com ele, não importa o lugar, condição social, sexo ou idade. No réveillon de 2016 a cantora Ivete Sangalo foi acometida de um surto de ciúmes quando apresentava show na cidade de Guarajuba na Bahia. Ela viu de cima do palco o seu marido, o nutricionista Daniel Cady tagarelando com uma moça no canto do palco, no lado da plateia; Ivete olhou uma vez viu os dois rindo e não gostou, olhou a segunda vez e como o papo corria à solta com sorrisos de ambos, Ivete parou de cantar de repente e no meio da música soltou o desabafo ciumento: "Quem é essa papai? *está cheia de assunto* hein! Vou lhe *dar uma porrada*". É parece que a cantora de Juazeiro tentou *rodar à baiana*.[23]

Rodar a baiana. Expresión idiomática, que aínda que pareza que ten orixe na Bahía, xurdiu verdadeiramente en Río de Xaneiro, rexión que era palco de famosos desfiles dos *blocos* de Carnaval, onde as *baianas* eran a principal atracción, sempre rodando as súas saias coloridas. Segundo di a tradición, no medio dos desfiles de *blocos*, algúns rapaces beliscaban ás mulleres vestidas de *baiana* e, para acabar co problema, homes capoeiristas vestíronse de *baiana* e, ao primeiro sinal de falta de respecto, usaban os seus coñecementos de capoeira para golpear aos agresores. Como a lingua é algo vivo que muda en todo momento, que se transforma segundo a necesidade, a expresión adquiriu un significado metafórico: "persoa atrevida ou insolente, que arma escándalos e que pide explicacións de forma, xeralmente, escandalosa". No texto, o xornalista conta que á cantora Ivete Sangalo, unha das máis famosas no Brasil e na Bahía (a súa terra natal), durante o *show* de fin de ano de 2016, non lle gustou a conversa que o seu marido estaba tendo cunha fan e ameazou á moza verbalmente, avisándoa de que lle ía *dar porrada* (agresión corporal) e *vai rodar a baiana,* o que significa que vai ter loita, confusión, por conta do ciume da cantora, que incluso esquece que está no medio dun show e diante dunha multitude de fans.

---

[22] https://www.folhadevalinhos.com.br/perfil/jair-fini-7

[23] Tradución do fragmento: "**Jair Fini.** '...pero teño celos, celos de ti...'. No ano 1968, Roberto Carlos tivo moito éxito coa canción 'Ciúme de você' ('Celos de ti'), composta por Luiz Ayrão; a música soaba constantemente e mantívose durante moito tempo nas listas. Din os especialistas que os celos son peores que o coronavirus, pois case todo o mundo sufriu con eles, sen importar o lugar, a condición social, o sexo ou a idade. Na festa de fin de ano de 2016, a cantante Ivete Sangalo sufriu un ataque de celos cando presentaba o espectáculo na cidade de Guarajuba, na Baía. Sobre o escenario, viu ao seu marido, o nutricionista Daniel Cady, leriando cunha moza nun recanto do escenario, no lado do patio de butacas; Ivete viunos a primeira vez rindo e non lle gustou; ao mirar por segunda vez e, como a conversa discorría entre sorrisos dos dous, Ivete deixou de cantar de súpeto e, no medio da música, estalou nun ataque de celos: 'Quen é esa? *Está cheia de assunto,* eh? Voulle dar *uma porrada*'. E parece que a cantante de Juazeiro tentou *rodar à baiana*".

6. TER CAROÇO NESSE ANGU

BOCA MALDITA - 03/07/2019[24] [25]

"Tem caroço nesse angu", diz Romanelli sobre acordo de leniência com o pedágio

O deputado Romanelli (PSB) voltou a criticar nesta quarta-feira, 2, o acordo de leniência feito com a Rodonorte e considera "muito estranho" a prorrogação do prazo, sustentada pelo MPF (Ministério Público Federal), para a definição da lista de obras que deverão ser executadas pela concessionária. "*Tem angu nesse caroço* já que o DER já listou as obras e agora o MPF posterga seu endosso na lista. E ainda tem questões relativas aos seguros das obras, tem até seguro para o acordo de leniência", disse.

Segundo Romanelli, o acordo é lesivo e contrário ao interesse público. "Não houve qualquer discussão prévia, qualquer participação da sociedade. Nem o DER, Ministério Público Estadual ou a Procuradoria Geral do Estado foram chamados a participar. O acordo deveria obrigar a concessionária a realizar as obras que ela não fez. Mas não obriga, não contempla a duplicação da BR-376, a Rodovia do Café, entre Ponta Grossa e Apucarana e deixa de fora também a duplicação entre Piraí e Jaguariaíva".

Prazo – "Todos sabemos que o pedágio é superfaturado e que a tarifa do Paraná é uma tarifa injusta. O acordo de leniência deveria prever que a Econorte realize todas as obras previstas no contrato original e que devolva aos cofres públicos os valores que cobrou indevidamente. A dívida que a Rodonorte tem com o Estado é muito maior que os valores propostos no acordo e beira a R$ 2,5 bilhões", completa o deputado.[26]

Ter caroço nesse angu. A expresión idiomática significa que alguén está escondendo algunha cousa. Denota algo difícil, complicado, sen solución, ou unha situación opriminte. O *Dicionário Aurélio* rexistra tamén o seu uso como sinónimo de intriga, rexoube. O "angu", feito de fariña de millo ou fariña de mandioca, era a alimentación dos escravos no Brasil. Moitas veces, a escrava cociñeira escondía un anaco de carne ou algúns torresmos debaixo do *angu* servido ao seu protexido. A expresión comezou a ser usada cando se

---

[24] https://www.bocamaldita.com/tem-angu-nesse-caroco-diz-romanelli-sobre-acordo-de-leniencia-com-o-pedagio/

[25] https://ensinarhistoriajoelza.com.br/stj/wp-content/uploads/2017/11/tem-caro%C3%A7o-nesse-angu.png

[26] Tradución do fragmento: "**'Tem caroço nesse angu', di Romanelli sobre o *acordo de leniência* coa peaxe**. O deputado Romanelli (PSB) volveu criticar este mércores 2 o *acordo de leniência* ('acordo de indulxencia') feito con Rodonorte e considera 'moi sospeitosa' a prórroga do prazo, sustentada polo MPF (Ministério Público Federal), para a definición da listaxe de obras que deberán ser executadas pola concesionaria. '*Tem angu nesse caroço*, xa que o DER xa listou as obras e agora o MPF posterga a súa aprobación da listaxe. E aínda hai cuestións relativas aos seguros das obras, ten ata seguro para o *acordo de leniência*', dixo. Segundo Romanelli, o acordo é lesivo e contrario ao interese público. 'Non houbo discusión previa nin participación da sociedade. Nin o DER, o Ministério Público Estadual ou a Procuradoria Geral do Estado foron chamados a participar. O acordo debería obrigar á concesionaria a realizar as obras que non está a facer. Pero non obriga, non contempla o desdobramento da BR-376, a Rodovia do Café, entre Ponta Grossa e Apuracana e deixa fóra tamén o desdobramento entre Piraí e Jaguariaíva'. Prazo - 'Todos sabemos que a peaxe ten unha sobrefacturación e que a tarifa do Paraná é unha tarifa inxusta. O *acordo de leniência* debería prever que a Econorte realice todas as obras previstas no contrato orixinal e que devolva ás arcas públicas os valores que cobrou indebidamente. A débeda que Rodonorte ten co Estado é moito maior que os valores propostos no acordo e sitúase ao redor dos 2,5 mil millóns de reais', engade o deputado".

sospeitaba que o escravo escondía algo do señor. No texto, o deputado critica o "acordo de leniência" feito coa empresa RODONORTE (a prórroga de prazo sustentada polo Ministério Público Federal para a definición da lista de obras que deberán ser executadas pola concesionaria), pois non houbo ningunha discusión previa e non entende que se inclúa ata un seguro para o *acordo de leniência*. Demostra que hai unha superfacturación na peaxe, e outras supostas fraudes que fan que teña a desconfianza de que por detrás dese acordo haxa algunha acción ilícita, e que polo tanto precisan ser *colocadas as cartas na mesa* e descubrir se *tem caroço nesse angu* o que en español corresponde á expresión *haber gato encerrado.*

7. BANANEIRA QUE JÁ DEU CACHO

Política Livre - 13 de fevereiro de 2018[27]

Ciclo do PT é "bananeira que já deu cacho", diz Jutahy sobre eleições

Presente no Camarote do Prefeito, localizado no circuito Osmar (Campo Grande), no último dia de Carnaval de Salvador, o deputado federal Jutahy Magalhães Jr (PSDB), que postula uma vaga ao Senado nas eleições de outubro, disse acreditar na candidatura do prefeito Antonio Carlos Magalhães Neto (DEM) ao Governo do Estado. "Eu acredito, pois existe um sentimento muito forte na Bahia que deseja renovação, competência administrativa, e ele representa isso. Inclusive porque é um ciclo e o ciclo do PT *é bananeira que já deu cacho***.** Desejo de forma muito legítima, como pretendo participar na chapa na vaga ao Senado", afirmou em conversa com o Política Livre.[28]

BANANEIRA QUE JÁ DEU CACHO

Milton Neves. 13/01/2017 [29]

Bananeira que já deu cacho ainda pode alimentar clubes brasileiros!...

Você sabe o motivo de a bananeira ser cortada após a colheita do fruto? Isso acontece porque, pouco tempo depois de dar cacho, a planta seca e morre. E, se ela não for retirada, acaba atrapalhando o desenvolvimento das novas mudas. Por isso, surgiu por aí uma expressão que muito provavelmente você já tenha escutado. "Ah, fulano é *bananeira que já deu cacho*…". Ou seja, ele não tem mais o que acrescentar em determinado assunto. E eu gosto muito de empregar esta expressão em assuntos futebolísticos. Por exemplo,

---

[27] https://politicalivre.com.br/2018/02/ciclo-do-pt-e-bananeira-que-nunca-deu-cacho-diz-jutahy-sobre-eleicoes/

[28] Tradución do fragmento: "**Ciclo do PT e 'bananeira que já deu cacho', di Jutahy sobre as eleccións**. Presente no palco do alcalde, localizado no circuíto Osmar (Campo Grande), no último día de Carnaval de Salvador, o deputado federal Jutahy Magalhães Jr. (PSDB), que se presenta ao Senado nas eleccións de outubro, dixo ter confianza na candidatura do alcalde Antonio Carlos Magalhães Neto (DEM) ao Goberno do Estado. 'Eu teño confianza, pois hai un sentimento moi forte na Baía de desexo de renovación, competencia administrativa, e el representa todo iso. Incluso porque é un ciclo e o ciclo do PT é *bananeira que já deu cacho.* Deséxoo de forma lexítima ao igual que pretendo formar parte da listaxe electoral ao Senado', afirmou nunha conversa con *Política Livre*".

[29] https://blogmiltonneves.uol.com.br/blog/2017/01/13/bananeira-que-ja-deu-cacho-ainda-pode-alimentar-clubes-brasileiros/

costumo dizer que quando um jogador não consegue mais lugar em clubes europeus e decide vir jogar no Brasil, é porque ele é *bananeira que já deu cacho*.[30]

Bananeira que já deu cacho é unha expresión que tamén se utiliza en Portugal. Nela faise unha analoxía coa planta, a bananeira, que despois da colleita do froito, é cortada. Se non é cortada, a bananeira seca despois de sacar o acio, ou sexa, esa matriz non dará máis froitos. Así, o significado idiomático é "algo ou alguén que está en decadencia, perdeu a vitalidade; xa deu o que tiña que dar". Escollemos dous textos onde aparece a expresión: o primeiro está relacionado coa política e o segundo refírese ao eido do fútbol. No primeiro texto, o entón candidato ao senado Jutahy Magalhães Jr., do Partido da Social Democracia Brasileira, en ton de crítica á xestión do gobernador do Estado da Bahía, Rui Costa, do Partido dos Trabalhadores, di que o PT xa deu o que tiña que dar e que cría que o candidato do Partido dos Democratas, Antonio Carlos Magalhães Neto, prefecto da Bahía, gañaría a elección de 2018 para gobernador do Estado, o que realmente non aconteceu. Como candidato da oposición, Jutahy Magalhães utiliza a frase *bananeira que já deu cacho* de forma despectiva e irónica para referirse ao PT. No segundo texto, Milton Neves, comentarista de fútbol, fala sobre xogadores brasileiros que son contratados por clubs europeos e, cando non conseguen máis lugar neses clubs, volven para continuar a súa carreira no Brasil. Para Milton, eses xogadores están practicamente en decadencia; por iso, o comentarista considera que son *bananeira que já deu cacho.* Quizais Milton esté a facer unha crítica aos xogadores co obxectivo de que xoguen máis en clubs brasileiros e representen ao seu país.

8. TER UM PÉ NA SENZALA

Política Real - 21/11/2019[31]

COMENTÁRIO DO DIA: **Pé na senzala, pé na oca**!

Fernando Henrique Cardoso, o ex-presidente do Brasil que era sociólogo, sem dizer que lembrava Gilberto Freire, o homem de "Casa Grande...", já dizia que todo brasileiro tem um *pé na senzala*.[32]

Ter um pé na senzala/ter um pé na cozinha. É unha expresión prexuizosa, unha forma racista de falar dunha persoa de orixe negra, infeliz recordatorio do período da escravitude no que o único lugar permitido ás mulleres negras era a cociña da casa grande. As

[30] Tradución do fragmento: "*Bananeira que já deu cacho* aínda pode alimentar clubes brasileiros!... Vostede sabe por que se corta a bananeira despois da colleita do froito? Faise porque, pouco tempo despois de *dar cacho* ('dar froito'), a planta seca e morre. E, se non se retira, acaba impendindo o desenvolvemento das novas mudas. Por iso, xurdiu por aí unha expresión que é moi probable que vostede xa escoitase algunha vez. 'Ah, fulano é *bananeira que já deu cacho*...". Ou sexa, el non ten nada máis que achegar en determinado asunto. E a min gústame moito empregar esta expresión en asuntos futbolísticos. Por exemplo, adoito dicir que, cando un xogador xa non ten lugar en clubes europeos e decide vir xogar ao Brasil, é porque é *bananeira que já deu cacho*".

[31] https://politicareal.com.br/noticias/nordestinas/581036/comentario-do-dia-pe-na-senzala-pe-na-oca

[32] Tradución do fragmento: "COMENTARIO DO DÍA: ***Pé na senzala, pé na oca!*** Fernando Henrique Cardoso, o expresidente do Brasil que era sociólogo, sen dicir que lembraba a Gilberto Freire, o home de 'Casa Grande...', xa dicía que todo brasileiro ten un *pé na senzala*".

senzalas eran grandes aloxamentos que se destinaban á estadía de escravos nas facendas do Brasil. No texto, o expresidente do Brasil, Fernando Henrique Cardoso, utiliza esta expresión para facer alusión ao feito de que o pobo brasileiro é multirracial e ten unha forte influencia africana nas súas raíces. No artigo titulado "Racismo disfarçado", de Juliana Mittelbach e publicado o 4 de xaneiro de 2016[33], a autora expresa:

> ***"Nasceu com um pé na cozinha", "Tem um pé na senzala"*** *– Os negros não eram escravos. Eles foram escravizados. Associar a senzala ou a cozinha a sua origem é de uma crueldade insana. A presença das negras na cozinha era permitida nas casas grandes para execução das tarefas domésticas e para facilitar o assédio e estupro por parte dos senhores. Retire essa expressão do seu vocabulário com urgência!* [34]

Estamos totalmente de acordo coa autora e reafirmamos que a expresión é, alén de racista, prexuizosa e pexorativa.

5.1. Conclusión da análise

Foron compiladas 64 expresións. Os datos obtidos como resultado da pescuda amosan que hai unha cantidade considerable de expresións nas que se utiliza a metáfora animal: bicho, serpe, boi, macaco, caranguexo, elefante, vaca, cobra, cabra, zorra, mono, paxariño, cebra, cabra, piraña, guacamaio e lagarto. Os alimentos tamén están presentes nestas expresións, especialmente as froitas: pitanga, laranxa, ananás, xaca (ou "panapén"), maracuxá, pepino, pizza, *feijão* ("feixón") e arroz. Tamén atopamos partes do corpo: brazo, man, boca, lingua, dentes, instrumento musical, trombón etc.

A expresión *chorar as pitangas* atopa o seu correspondente na expresión portuguesa *chorar lágrimas de sangre.* A expresión *bananeira que já deu cacho* emprégase tamén en Portugal. Algunhas expresións utilizan máis dun verbo sen que o significado se vexa afectado, como, por exemplo: ***botar/colocar/pôr*** *a boca no trombone;* ***ter/haver*** *boi na linha;* ***dar/levar/sofrer*** *calote;* ***ficar/virar*** *uma arara;* ***botar/colocar/enfiar*** *o pé na jaca.* A expresión *barra pesada*, dependendo do contexto no que é utilizada, pode tamén interpretarse como individuo deshonesto, groseiro e violento ou para calificar algo de perigoso, difícil ou opriminte. Tamén é común para referirse a que determinada situación ou persoa transmite confianza, respecto e competencia. No caso de *abalou Bangu*, aínda que xa teña máis de medio século, é usada actualmente. O que motivou o nacemento da expresión foi un feito que asustou bastante á poboación na época: en agosto de 1958, houbo unha grande explosión nun navío das forzas armadas no barrio de Deodoro, en Río de Xaneiro, o maior complexo de América Latina nesa época (formado por dez naves e sesenta depósitos de armamento bélico). Como o estrondo foi moi grande, algo

[33] https://julianamittelbach.wordpress.com/2016/01/04/racismo-disfarcado/

[34] Tradución da cita: "Nasceu com um pé na cozinha" (en galego, *naceu cun pé na cociña*), "Ten un pé na senzala" (é dicir, *ten un pé na senzala*) – Os negros non eran escravos. Foron escravizados. Asociar a *senzala* ou a cociña á súa orixe é dunha crueldade insá. A presenza das negras na cociña estaba permitida nas casas grandes para a execución das tarefas domésticas e para facilitar o asedio e estupro por parte dos señores. Retire esa expresión do seu vocabulario con urxencia!".

de moito impacto, fixo que os habitantes de Bangu e barrios adxacentes, moi asustados, abandonaran correndo as súas casas, sen saber ao certo o que estaba acontecendo. As persoas dicían que *"abalou de Deodoro até Bangu"*. Co tempo, o *"abalou até Bangu"* converteuse en *"abalou Bangu"*. A pesares de vir dunha situación ben tensa, a expresión, segundo usuarios da mesma, quere dicir que alguen fixo algo bonito, arrasou, "mandou bem". No caso das expresións *ter caroço nesse angu* e *ter um pé na senzala,* estas teñen que ver coa época da escravitude.

A análise das expresións corrobora a afirmación de González Rey (2007: 117) onde expresa que estas expresións estereotipadas transmiten representacións mentais moi asentadas na comunidade lingüística onde foron creadas e que, en ocasións, contribúen a perpetuar ideas, independentemente da súa veracidade.

Ortiz Alvarez (2007: 160), ao igual que González Rey (2007), suxire que as unidades fraseolóxicas deben ser incluídas nas aulas de lingua, pois "propiciar o contato do aprendiz da língua-alvo com as expressões idiomáticas ampliaria as suas capacidades de análise e de produção de textos em situações de comunicação interativa onde elas são utilizadas"[35]. Navarro (2004: 3) tamén comparte tal opinión e recomenda que "[...] é possível e necessário ensinar um vocabulário que inclua estas combinações, de modo gradual, desde o nível inicial, adotando como critérios fundamentais a frequência de uso, a estrutura sintática e as capacidades semânticas e pragmáticas"[36].

6. Consideracións finais

Sen dúbida, as expresións idiomáticas reflicten as características culturais dunha comunidade lingüística e están construídas nas prácticas e experiencias desenvolvidas polos seus membros, amosando a súa identidade. Esas construcións evocan realidades construídas cognitivamente e constitúen unha unidade codificada e convencional sempre preparada para servir á intencionalidade do locutor en calquera contexto/situación comunicacional. O que leva ao individuo a usar expresións idiomáticas é o desexo de engadirlle á mensaxe algo que a linguaxe convencional non podería cumprir. As metáforas que a compoñen son a guía invisible que as enriquece ao darlles forza e sutileza, que enfatiza a intensidade dos sentimentos e que pode aínda atenuar o impacto dunha declaración austera, con humor ou ironía.

As expresións idiomáticas están presentes na fala diaria, nos xornais, na radio, na TV, en discursos políticos, campañas electorais, letras de cancións, na literatura, na internet, etc. O seu uso non se restrinxe a un aspecto específico da nosa vida, nin a un determinado grupo social: son unha parte importante da comunicación informal, escrita e falada, mais tamén son usadas no discurso e correspondencia formais. Coñecer e recoñecer o

[35] Tradución da cita: "propiciar o contacto do aprendiz da lingua meta coas expresións idiomáticas ampliaría as súas capacidades de análise e de producción de textos en situación de comunicación interactiva onde estas se empregan".

[36] Tradución da cita: "[…] é posible e necesario ensinar un vocabulario que inclúa estas combinacións de modo gradual, dende o nivel inicial, adoptando como criterios fundamentais a frecuencia de uso, a estrutura sintáctica e as capacidades semánticas e pragmáticas".

seu significado constitúe unha forma de aliviar e reducir os malentendidos culturais e sociais. Polo tanto, será preciso traballar as expresións idiomáticas de forma explícita na aula de lingua de maneira que se desenvolva a competencia metafórica, a competencia fraseolóxica e a competencia comunicativa.

7. Referencias bibliográficas

ANDRADE, Karylleila dos S. e BASTIANI, Carla (2012): "Viajantes naturalistas do século XIX na região da Província de Goiás: levantamento de topônimos indígenas", en *ANTARES* 8 (4), 2012, 169-184.

BARBOSA, Maria Aparecida (1996): *Léxico, produção e criatividade: processos do neologismo*. San Paulo: Plêiade.

BIDERMAN, Maria Tereza Camargo (2001): *Teoria linguística: teoria lexical e linguística computacional*. San Paulo: Martins Fontes.

(1999): "Conceito linguístico de palabra", en BASÍLIO, Margarida (org.): *Palabra*. 1ª ed. Río de Xaneiro: Grypho, 81-97.

BRONCKART, Jean-Paul (1985): *Le fonctionnement des discours: un modèle psychologique et une méthode d'analyse*. Lausanne: Delachaux & Niestlé.

CARVALHO, Nelly (2009): *Empréstimos linguísticos na língua portuguesa*. San Paulo: Cortez.

CHARTERIS-BLACK, Jonathan (2004): *Corpus approaches to critical metaphor analysis*. Nova Iorque: Palgrave Macmillan.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

DUARTE, Maria Susana de Almeida (2006): *As expressões idiomáticas na língua e no discurso: um olhar sobre as crônicas de Miguel Esteves Cardoso. Dissertação de mestrado*. Porto: Universidade do Porto.

EAGLETON, Terry (2005): *A ideia de cultura. Tradução de Sandra Castello Branco*. San Paulo: UNESP.

FONTES FILHO, Aristides (2006): *O dito pelo não dito: Dicionário de expressões idiomáticas*. San Paulo: Libra Três.

FLORES d' ARCAIS, Giovanni (1993): "The comprehension and semantic interpretation of idioms", en CACCIARI, Cristina e TABOSSI, Patrizia (eds.) (1993): *Idioms: Processing, structure, and interpretation*. Hillsdale, NJ: Erlbaum, 79-98.

GONZALEZ REY, Maria Isabel (2007): *La didactique du français idiomatique*. Fernelmont: E.M.E.

GURILLO, Leonor (1998): *La fraseología del español coloquial*. Barcelona: Ariel.

HALL, Stuart (2006): *A identidade cultural na pós-modernidade*. 11.ª ed. Río de Xaneiro: DP&A.

JORGE, Guilhermina (2001): "Algumas reflexões em torno das expressões idiomáticas enquanto elementos que participam na construção de uma identidade cultural", en *Polifonia* 4. Lisboa: Ed. Colibri, 215-222.

KÖVECSES, Zoltán (2002): *Metaphor A Practical Introduction*. Oxford: Oxford University Press.

(2010): *Metaphor: a practical introduction*. 2.ª ed. Nova Iorque: Oxford University Press.

KRAMSCH, Claire (1993): *Context and culture in language teaching*. Oxford: Oxford University Press.

(1998): *Language and culture*. Oxford: Oxford University Press.

LAKOFF, George e JOHNSON, Mark (1980): *Metaphors we live by*. Cambridge: Cambridge University Press.

(2002): *Metáforas da vida cotidiana*. San Paulo: Educ. Campinas - Mercado de Letras.

LAKOFF, George e TURNER, Mark (1989): *More than cool reason: a field guide to poetic metaphor*. Chicago: Chicago University Press.

MENDES, Edleise (2002): "Aprender a língua, aprendendo a cultura: uma proposta para o ensino de Português língua estrangeira", en CUNHA, Maria Jandyra e SANTOS, Percília (org.): *Tópicos em Português língua estrangeira*. Brasilia: EDUNB, 185-202.

MONROY CASAS, Rafael e HERÁNDEZ CAMPOY, Juan Manuel (1995): "A sociolinguistic approach to the study of idioms: some anthropolinguistic sketches", en *Cuadernos de Filología Inglesa* 4 Murcia, 43-61.

NAVARRO, Carmen (2004): *Didáctica de las unidades fraseológicas. Cultura e intercultura en la enseñanza de español como lengua extranjera*. Universidad de Barcelona. Dispoñible en: http://www.ub.edu/filhis/culturele/cnavarro.html/. Acceso: 14 xuño 2018.

ORTIZ ALVAREZ, Maria Luisa (2012): *Tendências atuais na pesquisa descritiva e aplicada em Fraseologia e Paremiologia*. Campinas: Pontes Editores.

(2007): "As expressões idiomáticas nas aulas de ELE: um bicho de sete cabeças?", en GONZÁLEZ REY, Maria Isabel (org.): *Les expressions figées en didactique des langues étrangères*. Fernelmont: EME, 159-179.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (1999): *La enseñanza de las unidades fraseológicas*. Madrid: Arco/Libros.

(2002): *Diccionario de locuciones verbales del español*. Madrid: Arco/Libros.

(2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.

(2008): *Diccionario de locuciones nominales adjetivas y pronominales para la enseñanza del español*. Madrid: Arco/Libros.

PERINI, Mario (2010): *Gramática do Português Brasileiro*. San Paulo: Parábola Editorial.

RUIZ GURILLO, Leonor (1998): *La fraseología del español coloquial*. Barcelona: Ariel.

SÁ, Edmilson José de (2011): "O léxico na região Nordeste: questões diatópicas", en *ReVEL*, 17 (9), 244-261.

SECO, Manuel; ANDRÉS, Olímpia e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual: locuciones y modismos españoles*. Madrid: Santillana.

SILVA, Tomaz Tadeu da (2000): *Identidade e Diferença: a perspectiva dos estudos culturais*. Petrópolis: Vozes.

SCHRÖDER, Ulrike Agathe (2008): "Da teoria cognitiva a uma teoria mais dinâmica, cultural e sociocognitiva da metáfora", en *Alfa*, 52 (1), 39-56.

TAGNIN, Stella E. O. (2013): *O jeito que a gente diz: combinações consagradas em inglês e português*. Barueri; San Paulo: DISAL.

TRISTÁ PÉREZ, Antonia María e CÁRDENAS MOLINA, Gisela (2016): *Diccionario ejemplificado del Español de Cuba*, Tomo II. La Habana: Editorial de Ciencias Sociales.

URBANO, Hudinilson (2018): *Dicionário brasileiro de expressões idiomáticas e ditos populares: desatando nós*. San Paulo: Editora Cortez.

WOODWARD, Kathryn (2009): "Identidade e diferença: uma introdução teórica e conceitual", en SILVA, Tomaz Tadeu da (org.): *Identidade e diferença: a perspectiva dos Estudos Culturais*. Petrópolis: Vozes, 7-72.

XATARA, Claudia Maria e SECO, Mariele (2014): "Culturemas em contraste: idiomatismos do português brasileiro e europeu", en *Domínios de Linguagem*. *Uberlândia*, 8 (1) xan./xuñ., 502-519.

A Lingüística de *Corpus* e as súas aplicacións na Fraseoloxía – un panorama de pescudas desenvolvidas na Universidade de São Paulo[1]

Corpus Linguistics and its Applications in Phraseology: An Overview of Research Developed at Universidade de Sao Paulo

Stella E. O. Tagnin
Universidade de São Paulo
https://orcid.org/0000-0002-5517-2710
seotagni@usp.br

Resumo: Este artigo, como xa esclarece o seu título, pretende presentar un panorama das pescudas que engloban a Lingüística de *Corpus* desenvolvidas na Universidade de São Paulo, baixo a miña orientación. Logo dunha breve introdución sobre esa metodoloxía, analizo os traballos realizados nas áreas de Ensino e Aprendizaxe, e Tradución, incluíndo aí a terminoloxía bilingüe, a tradución literaria e a tradución audiovisual. Na maioría delas o foco é a fraseoloxía, xa sexa para a confección de glosarios ou para o ensino de colocacións. Tamén se presenta o Proxecto CoMET, composto por tres *corpus*: o CorTec (*Corpus* Técnico), o CorTrad (*Corpus* de Traducións) e o CoMAprend (*Corpus* de Aprendices). O artigo conclúe con comentarios sobre outras aplicacións da Lingüística de *Corpus*.

Palabras clave: Lingüística de *Corpus*, Fraseoloxía, Terminoloxía, Tradución, Ensino e Aprendizaxe.

Abstract: This article, as the title already makes it clear, aims to present an overview of research involving Corpus Linguistics, developed at the University of São Paulo under my supervision. Following a brief introduction to this methodology, I discuss the research carried out in the fields of Translation, including bilingual terminology, literary translation and audiovisual translation, and Teaching and Learning. In most of these areas the focus is on phraseology, either for the building of glossaries or for the teaching of collocations. We also introduce the CoMET Project, composed of three corpora: CorTec (Technical Corpus), CorTrad (Corpus os Translations) and CoMAprend (Learner Corpus). The article concluces with comments on further applications of Corpus Linguistics.

Keywords: Corpus Linguistics, Phraseology, Terminology, Translation, Teaching and Learning.

---

[1] Data de recepción: 19.11.19. Data de aceptación: 03.03.20.
Tradución feita por Raquel Sánchez González.

1. Introdución

Nunca tiven o privilexio de ser alumna da profesora Maria Aparecida Barbosa, pero os nosos camiños cruzáronse constantemente por traballarmos en áreas afins. Varios dos meus alumnos pasaron polas mans desa gran mestra, traendo unha rica bagaxe nas áreas de Lexicografía e de Terminoloxía. Cando chegaron onda min, iniciáronse na Lingüística de *Corpus*, área á que me dedico desde 1999, cando asistimos ao primeiro curso desa disciplina coordinado polo profesor Göran Kjellmer, da Universidade de Gotemburgo.

2. A Lingüística de *Corpus*

A Lingüística de *Corpus* (LC) é un enfoque metodolóxico que analiza grandes cantidades de textos mediante ferramentas informáticas (Mc Enery, Xiao e Tono, 2006; McEnery e Hardie, 2011) Para iso, os textos deben estar en formato electrónico; ao seu conxunto denominarémoslle *corpus*. A compilación dos textos débese facer seguindo un criterio, atendendo o obxectivo da pescuda. Hai dous tipos principais de *corpus*: *corpus* monolingües e *corpus* bilingües (ou multilingües), que a súa vez poden ser comparables ou paralelos. Os bilingües comparables comprenden *corpus* con textos orixinais en ambas linguas; os bilingües paralelos compóñense por textos orixinais e as súas respectivas traducións. Metodoloxicamente, a análise comeza cunha Lista de Palabras completa do *corpus* en estudo por un *software* de análise lexical; entre as máis usadas están o WordSmith Tools (Scott, 2006) e o AntConc (Anthony, s/d). O segundo paso é elaborar unha Lista de Palabras Clave, que se obtén pola comparación do *corpus* de estudo cun *corpus* de referencia. Ese *corpus* de referencia debe axeitarse á pescuda en curso (Tagnin, 2013). Os *softwares* de análise lexical posúen ferramentas que se prestan especificamente para a identificación de colocacións, xa sexa mediante a análise de liñas de concordancia, ou pola ferramenta específica denominada «collocates». A gran maioría dos traballos desenvolvidos na USP, baixo a miña orientación, dedicáronse ao estudo da convencionalidade na lingua, abordando principalmente as colocacións, xa sexa na lingua xeral ou nas linguas de especialidade, cando constitúen termos.

3. Panorama das buscas con LC na USP

Grosso modo, xa se defenderon ao redor de 30 traballos de posgraduado[2], entre mestrados e doutoramentos.

Área de busca	**Mestrado**	**Doutoramento**
Tradución/Terminoloxía/Fraseoloxía	11	4
Tradución/Estudos culturais	1<	3
Tradución Literaria	-	3
Tradución Audiovisual	1	-

[2] A maioría dos traballos citados están dispoñibles no Banco da Datos Bibliográficos da USP – Dedalus (www.dedalus.usp.br).

Tradución/Desenvolvemento de *software*	1	-
Tradución/Interpretación	1	-
Ensino e Aprendizaxe	7	4
Total	22	14

Como se ve arriba, coa excepción do Ensino e Aprendizaxe, todas as outras áreas están, dalgún xeito, relacionadas coa tradución unha vez que son estudos bilingües e, en gran parte, tamén coa terminoloxía, con foco na fraseoloxía.

3.1. Tradución/Terminoloxía/Fraseoloxía

Ao ser impracticable, neste artigo, contemplar todos os traballos que tratan algún aspecto fraseolóxico, fíxose a selección perseguindo o obxectivo de exemplificar as áreas mencionadas arriba e salientar o impacto que cada un dos traballos pode ter. Na área de Tradución/Terminoloxía/Fraseoloxía, varios traballos estudaron os termos de diversos dominios con vistas á creación dunha obra terminográfica; por exemplo, en Medicina, termos específicos da Hipertensión Arterial (Castanho, 2003), dos Negocios (Orenha, 2004), do Ecoturismo (Martins, 2007), da Gastronomía (Teixeira, 2004; 2008; Rebechi, 2011; 2015), da Hostalaría (Navarro, 2012), do Turismo (Marqueze, 2018), entre outros. A maioría deles baseouse nunha listaxe a partir de *corpus* comparables, o que garante a autenticidade de uso dos termos recompilados. Exclúense os traballos de Rebechi (2015) e Marqueze (2018), que traballaron tanto con *corpus* comparables como con paralelos, construíndo vocabularios da Gastronomía Brasileira e das Festas Folclóricas Brasileiras, respectivamente, con informacións enciclopédicas e ilustracións cando fosen pertinentes, ademais dos correspondentes nas dúas linguas, inglés e portugués.

Entre os traballos que tenden máis especificamente á fraseoloxía, destaco *A tradução de binômios nos contratos de Common Law à luz da Linguística de Corpus* (Fonseca, 2007), *Cafés do Brasil - Estudo de variantes em português e inglês na língua falada* (Ginezi, 2008)*, O tradutor pode estar redondamente enganado: um estudo contrastivo de colocações adverbiais (inglês-português) sob o enfoque da Linguística de Corpus* (Moraes, 2005), *O advérbio em fraseologias das áreas da culinária e do direito contratual: um estudo baseado em corpus* (Moraes, 2011) e *A fraseologia do futebol: um estudo bilíngue português-inglês direcionado pelo corpus* (Matuda, 2011).

3.2. Tradución/Estudos culturais

Ao analizar os verbos que acompañaban o substantivo ‘gol’ en portugués e ‘goal’ en inglés, o estudo de Matuda revelou que, mentres que en portugués só hai practicamente dous verbos, ‘*marcar um gol*’ [en galego “marcar un gol”] e ‘*fazer um gol*’ [en galego “meter un gol”], en inglés hai unha profusión que indica, inclusive, o modo no que se fai o gol (por exemplo, *slide the ball home* indica con que facilidade se marcou o punto). Tamén revelou que unha boa parte deses verbos denotan forza, velocidade e agresividade, como *thundered a ball home* (= explosión) ou *smash a ball home* (= acción violenta). Esas descubertas levaron á autora a buscar as diferenzas entre a práctica do deporte en Brasil e en Gran Bretaña, dando como resultado a súa tese *Futebóis: uma análise*

do léxico do futebol em português brasileiro e inglês britânico sob a perspectiva da linguística de Corpus (Matuda, 2015).

Logo, buscando diferenzas culturais, Fonseca (2014), a partir dun corpus con relatos de mulleres brasileiras e americanas que deron a luz de xeito normal despois dunha cesárea, concluíu que estas mulleres son inducidas polos seus médicos a que opten por unha cesárea, aínda que se dean as condicións adecuadas para ter un parto natural. Outro traballo que detectou claras diferenzas culturais con base nun *corpus* de recensións de hoteis no Brasil e nos Estados Unidos foi o de Navarro Fuchs (2018), quen comprobou que a cultura brasileira era unha cultura *high context*, é dicir, privilexia un estilo de comunicación máis económico, de xeito que gran parte da mensaxe pode ser inferida do contexto; por outra banda, a cultura estadounidense enténdese como *low context*, é dicir, adopta preferentemente un xeito de comunicación máis detallado, buscando clarificar máis os elementos contextuais. Esas diferenzas débense ter en conta á hora de facer a tradución dunha páxina web dun hotel, por exemplo. Noutras palabras, unha páxina web dun hotel brasileiro que procure achegarse ao público estadounidense debe ofrecer moitos máis detalles das súas facilidades que a versión en portugués, xa que os brasileiros presentan unha menor tolerancia ao exceso de información.

Nunha perspectiva da Análise Crítica do Discurso, Broz (2019) investiga a evolución do uso de colocacións co termo *Brexit*, como *hard Brexit* e *soft Brexit*. O seu *corpus* de análise provén de xornais e tabloides da prensa británica extraídos do *corpus* NOW (News on the Web) (https://www.english-corpora.org/now/).

3.3. Tradución literaria

Malia aínda estar pouco difundida para a análise de obras literarias, a Lingüística de *Corpus* préstase para eses estudos, como comprobaron as teses de doutoramento de Gonçalves (2006), Aguiar (2010) e Ramos (2018). Gonçalves estudou os contos de James Joyce en *Dubliners*. Contrastando un *corpus* de referencia composto por obras de autores ingleses contemporáneos a Joyce co seu *corpus* de estudo composto polos 15 contos que integran *Dubliners*, a autora detectou peculiaridades da obra dese autor irlandés, tais como unha temática urbana en contraste coa predominancia de temas rurais nos autores ingleses. Ao analizar os verbos que acompañaban as figuras femininas nos contos, puido confirmar unha crenza enraizada na crítica literaria de que as personaxes femininas nesas obras son as máis submisas das submisas. Esa confirmación foi obxectivamente baseada no feito de que na maioría dos casos os verbos eran axentes, indicando actitudes positivas, unha iniciativa por parte das mulleres en cuestión.

Aguiar (2010) analizou as traducións ao inglés de tres novelas de Chico Buarque, cada unha feita por un tradutor diferente. A partir de *corpus* paralelos, compostos por cada novela e cadansúa tradución, o seu obxectivo era verificar como a linguaxe creativa de Chico Buarque se recupera nas traducións. A lista de palabras clave das novelas evidenciou un campo semántico —partes do corpo— do cal o propio escritor non tiña consciencia, conforme llo confesou ao doutorando. Buscando os contextos das aparicións das palabras dese campo, como *olhos*, *boca*, *língua* etc. e as súas respectivas traducións,

o autor discutiu as escollas dos tradutores. Outro traballo que analizou a tradución ao inglés dunha obra dun escritor brasileiro foi o de Silva (2015), quen investigou como os xogos de palabras na novela *O Xangô de Baker Street*, de Jô Soares, foron —ou non— recuperados na tradución. Ramos (2018) propúxose verificar se a novela *Huckleberry Finn* era, de certo, unha novela racista, segundo o divulgou a crítica literaria —ata o punto de ser prohibido nos programas escolares nos Estados Unidos—. Para rebater esa visión, a autora compilou un *corpus* con narracións de escravos co fin de verificar o uso da palabra *nigger*. Concluíu que o vocábulo era de uso común na época, sen ningunha connotación racial.

3.4. Tradución audiovisual

Unha área en crecente expansión é a da Tradución Audiovisual. Nese campo, o traballo de Nascimento (2018) destaca por centrarse en como os efectos sonoros se traducen nos subtítulos para xordos e xente con problemas de audición. A autora compilou un corpus comparable con subtítulos orixinais de películas en portugués, inglés e francés. Observou que non hai ningunha normativización na descrición deses sons, o que dificulta a comprensión do xordo/persoa con perda auditiva, xa que debe descodificar cada subtítulo individualmente. A autora propón unha *convencionalización* para cada son estudado, co propósito de facilitar e axilizar a comprensión do seu público de destino.

3.5. Tradución/Desenvolvemento de *software*

A construción dun *Vocabulario Técnico Online* para aprendices de Tradución, denominado *VoTec* foi o proxecto de Fromm (2008). Trátase dunha ferramenta que se nutre de *corpus* técnicos para a construción de entradas e dun banco de datos para o seu funcionamento. A innovación proposta supón a posibilidade de customización dos seus modos de presentación en pantalla, posibilitando dous xeitos de visualización da microestrutura: a normal, co formato dos dicionarios impresos, e a descritiva, un xeito propio dos dicionarios electrónicos, nos que a microestrutura se describe de forma xerárquica.

3.6. Ensino e aprendizaxe

Na área do Ensino, a Lingüística de *Corpus* móstrase extremadamente prometedora, tanto para detectar cuestións para seren traballadas cos alumnos, como para a confección de material didáctico. Tamén debemos salientar a variedade de áreas de ensino contempladas. Santos (2011) presentou unha proposta de ensino de colocacións adverbiais na área de negocios con base no *corpus* que compilou composto por periódicos e relatos de empresas británicas e americanas. Unha estratexia similar foi empregada por Andreetto (2013), que compilou artigos da área de Medicina e preparou aos seus alumnos para se presentaren a unha proba de dominio. Kindermann (2011) xa propuxera unha interface de Lingüística de *Corpus* coa área de Multiletramentos. A autora, que nesa época exercía de profesora nunha universidade privada, construíu un *corpus* de aprendices con redaccións dos seus alumnos que lle serviron de modelo para as súas aulas na graduación dos futuros profesores de lingua inglesa. Rosa (2014) tamén combinou a Lingüística de *Corpus* con outro enfoque, neste caso a Gramática de Construcións (Goldberg, 1995). O seu

obxectivo era describir o comportamento constitucional e lexical do verbo *get* [en galego "ter", "obter", "acadar", "recibir", etc.]. Para elaborar o seu *corpus* de estudo, extraeu 9210 enunciados do *Corpus of Contemporary English* (COCA). Os seus resultados demostraron 13 contextos constitucionais do verbo, pero salientaron a preferencia de *get* pola construción transitiva co sentido de 'obtención'. No nivel lexical, catalogou 74 unidades fraseolóxicas nucleadas polo verbo *get*.

Murakami (2016) tamén se valeu dun *corpus* de aprendices para estudar os problemas relativos ao uso de colocacións verbais (verbo + substantivo, como *play the piano* [en galego "tocar o piano"], *hold a meeting* [en galego "celebrar unha reunión"], *solve a problem* [en galego "resolver un problema"], etc.). O *corpus* usado foi o EF-Cambridge Open Language Database (EFCAMDAT), desenvolvido pola Universidade de Cambridge, composto por redaccións de aprendices brasileiros de inglés cun nivel avanzado. Os seus resultados indicaron inadecuacións nun 25 % dos casos, a maioría causada pola interferencia da lingua materna como, por exemplo, **use corsets* no lugar de *wear corsets* [en galego "levar un xustillo"], **complete 71 years* en vez de *turn 71* [en galego "cumprir os 71"], **has 38 meters* por *is 38 meters* [en galego "ten 38 metros"], entre outros.

Oliveira, en *A Linguística de Corpus na formação do tradutor: compilação e proposta de análise de um corpus paralelo de aprendizes de tradução*, dedicouse ao ensino da tradución, en primeiro lugar coa dirección inglés → portugués (Oliveira, 2014), e despois na dirección inversa (Oliveira, 2019). Para iso, construíu unha folla de cálculo electrónica para que as producións dos alumnos, separadas por períodos sintácticos, se puidesen proxectar en conxunto e, así, seren discutidas por todos os alumnos. Deses traballos xurdiron dous *corpus* de aprendices, un coas traducións para a lingua materna e outro coas traducións para a lingua estranxeira. Dese material, o autor extraeu os modelos para as súas aulas, é dicir, puido centrarse especificamente nos problemas fraseolóxicos dos alumnos, entre outros que xurdiron, en vez de pautarse por tópicos preestablecidos.

Unha pescuda que puido ter impacto no currículo da tradución, en especial no que respecta ao ensino de interpretación, foi a de Ginezi (2015) que construíu un *Corpus* de Ensino de Interpretación Simultánea co fin de pescudar se o ensino da interpretación consecutiva debe, de certo, ser un pre-requisito para a aprendizaxe da interpretación simultánea, como ocorre en todos os cursos. Os seus datos, analizados baixo a luz da Lingüística de *Corpus* coa axuda de entrevistas retrospectivas cos alumnos que participaron na pescuda, revelaron que as dúas modalidades esixen procesos cognitivos distintos, de xeito que poden ensinarse paralelamente. Digno de mencionar foi o feito de que as incorreccións fraseolóxicas ocorresen tanto na interpretación consecutiva como na simultánea.

Un *corpus* de lingua oral serviu como base para os traballos de Prado (2015; 2019). O seu obxectivo era a preparación de pilotos para a proba de dominio en inglés aeronáutico. Eses profesionais deben acadar o nivel 4 para teren permiso de realizar voos internacionais. O exame avalía as seguintes habilidades: Pronuncia, Estrutura, Vocabulario, Fluidez, Comprensión e Interacción. No primeiro traballo, Prado analizou, a partir dun *corpus* de diálogos auténticos entre pilotos e controladores aéreos en situacións non rutineiras, as

estruturas lexicogramaticais máis recorrentes. Os resultados demostraron que a linguaxe — estruturas e vocabulario— usada por eses profesionais non corresponde aos tópicos suxeridos pola OACI (Organización de Aviación Civil Internacional), nin ao contido programático dos materiais didácticos utilizados na época. No segundo traballo, Prado (2019) dedicouse ao estudo das habilidades de fluidez e interacción, a partir dunha visión pragmática, tendo de novo como base o *corpus* dos diálogos mencionados anteriormente. De novo, os seus descubrimentos demostraron unha descompensación entre o que e como se ensina e a realidade das interaccións entre pilotos e controladores aéreos. Nesa mesma liña, Tosqui-Lucks (2019) desenvolveu actividades didácticas a partir de *corpus* de comunicacións piloto-controlador en situacións rutineiras e non rutineiras en lingua inglesa, material que ben pode ser usado en aulas presenciais, ben a distancia en cursos para controladores aéreos. Considerando que faltas de comprensión entre eses profesionais poden, co tempo, causar incidentes ou accidentes, débese considerar a relevancia destes estudos.

4. O Proxecto CoMET

Non podería deixar de mencionar o proxecto CoMET (www.comet.fflch.usp.br), que se compón por tres *corpus* distintos: o CorTec, o CorTrad e o CoMAprend, todos eles con acceso gratuíto. O CorTec é un *corpus* técnico, composto por *corpus* comparables en máis de 20 dominios, moitos dos cales conteñen os *corpus* construídos polos alumnos para as súas pescudas. O CorTrad é un *corpus* paralelo, composto por textos xornalísticos, literarios e técnico-científicos orixinais coas súas respectivas traducións. O idioma orixinal dos textos xornalísticos e técnico-científicos é o portugués con traducións ao inglés, mentres que o idioma orixinal dos literarios é o inglés con traducións ao portugués. Eses dous *corpus* permiten varios tipos de pescudas, en especial formas convencionais de expresarse, no que se inclúen os diversos tipos de fraseoloxismos. A páxina web tamén dispón de varias publicacións e instrucións de ferramentas usadas para as buscas con *corpus*.

O CoMAprend é un *corpus* de aprendices composto por redaccións de alumnos de cursos de grao en Letras nas cinco linguas ofrecidas polo Departamento de Letras Modernas: alemán, español, francés, inglés e italiano. Está aberto a contribucións de outras universidades brasileiras. Polo momento, a maior parte do material dispoñible é de aprendices da lingua inglesa, polo que a páxina web pasa actualmente por unha reforma total.

5. Consideracións finais

Como se entende nas pescudas aquí listadas, a Lingüística de *Corpus* (como metodoloxía) facilita a busca que engloba unha gran parte de datos e pode servir de apoio a varios enfoques teóricos, como a Fraseoloxía, a Terminoloxía, os Estudos da Tradución, os Estudos Culturais e, en especial, a diversas teorías do Ensino e Aprendizaxe. En todas esas áreas, o foco dos traballos recaeu sobre algún aspecto fraseolóxico, xeralmente sobre

as colocacións, xa sexan da lingua xeral, como no caso do ensino da lingua inglesa, ou na lingua de especialidade, como no caso da compilación de glosarios terminolóxicos. Os *corpus* procedentes dos traballos presentados integran o CorTec, cando son comparables, e o CorTrad, cando son paralelos, ambos incluídos no Proxecto CoMET, desenvolvido na nosa universidade.

Malia que as pescudas aquí expostas teñen esencialmente un foco lingüístico, máis especificamente lexical e fraseolóxico, a Lingüística de *Corpus*, de certo, préstase a estudos noutros eidos (Baker, 2006; Lu 2015; Stuart, Botella e Ferri, 2016) que poden ser explorados por aqueles lectores que desexen aventurarse en novos desafíos.

6. Referencias bibliográficas

AGUIAR, S. M. (2010): *As vozes de Chico Buarque em inglês: tradução e linguística de corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

ANDREETTO, M. (2013): *A Linguística de Corpus nos cursos preparatórios para exames de proficiência*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

ANTHONY, L. (s/d): *AntConc Homepage*. Acceso o 9 de xuño de 2020, dispoñible en http://www.laurenceanthony.net/software/antconc/

BAKER, P. (2006): *Using Corpora in Discourse Analysis*. Londres - Nova Iorque: Continuum.

BROZ, V. (2019): *A corpus-based critical discourse analysis of Brexit in the English language press*. Investigación posdoutoral. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

CASTANHO, R. M. (2003): *Proposta para a Elaboração de um Glossário de Colocações na Área Médica - Subárea Hipertensão Arterial*. Disertación de Mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

FONSECA, L. C. (2007). *A tradução de binômios nos contratos de common law à luz da lingüística de corpus*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2014): "*Eu quero cesárea!" ou "Just cut it out!": Análise Crítica do Discurso de relatos de parto normal após cesárea de mulheres brasileiras e estadunidenses à luz da Linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

FROMM, G. (2008): *VoTec: a construção de vocabulários eletrônicos para aprendizes de tradução*. Tese de doutoramento. San Paulo: Universidade de San Paulo.

GINEZI, L. L. (2008): *Cafés do Brasil - Estudo de variantes em português e inglês na língua falada*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2015): *Ensino de interpretação simultânea na graduação: uma análise de corpora de aprendizes*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

GOLDBERG, A. (1995): *Constructions: a construction grammar approach to argument structure.* Chicago: University of Chicago Press.

GONÇALVES, L. B. (2006): *Dubliners sob a lupa da lingüística de corpus: uma contribuição para a análise e a avaliação da tradução literária*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

KINDERMANN, C. A. (2011): *Nova interface pedagógica: linguística de corpus + multiletramentos na formação do professor de língua inglesa*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

LIU, B. (2015): *Sentiment Analysis: mining sentiments, opinions, and emotions*. Cambridge: Cambridge University Press.

MARQUEZE, G. M. (2018): *Proposta de um vocabulário bilíngue de festas populares brasileiras baseada em um estudo de corpus.* Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

MARTINS, J. C. (2007): *A terminologia do Ecoturismo como espelho de diferentes visões: agências de turismo, ambientalistas e governo*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

MATUDA, S. (2011): *A fraseologia do futebol: um estudo bilíngue português-inglês direcionado pelo corpus.* Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2015): *Futebóis: uma análise do léxico do futebol em português brasileiro e inglês britânico sob a perspectiva da linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

MCERNERY, T. e HARDIE, A. (2011): *Corpus Linguistics: Method, Theory and Practice.* Cambridge: Cambridge University Press.

MCERNERY,T.; XIAO, R. e TONO, Y. (2006): *Corpus-Based Language Studies. An advanced resource book.* Londres - Nova Iorque: Routledge.

MORAES, H. F. (2005): *O tradutor pode estar redondamente enganado: um estudo contrastivo de colocações adverbiais (inglês-português) sob o enfoque da Lingüística de Corpus*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2011): *O advérbio em fraseologias das áreas da culinária e do direito contratual: um estudo baseado em corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

MURAKAMI, D. S. (2016): *Colocações verbais em um corpus de aprendizes brasileiros de inglês*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

NASCIMENTO, A. K. (2018): *Convencionalidade nas legendas de efeitos sonoros na legendagem para surdos e ensurdecidos (LSE)*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

NAVARRO FUCHS, S. (2018): *Orientações culturais e suas implicações para a tradução funcionalista: um estudo na área do turismo à luz da Linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

NAVARRO, S. M. (2012): *Glossário bilíngue de colocações de hotelaria: um modelo à luz da Linguística de Corpus*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

OLIVEIRA, J. T. (2014): *A Linguística de Corpus na formação do tradutor: compilação e proposta de análise de um corpus paralelo de aprendizes de tradução*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2019): *Um corpus de aprendizes de tradução: compilação, tratamento e aplicação ao ensino por meio de planilha eletrônica*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

ORENHA, A. (2004): *A compilação de um glossário bilíngüe de colocações, na área de negócios, baseado em corpus comparável*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

PRADO, M. C. (2015): *Levantamento dos padrões léxico-gramaticais do inglês para aviação: um estudo vetorado pela Linguística de Corpus*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2019): *A relevância da pragmática no ensino do inglês aeronáutico: um estudo baseado em corpora*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

RAMOS, V. L. (2018): *Será Huckleberry Finn mesmo um romance racista? - Uma análise da obra, de algumas de suas traduções e do discurso racial no século XIX em narrativas sobre escravos sob a luz da Linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

REBECHI, R. R. (2011): *A imagem do Brasil através da sua culinária: contribuições terminológicas*. Disertación de Mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2015): *A tradução da culinária típica brasileira para o inglês: um estudo sob o enfoque da Linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

ROSA, R. G. (2014): *Fraseologia do verbo get na língua inglesa: uma abordagem da Linguística de Corpus e da Gramática das Construções*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

SANTOS, A. G. (2011): *Working closely with corpora - Proposta de ensino de colocações adverbiais em inglês para negócios, sob a luz da Linguística de Corpus*. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

SCOTT, M. (2006): *WordSmith Tools*. Acceso o 10 de xaneiro de 2020, dispoñible en http://www.lexically.net/wordsmith/downloads/

SILVA, N. R. (2015): *A tradução de jogos de palavras no romance "O Xangô de Baker Street": uma revisão do quadro de estratégias de Delabastita com o auxílio da Linguística de Corpus*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

STUART, K.; BOTELLA, A. e FERRI, I. (2016): *A Corpus-Driven Approach to Sentiment Analysis of Patient Narratives*. In: A. O.-H. (ed.), *CILC 2016*, *1*, pp. 381-395.

TAGNIN, S. E. (2013): *O jeito que a gente diz: combinações consagradas em inglês e português.* San Paulo: Disal.

TEIXEIRA, E. D. (2004): Receita qualquer um traduz - será : a culinária como área técnica de tradução. Disertación de mestrado. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

(2008): *A linguística de corpus a serviço do tradutor: proposta de um dicionário de Culinária voltado para a produção textual*. Tese de doutoramento. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

TOSQUI-LUCKS, P. (2019): *Elaboração de um módulo de atividades didáticas a partir de corpora de comunicações piloto-controlador em língua inglesa*. Traballo posdoutoral. San Paulo, SP: Universidade de San Paulo.

Orientación na universidade para a multiplicación dos estudos fraseolóxicos[1]

Guidance for Increasing the Number of Phraseological Studies at Universities

Angela Maria Tenório Zucchi[2]
Universidade de São Paulo
https://orcid.org/0000-0001-5464-5742
angelazucchi@usp.br

Resumo: Este artigo ten por obxectivo incentivar a realización de pescudas académicas na área da Fraseoloxía e promover a comunicación, difusión e intercambio de coñecemento científico en volta destes estudos nas universidades. Con este fin, o traballo divídese en cinco seccións: introdución, o contexto universitario brasileiro, as caras da Fraseoloxía, o papel do director académico e as consideracións finais. A partir da metáfora "navegación nun mar de posibilidades de investigación", o artigo introduce os estudos fraseolóxicos, ofrece definicións de fraseoloxía propostas por diversos autores, aborda as súas distintas caras en lingua materna e lingua estranxeira, sinalando principalmente tres rutas para o desenvolvemento da investigación: o campo do ensino, que recibe o nome de Fraseodidáctica; o campo da Tradución, sexa de lingua común ou de lingua de especialidade; e o campo da Fraseografía. Ofrece reflexións acerca da propia dirección académica, explicita o papel dos fraseoloxismos na escrita académica e apunta os diversos medios tecnolóxicos actualmente dispoñibles para a busca bibliográfica e a divulgación da investigación. En fin, procura contribuír a que os estudantes se interesen pola investigación e se convertan en investigadores en Fraseoloxía.

Palabras chave: léxico, fraseoloxía, fraseografía, tradución, posgraduación brasileira, dirección académica, escrita académica.

Abstract: This paper aims to encourage academic researches completion in Phraseology field and to promote scientific knowledge communication, dissemination and exchange within Universities. For this purpose, the paper is presented in five sections: Introduction, Brazilian University Context,

[1] Data de recepción: 02.01.2020. Data de aceptación: 15.06.2020
Tradución ao galego por María Álvarez de la Granja.

[2] Parte deste estudo débese á bolsa concedida pola FAPESP (proxecto 2014/03525-0).

Phraseology faces, the role of the Supervisor, and concluding remarks. Using the metaphor "sailing in a sea of research possibilities", the paper introduces the phraseological studies, brings phraseology definitions proposed by several authors, approaches its various faces in native and foreign language, indicating three main routes for research development: the field of Teaching, named Phraseodidactic; the translation field, either of common language as well as of specialized language; and the Phraseography field. It brings reflections about the advising itself, the role of phraseologisms in academic writing and points out the various technological media currently available for bibliographic survey and academic dissemination. Therefore, it aims to contribute for the students to be interested in research and to become Phraseology researchers.

Keywords: lexicon, phraseology, phraseography, translation, brazilian post-graduate program, academic advising, academic writing.

1. Introdución

O título indica a conxunción de dous temas: estudos fraseolóxicos e orientación universitaria. Eses dous temas, postos xuntos, ofrecen a expectativa de multiplicar o coñecemento lingüístico: os estudos fraseolóxicos e a orientación académica aos estudantes para descubriren e desenvolveren pescudas nesa área. O obxectivo desta contribución é dinamizar os estudos fraseolóxicos entre directores académicos e estudantes e reforzar o desenvolvemento da investigación sobre Fraseoloxía desde diversas perspectivas, como se verá ao longo do artigo.

O desenvolvemento da investigación na universidade envolve unha relación entre o director académico e o estudante que conxuga coñecemento, institucións, comunidades académicas nacionais e internacionais e o momento de transición do mundo universitario e científico en que nos atopamos debido ás tecnoloxías da información e á mudanza dos hábitos na sociedade.

Diante dun tema tan vasto, introducimos a cuestión contextualizando a formación do alumno, futuro investigador, no curso de Letras, na Graduación e Posgraduación da Universidade de São Paulo, unha universidade brasileira pública e gratuíta. A seguir, presentamos a estrutura organizativa do ensino e da investigación no Brasil. A intención desta breve exposición é presentar o contexto universitario brasileiro, pois hai diferenzas de estrutura educativa de país a país, aínda que a comunidade académica que se ocupa dos estudos lexicais manteña constantes relacións internacionais.

A continuación, presentamos as diversas caras da Fraseoloxía usando a metáfora da navegación para ofrecer un panorama dos estudos fraseolóxicos no que mostrar os campos de estudo como un mar de posibilidades abertas ao investigador novel, que pode optar por percorrer unha ou outra ruta coa orientación do director académico. De entre as posibles correntes, presentamos aquelas que tratan de ensino, tradución e lexicografía, ofrecendo obras e autores, principalmente brasileiros, mais non só, que contribuíron teórica e metodoloxicamente á construción do coñecemento sobre o Léxico e, en especial, sobre a Fraseoloxía. No ámbito da dirección académica, abordamos tamén os recursos tecnolóxicos para a busca de bibliografía e de fraseoloxismos na escrita académica. Comezamos polo ambiente universitario en que se sitúa o investigador novel.

2. En contexto brasileiro

2.1. Ensino e investigación no curso de Letras da Universidade de São Paulo

O curso de Letras da Universidade de São Paulo (USP) existe desde a fundación desta universidade en 1934 e pertence á Facultade de Filosofía, Letras e Ciencias Humanas (FFLCH). O Grao en Letras ofrece dezaseis habilitacións (alemán, árabe, armenio, chinés, coreano, español, francés, grego, hebreo, inglés, italiano, xaponés, latín, lingüística, portugués e ruso) con itinerarios nos cursos de Bacharelato (ciencias da linguaxe, tradución, literaturas, cultura) e Licenciatura (formación didáctico-pedagóxica), con duración de catro anos nunha lingua e cinco en dúas delas.

A Posgraduación ofrece os cursos *stricto sensu* de Mestrado e Doutoramento nos Programas de Posgraduación dos cinco departamentos que compoñen o curso de Letras: Letras Clásicas e Vernáculas, Letras Modernas, Letras Orientais, Lingüística, Teoría Literaria e Literatura Comparada. Unha vez matriculado no curso, tras un proceso selectivo, o estudante asiste ás aulas de diferentes disciplinas, investiga, escribe artigos, realiza estadías de perfeccionamento de ensino (PAE), escribe unha disertación ou tese, é avaliado por un tribunal examinador e recibe o título de Mestre ou de Doutor. Cómpre observar que o Mestrado *stricto sensu* no Brasil non se corresponde co *Master* de moitos países onde este tipo de curso ten carácter de especialización, xa que no Mestrado, como no Doutoramento, espérase do estudante a actitude de investigador, coa diferenza de que o prazo de finalización é menor e non se esixe un tema de investigación inédito. O órgano federal que regulamenta e avalía os cursos de Posgraduación brasileiros é a Coordenação de Aperfeiçoamento de Pessoal de Nível Superior (CAPES), responsable das políticas públicas no nivel universitario.

A investigación universitaria ten lugar nos dous niveis: no de Graduación, a través da dirección académica para a Iniciación Científica (IC) ou para o Traballo Individual de Graduación I e II (TGi), e no de Posgraduación, con dirección académica no Mestrado, cunha duración de 24 a 30 meses e, no Doutoramento, cunha duración de 48 meses. Para todos os niveis hai un proceso de selección e dirección da investigación por parte dun docente.

Enténdese que os estudos do Léxico estean presentes na vida discente desde os primeiros anos escolares, cando o alumno comeza a ampliar o seu vocabulario a través dos diversos campos semánticos ata coñecer as relacións lexicosemánticas, sexa nas clases de estudos lingüísticos ou nas de estudos literarios.

Ao entrar no ensino superior, optando pola Graduación no curso de Letras, o estudante comeza a adquirir formación nos estudos lexicais con materias[3] específicas que abordan aspectos de morfoloxía, lexicografía, neoloxía e onomástica. Na Posgraduación, ofértanse disciplinas que tratan dos estudos fraseolóxicos e terminolóxicos, ás veces incluíndo a abordaxe da Lingüística de Corpus.

[3] Acceso ao contido e bibliografía das materias no Sistema Júpiter: https://uspdigital.usp.br/jupiterweb/

Aínda que non sexa a través dunha disciplina específica, o discente pode entrar en contacto con temas relacionados cos estudos do Léxico se o profesor os aborda de forma axeitada en clases de literatura, de lingüística, de lingua portuguesa, de linguas clásicas ou estranxeiras, en clases específicas de tradución ou de ensino de linguas. Coa indicación de lecturas pertinentes, pode espertarse o interese cara a investigacións en Fraseoloxía en diversos contextos.

A formación para a investigación ten lugar en todos os niveis e correspóndelle ao director académico. O estudante debe presentar os resultados en forma de produción textual académica con dimensións específicas: o informe de Iniciación Científica, no caso do curso de Graduación; a Disertación, no curso de Mestrado, e a Tese, no curso de Doutoramento, para así obter os respectivos títulos de Bacharel, Mestre e Doutor. Canto á investigación no nivel do Posdoutoramento, é considerada unha cooperación e o docente non é orientador, senón supervisor da investigación do posdoutorando. As pescudas en todos os niveis poden conducir á publicación dos seus resultados en forma de artigo en revistas científicas, así como tamén á publicación doutros xéneros, como material didáctico, obras lexicográficas, ademais da oferta de cursos, obradoiros e materias.

2.2. Estrutura brasileira dos cursos de Posgraduación e fomento da pescuda

O órgano federal responsable de autorizar a creación de cursos de Posgraduación no Brasil e avalialos anualmente é a *Coordenação de Aperfeiçoamento de Pessoal de Nível Superior* (CAPES)[4], unha fundación do Ministerio de Educación (MEC) responsable da coordinación, expansión, consolidación e avaliación dos cursos de Posgraduación *stricto sensu* ofrecidos polas institucións de ensino superior (IES) de todos os estados brasileiros.

Cunha proposta e unha configuración lixeiramente diferentes do modelo actual, tal órgano foi creado só 62 anos despois da Proclamación da República do Brasil a través dun decreto presidencial como unha Comisión composta por membros do MEC para promover a *Campanha Nacional de Aperfeiçoamento de pessoal de nível superior*, cuxos obxectivos, presentados no parágrafo 2.º, eran:

a) asegurar a existencia de persoal especializado en cantidade e calidade suficientes para atender as necesidades das iniciativas públicas e privadas que procuran o desenvolvemento económico e social do país.

b) ofrecer aos individuos máis capaces, sen recursos propios, acceso a todas as oportunidades de mellora.

Con esa campaña, as universidades existentes contaron coa posibilidade de contratar profesores visitantes estranxeiros (en xeral, europeos), ademais de con outros incentivos, para o seu desenvolvemento. A mediados dos anos sesenta, o goberno estableceu o regulamento dos cursos de Posgraduación, baseándose no modelo norteamericano (Informe 977/65). A CAPES expandiuse e foi responsable da cualificación dos profesores

[4] Vid. https://www.capes.gov.br/historia-e-missao

universitarios e da convocatoria constante de bolsas de estudo. Como entidade federal, a súa estrutura e prioridades están suxeitas ás decisións de cada goberno en exercicio.

O citado órgano é responsable da avaliación dos Programas de Posgraduación e, por razóns loxísticas, divide as áreas de coñecemento[5] en nove grandes eidos onde están distribuídas corenta e oito áreas de avaliación, que á súa vez están divididas en subáreas. Os estudos de Letras están baixo a grande área "Lingüística, Letras e Artes", na Área de Avaliación "Letras/Lingüística", que inclúe 17 subáreas. Desafortunadamente, as áreas de estudos relativos ao léxico non están clasificadas de forma independente. Todos os datos sobre os programas e pescudas realizadas están dispoñibles no portal da CAPES[6].

Creado tamén en 1951, outro órgano fundamental para a investigación no Brasil é o *Conselho Nacional de Desenvolvimento Científico e Tecnológico* (CNPq), axencia do actualmente Ministerio da Ciencia, Tecnoloxía, Innovacións e Comunicacións (MCTIC) —xa que ministerios e nomes mudan de acordo coas decisións do goberno electo—. A súa función é a de fomentar a investigación científica e tecnolóxica e incentivar, a través de axudas financeiras, a formación de investigadores brasileiros. O CNPq mantén a Plataforma Lattes[7], que permite o acceso a datos académicos a través do Directorio de Institucións, do Directorio de Grupos de Investigación e do Currículo Lattes, un formulario electrónico no que estudantes e investigadores insiren os seus propios datos para conformar o seu *curriculum vitae* académico, o "currículo Lattes".

2.3. Actores na investigación: o estudante, o director académico e a comunidade académica

Un estudante investigador non se forma só e tampouco recibe orientación unicamente do seu director, senón que a orientación vén de toda a comunidade académica en que está inserido —actualmente, cada vez máis ampla debido ás tecnoloxías da información—. Como en toda profesión, é preciso familiarizarse coa área de actuación, cos compañeiros de traballo, coas ferramentas e recursos dispoñibles. Estar na Universidade, asistir ás clases, ter un proxecto de investigación..., parece que o camiño xa está feito e só hai que percorrelo. Con todo, a medida que se adquire coñecemento sobre varios asuntos, vanse abrindo outros camiños, que levan a outros e outros. É preciso tomar decisións para escoller a dirección que se debe seguir e os temas nos cales cómpre afondar.

A interlocución entre pares é esencial para a toma de decisións e o ambiente adecuado para ese fin é proporcionado polos grupos e encontros científicos. Por iso, cómpre destacar o valor dos Grupos de Investigación en que poidan integrarse os investigadores noveis. De grande importancia —tanto en contexto nacional como internacional— son tamén as asociacións científicas e grupos de traballo. No Brasil, o maior número de investigadores en Estudos do Léxico participantes na Posgraduación encóntrase no Grupo de Traballo[8]

---

5 https://www.capes.gov.br/avaliacao/instrumentos-de-apoio/tabela-de-areas-do-conhecimento-avaliacao

6 https://dadosabertos.capes.gov.br/dataset?organization=diretoria-de-avaliacao

7 Acceso aos datos da Plataforma Lattes (http://lattes.cnpq.br) e, especificamente, á busca de currículos: http://buscatextual.cnpq.br/buscatextual/busca.do?metodo=apresentar

8 http://www.letras.ufmg.br/gtlex/

da Associação Nacional de Pós-Graduação e Pesquisa em Letras e Linguística[9]. Parte deses investigadores están tamén asociados á recentemente-formada Associação Brasileira de Fraseologia, concibida[10] en Brasilia, na Universidade de Brasilia (UnB), en 2011, por iniciativa da profesora Maria Luísa Ortiz Alvarez. No ámbito europeo xeral, asociacións de referencia son Euralex[11] e Europhras [12], relativa á Fraseoloxía, onde os investigadores teñen a oportunidade de compartir coñecementos e de idear proxectos en conxunto. Ademais, os sitios web das asociacións e dos grupos de traballo tornáronse importantes repositorios bibliográficos e fonte de información sobre eventos e publicacións da área.

Se no pasado se concibía o director académico como o grande mentor, mestre de suma sabedoría que iniciaría os seus discípulos sedentos naquel saber adquirido, hoxe a función do mestre é a de facilitador, de orientador no sentido de dar a dirección, de mostrar os camiños e discutir xuntos as posibilidades e metodoloxías para atinxir os obxectivos dunha investigación.

Por outro lado, o estudante investigador non é a *tabula rasa* onde imprimir nocións preestablecidas, senón axente nas súas accións de pescuda e participante efectivo da vida universitaria, dos eventos, dos Grupos de Investigación, das publicacións, dos laboratorios e das redes sociais con fins académicos. No Brasil, é relativamente común que un profesional, independentemente da idade, despois de anos de carreira nunha determinada área ou en simultaneidade co exercicio da súa profesión, faga un curso de Posgraduación *stricto sensu* e realice unha investigación para afondar nun determinado tema xa coñecido do seu oficio ou para se reciclar, aprender e mudar posteriormente para unha área afín. Hai beneficios para todo o ambiente académico, principalmente se a pescuda tivese lugar no campo da Terminoloxía e da Fraseoloxía Especializada e contase cun especialista nunha determinada área de coñecemento.

3. As caras da Fraseoloxía

O estudante que se propón iniciar os seus estudos en Fraseoloxía no universo das ciencias da linguaxe atópase con cuestións básicas como cando xurdiu a denominación, como se define precisamente unha unidade fraseolóxica ou que tipo de investigación pode realizarse. Neste apartado, imos tratar sobre estas cuestións sen ofrecer un repertorio bibliográfico exhaustivo sobre estudos fraseolóxicos, pero introducindo, con todo, traballos de importantes investigadores. O obxectivo é proporcionar un mapa xeral para o coñecemento dun investigador novel de modo que se sitúe no mar dos estudos fraseolóxicos. Co auxilio dos recursos tecnolóxicos que serán abordados máis adiante e cos nomes dos autores citados, o estudante poderá actualizarse con publicacións máis recentes deses autores e realizar as súas pescudas bibliográficas de acordo cos seus obxectivos.

---

[9] http://anpoll.org.br

[10] O último congreso tivo lugar en San Paulo, Brasil: http://fraseologia.fflch.usp.br/inicio.

[11] https://euralex.org/

[12] http://europhras.org/es/

En primeiro lugar, é preciso sinalar unha posible ambigüidade, pois a palabra Fraseoloxía é usada con dous significados distintos: pode indicar o campo de estudo, os estudos fraseolóxicos, e pode indicar o obxecto do seu estudo, as expresións fixas, combinacións de palabras cristalizadas polo uso. Por tanto, caracterízase como un termo polisémico. Por este motivo, no Brasil, acordouse por convención[13] usar para o campo de estudos a palabra coa letra maiúscula *Fraseologia* e, para o obxecto de estudo, a palabra coa minúscula *fraseologia*. Por exemplo, como obxecto de estudo, citamos unha *fraseologia* relativa a zoónimos, *dar cos burros n'áuga*, caracterizada como expresión idiomática que significa 'non obter éxito naquilo que se pretendía'.

No sentido de obxecto de estudo, hai unha infinidade de denominacións, ás veces sinónimas, ás veces de significado específico dentro dos estudos lexicais e fraseolóxicos. Son utilizados en publicacións do Brasil os seguintes termos, do máis xeral ao máis específico: locucións, expresións, fraseoloxías, compostos sintagmáticos, unidades fraseolóxicas, unidades lexicais compostas, combinacións sintagmáticas, unidades multipalabras (calco do inglés *multi-word unit*s), fraseoloxismos, frasemas, unidades fraseolóxicas especializadas ou combinacións lexicais especializadas (no caso de que haxa un termo no conxunto de palabras, que é tamén obxecto de estudo da Terminoloxía); e outras que denotan outro tipo de especificidade, como as paremias (denominación relativa aos refráns, campo da Paremioloxía). Encontramos tamén as expresións idiomáticas (que implican necesariamente a noción de graos de opacidade e transparencia do significado) e as expresións convencionalizadas (combinacións de palabras con características e denominacións específicas), como coligacións, colocacións, binomios, fórmulas situacionais ou rutineiras, marcadores discursivos e outros.

Ao longo do tempo foron propostas varias definicións para Fraseoloxía, non sempre coincidentes, mais existe o consenso de que quen cuñou o termo foi Charles Bally, no seu tratado en lingua francesa *Traité de stylistique française*, de 1909, e recoñécese que a área se desenvolveu grazas ás publicacións realizadas na Unión Soviética a partir da década de 1950, principalmente polo traballo de Viktor V. Vinogradov. Este esmiuzou as proposicións de Bally e contribuíu ao desenvolvemento dos estudos fraseolóxicos, xuntamente con outros autores soviéticos, segundo Ruiz Gurillo (1997), Granger e Paquot (2008) e González-Rey (2012).

Como o propio título indica, o libro de Bally trata de estilística na lingua francesa e axiña na Introdución, o autor contraponse ao "ensino tradicional de linguas que tende a proceder mecánica, analítica e historicamente" e defende a idea da lingua como expresión do contido do pensamento, das ideas e dos sentimentos, amais de afirmar que a lingua é un "feito eminentemente social". Para o autor do inicio do século XX, a relación entre lingua e individuo establécese tamén nos esforzos que este fai para se adaptar socialmente a outros individuos. Para el, a estilística define "o valor afectivo dos feitos da linguaxe

[13] Do mesmo xeito que se empregan maiúscula e minúscula para a área *Terminologia* e *terminologia* como obxecto de estudo desa área.

organizada, e a acción recíproca dos feitos expresivos que contribúen a formar o sistema dos medios de expresión dunha lingua" (Bally, 1909: 1).

Nesa concepción de uso da linguaxe, o autor introduce as denominacións "series e unidades fraseolóxicas" para a análise das locucións compostas (Bally, 1909: 66-74). Ambas son determinadas polo uso por parte dos falantes, pois a lingua é vista como feito social. Nas "series fraseolóxicas" os elementos poden ter autonomía nos seus significados e o que emerxe é a combinación máis recorrente que será considerada correcta. O autor exemplifica o uso de combinacións en francés (co-ocorrentes tamén en portugués) co emprego dos adverbios *gravemente* e *seriamente* canda o adxectivo *doente*, indicando como incorrecta a combinación **seriamente doente*. Ese tipo de combinación recibe actualmente a denominación de "colocación adverbial" por parte de Tagnin (1989, 2005 e 2013).

Para Bally (1909: 74), nas "unidades fraseolóxicas" non hai autonomía de significado individual dos elementos e soamente o conxunto de palabras, que forma unha única unidade, pode transmitir o significado pretendido. O autor exemplifica con locucións adverbiais como *tout à l'heure*, *tout de suite*, *à peu près, tout à fait*, *sans doute* ou *sans cesse* que en francés forman unidades fraseolóxicas. Non obstante, vemos que na tradución das mesmas nocións para o portugués non sempre se forma unha agrupación de palabras, o que indica a convencionalidade e arbitrariedade entre as linguas na expresión lingüística establecida a través do uso polos falantes.

Tagnin[14] (1989, 2005, 2013) aborda as combinacións de palabras partindo da noción de convencionalidade e idiomaticidade. A diferenza entre esas dúas nocións é a transparencia de significados: as expresións convencionais son (case sempre) transparentes e as expresións idiomáticas son opacas. A autora sinala tamén que no Brasil o termo *idiomático* é tamén empregado para significar *propio dun idioma*, sen a noción de opacidade. Nos niveis de convencionalidade distingue entre sintáctico (que comprende a combinabilidade, orde e gramaticalidade dos elementos da agrupación de palabras), semántico (que implica imaxes e metáforas) e pragmático (relacionado coas convencións sociais). No nivel sintáctico, presenta as coligacións, colocacións e binomios; no nivel semántico, as expresións idiomáticas; e no nivel pragmático, os marcadores conversacionais e as fórmulas situacionais.

Aínda que sen usar o termo fraseoloxía, na súa *tese de libre-docência* Tagnin (1998: 41) propón a seguinte definición para *colocación*: "unha colocación é unha combinación léxica recorrente, non idiomática, cohesionada, cuxos constituíntes están contextualmente restrinxidos e presentan coocorrencia arbitraria". No seu libro *O jeito que a gente diz*, a autora (Tagnin, 2013: 64-73) presenta, con diversos exemplos en portugués e inglés, as diferentes categorías de colocacións segundo os elementos que as compoñen: colocacións adxectivas, colocacións nominais, colocacións verbais e colocacións adverbiais. Esa

[14] As tres publicacións marcan o desenvolvemento deste estudo por parte da autora: a partir de 2005 aborda tamén a Lingüística de Corpus e, na edición de 2013, inclúe exemplos en alemán, español, francés e italiano, ademais do inglés, xa presente previamente.

categorización é moi útil para a concienciación da combinabilidade das unidades lexicais que, por seren de recorrencia restrinxida na maioría das veces, forman fraseoloxismos.

As reflexións doutros importantes autores na procura dunha definición para fraseoloxía figuran organizadas no cadro que se ofrece a seguir transcrito por Budny (2017: 415) a partir da investigación realizada pola autora nun traballo anterior:

Táboa 1 – Algunhas definicións de Fraseoloxía

AUTOR/ ANO	FRASEOLOXÍA[15]
SAUSSURE (1916)	Agrupamentos são constituídos por relações sintagmáticas e paradigmáticas de unidades pertencentes à língua e fornecidas pela tradição.
BALLY ([1909]1961)	Na Fraseologia a assimilação dos fatos da língua ocorre, principalmente, pelas associações e agrupamentos, os quais podem ser passageiros, mas podem também pela repetição passar a ter um caráter usual e formar unidades indissolúveis.
VINOGRÁDOV (1938)	A estreita relação que existe entre a Fraseologia (idiomática) e a Lexicologia está condicionada não só pela cercania estrutural dos conceitos das palavras e idiomatismos, mas também pelo movimento constante das palavras aos idiomatismos e dos idiomatismos às palavras.
REY (1986)	Sistema de particularidades expressivas ligadas às condições sociais nas quais a língua é atualizada.[...] dois aspectos de uma mesma realidade: expressão e locução, geralmente empregadas como dois sinônimos.
FIALA (1988)	A Fraseologia, conjunto de formas complexas que pertence a diversas categorias sintáticas figuradas ou não, mas é constituída de combinações recorrentes, mais ou menos estabilizadas, de formas lexicais e gramaticais, fixações construídas em contextos restritivos;
TRISTÁ (1988)	Fraseologismos são combinações de palavras que, devido a seu constante uso, perdem sua independência e adquirem um sentido global.

(Fonte: Budny 2015: 67)

Os trazos comúns ás definicións de fraseoloxía presentadas son a presenza de dúas ou máis palabras que forman un agrupamento e a noción de fixación, mentres que a cuestión da idiomaticidade non está presente na maioría delas.

[15] Tradución da táboa: "SAUSSURE (1916): Os agrupamentos son constituídos por relacións sintagmáticas e paradigmáticas de unidades pertencentes á lingua e fornecidas pola tradición"; "BALLY ([1909] 1961): Na Fraseoloxía, a asimilación dos feitos de lingua ocorre, principalmente, polas asociacións e agrupamentos, os cales poden ser pasaxeiros, mais poden tamén, á causa da repetición, pasar a ter un carácter usual e formar unidades indisolubles"; "VINOGRÁDOV (1938): A estreita relación que existe entre a Fraseoloxía (idiomática) e a Lexicoloxía está condicionada non só pola proximidade estrutural dos conceptos das palabras e idiomatismos, mais tamén polo movemento constante das palabras aos idiomatismos e dos idiomatismos ás palabras"; "REY (1986): Sistema de particularidades expresivas ligadas ás condicións sociais nas cales a lingua é actualizada. [...] dous aspectos dunha mesma realidade: expresión e locución, xeralmente empregadas como dous sinónimos"; "FIALA (1988): A Fraseoloxía, conxunto de formas complexas que pertence a diversas categorías sintácticas figuradas ou non, mais constituída de combinacións recorrentes, máis ou menos estabilizadas, de formas lexicais e gramaticais, fixacións construídas en contextos restritivos" e "TRISTÁ (1988): Fraseoloxismos son as combinacións de palabras que, debido ao seu constante uso, perden a súa independencia e adquiren un sentido global".

Corpas Pastor (1996: 20), no *Manual de Fraseología Española*, resume as características dunha unidade fraseolóxica definíndoa da seguinte forma:

> *Las unidades fraseológicas —objeto de estudio de la fraseología— son unidades léxicas formadas por más de dos palabras gráficas en su limite inferior, cuyo límite superior se sitúa en el nivel de la oración compuesta. Dichas unidades se caracterizan por su alta frecuencia de uso, y de coaparición de sus elementos integrantes; por su institucionalización, entendida en términos de fijación y especialización semántica; por su idiomaticidad y variación potenciales; así como por el grado en cual se dan todos estos aspectos en los distintos tipos.*[16]

En canto á Fraseoloxía como campo de estudos, esta é definida por Granger e Paquot (2008: 27) —con todo, sen a distinción relativa á letra maiúscula, como facemos nós— coas palabras de Cowie (1994: 3168): "[Fraseoloxía é] o estudo da estrutura, significado e uso de combinacións de palabras". As autoras afirman que os estudos se teñen centrado nos criterios distintivos das unidades fraseolóxicas e apuntan que hai diferenzas entre a tradición de estudos entre os diferentes países: os do leste europeo tenden a favorecer as expresións idiomáticas e os refráns; en Francia, a tradición céntrase na fixación (*figement*); na tradición anglosaxoa dáselles importancia ás colocacións, tipo de combinacións menos fixas. Segundo as autoras, as distintas visións levaron a unha proliferación de termos que cobren a mesma unidade e mesmo á posibilidade de que un mesmo termo indique unidades distintas. Na obra en que se inclúe o traballo de Granger e Paquot, *Phraseology. An interdisciplinary perspective*, editada por Granger e Meunier, encontramos achegas teóricas, resultados de pescudas en Fraseoloxía baseadas en corpus, investigacións con abordaxes contrastivas e culturais ou estudos sobre Fraseoloxía na lexicografía e no procesamento de linguas naturais. O libro é un dos froitos derivados do congreso internacional de Louvain *Phraseology 2005. The Many Faces of Phraseology*, organizado nun momento de rápido crecemento dos estudos en Fraseoloxía, principalmente coas pescudas en Lingüística de Corpus (LC). Nesta liña de abordaxe metodolóxica, un dos precursores e responsables do gran desenvolvemento da LC foi o británico John Sinclair, falecido o ano anterior á publicación do citado libro, para o que escribiu o prólogo.

Sinclair (2008: XV) sinala dous motivos polos cales a área foi desconsiderada durante moitos anos: a primeira é que a Fraseoloxía non fai unha clara división entre gramática e léxico/semántica, senón que posúe unha visión holística, coa frase considerada a partir do texto. Por tal motivo, permite moitas abordaxes e o prezo a pagar por esa estratexia é que non haxa lugar para a Fraseoloxía no instrumental da análise lingüística tradicional e, por tanto, que pase a ser ignorada con frecuencia. A segunda é que a Fraseoloxía prioriza os modelos sintagmáticos fronte aos paradigmáticos, os cales son realizados nas

[16] Tradución da cita: "As unidades fraseolóxicas —obxecto de estudo da fraseoloxía— son unidades léxicas formadas por máis de dúas palabras no seu límite inferior, cuxo límite superior se sitúa no nivel da oración composta. As devanditas unidades caracterízanse pola súa alta frecuencia de uso e de coaparición dos seus elementos integrantes; pola súa institucionalización, entendida en termos de fixación e especialización semántica; pola súa idiomaticidade e variación potenciais; así como polo grao no que se dan todos estes aspectos nos distintos tipos".

gramáticas pola alternancia. Os modelos sintagmáticos non dependen das alternativas e só teñen sentido pola combinación, pola inclusión, e non pola exclusión, segundo o autor.

Consideramos que, mentres na análise lingüística tradicional a Fraseoloxía queda marxinada e xeneralizada como "cuestións lexicais", no ensino de linguas estranxeiras está presente desde o inicio do século XX, como mostra González-Rey (2012) no seu traballo sobre a Fraseodidáctica, que abordaremos máis adiante.

Actualmente, co desenvolvemento tecnolóxico, son visibles os resultados dos estudos fraseolóxicos nos recursos electrónicos dispoñibles, como a suxestión ou o autocompletado de palabras en buscadores na web, editores de texto, tradutores automáticos e aplicacións de mensaxería en teléfonos móbiles. Por tras deles encóntranse os coñecementos da lingüística computacional, da lingüística de corpus e do procesamento da linguaxe natural. Un exemplo pode ser examinado doadamente co móbil e coa aplicación de mensaxería WhatsApp (en Android, con suxestións de Google): tecléase *água*, aparecen as suxestións *na* e *boca* (*água na boca* —en galego, *auga na boca*—); tecléase *entrar*, aparecen as suxestións *em*, e despois *contato* (*entrar em contato* —en galego, *entrar en contacto*—); tecléase *prestar*, encóntrase a suxestión *atenção* (*prestar atenção* —en galego, *prestar atención*—); tamén se tecleamos en inglés *pay*, aparece *attention* (*pay attention* —en galego, *prestar atención*—) ou tamén *have* suxire *a*, *nice*, *day* (*have a nice day* —en galego, *que teña(s) un bo día*—). Os dispositivos sérvense das ferramentas de medida de ocorrencia das palabras máis frecuentes e os fraseoloxismos están formados pola combinación de palabras que co-ocorren frecuentemente.

3.1. Rumbos a seguir: coñecendo as rutas

Os estudos de Fraseoloxía abranguen varias áreas e por iso moitas veces o director académico pode non ser especialista en Fraseoloxía ou en Léxico, senón en estudos lingüísticos de natureza diversa, en tradución, en ensino e mesmo en literatura. O posgraduando, pois, contará co ambiente académico (disciplinas, participación en eventos e grupos de investigación) e a bibliografía especializada existente para o desenvolvemento dos seus estudos.

O rumbo que se percorrerá depende das escollas previamente definidas no proxecto de investigación presentado, que indica cal é o camiño a trazar entre as áreas de estudo. Limitándonos ás áreas de Letras, sen internármonos na lingüística computacional nin nos estudos literarios, podemos distinguir dúas grandes áreas: o ensino e a tradución.

3.1.1 Ensino

En relación co ensino, os estudos de Fraseoloxía reciben o nome de Fraseodidáctica. No artigo *De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica*, González-Rey (2012) ofrécenos un percorrido pola historia da didáctica da fraseoloxía, partindo primeiramente dos traballos sobre didáctica de linguas como disciplina e do ensino da fraseoloxía neses mesmos traballos e continuando coa Fraseoloxía como disciplina e co seu ensino. Finalmente, sinala que o termo Fraseodidáctica foi implantado por Peter Kühn en Alemaña en 1987 e que a súa consolidación tivo lugar principalmente grazas aos traballos de

Helmut Lüger e de Stefan Ettinger, tamén na segunda metade do século XX, mentres que a introdución do termo en lingua española tivo lugar xa no século XXI. Tras unha extensa análise de diversas publicacións, González-Rey (2012: 78), entre varias conclusións, afirma que, no ámbito internacional, a presenza da fraseoloxía nos manuais didácticos para o ensino de linguas estranxeiras precede ao seu estudo, dado que o tema era xa do interese dos docentes desde tempos pasados. A autora resume que "hoxe en día, a Fraseodidáctica defínese non só como a didáctica da fraseoloxía dunha lingua, senón tamén como a didáctica de toda unha lingua a través da súa fraseoloxía" (2012: 67).

Seguindo unha liña similar, mais empregando outro termo, Parreira (2016: 65) aborda a Fraseopedagoxía como un dominio entre os Estudos do Léxico e a Lingüística Aplicada, unha "nova perspectiva educativa [que] fai repensar o papel do docente e o obxecto de estudo que debe ser traballado", toda vez que para a autora depende de como o docente-investigador vexa o ensino das unidades fraseolóxicas: se como un fin en si mesmo no límite da semántica ou se usa os fraseoloxismos para atinxir outros coñecementos máis abranguentes.

Para definir as rutas no ámbito do ensino, podemos distinguir entre estudos en lingua materna e en lingua estranxeira. A Fraseoloxía en lingua materna pode ser estudada con finalidades diversas, por exemplo, no ensino para o enriquecemento e perfeccionamento do léxico de nenos e mozos, ou de aspirantes a escritores en abordaxes de escrita creativa, proporcionando axuda para o recoñecemento da convencionalidade da lingua. Manténdonos na lingua materna, a Fraseodidáctica pode centrarse na terminoloxía dun campo específico, tanto en niveis superiores e profesionais que utilizan a linguaxe especializada dunha área de coñecemento, como en niveis escolares iniciais, seguindo o exemplo dun traballo como o de Araújo (2012), que trata das unidades terminolóxicas no campo das Ciencias Naturais en libros didácticos escolares. Chamar a atención sobre a fraseoloxía da lingua xeral e sobre a fraseoloxía especializada nos niveis primarios da escola é moi importante para desenvolver a conciencia lingüística sobre a precisión nas combinacións de palabras e a súa convencionalidade. E é especialmente importante desenvolver a conciencia de que se poden romper esquemas se se desexa e é necesario, mais tamén entender que existe unha forma que é máis coñecida, máis usual e que foi convencionalizada polos falantes ou por unha comunidade de especialistas, no caso das unidades fraseolóxicas especializadas.

No proceso de ensino e aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a Fraseodidáctica desempeña un importante papel, dado que utilizar os fraseoloxismos en LE supón unha demostración de competencia lingüística natural. Hai dispoñibles moitos glosarios e libros específicos de expresións idiomáticas e refráns, mais aínda hai poucos relativos especificamente ás colocacións e aos diversos tipos de fraseoloxismos. Gran número de producións están escritas en inglés, pero aumentaron as publicacións en español, francés e italiano. En canto aos libros didácticos de cursos de linguas estranxeiras, as expresións relativas ás fórmulas rutineiras e marcadores discursivos están presentes desde as primeiras unidades, así como as expresións idiomáticas que figuran aquí e alí en textos e diálogos. Xa en relación coas colocacións, uns poucos libros presentan exercicios específicos, mais

non se ofrecen explicacións respecto á combinabilidade. En italiano, Marello (2014: 186) reflexiona sobre as colocacións chamadas restrinxidas e alerta de que "non son adecuadamente tratadas nos manuais de lingua e, nos dicionarios, preséntanse mesturadas cos exemplos que mostran relacións sintagmáticas 'libres' e solidariedades lexicais[17], por tanto o aprendiz non entende os límites da súa combinabilidade". Isto resulta evidente principalmente nas linguas especializadas, chamadas en italiano *microlingue*[18], *linguaggio settoriale* ou *lingue speciali*, cando a combinación é extremadamente restrinxida para expresar un determinado significado, como na colocación verbal *bandire un concorso*, en que o verbo non debe ser substituído por **lanciare* ou **avviare*, e a expresión é comprendida como unha unidade lexical (Urzi, 1999: V).

Mesmo en relación coas expresións de uso frecuente, non se encontran explicacións sobre a cuestión das súas características e da súa fixación como un fenómeno lingüístico, como se fai en relación coas cuestións gramaticais. Por exemplo, no ensino do italiano como lingua estranxeira, o modo verbal *condizionale* é presentado coas súas características morfosintácticas, funcionais e comunicativas, coa forma de cada persoa da conxugación e con indicación da situación en que debe ser empregado para realizar certa función comunicativa. Hai, en italiano, varias unidades fraseolóxicas en que se empregan números, principalmente *quattro* e *due*. Forman parte dos chamados *modi di dire*. En xeral, as expresións son presentadas nos libros didácticos dentro dun contexto, con algún exercicio de comprensión a continuación, mais non se chama a atención sobre o feito de que exista un patrón de uso deses dous números pares ("catro" e "dous", respectivamente). As expresións co número *due* poden indicar 'duplicidade, dúas caras ou segundo lugar', como en *farsi in due*; *un uomo a due facce*; *essere il numero due*, corroborando o significado do número dous. Noutros fraseoloxismos, o número *due* e o número *quattro* asumen un valor de pronome indefinido ou de adverbio, co significado de 'pouco', como *essere a due passi*; *fare due spaghetti*. Con ese significado tamén é usado o número catro: *fare quattro passi*; *fare quattro chiacchiere*. A conciencia de que existen patróns tamén en expresións fixas e idiomáticas facilitaría a comprensión e aprendizaxe destas expresións.

A importancia de chamar a atención sobre os fraseoloxismos na lingua estranxeira, principalmente sobre aqueles en que hai graos de idiomaticidade, é tratada por Termignoni e Finatto (2017) nun artigo no que ofrecen un percorrido bibliográfico sobre os motivos de ensinar as expresións idiomáticas e no que exemplifican as dificultades que os aprendices de lingua italiana encontran en enunciados publicitarios repletos de xogos de palabras e desautomatizacións. Para comprendelos, é necesario que o tema sexa abordado na aula para desenvolver a competencia fraseolóxica.

Sardelli (2014: 202), tratando do ensino de unidades fraseolóxicas no ámbito do ensino do español como lingua estranxeira (EL), sinala a falta de criterios na súa inclusión no ensino de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) e alerta de que se debería compilar "corpus de unidades fraseolóxicas adaptadas para os distintos

[17] A autora refírese á teoría de Coseriu (1967) sobre as solidariedades lexicais.

[18] Ver SANTIPOLO, Matteo. *Le microlingue italiane: una prospettiva didattica*.

niveis de ensino e elaborar métodos para o desenvolvemento de actividades didácticas que agrupen as UF atendendo á función comunicativa". Non é clara a suxestión da autora en relación co tipo de corpus, se en formato de compilación de textos electrónicos que conteñan unidades fraseolóxicas ou en formato de obra lexicográfica; con todo, a idea de dispor dun repositorio de fraseoloxismos para a elaboración de material didáctico en distintos niveis é moi motivadora e podería ser seguida en todas as linguas, dado que o MCER é referencia para o ensino de linguas estranxeiras.

Aínda non vimos unha iniciativa de ámbito nacional[19] de compilación dun corpus exclusivamente dedicado ás unidades fraseolóxicas, mais localmente moitos traballos de investigación, principalmente na área da tradución, teñen por obxectivo a extracción e análise de fraseoloxismos a partir de corpus preexistentes ou compilados *ad hoc*, como os traballos do Proxecto COMET (Corpus Multilíngue para Ensino e Tradução) da FFLCH/USP. Percíbese unha crecente produción de docentes e discentes investigadores en publicacións relativas á Fraseodidáctica a través dos repositorios bibliográficos, como se verá máis adiante, e en presentacións de traballos en eventos científicos, principalmente aqueles dedicados ao estudo do Léxico, de asociacións como as xa citadas. A Fraseodidáctica é unha prometedora ruta para o desenvolvemento de pescudas na Posgraduación brasileira e a comunidade académica española ten moito que ofrecer aos investigadores de todas as linguas.

Hai moitos aspectos sobre Fraseoloxía que poden ser traballados no campo do ensino de linguas estranxeiras, desde a análise de material didáctico ou a percepción das unidades fraseolóxicas por parte de profesores e aprendices, ata traballar nunha perspectiva en que se parta dos fraseoloxismos (convencionais e idiomáticos) para ensinar a LE (tanto lingua común como lingua especializada) con elaboración de material didáctico, incluíndo obras fraseográficas, programas apropiados e tendo en mente o desenvolvemento de competencias orais e escritas.

3.1.2 Tradución

Tan importante como a anterior, outra ruta que se pode seguir e que tamén ten como obxecto de estudo as unidades fraseolóxicas é a do campo da tradución. Talvez de maneira máis evidente que no ensino de linguas estranxeiras, na tradución emerxe a importancia do coñecemento teórico da Fraseoloxía. O tradutor que non entende unha unidade fraseolóxica é considerado un 'tradutor inxenuo'[20] (Tagnin 2002: 191) por descoñecer a fraseoloxía das linguas con que traballa. A inxenuidade, confirma a autora, pode ocorrer tanto na competencia de comprender na lingua de orixe como na de producir o texto na lingua meta, que pode ser mesmo a súa lingua materna. Podemos exemplificar aquí co emprego dun verbo nun slogan publicitario dunha compañía multinacional en que se dicía 'venha *tomar parte* dessa família', ao contrario da colocación convencional

[19] Cómpre destacar que a *Accademia dela Crusca* italiana destina esforzos para a dixitalización e compilación de diversos corpora, como se ve en https://accademiadellacrusca.it/it/contenuti/archivio-digitale/7070, pero aínda non se encontra ningún especificamente de fraseoloxismos.

[20] Tagnin utiliza o adxectivo coa mesma función que Fillmore (1979) para "falante inxenuo".

en portugués brasileiro *fazer parte*, claramente unha mala tradución da colocación verbal en inglés *take part* (en galego, *formar parte*). En xeral, os tradutores están atentos ás metáforas e expresións idiomáticas[21] porque a diferenza de significado literal salta aos ollos e a maioría das veces non hai correspondencia directa entre as linguas, mais pode haber problemas de tradución de non se fixaren nas colocacións verbais, adxectivas ou nas coligacións prepositivas e de rexencia. Por iso, unha revisión consciente buscando o que é máis natural na lingua meta é sempre recomendable.

Non obstante, aquilo que é máis natural debe estar de acordo coas intencións do autor e do tradutor. Unha tradución implica necesariamente un contexto intercultural, pois un texto producido en determinada comunidade pasará a ser lido noutra comunidade cultural e sociolinguisticamente distinta. Un exemplo de tradución que dá marxe a distintas reflexións é ofrecido por Sabban (1999: 8) ao mencionar o fraseoloxismo *trabajar como (un) burro* na tradución para o alemán da novela *La casa de los espíritus*, de Isabel Allende, que recibiu o título *Das Geisterhaus*, e no cal ese fraseoloxismo foi traducido por *schuften wie ein Esel* ("traballar como un burro"). Houbo críticas á escolla dado que en alemán existe a expresión fixa *schuften wie ein Pferd* ("traballar como un cabalo"). A autora, á súa vez, apunta que a imaxe do cabalo (*Pferd*) ao contrario do burro (*Esel*) podería ser "perturbadora no contexto do texto, posto que o cabalo non encaixa na vida do mundo chileno proxectado na novela". Este tipo de escolla recae en decisións que poden revelar unha tradución máis ou menos estranxeirizante[22]. O máis importante é que o tradutor teña á súa disposición o coñecemento, ou a desconfianza da posibilidade de existencia, de formas fixas tanto na lingua de partida como na lingua de chegada para facer escollas conscientes.

Outra corrente de estudo fraseolóxico moi relevante na tradución refírese á tradución da linguaxe especializada ou científico-técnica, que constitúe un gran e variado volume de textos de importancia social, médica, xurídica, económica, ambiental etc. Xuntamente coa Terminoloxía, a Fraseoloxía neste ámbito ten sido obxecto de estudo de Bevilacqua (2005), que introduciu o termo "unidade fraseolóxica especializada" (UFE). Partindo da problematización do que é unha unidade fraseolóxica e posteriormente da fraseoloxía na lingua especializada, a autora propón a seguinte definición de unidade fraseolóxica especializada:

> *São unidades formadas por um núcleo eventivo, considerado como tal por ser de base verbal ou derivada de verbo (nominalização ou particípio), e por um núcleo terminológico (termo). Entre estes dois núcleos se estabelecem relações sintáticas, mas principalmente semânticas, determinadas pelas propriedades do texto em que são utilizadas. Portanto, são unidades que se conformam no e pelo texto em que são utilizadas. Cumprem, tal como os termos, a função de representar e transmitir conhecimento especializado*[23] (Bevilacqua, 2005: 82-83).

[21] Ver Capítulo "1.4 Equivalenza" en BASSNET, Susan (1993): *La traduzione Teorie e Pratica*. Milano: Bompiani.

[22] Considerando a noción de Antoine Berman en *A prova do estrangeiro* (1984).

[23] Tradución da cita: "Son unidades formadas por un núcleo eventivo, considerado como tal por ser de

Esta definición abrangue, por exemplo, tanto unidades fraseolóxicas longas (os introitos e peches de cartas, oficios e documentos xurídicos) como colocacións verbais, dada a súa especificidade e frecuencia de uso en determinados contextos. As unidades fraseolóxicas especializadas fornecen significado semántico e pragmático da área en cuestión, pois en documentos oficiais a forma denota o valor e a función do que se di.

Scarpa (2013/2017: 53), tratando da tradución especializada, principalmente do inglés para o italiano, destaca a importancia do tradutor especializado que traballa entre dúas linguas non soamente "do punto de vista onomasiolóxico —á procura do equivalente non connotativo— así como semasiolóxico, senón que se encontra el mesmo na posición de terminólogo que debe crear un termo ausente na lingua de chegada ou propor un máis unívoco que o termo existente".

Actualmente en Italia, así como no Brasil, a lingua inglesa exerce gran influencia en determinadas áreas. Scarpa (2013/2017: 211) afirma que algúns fraseoloxismos que serían considerados "antinaturais" anos atrás en lingua italiana hoxe son aceptados porque son importados termos, fraseoloxismos, construcións sintácticas xa convencionalizados polos especialistas en determinadas áreas de coñecemento; por iso, a naturalidade da tradución é un concepto relativo. Constatamos unha vez máis que o tradutor debe coñecer as convencións da lingua de chegada, o xénero textual e o público lector para tomar decisións tradutolóxicas conscientes.

A lingua especializada representa o coñecemento acumulado dunha comunidade no ámbito dun campo específico da ciencia ou da vida en sociedade. A tradución de textos deste carácter cumpre un papel prioritario na comunicación intra e interlingüística fundamental no mundo globalizado actual e correspóndelles aos profesionais das Letras, tanto tradutores como docentes e discentes investigadores, colaborar no desenvolvemento desa comunicación.

Unha ruta de estudos que proporciona unha axuda fundamental para o profesional das Letras é a dos procesos neolóxicos, unha das ramas dos estudos do Léxico, que se aplica tamén para a formación de unidades fraseolóxicas. Como se indicou, o contexto de uso da linguaxe especializada é moi frutífero para a creación de novos termos e de unidades fraseolóxicas especializadas, pois o propio desenvolvemento da área require novas denominacións para conceptos e artefactos. Alves (2001: 57) afirma que os procesos de formación dos neoloxismos, sexan de lingua xeral ou terminolóxicos, son os mesmos, ou sexa: "derivación, composición, transferencia semántica, préstamo doutros idiomas, truncamento". A autora, neste texto, non trata sobre as unidades fraseolóxicas, pero o seu exemplo de "sintagma preposicional" pode ser considerado colocación nominal seguindo a nomenclatura de Tagnin (1989, 2005, 2013).

---

base verbal ou derivada do verbo (nominalización ou participio), e por un núcleo terminolóxico (termo). Entre estes dous núcleos establécense relacións sintácticas, mais principalmente son relacións semánticas, determinadas polas propriedades do texto en que son empregadas. Por tanto, son unidades que se conforman no e polo texto en que son utilizadas. Cumpren, ao igual que os termos, a función de representar e transmitir coñecemento especializado".

O coñecemento sobre os procesos neolóxicos é importante para o tradutor de textos especializados, pois, moitas veces, el é o responsable da introdución de novos termos de áreas específicas nunha comunidade lingüística a través da tradución de obras fundamentais para a área. Bevilacqua e Kilian (2017) tratan da importancia deste coñecemento na formación do tradutor en *Tradução e Terminologia: relações necessárias e a formação do tradutor*.

Investigadores en Fraseoloxía *na* e *para* a tradución poden ofrecer máis recursos e instrumentos para facer escollas tradutolóxicas conscientes. Entendemos por investigar *na* tradución o feito de analizar o "produto", isto é, o resultado, o texto de chegada. Unha pescuda nesa área pode ser de carácter analítico, a partir do cotexo, comparación e análise dunha obra traducida e das súas solucións tradutolóxicas nunha ou máis linguas de chegada. Manténdonos no carácter analítico, a investigación pode desenvolverse baseándose na Lingüística de Corpus, con uso de corpora dispoñibles na rede e consultados con ferramentas específicas, como as que dispoñen os centros de investigación Linguateca[24] (Portugal) e COMET (Brasil). Por "investigar *para* a tradución" entendemos o feito de centrarse no "proceso", isto é, no proceso tradutolóxico, nos seus actores, nos seus contextos, nos seus instrumentos. Nesta perspectiva as pescudas poden ser de carácter didáctico para o ensino das competencias tradutolóxicas e, neste ámbito, aproxímase moitas veces ao contexto de aprendizaxe de linguas, porque os niveis de coñecemento lingüístico da LE poden variar e crecer coa competencia tradutolóxica. A investigación pode tamén ser de carácter diacrónico, por exemplo, cun rexistro de fraseoloxismos en obras clásicas, as súas traducións ao longo de varias publicacións e a procura en corpus de lingua contemporánea para a actualización de tales fraseoloxismos de cara a unha nova tradución. Para facilitar o proceso de tradución, son recorrentes e sempre necesarios os traballos de investigación que teñen por obxectivo a creación de instrumentos para auxiliar o acto tradutolóxico, como a elaboración de glosarios e dicionarios específicos ou tamén de ferramentas computacionais que auxilien na memoria de tradución, por exemplo, para o uso adecuado de colocacións.

3.2. Fraseografía entre ensino e tradución: confluencias

A *Fraseografía* é unha das rutas nos estudos fraseolóxicos e, probablemente, a máis antiga e a máis percorrida. Pode ter tanto carácter práctico, coa elaboración de glosarios, dicionarios e enciclopedias, como carácter teórico, en relación coa crítica ou a historiografía fraseográfica, a metafraseografía ou aínda caracterizarse como investigación empírica sobre o uso de obras fraseográficas por parte de aprendices ou de tradutores. A denominación procede dunha composición léxica similar á dos campos de estudo *Lexicografía* e *Terminografía;* cada área diferénciase polos seus respectivos obxectos de estudo: Lexicografía, unidades lexicais; Terminografía, unidades terminolóxicas; Fraseografía, unidades fraseolóxicas. Con todo, as xa citadas unidades fraseolóxicas especializadas poden figurar tanto en obras terminográficas como fraseográficas, dependendo das escollas do autor da obra, e nas obras lexicográficas xerais poden estar

[24] Pode atoparse información sobre Linguateca en https://www.linguateca.pt/COMPARA/ e, sobre o COMET, en http://comet.fflch.usp.br/projeto

presentes unidades fraseolóxicas e unidades fraseolóxicas especializadas. Nestas obras xerais, a inclusión dos fraseoloxismos acostuma ser un problema para o lexicógrafo que, normalmente, non segue un modelo coherente para todos os lemas e con iso ofrece un proficuo campo de investigación para a Fraseoloxía.

O que caracteriza unha obra fraseográfica é o feito de que as súas entradas son exclusivamente unidades fraseolóxicas. Denomínase *entrada*, *lema* ou *cabeça de verbete* (calco do inglés *headword*) as UF que serán definidas ou terán os seus equivalentes noutra lingua; úsase *nomenclatura*, *nominata* ou *lemário* para a lista das entradas (*wordlist*). En Fraseografía téndese a empregar a mesma terminoloxía relativa á Lexicografía. Chámaselle *macroestrutura*[25] á organización xeral da obra, sexa onomasiolóxica ou semasiolóxica, se hai inclusión de táboas, ilustracións etc; e *microestrutura* ao conxunto de informacións que inclúen a *entrada* seguida do seu *enunciado lexicográfico*.

O enunciado lexicográfico pode estar composto por tres macroparadigmas, conforme sinala Barbosa (1999: 42), paradigma informacional (PI); paradigma definicional (PD) e paradigma pragmático (PP), e varían de acordo cos obxectivos da obra. Os macroparadigmas, á súa vez, están formados por microparadigmas que conteñen datos do seguinte tipo: PI -abreviatura, categoría, xénero, número, conxugación, pronuncia, homónimos, campos léxico-semánticos etc; o PD -sema 1, sema 2 (se hai análise sémica ou outro identificador semántico, como sinala a autora); PP -clase contextual 1, clase contextual 2 (os exemplos de uso). Entendemos que esta división na organización da información é útil tamén para a microestrutura de obras fraseográficas.

Para a elaboración dun dicionario fraseolóxico, especificamente de expresións idiomáticas (EI) e tendo o tradutor como público meta, Xatara (2016: 140-143) fai algunhas recomendacións, que aquí resumimos:

a) definir o fraseoloxismo que debe ser descrito esclarecendo o seu patrón conceptual na introdución da obra.

b) definir a extensión da recolla da nomenclatura conforme o obxectivo da obra: se é para decodificación (comprensión), selección cuantitativa; se é para codificación (produción), selección cualitativa. Na cuantitativa, o número de entradas é maior e o número de datos na microestrutura é menor. Na cualitativa, o número de entradas é menor e o detalle microestrutural é significativo.

c) establecer as fontes para a selección da nomenclatura: con fontes primarias (textos documentais) evidénciase a cuestión da frecuencia; con fontes secundarias (outros dicionarios), compílase con maior número de entradas.

d) definir a microestrutura: por tratarse dun dicionario bilingüe de EI, é imprescindible o equivalente; porén, hai opcións entre equivalentes idiomáticos e explicacións con paráfrases. A última opción é a máis común en dicionarios bilingües de lingua xeral, afirma a autora.

[25] Os termos macroestrutura e microestrutura con ese sentido foron introducidos por Rey-Debove, *Étude Linguistique et sémiotique des dictionnaires français contemporains* (1971).

Procurar establecer equivalencia é o traballo do tradutor e pode ser tamén o do profesor de LE que, moitas veces, ao ensinar unha unidade fraseolóxica en LE, conduce o aprendiz a tomar conciencia sobre determinados fraseoloxismos na súa propia LM. Para o lexicógrafo ou fraseógrafo, como xa se sinalou, é importante decidir cales son as prioridades na información ofrecida, de acordo co público meta ao que a obra se destina, para ser un auxilio na tradución ou no ensino de linguas.

En relación coa busca de equivalencia, Barbosa (1999:43) apunta un cadro de complexidade no tratamento das equivalencias entre dúas linguas, demostrando que "xa na lingua coloquial a relación non é biunívoca" e que "nas linguaxes de especialidade a rede de posibles *equivalentes* se volve aínda máis complexa".

Mesmo con toda a complexidade que este tipo de obra lexicográfica esixe, hai un gran número de publicacións, con resultados de distintas calidades. Vemos obras fraseográficas monolingües, bilingües, plurilingües, nun volume ou en varios formando unha colección, por exemplo, coa mesma nomenclatura dunha lingua de partida para varias linguas de chegada. En xeral, os autores dividen os fraseoloxismos en tipoloxías dentro da mesma obra, como refráns, aforismos, expresións idiomáticas, unidades fraseolóxicas especializadas (comunmente chamadas tamén xergas profesionais ou técnicas), colocacións verbais e adxectivas. Poden ser temáticas en relación co léxico, con unidades fraseolóxicas pertencentes a un mesmo campo semántico ou a unha única área de coñecemento, ou tamén en relación co tipo de fraseoloxismo, sendo exclusivamente de refráns, de expresións idiomáticas, de colocacións etc.

A denominación Fraseografía e os seus estudos lingüísticos, como os apuntados, remontan a tempos recentes, mais a práctica fraseográfica é bastante antiga, pois listar expresións fixas cos seus respectivos significados sempre foi útil para a comprensión e produción entre linguas distintas. Contamos co rexistro de unidades fraseolóxicas nun pequeno libro que pode ser considerado o "primeiro dicionario"[26] entre dúas linguas modernas na época en que os dicionarios eran sempre do latín para unha lingua neolatina. Algúns anos despois da chegada da imprenta de Gutemberg no sur de Alemaña, establecéronse moitas tipografías na entón riquísima e mercantil rexión do Véneto no norte de Italia. O libro, datado de 1477 e titulado *Introito e porta di quele che voleno imparare todescho e latino, cioé taliano* (Giustiniani, 1987) [que podemos traducir por *Inicio e entrada para aqueles que queren aprender alemán e latín, isto é, 'taliano*], é da autoría do tipógrafo e profesor de alemán Adam von Rottweil. En realidade, as linguas tratadas eran os dialectos falados naquelas dúas rexións: bávaro, en Alemaña, e dialecto véneto, en Italia, como sinala Marello (1989: 10). Nesa especie de dicionario bilingüe e manual para o ensino das linguas, rexístranse expresións que poden ser caracterizadas como fórmulas situacionais como *Va' a dormire! – Gang schlaufen!; Làssami stare!- Läs mich stön* (Giustiniani, 1987: 190) [*Vai durmir! Déixeme en paz!*] e tamén como combinacións sintácticas fixas de uso común nas interrogacións *Perché non - warum nit* (Giustiniani, 1987: 39) [*Por que non*], entre outras. Ofrecer un rexistro escrito de expresións fixas

[26] Entre comiñas porque non posúe as características das obras lexicográficas dos últimos séculos.

da lingua falada era un modo de facilitar a comunicación entre os viaxeiros da Venecia mercantil daquel tempo en que a lingua escrita oficial era o latín e as linguas románicas (os vulgares) estaban comezando a establecerse na escrita.

A función didáctica dunha obra organizada de forma similar a un dicionario remonta a séculos, senón milenios se consideramos os chamados 'protodicionarios' da escola de escribas da rexión de Mesopotamia (Sterkenburg, 2003: 9). A exemplo do citado *Introito* e *Porta*, a fixación nas combinacións de palabras era xa percibida e amosada aos aprendices. Xustifícase, por tanto, a necesidade de incluír fraseoloxismos no ensino de linguas.

Os resultados dos estudos no campo da Fraseografía son importantes para o desenvolvemento de material didáctico para o ensino de LE. A investigación pode seguir o camiño da análise crítica de fraseoloxismos en obras lexicográficas xerais (dicionarios, glosarios, enciclopedias), dirixirse cara á elaboración de obras fraseográficas con fins didácticos a partir de corpus (especialmente útiles con corpus específicos de linguas de especialidade) ou, tamén, cara á observación do uso empírico de obras lexicográficas monolingües e bilingües por parte de aprendices de LE, seguindo o exemplo da investigación sobre o uso de dicionarios (*Dictionary use*) como as de Zucchi (2010a, 2010b). En Zucchi (2014) preséntanse as características das colocacións e os resultados dunha análise empírica sobre como os aprendices brasileiros de lingua italiana consultan dicionarios electrónicos para chegar ao significado de determinados fraseoloxismos presentados en textos auténticos.

En síntese, podemos representar as relacións entre os temas tratados a través dunha figura en forma de seis triángulos, sendo a perspectiva fraseográfica o triángulo maior que circunscribe os demais e os cinco triángulos menores, os enfoques a partir dos cales se elabora ou se analiza unha obra lexicográfica.

A lenda é LE: lingua estranxeira; LM: lingua materna; LEsp: lingua de especialidade; T: tradución; E: ensino.

Figura 1: Triángulo de enfoques fraseográficos



(Fonte: a autora)

Optouse por Lingua Materna e Lingua Estranxeira por considerar a cuestión vectorial do uso da lingua en relación co lugar de elaboración e publicación da obra, se é lingua de comunicación do país ou é lingua estranxeira, se é lingua de especialidade usada no país ou lingua de especialidade estranxeira. Con esta premisa en relación coa lingua da obra, debe pensarse se o enfoque será para a tradución ou para o ensino de linguas, podendo ser LM, LE, LEsp, ou mesmo para o ensino da tradución ou o ensino da tradución de lingua especializada.

A posibilidade de realizar un estudo de corte lexicográfico subxace aos diversos enfoques posibles sobre a Fraseoloxía, por iso é representado como o triángulo maior que sustenta todos os outros. Consideramos que os temas presentes no seu interior poden relacionarse de distintos modos e que é posible elaborar obras fraseográficas (así como facer análises de obras existentes) con obxectivos específicos a partir do enfoque de cada perspectiva temática e lingüística. Esa mesma figura pode ser aplicada tamén para obras lexicográficas en xeral, denominándose "Triángulo de enfoques lexicográficos".

Lonxe de abarcar plenamente os posibles campos dos estudos fraseolóxicos e, desafortunadamente, deixando de citar moitos autores importantes, mais procurando ofrecer estudos de referencia nunha liña de presentación que apuntou algunhas rutas, cómpre preguntarse agora que máis está implicado na orientación das investigacións académicas.

4. Orientar: *dar o Norte* nos estudos académicos con "instrumentos de navegación"

Na xornada de traballo dun investigador, hai moitas opcións de rutas que se poden seguir nun mar de posibilidades. No caso de que se deixe levar aos catro ventos, no caso de que poña enerxía en dirección aos catro puntos cardinais, o resultado é que ou xira en círculos ou non sae do lugar. Por tanto, unha adecuada orientación é necesaria para chegar ao porto esperado e alcanzar un obxectivo preestabelecido.

A orientación académica é inherente a todas as áreas do coñecemento e, na área dos estudos lexicais, resaltamos a presenza e facemos homenaxe á profesora Dra. Maria Aparecida Barbosa, que desempeñou de forma intensa o papel de directora académica durante máis de corenta anos dedicados aos estudos lingüísticos no Brasil e no exterior, dirixindo máis de corenta teses e disertacións na Universidade de São Paulo. Co seu coñecemento e dedicación, aproximou mundos e linguaxes. Entre varios temas relativos ao Léxico ao que se dedicou, destacamos a importancia do concepto de 'banalización', que é un "proceso de transcodificación que, a partir da linguaxe científico-técnica, procura tornar comprensibles aos non especialistas dunha área, mais interesados por ela, os significados e os valores específicos do universo de discurso en causa" (Barbosa, 2006, s/p). Citamos como exemplo a súa dirección no traballo de J.A. Alvarenga, *Conceitos e termos da área de agrotóxicos: da cientificidade a divulgação*, de gran relevancia social, pois o obxectivo da investigación era a banalización de termos científicos para que os leigos chegasen a coñecementos específicos, levarlles o significado de termos técnicos incomprensibles aos braceiros que lidaban directamente cos agrotóxicos.

En todos os traballos dirixidos por ela, as súas actitudes ofrecían acollemento e amabilidade no tratamento do coñecemento. A súa claridade de pensamento aclaraba ideas inmaturas traducindo os construtos aínda informes dos seus estudantes a unha linguaxe formal, con rigor científico, e precisa no uso dos termos, tan necesaria na escrita académica.

O papel do director académico vai máis alá da transmisión de metodoloxía e de coñecemento científico, pois debe posuír coñecemento sobre as relacións humanas e comprensión das dificultades discentes para contribuír na formación dun investigador. Como afirma Brauer (2012: 19) entre as moitas demandas no traballo docente, a da relación interpersoal é a que máis consecuencias ten no proceso educativo.

Orientar é tamén inculcar no alumno o desexo de saber máis e promover a conciencia de que non é posible coñecer todo, senón que é preciso dedicación para encontrar datos que sirvan de alicerce. O pensamento e o coñecemento consolídanse a través de lecturas e de asociacións con información xa existente. A percepción na lectura dos estilos de escrita, da existencia de terminoloxías e de unidades fraseolóxicas especializadas axuda na produción textual dentro da área de estudo escollida.

O traballo do investigador novel comeza antes de ingresar no curso de Posgraduación. Ao participar no proceso selectivo, o solicitante presenta un anteproxecto da súa investigación que vai ser desenvolvido baixo o campo de actuación dun director académico. Hai centenares de títulos de libros sobre metodoloxía científica, que amosan como elaborar un proxecto, desenvolver unha investigación e escribir o traballo no nivel de Mestrado e de Doutoramento. As premisas básicas son: escolla do tema, xustificación e relevancia desa escolla, referencia á fundamentación teórica e aos traballos sobre o tema xa publicados, formulación do problema a través de preguntas ou hipóteses, determinación dos obxectivos, definición dos procedementos metodolóxicos, realización dos procedementos, análise e conclusións.

Como aspirante a formar parte da comunidade académica, o solicitante xa se prepara cubrindo o seu curriculum Lattes (v. apartado 2.2.) e proporciona ademais a súa identidade académica de recoñecemento internacional a través de varios identificadores: número ORCID (Open Researcher and Contributor ID)[27], que evita problemas de ambigüidade de nomes, entre outras vantaxes; e ResearcherID[28], que permite a xestión das propias publicacións e o seguimento dos cómputos de citas e índice h (*h-index*, indicador de produtividade e impacto das publicacións). Eses dous identificadores son case obrigatorios para os docentes universitarios. Para o discente, aínda que non teña publicacións, é conveniente realizar os rexistros e familiarizarse co ambiente académico do actual milenio, inclusive familiarizarse coa elaboración de informes para a verificación da produción, imprescindible na avaliación anual e cuadrienal da CAPES, órgano regulador xa citado. Unha vez aprobado o anteproxecto e feita a matrícula, a primeira fase da dirección académica consiste na selección das disciplinas que se deben cursar e na

[27] https://orcid.org/

[28] https://www.researcherid.com/#rid-for-researchers

busca de bibliografía para complementar o que xa se presentou e comezar a desenvolver efectivamente a investigación.

4.1. Busca de referencias bibliográficas e recursos tecnolóxicos

No seu libro xa clásico *Come si fa una tesi di laurea*, o semiótico italiano Umberto Eco (1977/2001) traza un camiño para o inicio da investigación académica. Aborda desde os motivos polos cales se fai unha *tesi di laurea*, ou sexa, a monografía final da Graduación, a escolla do tema, a pescuda bibliográfica e o uso de distintos arquivos ata a propia redacción. De forma moi amena presenta a experiencia da busca inicial de bibliografía na biblioteca de Alessandria, na rexión Piemonte, no norte de Italia. O autor apunta varias dificultades que afrontaría un estudante que traballa e estuda, como a escaseza de tempo, a cuestión da mobilidade, a distancia entre a biblioteca e a súa casa, e, principalmente, por onde comezar a investigar. Para este fin, suxire verificar catálogos bibliográficos por tema e consultar palabras clave de interese para a investigación en enciclopedias xerais e temáticas, observando a bibliografía utilizada en cada entrada, que conduciría a obras de referencia. A medida que se fosen encontrando obras de interese, serían cubertas as fichas das fontes, construíndo un ficheiro bibliográfico, con atención ás fontes de primeira e de segunda man. As recomendacións de Eco relativas á investigación sobre o material aínda son válidas actualmente, considerando a esencia do traballo académico das Humanidades, aínda que do mundo analóxico impreso e local ao mundo dixital e globalizado houbo unha frenética evolución.

A enciclopedia *Treccani*[29] citada por Eco ten carácter online e é accesible a calquera estudante de calquera parte do mundo conectado a Internet. Ao inserir o termo "fraseoloxía" no campo de procura o lector é conducido a varias ocorrencias da palabra nas diversas obras do arquivo do *Istituto Treccani*, non soamente a *Enciclopedia (Treccani) Online*, mais tamén a *Enciclopedia Italiana* (1930), *Enciclopedia dell'italiano* (2010), *Enciclopedia Machiavelliana* (2014), *L'Italia e le súe regioni* (2015), *Enciclopedia Dantesca* (1970) e *Dizionario biografico degli italiani* (1970), entre outras obras. Observamos a aínda válida recomendación de Eco sobre a lectura da bibliografía ao final da entrada para afondar na área pescudada.

Outra recomendación de Eco é conversar co bibliotecario. Certamente, considerando a riqueza das bibliotecas universitarias, o contacto humano dunha conversa cun funcionario da institución de que o pescudador forma parte ou está visitando, o coñecemento do espazo físico, do tipo de catalogación dos libros e a oportunidade de manexar obras impresas son experiencias que non deben ser desprezadas por un investigador novel. Aínda que a tecnoloxía permita a extensión da biblioteca dixital ao ordenador da súa casa a través da conexión remota do tipo VPN, sempre é de interese a visita á biblioteca física, así como as visitas frecuentes ao seu sitio web, para coñecer os recursos dixitais, os préstamos de libros entre bibliotecas e as novidades, incluíndo *workshops* para a formación en novas tecnoloxías.

[29] http://www.treccani.it/enciclopedia/ricerca/fraseologia/

A Universidade de São Paulo dispón dun servizo centralizado de bibliotecas a través do Agência USP de gestão da informação acadêmica (AGUIA) e unha páxina de apoio ao investigador[30], onde se ofrece toda a información sobre os identificadores citados anteriormente. No mesmo sitio web, o investigador ten á súa disposición o catálogo de revistas científicas *Revistas de A a Z*[31]. Para chegar á área que se refire aos nosos estudos, debemos seleccionar asunto "Artes e Humanidades" e "Idiomas & Lingüística", para o cal a universidade posúe sinatura de 1241 revistas. Entre os medios dixitais para ter acceso a revistas científicas, destacamos o *Portal de Periódicos* da CAPES[32] (citado no apartado 1.3.), onde o investigador ten noticias fornecidas polo Ministerio de Educación en relación co ensino universitario e acceso ao contido das revistas a través de enderezo IP autorizado.

Internacionalmente, existen iniciativas de bibliotecas abertas (*Open Library*) como o modelo de catálogo de acceso público online OPAC - *Online Public Access Catalog*, unha base de datos informatizada e online, a partir da cal unha biblioteca ou un conxunto de bibliotecas facilitan os seus arquivos. Dos Estados Unidos, encontramos *Archives Library Information Center* (ALIC) mantido polo *The U.S National Archives and Records Administration*, que funciona como un portal para varias bases e bibliotecas americanas, amais de ofrecer a súa propia base de datos. Da Italia, temos acceso ao catálogo de bibliotecas italianas a través do *AIB-WEB*, da Asociación Italiana de Bibliotecas.

Talvez máis amigable que as bases do tipo OPAC sexa o *WORLDCAT*, da organización *Online Computer Library Center* (OCLC), que ofrece interface en varias linguas e busca en bibliotecas específicas, ademais de indicacións sobre as 'bibliotecas máis populares', e a posibilidade de organizar a bibliografía propia para despois exportala a xestores de bibliografía.

Como se demostra, o ritmo da investigación mudou en relación co que era nun pasado recente porque a tecnoloxía permitiu abreviar o tempo e a distancia na divulgación dos textos científicos a través de mecanismos de busca interconectados e publicacións online, conducindo a unha maior comunicación entre pares. Neste cadro actual, aumentou a responsabilidade de investigar, de adquirir coñecemento sobre o que existe en volta dun determinado asunto porque xa non existe aquel tipo de dificultade en encontrar bibliografía propia dos catálogos impresos nin distancias limitadoras. No entanto, non deixamos de considerar o valor académico, e inclusive sinestésico, das visitas e consultas en bibliotecas físicas e do manexo de libros impresos.

Se a partir dos anos oitenta, abandonar a máquina de escribir para usar editores de texto como *WordStar*, substituído amplamente por *MSWord*, era sinónimo de rapidez na escrita, hoxe, ademais da rapidez no tecleado existe a posibilidade de compartir o documento e escribilo en colaboración síncrona ou asíncrona na nube. Os recursos máis coñecidos son aqueles facilitados gratuitamente pola empresa Google, como o editor de texto *Doc* do *Google Workspace* e a compartición de carpetas no *Drive*. Trátase de útiles recursos

[30] https://www.aguia.usp.br/apoio-pesquisador/
[31] https://www.aguia.usp.br/revistas-az/
[32] https://www.periodicos.capes.gov.br/

para a escrita de artigos en conxunto e para a lectura e avaliación de textos durante a dirección académica.

A mudanza de hábitos nas relacións sociais a partir do xurdimento dos *social networks* permitiu cambios tamén entre os investigadores. As empresas tecnolóxicas descubriron un nicho de mercado prometedor nas necesidades de comunicación da comunidade académica que é, pola súa natureza innata, internacional e dinámica. Xurdiron na última década moitos ambientes dixitais que funcionan como rede social onde os investigadores se rexistran, sinalan os seus intereses de investigación, seguen e obteñen seguidores (*following*/*followers*) con intereses similares, comparten (*share*) as súas publicacións e poden tamén compartir artigos aínda non definitivos e pedir opinión ao respecto (*preprints*), así como pedir indicacións para a resolución de problemas. Dúas importantes plataformas que ofrecen estes recursos de forma diferenciada entre si son *Academia.edu* e *ReseacherGate*[33]. Amais deses ambientes exclusivos, as redes sociais comúns como *Facebook*[34] e *Twitter* ou canles en *Youtube* e *Instagram* tamén son utilizadas para informar de novas publicacións e eventos científicos, así como portais[35] abertos específicos para ese fin. Nos últimos tempos xurdiron outras prácticas de divulgación da investigación, o *Podcast* e o *Webinar*, en parte, para cumprir os criterios de avaliación da CAPES, que contabiliza o impacto da investigación na sociedade e a produción dos egresados dos cursos de Posgraduación.

A organización da bibliografía encontrada diante de tantos recursos pode converterse nun problema para o investigador novel que, no entanto, atopa a solución noutras plataformas. Existen xestores de referencias e citas como *Zotero*, *EndNote Web*, *F1000 Workspace* e *Mendeley*[36]. Este último xestiona citas e referencias bibliográficas coa opción de *Mendeley Desktop* en editores de texto como *MSWord*, ofrece mecanismos para crear e participar en grupos compartindo bibliografía e para compartir traballos xa publicados e aínda en fase de publicación, divulgando datos soamente a quen se desexa. Pon á disposición dos investigadores a posibilidade de crear comentarios, copiar, recortar, escribir e crear unha especie de 'caixa de anotacións e ficha de lectura' persoal, con sincronización entre os diferentes dispositivos (ordenador, teléfono móbil, tableta).

Para a función de director e de examinador tamén hai plataformas específicas: *Turnitin*[37] identifica posibles plaxios e a ferramenta *OriginalityCheck* permite verificar o índice de similaridade con outros textos a partir dunha gran base de datos internacional. Existen outras ferramentas co mesmo obxectivo dispoñibles para demostración ou de uso gratuíto na rede. Os textos dixitais e os recursos tecnolóxicos tornan o traballo do

---

[33] https://www.academia.edu/about e https://www.researchgate.net/about

[34] Destaca o grupo Facebook "Eventos Acadêmicos Letras e Linguística", creado por M.C. Parreira, IBILCE-UNESP https://www.facebook.com/groups/674322132652187/

[35] Para eventos en lingua portuguesa, destacan https://plataforma9.com/congressos.htm e os sitios web das asociacións citadas; en lingua española https://infoling.org/?lang=es

[36] https://www.zotero.org/; https://access.clarivate.com/login?app=endnote; https://f1000workspace.com/?lg e https://www.mendeley.com/

[37] https://www.turnitin.com/pt

investigador relativamente auditable, de aí a importancia dunha adecuada orientación en relación coa citación das fontes, coa escrita académica e co cumprimento das adecuadas recomendacións por parte do discente investigador.

4.2. A escrita académica: metaorientación en fraseoloxía

A denominación 'redacción académica' usada hai algúns anos no Brasil cedeu espazo á actual 'escrita académica' (*academic writing*) e cun concepto máis específico á 'alfabetización académica' (*academic literacy*). A redacción ou escrita académica constitúese como un xénero textual producido e lido por persoas dunha mesma comunidade, considerando o que sinala Swales (1990: 58) sobre xénero: *a genre comprises a class of communicative events, the members of which share some set of communicative purposes. These purposes are recognized by the expert members of the parent discourse community, and thereby constitute the rationale for the genre.*

Estando dirixido aos membros da comunidade académica, o texto científico non debe requirir esforzos de interpretación do lector, a diferenza dos textos creativos, mais si transmitir contido novo sobre determinado asunto. Desta forma, o (re)coñecemento de unidades fraseolóxicas utilizadas nese xénero textual forma parte das atribucións dun investigador dos estudos fraseolóxicos.

Nos cursos de redacción ponse énfase nos recursos lingüísticos fundamentais para escribir un texto cohesionado e coherente, con nocións sobre anáfora, catáfora, substitución, elipse e uso dos conectores. Como ben sinala Scarpa (2013/2017: 37), nos textos especializados evítanse os reenvíos anafóricos e catafóricos, as substitucións e elipses para non crear ambigüidades referenciais, mentres que os conectores son moi utilizados, sexa dentro da mesma frase ("intrafrasal") como entre frases ("interfrasal"). O uso dos conectores permite o desenvolvemento do raciocinio "explicitando as relacións lóxicas e espazo-temporais existentes entre as partes e subpartes en que se pode subdividir o texto", afirma a autora.

A gran vantaxe do recoñecemento da Fraseoloxía existente nese contexto de escrita é ter á man conectores que axudan non só a escribir, senón tamén a elaborar o pensamento en frases coordinadas ou subordinadas. Acudindo ao xogo de explicar o fenómeno lingüístico usando o propio fenómeno para transmitir significado, traemos aquí o uso anterior da fraseoloxía intrafrasal *non só..., senón tamén*...

En portugués, temos os seguintes exemplos de conectores que son unidades fraseolóxicas intra ou interfrasais empregadas na escrita académica: *não só/não apenas/não somente..., mas também*; *se por um lado..., por outro*; *quer seja...quer...*; *ou... ou...*; *tanto...*, *como/quanto*; *em contrapartida*; *no lado oposto*; *de acordo com*; *sob o mesmo ponto de vista*; *na esteira de*; *do mesmo modo*; *da mesma forma*; *por analogia*; *assim como*; *bem como*; *pelo contrário*; *de modo que*; *além disso*; *apesar de*; *mesmo que*; *ainda que*; *no entanto*; *ao passo que*; *por conseguinte*; *tão certo quanto*; *sem dúvida*; *com certeza*; *por exemplo*; *isto é*; *ou seja*; *tais como*; *cerca de*; *entre outros/outras*; *desde então*; *desde sempre*; *dessa forma*; *dessa maneira*; *assim sendo*; *nesse sentido*; *em síntese*; *em suma.*

Recoñecer este tipo de fraseoloxismos, que podemos denominar como fraseoloxismos textuais, é importante na produción escrita en lingua materna e en relación co proceso tradutolóxico, considerando a comprensión da lingua de partida e a produción da lingua de chegada, para obter textos con fluidez e cohesionados.

5. Consideracións finais

De forma panorámica, mais tamén reflexiva, procuramos abordar os varios puntos que se entrelazan entre os estudos do Léxico, algúns aspectos da vida académica brasileira partindo da experiencia na Universidade de São Paulo, as diversas posibles rutas de investigación nos estudos fraseolóxicos e os recursos tecnolóxicos para a busca bibliográfica, para expor traballos e tamén para comunicarse no medio académico. Aínda sendo conscientes da existencia de lagoas nas citas bibliográficas que xulgamos importantes, mais que, con todo, non se inseriron na tesitura textual de construción do mapa para as diversas rutas, esperamos proporcionar reflexións e estimular proxectos de investigación en Fraseoloxía cos recursos indicados.

Os estudos que involucran as palabras levan a unha fascinante viaxe na propia cultura, entre culturas e a través dos tempos. En perspectiva didáctica, diacrónica ou contrastiva, a investigación en Fraseoloxía é necesaria para a comprensión e comunicación entre falantes dunha mesma lingua e de linguas distintas.

Para concluír a nosa viaxe, citamos unha unidade fraseolóxica en portugués difundida polo poema de Fernando Persoa *Navegar é preciso,* que remite aos "navegadores antigos", como di o poeta portugués. A frase orixinal en latín *navigare necesse est, vivere non est necesse* era unha máxima incentivadora dita aos mariñeiros da Roma antiga para non temer o mar e as batallas, para que os romanos continuasen a ser os "donos do mar" (Carro 2012: 140).

Na tradución da frase latina en portugués, úsase o adxectivo "preciso", que é polisémico e, amais do significado de "necesidade", a noción orixinal do adaxio en latín, transmite tamén a idea de "precisión", de "exactitude". En portugués, ese aforismo abre camiños para outras interpretacións. Amyr Klink[38], o navegador solitario, interprétao da seguinte forma:

> *A velha frase "Navegar é preciso, viver não é preciso", eu a vejo, do mar, com olhos diferentes do que em terra. Navegar, eu entendo é a arte da precisão, e viver é, antes de mais nada, fundamental. O navegador não vaga a esmo, mas se prende a tudo que é possível, para tornar preciso o seu caminho. A exata posição dos astros no universo, no preciso segundo de cada minuto, em cada hora, o vento, o sol, sinais de todos os tipos, dados de todos os acidentes, registros de todas as forças e movimentos. E na arte de navegar nada exige maior precisão do que aportar, com segurança e onde se quer.*

[38] En 1984, o brasileiro Amyr Klink atravesou cun barco a remo o océano Atlántico da costa africana ao nordeste do Brasil.

A interpretación faise tamén no ámbito da navegación, no mesmo ambiente do xeneral romano, mais esa posibilidade de entendemento diferente, posibilitada pola polisemia existente na expresión en lingua portuguesa, non existe en latín. Fernando Pessoa utilizou a frase ao seu dispor para a poesía:

> *"Navegar é preciso; viver não é preciso".*
> *Quero para mim o espírito [d]esta frase,*
> *transformada a forma para a casar como eu sou:*
> *Viver não é necessário; o que é necessário é criar.*

Hoxe, o investigador da área dos estudos lingüísticos navega nun mar de posibilidades na rede WEB e pode perderse, sen chegar a ningún porto. Como Klink, o investigador precisa do coñecemento da ruta e dos instrumentos que o axudan a facer esa ruta, mais, principalmente, precisa saber onde quere aportar.

O papel do director é *dar un norte*, despois de que o alumno se fai consciente da existencia dun mar de posibilidades; é axudar na preparación dos mapas, mostrar os instrumentos de traballo e posibles rutas para que o estudante investigador poida encontrar e percorrer o seu camiño rumbo aos obxectivos establecidos, chegar ao porto anhelado e ofrecer á sociedade a súa colaboración, froito desa viaxe. E así, como Pessoa e Klink, podemos recrear a frase ao noso favor, albiscando unha vida académica para o desenvolvemento da ciencia en harmonía coa vida individual: "Investigar é preciso, vivir é necesario".

6. Referencias bibliográficas

ALVARENGA, José A. (2006): *Conceitos e termos da área de agrotóxicos: da cientificidade a divulgação*. Disertación de Mestrado. Programa de Pós-Graduación em Semiótica e Linguística Geral. Departamento de Linguística, FFLCH/USP. San Paulo, Brasil.

ALVES, Ieda M. (2001): "Terminologia e Neologia", en *TradTerm* 7 (Edición electrónica), 53-70.

ARAÚJO, Mariangela (2012): "Terminologia, crianças e professores: as Ciências Naturais no ensino fundamental I", en ISQUERDO, Aparecida N. e SEABRA, Maria Cândida T.C. (ed.), *As ciências do léxico: Lexicologia, Lexicografia e Terminologia*, VI. Campo Grande: Editora UFMS, 477-487.

BALLY, Charles (1909): *Traité de Stylistique Française*. París: Libraire C. Klincksieck.

BARBOSA, M. Aparecida (1999): "Estruturas, funções e processos de produção de dicionários terminológicos multilíngue", en *Revista do GELNE*, 1 (2), 41-44.

(2006) "Terminologia aplicada: teorias, práticas e desenvolvimento técnico-científico", en *Anais da 58º Reunião Anual da SBPC.* Florianópolis, SC.

BASSNETT, Susan (1993/2009): *La traduzione teorie e pratica*. Milán: Bompiani.

BEVILACQUA, Cleci R. (2005): "Fraseoloxía: perspectiva da língua comum e da língua especializada", en *Revista Língua e Literatura Frederico Westphalen,* vol. 6 e 7, n.º 10/11, 73-86.

BEVILACQUA, Cleci R.; KILIAN, Cristiane K. (2017): "Tradução e Terminologia: relações necessárias e a formação do tradutor", en *Domínios da Linguagem*, vol. 11, n.º 5, 1707-1726.

BRAUER, Markus (2012): *Ensinar na universidade: conselhos práticos, dicas, métodos pedagógicos.* [Trad. de Marcionilo, M., original: *Enseigner à l'université. Conseils pratiques, astuces, méthodes pédagogiques*]. San Paulo: Parábola Editorial.

BUDNY, Rosana (2017): "As unidades fraseológicas com zoônimos nos dicionários bilingues escolares (português/inglês) e a questão das equivalências", en *Alfa*, 61 (2), 409-423.

CARRO, Domenico (2012): "Le forze navali, strumento essenziale della grande strategia di Roma", en CAROSI, Simona e LIBERA, Roberto (eds.), *L'esercito e la cultura militare di Roma antica - Atti del XIX Corso di Archeologia e Storia Antica del Museo Civico Albano*. Albano Laziale: Museo Civico di Albano Laziale, 125-142.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

GIUSTINIANI, Vito R. (1987): *Adam von Rottweil Deutsch-Italienischer Sprachfürer*. Tübigen: Gunter Narr Verlag.

GONZÁLEZ-REY, M. Isabel (2012): "De la didáctica de la fraseología a la fraseodidáctica", en *Paremia*, 21; 67-84.

GRANGER; Sylviane; MEUNIER, Fanny (Eds.) (2008): *Phraseology: An interdisciplinary perspective.* Ámsterdam/Philadephia: John Benjamins Publishing.

GRANGER, Sylviane; MEUNIER, Fanny (2008): "Introduction The many faces of phraseology", en GRANGER; Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.), *Phraseology: An interdisciplinary perspective,* XIX-XXVIII.

GRANGER, Sylviane e PAQUOT, Magali (2008): "Disentangling the phraseological web", en GRANGER; Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds.), *Phraseology: An interdisciplinary perspective,* 27-49.

MARELLO, Carla (1989): *Dizionari bilingui, con schede sui dizionari italiani per francese, inglese, spagnolo, tedesco*. Bologna: Zanichelli.

(2014): "Dizionari di collocazioni italiane e collocazioni da insegnare nell'uso scritto" en MOLINO, Alessandra e ZANOTTI, Serenella (eds.): *Observing Norms Observing Usage: Lexis in Dictionaries and in the Media*. Bern: Peter Lang, 183-199.

PARREIRA, M. Cristina (2016): "Fraseopedagogia: um ponto de encontro entre os Estudos do Léxico e a Linguística Aplicada", en NADIN, Odair L.; FERREIRA, Anise A. G. D'O. e FARGETTI, Cristina M. (eds.): *Léxico e suas interfaces: descrição, reflexão e ensino.* San Paulo: Cultura Acadêmica, 61-76.

SABBAN, Annette (1990): *Phraseologie und Übersetzen - Phrasemata II*. Bielefeld: Aisthesis Verlag.

SARDELLI, M. Antonella (2014): "La fraseología en las classes de traducción: aproximación metodológica y aplicaciones prácticas", en GONZÁLEZ-REY, M. Isabel (ed.), *Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 200-212.

SCARPA, Frederica (2013/2017): *La traduzione specializzata – Un approccio didattico professionale*, Milán: Editore Ulrico Hoepli.

SINCLAIR, John (2008): "Preface", en GRANGER; Sylviane e MEUNIER, Fanny (eds), *Phraseology: An interdisciplinary perspective,* XV-XVIII.

STERKENBURG, Piet van (2003): *A Practical Guide to Lexicography. Terminology and Lexicography Research and Practice.* Ámsterdam: John Benjamins.

SWALES, John (1990): *Genre analysis: English in academic and research settings*. Cambridge: Cambridge University Press.

TAGNIN, Stella E. O. (1989): *Expressões idiomáticas e convencionais*. San Paulo: Ática.

(1998): *Convencionalidade e produção de texto: um dicionário de colocações verbais inglês/português – português/inglês.* Tese de libre docencia. San Paulo: FFLCH, Universidade de São Paulo.

(2002): "Os *Corpora*: instrumentos de auto-ajuda para o tradutor", en *Cadernos de Tradução* (Edición electrónica) 1 (9), 191-219.

(2005/2013): *O jeito que a gente diz*. San Paulo: Disal Editora.

TERMIGNONI, Susana e FINATTO, M. José B. (2017): "Sobre a importância de ensinar expressões idiomáticas", en *Revista de Italianística,* 35, 112-124.

URZI, Francesco (1999): *Dizionario delle Combinazioni Lessicali*. Luxemburgo: Convivium.

XATARA, Claudia M. (2016): "Expressões idiomáticas: identificar para traduzir", en NADIN, Odair L. e ZAVAGLIA, Claudia (eds.): *Estudos do Léxico em contextos bilíngues*. Campinas: Mercado de Letras, 135-146.

ZUCCHI, Angela M.T. (2010a): "O uso de dicionários na compreensão escrita em italiano LE", en DYKSTRA, Anne e SCHOONHEIM, Tanneke (eds.): *Proceedings of the XIV Euralex International Congress*. Leeuwarden: Fryske Akademy, 1152-1160.

(2010b): "Dicionário monolíngue no ensino de língua estrangeira: uma experiência de uso", en ISQUERDO, A.N. e FINATTO, M.J.B. (eds.): *As Ciências do Léxico - Lexicologia, Lexicografia, Terminologia.* Campo Grande/MS: Editora UFMS/UFRGS, v. IV, 255-268.

(2014): "Exemplos de colocações em dicionários de língua portuguesa e de língua italiana", en ISQUERDO, A.N. e DAL CORNO, G.O.M. (eds.): *As Ciências do Léxico: Lexicologia, Lexicografia, Terminologia*," v. VII. Campo Grande/MS: Ed. UFMS, 239-254.

Recadádivas
Compilations

A fraseoloxía no *Cantigueiro de Cotobade* de Antonio Fraguas[1]

Phraseology of Cantigueiro de Cotobade *by Antonio Fraguas*

Ramón Anxo Martíns Seixo[2]
Escola Oficial de Idiomas de Vigo
https://orcid.org/0000-0003-3035-8276

Resumo: Esta recadádiva recolle e explica as diferentes unidades fraseolóxicas contidas no Cantigueiro de Cotobade, de Antonio Fraguas Fraguas.

Palabras chave: fraseoloxía galega, tradición oral, literatura popular, cantigueiro.

Abstract: This compilation collects and exposes the different phraseological units contained in the work of Antonio Fraguas Fraguas Cantigueiro de Cotobade.

Key words: Galician phraseology, oral tradition, popular literature, songbook.

1. Introdución

O obxectivo deste traballo é extraer do Cantigueiro de Cotobade as unidades fraseolóxicas contidas nel e definilas. Incluímos tamén, alén dos diferentes tipos de locucións e enunciados, as colocacións (*achegar o lume*, *chiscar un ollo*, *cocer pan*) xa que, con certeza, o seu coñecemento é importante para un bo uso da lingua. Coidamos que é pertinente que sexa unha obra non propiamente literaria, como é o cancioneiro popular, pois nela fala o pobo directamente e, por tanto, a través dela podemos aprender moito sobre o idioma.

Antonio Fraguas Fraguas, o compilador do cantigueiro que nos ocupa, naceu en Insuela (Loureiro, Cotobade) en 1905 e morreu en Compostela en 1999. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Licenciouse en Filosofía e Letras e foi profesor na Universidade de Santiago e en diferentes centros de

[1] Data de recepción: 20.10.2020. Data de aceptación: 06.02.2021

[2] Agradecementos a María Álvarez de la Granja, Áurea Barreiro Rivas, Xosé Couñago Ribeira, Miguel Cupeiro Frade, Consuelo Fontán Carrera, María Dolores González Dasilva, Margarita López Barreiro, Jaime López Varela, Elixio Rivas Quintas e, en especial, a Maribel González Rey.

ensino. A partir de 1936 sufriu as represalias dos sublevados contra a República, que o expedientaron e expulsaron do ensino público pola súa militancia galeguista. En 1950 aprobou as oposicións a catedrático de xeografía e historia no ensino secundario e no ano seguinte foi nomeado académico de número da RAG. Ao longo dos anos destacou como arqueólogo, xeógrafo, historiador e etnógrafo, mais é o seu labor de folclorista o que nos interesa aquí. É tamén importante a súa actividade como divulgador con conferencias e publicacións diversas.

O cotobadés recolleu as cantigas, como el mesmo escribe na primeira edición do cantigueiro, dos seus veciños e parentes, e, en especial, de Antonia Pérez Estraviz, que o coidou de pequeno e, en xeral, no lugar onde eran cantadas, en ruadas e fiadeiros. Outros momentos en que se cantaban era durante os traballos das mulleres nas leiras ou nos diferentes oficios (carpinteiro, ferreiro, albanel, zapateiro, xastre, costureira...), nas festas familiares, nos casamentos ou mesmo indo camiño das veigas e polo monte. Ouvíase cantar "dende a mañanciña deica a noite" e tamén pola mesma noite. Segundo o noso autor, onde máis se cantou foi no fiadeiro, "xuntanza de mozas nunha cociña do lugar os sábados pola noite durante o inverno. Cada moza levaba a roca cargada e fiaba deica rematar. Non faltaban mozos que viñan a contar contos, facer xogos para entreter e pasar o tempo deica rematar o traballo. Ao rematar tocaban o pandeiro e botaban uns bailes, e pola media noite marchaban para as súas casas". "Rematado case por completo o cultivo do liño, logo veñen as fías e o clásico fiadeiro de traballo na cociña, que se transforma en festa do atardecer e leva o nome en Cotobade de *O Serán*, con pandeiro, e pouco tempo despois pasa a ser festa de noite con [...] pandeiretas, con acompañamento vocal. Así era o que nós coñecemos, onde se xuntaban mozas de varios lugares ou de varias parroquias".

1.1. A lingua

No Cantigueiro de Cotobade achamos, con moita diferenza, as características do galego occidental. Isto podemos velo nas isoglosas que é habitual ter en conta para delimitar o galego occidental do central: a) o plural de palabras acabadas en –n: *cans*, *ladróns*, *espadíns*, *uns* e b) a evolución do sufixo latino –ANU: *chan*, *irmán*, *vran*. Outros trazos que confirman isto son: c) a evolución do sufixo –ANA: *lan*, *mañán*, *mazán*; d) a terminación *–eche(s)* da segunda persoa dos verbos regulares da segunda conxugación: *comeches*, *naceche*, *venceche* e e) o pronome persoal tónico *ti*. Podemos destacar tamén, aínda que non xa exclusivos dese bloque, os seguintes: a) a case inexistencia do seseo implosivo (*ves* por *vez*); b) os demostrativos, incluído os neutros, con e- (*esto*, *eso*, *aquelo*); c) a terceira persoa do pretérito perfecto dos verbos acabados en –ir (*durmeo, pideo, sirveu*); d) o pronome átono de terceira persoa para o CI plural *lle* (e non *lles*); e) o uso no imperativo de formas como *cantai*, *aprendé*, *fuxí* e f) o uso do ditongo *oi* en palabras como *moito*, *escoitar*, *troita*, *noite*, *oito* ou *coiro*.

Malia o antes dito, no cantigueiro temos algúns casos de solucións diferentes ás mencionadas (*mazás*; *comiches*, *naciches*; *tu*; *iste*; *lles*; *mui*...) e coexisten diferentes variantes (*poñer*/*pór*, *deu*/*dou*...). Naturalmente todo isto pode deberse á diferente procedencia dos informantes e ao estado da lingua naquela altura.

Por outro lado, canto á calidade da lingua, cómpre mencionarmos os numerosos castelanismos que contén a obra, que son principalmente léxicos[3], aínda que tamén hai algúns gramaticais. Este aspecto chama poderosamente a atención xa que, como escribe na primeira edición do cantigueiro, de 1985, Antonio Fraguas, "estes centos de cántigas foron recollidas por min hai máis de sesenta anos, cando era escolante no instituto de Pontevedra". Daquela estamos a falar dos anos vinte do século pasado, xusto hai agora cen anos. Sen dúbida, a explicación desa deterioración do idioma é resultado da imposición[4] secular do castelán en todos os ámbitos oficiais e formais (administracións, ensino, relixión, medios de comunicación etc.) ou, se se quere, da exclusión do galego deles até datas bastante recentes (anos 80 do século XX).

A pesar do dito no parágrafo anterior, é preciso recoñecermos tamén moitos acertos de diversos tipos no Cantigueiro de Cotobade e queremos destacar, no eido gramatical, en especial os seguintes: a) unha posición do pronome átono máis tradicional (*por te ver*, *de me enganar*); b) o uso do pronome de solidariedade (36 casos) (*quen che ma dera, xa lle estou cansada*); c) o uso do pronome de interese (*botarás-lleme un remendo, sempre me andaba preñada*); d) a interpolación dun elemento tónico entre o pronome átono e o verbo (*tanto hai que te non vin*, *inda me agora acordou*); e) o uso do infinitivo flexionado (*terás coidado de non dares ocasión*, *por non seren percurados*) e f) o uso do futuro de subxuntivo (17 casos) (*se algún día fores miña*; *á noite, cando viñeren*).

1.2. As edicións

A obra que nos ocupa tivo até hoxe tres edicións. A primeira, co título *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade*, foi feita pola Fundación Otero Pedrayo en xuño de 1985 con motivo da entrega do Premio Trasalba a Antonio Fraguas. Nela, alén dun limiar de Xoaquín Lorenzo Fernández e unha introdución do propio Fraguas, recóllense 992 composicións repartidas así: 947 son cantigas populares de catro versos, 4 de tres, 32 de entre 5 e 14 e, as 9 finais, de vinte e dous a sesenta e oito versos. Destas últimas, cinco son romances. As cancións están ordenadas por orde alfabética aínda que de maneira abondo imperfecta. Da ordenación antes dita exceptúanse as composicións finais, que son as máis longas e teñen cadanseu título desde a que leva o número 982 até a derradeira. Cómpre destacar que non se inclúe a transcrición da música das cantigas.

A segunda edición, co título de *Cantigueiro de Cotobade*, publicouna Ediciós do Castro en 1998 no número 78 dos Cadernos do Seminario de Sargadelos. Contén os dous textos da primeira antes citados mais un novo de Antonio Fraguas titulado "A xeito de prólogo". Neste breve prólogo, o cotobadés dedica unha lembranza ás persoas que interviñan nos seráns en que se cantaba e bailaba e mais á veciñanza e familiares que o axudaron na recolla na súa mocidade. Por outra parte, infórmanos da inclusión de novos cantares que ficaran sen publicar e da súa intención de seguir a traballar no cantigueiro

[3] Unha lista deles sería longa, aquí só citaremos uns poucos: *alabar*, *blanco –a*, *cuello*, *desear*, *enseñar*, *flaqueza*, *garrapato*, *hermosura*, *laurel*, *moneda*, *nombre*, *olvidar*, *pañuelo*, *racimiño*, *sonar*, *tixeira*, *vuelo*, *xuez*, *zuruxano*.

[4] Sobre isto pódese ler o libro de García Negro (1991), sobre todo o capítulo VII, e tamén a *Historia da lingua galega* de Mariño Paz (1998).

e de "situar cada cousa no seu lugar e coas súas notas", no entanto, non nos fala o compilador das mudanzas dunha edición a outra nin das razóns delas. A ordenación das cancións mellora, mais aínda non é perfecta. En total nesta edición incorpora 135 novos cantares (case todos de catro versos) mais elimina algúns dos da primeira edición que son moi semellantes a outros dos novos. Tamén desaparece o romance titulado Xuliana. Son, nesta edición, por xunto, 1110 composicións. Igual que na primeira edición, non se inclúe tampouco a música.

A terceira edición (Editorial Galaxia, 2019), titulada igual que a segunda, reproduce esta, mais con algunhas diferenzas: a) mantén só un dos textos que precedían a recolla das cantigas nas anteriores edicións, a introdución de Antonio Fraguas da primeira edición; b) inclúe un disco con algunhas das cancións musicadas e interpretadas por Oradaladou (Sonsoles Penadique e Carlos Quintá); c) incorpora ao final do libro un texto destes dous músicos; d) inclúe 1106 cantares, por tanto catro menos que na anterior edición e e) fai algunhas modificacións nas cantigas. Estas modificacións son, en resumo, as seguintes: melloran a ortografía, a acentuación e a puntuación, mais esa mellora non atinxe a todo o texto. No que se refire á lingua das cantigas, non se respecta, en bastantes casos, a forma orixinal, sen que sexamos informados dos criterios nin da autoría da nova edición. Alén diso, as modificacións non son sistemáticas, pois as mesmas cousas unhas veces son modificadas e outras non, e mesmo se introducen erros e grallas novas. Por outra parte, a ordenación alfabética segue a ter eivas. En bastantes casos esta edición volve ás solucións da primeira.

Neste traballo baseámonos nas dúas primeiras edicións por entendermos que son aquelas nas que puido intervir o compilador, Antonio Fraguas. Os cantares que aparecen citados como exemplos das unidades fraseolóxicas levan unha numeración nova. Modificamos, cando nos parece necesario, a puntuación, mais respectamos fielmente a lingua orixinal e actualizamos e unificamos a ortografía na medida do posíbel. Algunhas das mudanzas ortográficas son: *antesdonte* > *antes de onte*, *arrastro* > *a rastro*, *cortafeira* > *corta feira*, *berga* > *verga*, *boda* > *voda*, *carabilla* > *caravilla*, *chirlo mirlo* > *chirlomirlo*, *de contado* > *decontado*, *de seguida* > *deseguida*, *desque* > *des que*, *maraballa* > *maravalla* e *revoldeiro* > *reboldeiro*. Para evitarmos ter que repetir a cada paso, presentamos case sempre os lemas das unidades fraseolóxicas en galego normativo respectando neles as variantes dialectais.

No que respecta ás colocacións, clasificámolas nos diferentes tipos e cando existe un hiperónimo na chave ou base[5], indicámolo entre corchetes incluíndo en letra grosa os hipónimos que son os que aparecen nos exemplos:

> **prender** + [planta (**amieiro**, **salgueiro**)] Seguir medrando no sitio en que foi plantada ou enxertada. *Salgueiro prende de póla, / ameeiro, de raíz; / amores que fostes doutro / para min xa non servís* (906).

[5] No exemplo, as bases son amieiro e salgueiro, que son hipónimos de planta (hiperónimo).

1.3. Vixencia das unidades fraseolóxicas[6]

Un aspecto que sería interesante saber é a vixencia ou mesmo o coñecemento na actualidade das unidades recollidas neste traballo. Coidamos que debe ser ben diferente dependendo das idades e da procedencia das persoas. Así, as persoas de maior idade e que viviron na aldea ou nun ámbito non urbano terán un maior coñecemento delas, e á inversa, a xente máis nova e máis urbana moi probabelmente descoñecerá moitas. Sen nos basearmos máis que no noso propio coñecemento da lingua, imos arriscar un cadro sobre a vixencia dos diferentes tipos de unidades incluídas neste traballo. Naturalmente, a consideración que facemos do que está vixente ou non pode ser ás veces discutíbel.

Vixentes		Non vixentes
Colocacións		
50.08 %	33.02 %	16.88 %
Locucións		
66.39 %	14.14 %	19.45 %
Fórmulas		
36.58 %	34.14 %	29.26 %
Refráns		
41.17 %	35.29 %	23.52 %
Total:		
48.55 %	29.14 %	22.27 %

Como se ve no cadro anterior, case a metade das unidades están vixentes e a estas poderiámoslle sumar unha boa parte das que aparecen na columna do medio dependendo das diferentes variábeis que mencionamos antes. Poderían daquela chegar a preto do 75 por cento. Por tipos de UF, canto á súa vixencia, temos primeiro as locucións seguidas das colocacións e os refráns. O último lugar é para as fórmulas. Dentro das locucións, parece lóxico que -alén das pronominais- sexan as conxuntivas e prepositivas, por esta orde, as que conservan plena actualidade, preto do 100 por cento. Seguen as adverbiais (72.97), as verbais (41.97), as substantivas (33.33) e, por último, as adxectivas e as comparacións (30.76).

Coidamos que os fraseoloxismos estudados neste traballo que carecen de vixencia son, en xeral, aqueles que denoniman actividades ou costumes que mudaron ou que xa non existen. Algúns dos eidos en que podemos ver con máis claridade isto é nos seguintes:

a) Noivado, relacións amorosas e sexo: *boa comenencia*, *coller amores, dalo [unha muller a un home], facer o amor [a alguén], pedilo [un home a unha muller], rondar unha moza, ter á porta como un feixe de leña, ter amores, tomar amores.*

[6] O cadro completo pódese ver no anexo do final.

b) Casamento: *botar/facer as monicións*, *dar unha filla*, *pedir unha filla*.

c) Traballo e labores do campo: *baixar o muíño*, *encher o fuso, erguer o muíño, espiar a roca*, *fiar lan*, *mazar o liño*, *ourelo de apertar*, *pór a + oficio, puntada de cego*, *roer o muíño*, *saber o tempero [a un muíño]*, *tempo de troupelear, varrer o tremiñado*.

d) Lecer e diversións: *amolar o xogo*, *cantar os Reis*, *chamar/tirar a bailar*, *entrar no baile*, *fiada de lan*.

e) Alimentación e preparación dos alimentos: *aserenar unha bebida*, *facer o fermento*, *millo miúdo*, *papas de millo miúdo*, *sardiña cabezuda.*

f) Fórmulas de saúdo e exclamacións: *boas noites nos dea Deus*, *Deus te/vos... axude*, *felices as madrugadas*; *nunca Deus me dera, vállame/nos o Sacramento!, vállate/o Xuncas!*

g) Outros: *achegar o lume*, *de media polaina*, *flor de maio*, *maquiallo da mestura*, *meterse nunha quimeria*, *servir o rei...*

Noutras ocasións, a UF non vixente ou menos vixente é parecida a outra que consideramos vixente ou mesmo unha variante dela. Iso ocorre, por exemplo, nos seguintes casos: *a compás de*, *boas noites nos dea Deus*, *darse de perda, de cara a cara, deitar na cama [alguén], dicir mal [de alguén], gacio de uvas*, *matar de rir*, *ilo andando, que demoro!* (*ao compás de*, *boas noites*, *botarse a perder*, *cara a cara*, *deitarse con alguén*, *falar mal [de alguén]*, *acio de uvas*, *matar de risa*, *ila andando* (*ila virando*, *ir indo...*), *que demo!*).

2. Fraseoloxía

2.1. Abreviaturas e símbolos empregados

CD = complemento directo.
EUF. = eufemismo.
IRÓN. = irónico.
l.adv. = locución adverbial.
l.adx. = locución adxectiva.
l.s. = locución substantiva.
UF = unidade fraseolóxica.
[u.c.] = unha cousa.
[u.p.] = unha persoa.
VULG. = vulgar.
> = remite a onde aparece a explicación.
* = palabra ou unidade fraseolóxica incorrecta en galego.

2.2. Colocacións

2.2.1. Substantivo (suxeito) + verbo

1. **abanar un abanador** Dar ar ao ser movido coa man dun lado a outro. *Abana, abana, meu abanador, / abana, abana, / abana e fai calor* (1067).
2. **abrir +** [flor (**caravel**)] Separárense [dela] os pétalos que estaban no botón. *O caravel cando nace / abre polas catro esquinas, / o amor cando pretende / non conta senón mentiras* (701).
3. **acender unha luz** Comezar a funcionar. *Pasei a Ponte Loureiro / sin compaña de ninguén, / vin acender unha luz / no lugar da Vilaalén* (819).
4. **alumar a Lúa** Dar claridade ou luz. *A Luna vai encuberta, / a min pouco se me dá, / a Luna que a min me alumbra / nesta terra non está* (23). [As formas en galego son alumar, alumear e iluminar]. [2 veces]
5. **arrandearse** + [árbore (**oliveira**)] Moverse, oscilar. *A oliveira do adro / moitos recordos me trai, / dálle o aire, dálle a chuvia, / arrandéase e non cai* (42).
6. **asubiar** + [ave (**galo**, **melra**)] Emitir un son agudo. *Da banda de alá do río / asubíame unha melra; / a melra como asubía / anda segando na herba* (285). [3 veces]
7. **bailar o Sol** Escintilar cando sae no día de san Xoán [segundo unha crenza popular[7]]. *San Xoán pideo a Cristo / que o non adormentase, / para ver bailar o Sol / o día da súa romaxe*[8] (921).
8. **berrar** + [animal (**becerro**)] Emitir alto a súa voz. *Moza que levas as vacas, / lévame o meu becerriño, / queda na corte berrando / pola nai que é pequeniño* (623).
9. **brandear unha folla** Curvarse ou torcerse. *A folla do castiñeiro, / cando vai aire, blandea; / o teu corazón, meniña, / dentro do meu se pasea* (15).
10. **cantar a pedra** Soar cando é traballada co punteiro. *Canta, miña pedra, canta, / a compás deste punteiro, / canta, miña pedra, canta, / faille compaña ao canteiro* (221).
11. **cantar** + [ave (**cuco**, **galo**, **rula**, **paxaro**, **reiseñor**)] Producir o seu son característico. *Canta, cuco, canta, cuco, / na rabela do arado; / as mulleres antre os homes / é un gando*

[7] Jesús Rodríguez López (1910: 116) explica así a crenza que dá lugar a esta expresión: "La mañana de San Juan, todos los niños tratan de madrugar para ver bailar el sol, y ya á simple vista primero, á través del pañuelo después, ó por cristales ahumados más tarde, muchos infantiles ojos contemplan los colores irisados de aquel astro, que sucesivamente van sufriendo hermosos cambiantes, á la par que se ensancha y que se acorta, que sube y que baja, como si efectivamente se moviese al compás de una música que no llega á nosotros". Antonio Fraguas (1996: 41) comenta o seguinte: "O sol un día, pero somentes un día, falta á súa seriedade, quizais pensando que nono ven bailar por eso son moi poucas as personas que ven a misteriosa danza do amañecer da festa de San Xoán: *Mañanciña de San Xoán, / mañanciña a mais garrida / que baila o sol cando nace / e ri cando morre o día"*. Precisamente estes mesmos versos cítaos Vicente Risco (1994: 651) como comezo dun romance recollido por Manuel Murguía.

[8] Sobre unha variante desta cantiga di o *Diccionario dos seres míticos galegos*: En tempos pasados subían esa mañá ós puntos máis altos, xeralmente castros, para ver o sol, en case toda Galicia. Neste mesmo amencer cóllese a flor da auga, a tona da auga dunha fonte, xusto ó raiar o sol. Curiosamente, o santo que o cristianismo puxo para apagar o vello culto ten que lle rogar a Deus que lle deixe velo, pois xusto ese día, que é o seu, dorme. "San Xoán pediulle ó Señor / que non o adormentase / para ver bailar o sol / o día da súa romaxe".

mal gardado (214). | *Cantan os galos ao día, / recordádeo, namorados, / mozos que andades de noite, / non vos collan descoidados* (223). | *Canta, rula; canta, rula; / canta, rula, naquel souto; / coitadiño do que espera / polo que está nas mans doutro* (218). | *O paxaro cando canta / mete o rabo na silveira, / tamén o metías ti / cunha meniña solteira* (757) | *O reiseñor cando canta / súa dama ten no niño: / mira como é amoroso / o cantar do paxariño* (769). [15 veces]

12. **cantar un carro** Rinchar, producir un son agudo ao se mover. *Se queres que o carro cante, / miña prima Manuela, / se queres que o carro cante, / bótalle os cans á cadela* (941). [2 veces]
13. **chegar o tempo** [de algo] Pasar a estar presente [esa circunstancia]. *Agora chegou o tempo / de facer as esfolladas / para comer coas mozas / catro castañas asadas* (74).
14. **clarear a Lúa** Despedir raios de luz *Aparta, loureiro verde, / deixa clarear a Lúa, / se non vexo o meu amante, / non vexo cousa ningunha* (145).
15. **cortar** + [ferramenta ou utensilio cortante **(navalla**)] Ter a capacidade de facer cortes ou incisións nunha superficie. *Hai que afiala, / hai que afiala, / a navalla de Pepe / non corta nada, / non corta nada, / corta bastante, / ten coidado, meniña, / cun estudiante* (474).
16. **dar o aire/vento** [a algo ou a alguén] Estar exposto a el. *Miña Virxen de Aguasantas / tan altiña se foi pór, / dálle o aire, dálle o vento, / a raia do Sol maior* (591). | *Vamos indo cara a ela, / vamos indo cara a ela, / agora xa nos vai dando / o aire da nosa terra* (1065) [aire: 3, vento 1 = 4]
17. **dar unha volta** [a alguén] Desmaiarse; marearse; sentirse indisposto. *O que dá a cepa torta, / o que dá a cepa torta; / a uns faille doer a cabeza / e a outros dar a volta* (762).
18. **darse** + [froito dunha planta (**laranxa**, **limón**)] Adaptarse [a un clima, a unhas condicións determinadas]. *Arriba, arriba, arriba, / arriba e abaixo non, / onde se dá a laranxa / tamén se dá o limón* (156).
19. **doer** + [parte do corpo (**barriga**, **cabeza**, **ollos**)] [a alguén] Sentir dor física nesa parte. *Maruxiña, donche os ollos, / tamén che me don os meus: / iralos lavar ao río / onde a troita lava os seus* (536). [9 veces]
20. **enamorar/namorar** + [persoa (**nena**)] **1**. Procurar o amor de alguén. *A pataca cando nace / bota a raíz polo chão, / a nena cando namora / pon a man no coração* (46). **2**. **enamorar(se)/ namorar(se)** + [persoa] Sentir amor por alguén. *Cinco sentidos che temos / e os cinco necesitamos, / todos os cinco perdemos / en canto nos namoramos* (271). [Sdo 1: 5, Sdo 2: 2 = 7]
21. **entrar pena** [a alguén] Comezala a sentir. *Ao cementerio non vou / porque me entra moita pena, / alí teño eu enterrados / os restos da miña nena* (712).
22. **enverdecer** + [planta (**herba**)] Pórse verde, recuperar o verdor. *Secan as herbas dos campos / e volven a enverdecer, / así fan amores vellos / cando se volven a ver* (945). [2 veces]
23. **estilarse** + [costume (**pedir a filla**)] Estar de moda; ser costume. *Agora xa non se estila / pedir as fillas aos pais, / entras a porta pra dentro: / -Meu sogro, ¿como vos vai?* (83).
24. **facer/haber** + [período de tempo (**ano**, **día**, **moito**, **pouco**)] Pasar [o tempo

que se expresa] desde o momento indicado. *Teño unha mazán na hucha / que ma deu un carpinteiro; / hai un ano que ma deu / inda non perdeu o cheiro* (1005). | *O san Andrés de Teixido / está no cabo do mundo; / solo por te ver, meu Santo, / tres días hai que non durmo* (772). | *Xa fai un pouqueniño / que estou quentando as canelas* (1100). [A forma normativa é co verbo "haber"]. [facer: 1, haber: 6 = 7]

25. **facer/ir** + [circunstancia climática (**aire, calor, vento**)] Haber esa circunstancia climática. *A folla do castiñeiro, / cando vai aire, blandea; / o teu corazón, meniña, / dentro do meu se pasea* (15). | *Asubía que fai vento, / asubía que fai vento; / tamén eu asubiaba / cando era do teu tempo* (182). | *Abana, abana, meu abanador, / abana, abana, / abana e fai calor* (1067). [A forma normativa é co verbo "ir": *ir aire*, *ir calor*, *ir vento*]. [facer: 3, ir: 1 = 4]
26. **ferver** + [líquido (**caldo**)] Burbullar por efecto da calor. *Eu quero caldo, mi madre, / do que antonte comín, / eu quero caldo, mi madre. / -Déixao ferver, Xoquín* (438). [2 veces]
27. **fungar un gato** ([a alguén]) Expulsar con forza o ar polo nariz de maneira ameazante. *Amores ao pé da porta / eu non os podo tomar; / como os gatos en xaneiro / que non fan senón fungar* (122).
28. **gustar** + [comida (**arroz con leite**, **olivas**)] [a alguén] Serlle agradábel ao gusto, apreciala. *Como sei que che gusta / arroz con leite, / como sei que che gusta, / convidareite* (275). [2 veces]
29. **gustar** + [persoa (**meniña**)] [a alguén] Resultarlle atractiva. *Moito me gustas, meniña, / moito me gustas en todo, / se non fora o pouco ter / que éche o que arruína todo* (615). [2 veces]
30. **haber** + [diversión colectiva (**festa**, **serán**)] Producirse ese acto. *Esta noite hai serán, / non me deixan ir a el, / coitado do meu galán, / quen ha de bailar con el* (361). | *Na aldea da Xesteira / hai unha festa que arrasa, / con pandeiro e ferriñas / e castañetas de plata* (628). [4 veces]
31. **haber** + [fenómeno atmosférico (**orballo**)] (1) Caer choiva miúda ou (2) caer o resío da noite. *Da banda de alá do río / nin chove nin hai orballo; / meniña, se has de ser miña, / non leves tanto traballo* (288). [2 veces]

    haber + [período de tempo (**ano**, **día**, **moito**, **pouco**)] > 24
32. **ir alta a Lúa** Verse a moita altura. *Ai, que alta vai a Lúa, / o luceiro a acompaña, / ai, que triste queda un home / cando unha muller o engaña* (86). [2 veces]
33. **ir cheo un río** Levar moita auga. *O río, cando vai cheo, / leva carballos e follas; / tamén podía levar / as lenguas marmuradoras* (770). [2 veces]

    ir + [circunstancia climática (**aire, calor, vento**)] > 25
34. **ir encuberta a Lúa** Estar tapada polas nubes. *A Luna vai encuberta / con panos de tafetán; / olliños que ben me queren / nesta terra non están* (25). [4 veces]
35. **irse** + **día/noite** Acabar, chegar ao seu fin. *Estreliña do luceiro, / a de moita claridá, / vaise o día, vaise a noite, / vaise a nosa mocedá* (395). [noite (2), día (2) = 4]

36. **ladrar un can ou cadela** ([a alguén]) Emitir a súa voz característica. *Ladran os cans a quen vén, / ladran os cans a quen vén, / son os da noite pasada, / quedaron de vir e vén* (507). | *Se queres que eu vaia e veña / de noite polo luar, / tes que matar a cadela, / que non fai senón ladrar* (940). [4 veces]
37. **madurar** + [froito (**castaña**)] Volverse maduro. *A castaña no ourizo / eu ben sei o que ela fai: / cando está verde, madura, / cando está madura, cai* (6).
38. **manter un alimento** [alguén] Alimentalo, nutrilo. *Namoreime dunha nena / porque ela cantaba ben, / agora morro de fame, / o cantar non me mantén* (641). [3 veces]
39. **moer o muíño** ([a gra]) Reducir a po [os grans dun cereal]. *Na miña vida che vin / dous muíños a moer, / un anda, outro desanda, / así fai o ben querer* (634). [3 veces]
40. **nacer** + [animal ou persoa (**marido**, **neno**, **pito**, **rapaza**)] Saír do ventre materno ou do ovo. *A criada do cura / ten un neno / que naceo antesdonte / antre o centeo* (8). | *Chamáchesme pito cairo / porque nacín en xaneiro; / se me o raposo non come / inda hei de ir ao teu poleiro* (262) [6 veces]
41. **nacer** + [astro (**Sol**)] Comezar a aparecer no ceo. *Eu ben vin nacer o Sol / por detrás daquel outeiro; / non me poñas tanta palla / que non son ningún palleiro* (411).
42. **nacer auga** Manar, brotar. *Entre canas e canales / auga debe de nacer, / miniña que estás na horta, / mándame acá de beber* (1097).
43. **nacer** + [planta (**alcipreste**, **caravel**, **herba**, **millo miúdo**, **pataca**)] Comezar a desenvolverse. *O caravel cando nace / de pequeniño recende; / non hai cousa máis humilde / que o amor cando pretende* (702). [7 veces]
    namorar + [persoa (**nena**)] > 20
    namorar(se) + [persoa] > 20
44. **parir** + [muller (**nai**, **sogra**)] ([un fillo]) Expulsalo despois de cumprir o período de xestación. *O que fixo teu pai / coa guillada dos bois, / que pareo túa nai / nove meses despois* (764). | *Cheira a caldo con unto, / rebentara quen o come, / rebentara miña sogra / cando pareo ao meu home* (266). [2 veces]
45. **pasar un barqueiro** [alguén] Levalo dunha beira a outra [dun río] *Da banda de alá do río / tamén teño as miñas uvas, / se me o barqueiro non pasa, / han de caír de maduras* (289).
46. **pegar a risa** [a alguén] Darlle gana de rir. *O cura quedou pasmado, / que nunca tal lle pasou*[9]*, / caieulle o libro da man / coa risa que lle pegou* (1100).
47. **peneirarse** + [persoa (**muller**)] Mover o corpo a un e a outro lado ao andar ou ao bailar. *A muller do Roque Troque / está bailando na eira, / Roque Troque está mirando / como a muller se peneira* (38).
48. **perderse un amor** Deixar de o ter. *Da banda de alá do río / andan dous coenlliños bravos; / moitos amores se perden / por non seren percurados* (284). [2 veces]
49. **picar** + [insecto (**pulga**)] [a alguén] Morderlle co aparello bucal. *Ao baixar as escaleiras / unha pulga me picou, / collina polas orellas, / ¡que man de couces levou!* (694).
50. **picar** + [planta con espiñas (**roseira**, **silva**)] [a alguén] Ferilo superficialmente, espiñalo. *A silva de*

[9] Corriximos, como na terceira edición, o "paxou" da primeira e segunda edicións.

verde pica / e de seca vai quebrando, / o que de amores se fía / sempre vive suspirando (55). | *Din que che pican as mans, / para min son amorosas; / tamén pican os rosales / e deles salen as rosas* (323). [3 veces]

51. **pórse** + [astro (**Lúa**)] Ocultarse detrás do horizonte. *A Luna estase pondo, / os tellados xa fan sombra, / eu voume prá miña cama, / quédate con Dios, Paloma* (22).
52. **prender** + [planta (**amieiro**, **salgueiro**)] Seguir medrando no sitio en que foi plantada ou enxertada. *Salgueiro prende de póla, / ameeiro, de raíz; / amores que fostes doutro / para min xa non servís* (906). [4 veces]
53. **pretender** + [pretendente (**amor**)] [unha moza] Tratar de casar ou de manter unha relación de noivado con ela. *O caravel cando nace / abre polas catro esquinas, / o amor cando pretende / non conta senón mentiras* (701). [En Lorenzo (1973: 147) temos este exemplo: *Se se che apaga o cigarro / non o volvas acender; / se unha moza te deixou, / non a volvas pretender*. [4 veces]
54. **quebrar** + [material (**vidro**)] Ficar dividido en anacos ou partes. *O anelo que me deches / era de vidro e quebrou: / que tanto me dures ti / como o anel me durou* (690).
55. **recender** + [planta (**caravel**)] Desprender un cheiro agradábel. *O caravel cando nace / de pequeniño recende; / non hai cousa máis humilde / que o amor cando pretende* (702). [2 veces]
56. **repenicar un pandeiro** Soar rápida e repetidamente. *Este pandeiro que toco, / ¡zúmballe, Marica!, / é de pelico de ovella, / como repenica* (380).
57. **roer o muíño** Fregar ou golpear a moa do muíño (a roda que é xiratoria) contra o "pé de muíño" (a roda inferior, estática) cando non ten gran. *No muíño onde eu moio / tamén moe unha señora, / bótalle gran, queridiña, / bótalle gran que non roa* (651). [Pérez Ballesteros, (1979 b: 231) recolleu esta cantiga: *Qu'importa qu'o muíño ande / se grau non vexo na moega; / afíreo, Manuel, afíreo, / qu' a capa roe na pedra*. "Aferir" é 'deter ou pór a andar o muíño por medio do aferidoiro'].
58. **rollar un testo** Tapar [unha rolla ou un testo, un recipiente]. *Non ha pucheiro que ferva / nin testo que rolle ben, / solo a ti miña meniña, / solo a ti che quero ben* (1097). [A RAG prefire a variante "arrollar"].
59. **secar** + [planta (**carballo**, **herba**)] Morrer por falta de humidade. *Naquela carballeiriña / non sei que demonios hai. / -Hai un carballo secando, / arrandeeino e non cai* (643). [3 veces]
60. **tocar** + [instrumento musical (**pandeira**, **pandeiro**)] Producir o seu son, soar. *Toca, pandeiriño, toca, / se non heite de rachar, / que me custaches os cartos, / axúdanos a gañar* (1024). [19 veces]
61. **tocar unha campá** Producir o seu son, soar. *Anque tocan as campanas, / non tocan polos que morren, / que tocan polos que viven / para que deles se acorden* (136).
62. **vir a noite** Achegarse esa parte do día. *Agora que vén a noite, / vén a miña alegría, / para ver os meus amores / que non os vin polo día* (82).
63. **vir** + [flor (**flor da xesta**)] Florecer, saír. *Eu collín a flor da xesta / que é a primeira que vén; / desde que te vin a ti / non amei a máis ninguén* (423).

64. **vir o verán** Estar próxima esa estación do ano. *Parrandiñas do inverno, / parrandiñas do inverno; / agora que vén o vran / parrandiñas ao inferno* (810). [A variante gráfica é "verán"].

2.2.2. Verbo + substantivo (obxecto) / verbo + preposición + substantivo

65. **abalar** + [árbore (**pereira**)] Movela, facela oscilar, xeralmente para que caia o froito. *Esta noite e mais*[10] *a outra / e mais a outra pasada, / abalei unha pereira / que nunca foi abalada* (357).
66. **abrir** + [medio de acceso (**cancelo**, **porta**, **poxigo**)] Afastar aquilo que o pecha de maneira que fique libre. *Ábreme a porta, María, / se non vouche polas tellas; / teño o fillo comenzado, / voulle facer as orellas* (65). [5 veces]
67. **abrir** + [tipo de pecho (**tarabelo**)] Movelo para permitir o paso. *Esta noite hei de ir alá, / meniña, non teñas medo; / coa punta da navalla / hei de abrir o tarabelo* (364).
68. **abrir un ollo** Separar as pálpebras que cobren e protexen a súa parte visíbel. *Este meniño ten sono, / ten ganiñas de dormir, / ten un olliño cerrado, / outro non o pode abrir* (378). | *A lebre cando adormece / dorme cos ollos abertos; / dorme cos ollos cerrados / quen ten os amores certos* (18). [3 veces]
69. **achegar o lume** (1) Arrimar a cinsa ao lume e cubrilo con ela para que non se apague ou (2) arrimar leña ao centro do lume para que, así xunta, arda mellor e levante chama. *As rapazas desta terra / todas xuntas van á misa, / deixan o lume achegado / coa faldra da camisa* (175). [Os dous significados tirámolos do dicionario de Eladio Rodríguez mais aparecen xa nas papeletas de Sobreira (1979), morto en 1805. O propio Antonio Fraguas (1953), cando escribe "La hora del reposo nocturno la señala la recogida del fuego (achegar o lume)", parece que se refire á primeira acepción, ou sexa, á conservación do lume. De todas as maneiras, dúas persoas da aldea do Cachafeiro, pertencente á comarca veciña da Terra de Montes, Áurea Barreiro Rivas e Jaime López Varela, infórmanme de que para eles "achegar o lume" é 'atizalo', ou sexa, o sentido 2].
70. **acirrar/botar** + [animal (**can**)] [a alguén] Provocalo para que ataque [a alguén]. *Ao portal de meu sogro / acirráronme o can, / velaí vén miña sogra / coa tranca na man / i o zapato no pé / e chiscándome un ollo / eu ben sei por que é* (760). | *Anque che son das Mariñas, / son mariñán, / o fungueiro, meniña, / lévoo na man, / por si á volta da eira / me bóta-lo can* (132).
71. **afiar** + [ferramenta ou utensilio cortante (**navalla**)] Facerlle o fío ou gume para que corte mellor. *Hai que afiala, / hai que afiala, / a navalla de Pepe / non corta nada, / non corta nada, / corta bastante, / ten coidado, meniña, / cun estudiante* (474).
72. **apagar a sede** Facela desaparecer. *Aquela paloma blanca / que anda no lameiro verde, / está co pico na agua / non pode apagar a sede* (153).
73. **apagar un candil** Facer cesar a súa chama. *O demo apaga os candiles, / o demo queima os palleiros; / entra o demo nunha casa / e todo anda reboldeiro* (732).

[10] Na primeira edición a forma da cantiga é *Esta noite e maila outra / e maila outra pasada, / abalei unha pereira / que nunca foi abalada*.

74. **aprender/deprender a** + [oficio (**albardeiro**, **carpinteiro**, **cazador**, **cerralleiro**, **zapateiro**)] Adquirir o coñecemento dese oficio. *A min chámanme Benito / e de apellido Vaqueiro, / por causa de Xenoveva / aprendín a serralleiro* (29). | *A min chamanme Benito / e de apellido Vaqueiro, / por causa de Mari Pepa / aprendín a albardeiro*. (28) | *Deprendín a cazador / nos montes de Villafranca; / agora xa sei cazar / lebres da cabeza blanca* (317). | *Eu ben vin estar o cuco / na rama dun castiñeiro / coa machada na man / deprendendo a carpinteiro* (407). | *Eu ben vin estar o moucho / encima dun amieiro / coa subela na man / deprendendo a zapateiro* (409). [6 veces]
75. **arrandear** + [árbore (**carballo**)] Facela moverse, facela oscilar. *Naquela carballeiriña / non sei que demonios hai. / -Hai un carballo secando, / arrandeeino e non cai* (643).
76. **arrenegar o demo** Lanzar imprecacións contra el. *Arrenegou o demo tres veces / ao velo tan derreado* (1101). [A RAG prefire a variante "renegar"].
77. **arrolar un neno** Balancealo nun berce para o adormentar ou cantarlle ou falarlle para calmalo ou adormentalo. *O cura foi ao muíño / e levou o fol pequeno / porque a criada non pode, / que ten que arrolar ao neno* (726).
78. **aserenar** + [bebida (**chocolate**, **lambedor**)] Amornala. *Estou acatarradiña, / hei de tomar chicolate, / ha de ser aserenado / nos labios do meu amante* (391). | *Estou acatarradiña, / hei de tomar lambedor; / ha de ser aserenado / nos labios do meu amor* (392). [A RAG prefire a forma "serenar"]. [2 veces]
79. **atizar un candil** Avivar a súa mecha. *Atizai ese candil, / apagai ese morrón, / que vai entrar a bailar / Maria Corcubión* (184).
80. **atrancar unha porta** Pechala cunha tranca. *Esta noite hei de ir alá, / rapaza, non teñas medo, / déixame a porta atrancada / cunha palla de centeo* (366). [Coidamos que nesta cantiga se fai un uso lúdico ou humorístico de "atrancar", pois nela a porta féchase cunha palla, non cunha tranca].
81. **bailar** + [baile (**fandango**, **muiñeira**, **tango**)] Mover o corpo segundo as regras dese baile. *As de alá de arriba / cando van co gando / espetan a vara / e bailan o tango, / e bailan o tango / e a muiñeira, / as de alá de arriba / non hai quen as queira* (160). [5 veces]
82. **baixar o muíño** Xuntar, por medio da panca denominada aliviadoiro, as moas do muíño para que a fariña saia máis muda, máis fina. *Ao muíño de teu pai / eu ben lle sei o tempero: / cando está alto, baixalo, / cando está baixo, erguelo* (754). [Ver tamén "erguer o muíño" e "saber o tempero [a un muíño]"].
83. **bater o fado** Bailalo. *E bate o fado, / e bate forte, / ti eres a causa / da miña morte* (335). [Hai diferentes teorías acerca de se a canción popular portuguesa denominada fado foi antes cantada ou danzada. En todo caso, parece que entre 1830 e 1840 xa estaba xeneralizado en Portugal o fado como danza e como canción. Guilherme Augusto Simões (1993: 301) define "fado batido" así: "Dança executada por dois dançarinos. Um bate com a

barriga no outro que está quieto, em pé, com os pés juntos, para o obrigar a desequilibrar; se este se desequilibra fica depois a bater. Esta brincadeira é acompanhada ao som do fado corrido". Parece ser que o fado deixou de ser considerado unha danza polo menos a partir da metade do século XX].

84. **beber** + [bebida (**auga**, **viño**)] Inxerir esa bebida. *O cantar do arrieiro / é un cantar moi baixiño / que non poden cantar alto / porque beben moito viño* (698). [4 veces]
85. **botar a auga** Regar, conducir a auga por unha rede de canles para regar as terras. *Quen me dera en Caroi / un pedaciño de terra, / para ir botar a auga / e pasearme por ela* (875).
86. **botar a sona** [(de algo) a alguén] Atribuírlle algunha calidade. *Por baixo do limoeiro / non pode apañar a folla; / inda non ten o proveito / e xa lle botan a sona* (852).

botar + [animal (**can**)] [a alguén] > 70

87. **botar as culpas** [(de algo) a alguén] Consideralo responsábel ou causa. *Se mo diches, non mo diras, / eu pedir non cho pedín; / déchesllo a quen quixeche, / bótasme as culpas a min* (934).
88. **botar/facer as monicións** Publicar na igrexa os nomes das persoas que queren casar por se houbese algún impedimento. *Fixeron as monicións / como alí se acostumbraba / e levaronllas ao cura / que llas lese decontado* (1100). | *Voulles a decir verdá / que lle foi desta maneira: / que botou as monicións / a María a costureira. Todos perguntan con quen / por arriba e por abaixo / as monicións xa as botou / domingo co tío Naranxo* (1101).
89. **botar gran** [ao muíño] Abastecelo del. *No muíño onde eu moio / tamén moe unha señora, / bótalle gran, queridiña, / bótalle gran que non roa* (651).
90. **botar/meter/pór** + [combustíbel (**leña, toxo**)] [no lume] Abastecelo del. *Bota leña nese lume / anque sea de bidón, / velaí vén o meu Manuel, / carpinteiro sin serrón* (193). | *Metín un toxo no lume, / negro toxo para min, / queimei o paparrucheiro, / agora rinse de min* (548). | *Ponde leña nese lume, / que a verde non quere arder; / á muller de ruín home / máis lle valera morrer* (845). [botar: 1, meter: 1, pór: 3 = 5]
91. **botar** [planta] + **flor** Producila. *Carretera da Xesteira, / as silveiras botan flores; / por aquela carretera / paséanse os meus amores* (244).
92. **botar** [planta] + **raíz** Producila, deitala fóra. *A pataca cando nace / bota a raíz polo chão / a nena cando namora / pon a man no coração* (46).
93. **botar polo mundo** Ir, andar por diferentes terras e lugares. *Canteiros e carpinteiros / da vila de Pontevedra: / botai polo mundo adiante / buscando madeira e pedra* (209).
94. **botar un peido** Expulsalo. *Unha vella moito vella, / xa tiña a cabeza blanca, / botou un peido na cama / e fixo fuxir a manta* (1051).
95. **botar un remendo** [a algo] Remendalo. *Costureiriña bonita, / pagándoche o teu traballo: / botarásllleme un remendo / á cabezalla do carro* (282).
96. **botar un tiro** [a algo ou a alguén] Dispararlle. *Pasei a Ponte Loureiro, / paseina nunha carreira, / boteille un tiro a unha lebre, / matei unha costureira* (818).
97. **botar unha sesta** Durmir un sono despois do xantar. *Miña cuñadiña nova*

/ bota unha sesta lixeira, / dórmese no mes de agosto, / esperta na primaveira (553).

98. **cantar os Reis** Interpretar [un grupo de mozos e mozas] unha especie de panxoliñas na véspera, no día de Reis ou polo Ano Novo indo de casa en casa e procurando aguinaldos. *San José e mais María / camiñan para Belén; / eles van cantar os Reis, / vamos nós alá tamén* (916).
99. **cantar un cantar** Interpretalo. *O cantar do arrieiro / é un cantar moi baixiño, / cántano en Ribadavia, / resona no Carballiño* (699). [3 veces]
100. **causar unha baixa** [a alguén] Ser [u.c./u.p.] causa dela, producila. *O señor Paiva Couceiro / é o xefe dos monarcas, / e no combate de Chaves / causáronlle moitas baixas* (776).
101. **ceibar** + [animal (**can**)] Deixar libre [un animal que estaba suxeito ou preso]. *Téñoche un can de palleiro / que de noite anda ceibado: / ten cuidado, Maruxiña, / Maruxiña, ten cuidado* (1013).
102. **cerrar/fechar un ollo** Xuntar as pálpebras que cobren e protexen a súa parte visíbel. *Este meniño ten sono, / ten ganiñas de dormir, / ten un olliño cerrado, / outro non o pode abrir* (378). | *Por vela naquel estado, / moitas bágoas derramei. / Ela virouse pró canto, / nin unha palabra me deu, / apretou súa man na miña, / fechou os ollos, morreu* (1104). [cerrar: 3, fechar: 1 = 4]
103. **chamar** + [nome (**celidonia**, **ouropeso**, **tormentelo**)] [a algo] Denominalo así. *Teño unha herba na horta / que lle chaman celidonia; / teño outra na cociña / que lle chaman ¡burro toma!* (1001). [7 veces]
104. **chamar** + [nome (**Manuel**...)] [a alguén] **1**. Aplicarlle un nome de pía. *A criada do cura / ten un neno / pequeniño / que de nome lle chaman / Manueliño* (9). **2**. **chamar** + [nome (**moreniña**...)] [a alguén] Aplicarlle un nome ou un alcume. *Chamáchesme moreniña / á vista de tanta xente, / agora vaime quedar / moreniña para sempre* (257). [Sdo. 1: 5, Sdo. 2: 14 = 19]
105. **chamar/tirar a bailar** [alguén] Proporlle participar no baile. *Xa me dixo teu pai / que te chame a bailar / e no medio do baile / que te deixe quedar* (1087). | *Tira unha a beilar, / tira unha a beilar; / tira quen che parecer, / a min déixame quedar* (1017). [chamar: 2, tirar: 2 = 4]
106. **chiscar/choscar un ollo** ([a alguén]) Cerrar e abrir rapidamente [un ollo ou os dous] para facer algún sinal ou dar a entender algo. *Miña sogra morreu onte, / enterreina no restollo; / pasei hoxe por alí, / inda me chiscou un ollo* (579). | *Moito miras para min, / moito me choscas o ollo, / teño moito que facer, / non podo atender a todo* (616). [chiscar: 2 / choscar: 1 = 3]
107. **cocer pan** Someter á acción da calor [a masa de pan ou outra masa alimenticia] para a facer comestíbel. *Gracias a Dios, que cocemos / catro panciños, / e cinco debemos* (472). | *O cura e mais a criada / ordearon de cocer; tiñan a leña no monte / e a fariña por moer* (721).
108. **coller amores** Namorarse. *Tamén sei coller o toxo, / tamén o sei enfeixar, / tamén sei coller amores, / tamén os sei olvidar* (977).
109. **coller** + [planta ou froito (**avea**, **flor da xesta**, **toxo**, **xunco**)] Retiralo de onde

está, facer a súa colleita. *Sementei e non collín / avea nunha revolta, / vale máis un amor lonxe / que vintecinco na porta* (951). [4 veces]

110. **comer caldo** Inxerir esa comida. *Miña sogra morreu onte, / deixou o caldo na cunca, / déixame ir come-lo caldo / pola alma da defunta* (578). [3 veces]

111. **contar unha mentira** ([a alguén]) Mentir. *O caravel cando nace / abre polas catro esquinas, / o amor cando pretende / non conta senón mentiras* (701).

112. **convidar** + [persoa (**meniño**...)] ([a algo]) Agasallala con algo grato para ela. *-Costureira, melindrosa, / ¿onde gardas os melindres? / -Téñoos na ucha gardados / pra convidar os meniños* (280). [2 veces]

113. **correr o Entroido** Andar de lugar en lugar ou polas rúas e camiños durante os días do Entroido disfrazada con outros mozos e mozas e provistos de chocallos e outros instrumentos facendo festa e divertíndose coa veciñanza. *A miña muller é vella, / de vella caeulle o coiro; / hei de facer un pandeiro / para corre-lo Entroido* (32).

114. **cortar** + [árbore (**oliveira**, **rama**, **vara**)] Abatela ou tirarle unha parte. *Teño unha oliveira en Vigo, / heina de mandar cortar, / cando vou a Redondela / tírame a vista do mar* (1007). | *Hei de cortar unha rama / onde o río fai a volta; / o amor que non é firme / olvidalo non importa* (475). [3 veces]

115. **cortar** + [cabelo ou pelo (***perrera**)] Reducir a súa lonxitude usando unhas tesoiras ou outro instrumento adecuado. *Houbo unha festa en Esteiro / e co neboeiro / non se vía o Sol. / Se cortaras a perrera, / cochina, marrana, / fórache millor. / -A perrera non a quito / porque non me dá a gana / mentras os homes non quiten / o pantalón de campana* (498). [A RAG non recolle "perrera" senón "floco" (porción de pelo que cae sobre a fronte)].

116. **coser** + [peza de roupa (**camisa**)] Unir dúas partes de [un pano ou peza] por medio de puntos dados cunha liña enfiada nunha agulla. *Se ti viras o que eu vin / á sombra dunha nabiza: / vintecinco costureiras / cosendo nunha camisa* (944).

117. **criar** + [persoa (**neno**, **rapaza**)] Coidar e alimentar [u.c./u.p.] [unha persoa], normalmente cando é pequena. *Na aldea de Almofrei / hai unha fonte mui fría, / boa auga debe ser, / ¡que boas rapazas cría!* (630). | *Canteiros e carpinteiros, / canteiriños polo menos, / pola terra de onde andades / deixás a criar os nenos* (227). [3 veces]

118. **criar** + [planta ventureira (**herbas**, **silvas**)] Desenvolver [u.c.] [unha especie vexetal]. *Canto hai que te non vin, / xa o camiño cría herbas; / agora veño saber / se me dás o si de veras* (230). | *Heime casar en Caroi / que é terra de moito pan, / o forno de miña sogra / cría silvas polo vran* (490).

119. **cumprir un xuramento** Levar a cabo o que prometeu de maneira solemne. *Teño un xuramento feito / e mais heino de cumplir: / o día do meu enterro / non hei de cantar, nin rir* (997).

120. **custar** + [(certa cantidade de) diñeiro (**cartos**, **reás**] ([a alguén]) Ter como prezo [u.c.] [certa cantidade]. *Heiche de dar uns pendientes / anque custen cen reás; / para que digan os mozos: / ¡vaia que pendientes tras!* (482). | *Saca puntos, saca puntos, / galanciño*

do terreiro, / saca puntos, saca puntos / que non che custan diñeiro (902). | *Toca, pandeiriño, toca, / se non heite de rachar, / que me custaches os cartos, / axúdanos a gañar* (1024). [3 veces]

121. **dar a despedida** ([a alguén]) Despedirse (del). *Vou a dar a despedida / como deu Cristo en Belén: / Kitolis pecata mundi / requiem eternam amén* (1086).

122. **dar cariño** [a alguén] Tratalo con afecto, tenrura e simpatía. *Dáme da pera que comes, / da mazán un bocadiño, / da túa boca unha fala / e do corazón cariño* (294). | *Déchesme unha pera parda / toda rillada dos ratos, / a quen lle dás os cariños / dálle tamén os abrazos* (312).

123. **dar gusto** ([a alguén]) Ser(lle) [u.c.] agradábel, producir(lle) pracer. *Debaixo do castiñeiro / dá gusto parrandear, / pois ten a folla moi pecha, / non deixa entrar o luar* (309).

124. **dar licenza** [a alguén] Autorizar, consentir. *Tes o corpiño ben feito, / as pernas tamén serán, / dáme licencia, mociña, / que che quero pór a man* (1097).

125. **dar memorias** [a alguén] Darlle lembranzas. *Se fores ao san Benito, / ao san Benito de Lérez, / darasllе moitas mamorias / a meu irmán se o vedes* (932). [Marcial Valladares (1884) dá no seu dicionario o seguinte exemplo: *Pòis que vas á Pontevedra, dall'un carro de mamorias á miña prima*].

126. **dar noxo** [a alguén] Producir [u.c./u.p.] un sentimento de repugnancia. *Fixen a cama no río, / a cabeceira nun toxo; / algún día ben che quixen, / agora xa me dás noxo* (456).

127. **dar o dote** [a alguén] Entregarlle [a unha muller] diñeiro ou bens cando casaba. *Vinde acá mulleres, / rapaces e todo, / vinde ver o dote / que me deu meu sogro. / Unha cabra cega, / un cabrito coxo, / unha vaca vella / e un becerro mono, / unha manta vella / cun remendo novo, / unha arca chea / de pan de centeno, / unha porca grande / e un porco pequeno* (1095).

128. **dar o son** [a outra] Soar [u.c.] concertadamente con ela. *O pandeiro toca ben, / ás ferriñas dálle o son, / as meniñas que o tocan / elas de Loureiro son* (755)

129. **dar ocasión** (de algo) ([a alguén]) Provocala ou motivala. *Caravel que estás na horta, / déixate estar no botón: / meniña, terás coidado / de non dares ocasión* (233).

130. **dar proveito** [a alguén] Serlle [u.c.] proveitosa. *As esfolladas do millo / non dan proveito a ninguén, / mandei a muller a ela, / adormeceume e non vén* (161). [2 veces]

131. **dar queixa** [de algo ou alguén (a alguén)] Queixarse. *Ó*[11]*, morte, tirana morte, / eu de ti teño dar queixas; / quen has de levar non levas, / quen has de deixar non deixas* (750) [2 veces]

132. **dar sorte** [a alguén] Producirlle [algo ou alguén] un efecto favorábel. *Dios che dea tanta sorte / como ao*[12] *meu cabalo negro; / sete anos tivo a sarna / e morreo do xarampelo* (326).

133. **dar un abano** [a unha árbore] Abanala, axitala, facela oscilar. *Miña Virxen de Aguasantas / ten un carballo no adro; / Virxen de tantos milagros, / facelle dar un abano* (599).

[11] É a interxección "oh" ou "ó", que destas dúas maneiras se pode grafar.

[12] Nas tres edicións sen contracción: "o meu cabalo".

134. **dar un abrazo** [a alguén] / **dar unha aperta** [a alguén] Abrazalo, cinxilo cos brazos. *Déchesme unha pera parda / toda rillada dos ratos, / a quen lle dás os cariños / dálle tamén os abrazos* (312). | *Por cantar catro cantares / diante da porta do muíño, / déronme duas apertas / e mais moéronme o trigo* (853). [abrazo: 2, aperta: 1]
135. **dar un bico** [a alguén] Beixalo. *Tamén o mar é casado, / tamén o mar ten muller, / está casado coa area, / dálle bicos cando quer* (975). [3 veces]
136. **dar un couce** [a alguén] Coucealo [un animal]. *Dormindo na miña cama / soñando a miña ventura, / unha pulga doume un couce, / mandoume prá sepultura* (332).
137. **dar** [un pai] **unha filla** [a un pretendente] Consentir que case con el. *Meniña tan bonitiña, / a teu pai te hei de pedir; / se te non quere dar, / contigo lle hei de fuxir* (546). | *Heiche de dar o boi blanco / e mais a vaca marela, / e mais a filla máis nova, / se queres casar con ela* (481). [2 veces]
138. **dar un pincho** Pinchar ou saltar [unha persoa ou animal]. *Eu teño un canciño / bonito, abofé, / que baila a muiñeira / na punta dun pé; / na punta dun pé, / dá pinchos pra tras / e toca nas cunchas / o chascarraschás* (449). [2 veces]
139. **dar un recado** [a alguén] Dicirllo. *A nai chamou á criada / para lle dar o recado* (1104).
140. **dar** [un santo ou Deus] + [cousa pedida (**cría**, **home**, **marido**)] [a alguén] Concederllo. -*Señor san Antonio, / dáme outro marido / porque este que teño / non dorme comigo* (957). | *Se Dios me dá unha cría / seina limpar e lavala, / gobernar ben a vidiña, / durmir co home na cama* (1101). | *San Antonio bendito, / dádeme un home, / anque me mate, / anque me esfole; / mandaime un home / que me trate ben, / e se non me trata, / mandao tamén* (907).

dar unha aperta [a alguén] > 134

141. **dar unha fala/palabra** [a alguén] Falar, dicir algo [a alguén]. *Dáme da pera que comes, / da mazán un bocadiño, / da túa boca unha fala / e do corazón cariño* (294). | *Pasei pola túa porta, / unha fala non ma deches, / cando pases pola miña / farei como me fixeches* (823). | *Por vela naquel estado / moitas bágoas derramei. / Ela virouse pró canto, / nin unha palabra me deu, / apretou súa man na miña, / fechou os ollos, morreu* (1104). [2 + 1 = 3]
142. **dar** [unha planta] + [froito (**cereixa**, **landra**, **laranxa**, **ourizo**, **pera**, **pexego**)] Orixinalo, xeralo, producilo. *O carballo dá a landra, / o castiñeiro o ourizo; / non queiras amores, nena, / con mozos de pelo rizo* (705). [11 veces]
143. **dar** [unha terra] + [planta (**azafrán**)] Producila. *Corredoira é boa terra, / e ruín porque a fan, / se lle sementan o trigo / inda dá o azafrán* (278). [2 veces]
144. **dar unha tunda** [a alguén] Baterlle, darlle golpes. *Á entrada desta vila, / saída deste lugar, / ofrecéronme unha tunda; / saia quen ma ha de dar* (11). [2 veces]
145. **deitarse na cama** Pórse en posición horizontal nela, en particular para descansar ou durmir. *O cura cando vai fóra / déixalle dito á criada: / veña tarde, veña cedo, / déitate na miña cama* (716).

deprender a + [oficio (**albardeiro**, **carpinteiro**, **cazador**, **cerralleiro**, **zapateiro**)] > 74

146. **derramar bágoas** Chorar. *Por vela naquel estado, / moitas bágoas derramei* (1104).

147. **desatar** + [atadallo (**baraza**)] Desfacer o lazo ou nó del. *Teño unha saqueta feita, / toda chea de cantigas, / se me tiran polo xenio / desátolle as baraciñas* (1010).

148. **dicir a verdade** [a alguén] Ser sincera [u.p.]. *Moito eu chorei / o domingo á tarde, / que veña Lorenzo / que diga a verdade, / que diga a verdade / pero con cautela, / túa nai é bruxa / teño medo dela* (1096). [3 veces]

149. **dicir misa** Celebrala, misar. *As mociñas de Almofrei / non se saben persiñar, / cando o cura di a misa / elas suben pró altar* (166). [2 veces]

150. **durmir un sono** Ficar durmida [u.p.] un tempo breve. *Eu subín ao alcipreste, / no medio durmín un sono; / ben escusadiño é / querer a quen xa ten dono* (446). [2 veces]

151. **enamorarse/namorarse de** + [persoa (**bonita**, **nena**, **ollos**)] Sentir amor por ela. *Namoreime da bonita / porque ela bailaba ben, / agora morro de fame / e o bailar non me mantén* (639). | *Perdidiño dunha nena, / perdidiño enamoreime; / ela tiña amor con outro / e eu sen amor quedeime* (831). [6 veces]

152. **encher o fuso** Enrolarlle o fío que se vai facendo desde a roca. *Miña roca espiada, / meu fusiño por encher, / miña sogra enterrada, / meu marido por nacer* (573). [Ramiro Barros (2013: 176) define así "fuso": 'pequeno utensílio de madeira torneada, usado para torcer e enrolar o fio feito a partir das fibras de linho ou lã dispostas sobre a roca'].

153. **encomendarse a Deus** Pórse baixo a súa protección e coidado. *Válgame Dios, ó*[13], *río, / qué grande vas; / encoméndome a Dios / e dou volta atrás* (1062).

154. **enfeixar** + [cousas que poden ser atadas (**toxo**)] Facer feixes con elas. *Tamén sei coller o toxo, / tamén o sei enfeixar, / tamén sei coller amores, / tamén os sei olvidar* (977).

155. **enredarse con +** [persoa (**rapazas**)] Facer cousas que serven de diversión e entretemento. *Esta noite fun ao muíño / sin ter millo que moer; / enredeime coas rapazas / sen ter moito que facer* (360). [2 veces]

156. **ensinar** + [persoa (**cría**) ou animal (**galo**)] Facerlle adquirir o coñecemento ou a práctica dalgunha cousa. -*Non sabedes a doutrina, / eu non vos podo casar. / Se Dios vos dá unha cría / non a sabes enseñar* (1101). | *O seu galo, comadre, / teno moi mal ensinado: / vén cantar tódalas noites / encima do meu tellado* (777).

157. **enterrar** + [persoa morta (**muller**, **sogra**, **vello**)] Metela na sepultura. *Miña sogra morreu onte, / enterreina no restollo; / pasei hoxe por alí, / inda me chiscou un ollo* (579). [6 veces]

158. **entrar no baile** Pasar a formar parte dos que bailan. *Por aquel que entrou no baile, / por aquel que entrou agora, / por aquel que entrou no baile / cantarei a noite toda* (848). [3 veces]

159. **enxertar** + [planta (**salgueiro**)] Introducir [unha parte dunha planta

[13] Se obviamos a gralla da segunda edición "*que grandes vas*", nas tres edicións lemos "*Válgame Dios o río / que grande vas*". Igual que na nota 11, coidamos que ese "o" é a interxección "oh" ou "ó", que destas dúas maneiras se pode grafar.

ou árbore] no seu tronco ou póla, para que se desenvolva alí. *Millor quero ser salgueiro / enxertado na raíz / que casar contigo* (1098).

160. **erguer o muíño** Separar, por medio da panca denominada aliviadoiro, as moas do muíño para que a fariña saia menos muda, máis basta. *Ao muíño de teu pai / eu ben lle sei o tempero: / cando está alto, baixalo, / cando está baixo, erguelo* (754). [Tamén se denomina "subir o muíño", como vemos nestoutra cantiga: *Eu ben lle sei o tempero; / ò muiño do anano; / cando está baixo rubilo*[14]*, / cando está alto baixalo* (Rivas, 1997: 127) [Ver tamén "baixar o muíño" e "saber o tempero [a un muíño]"].

161. **escribir** + [escrito (**carta**)] [a alguén] Comunicarlle algo por ese medio escrito. *Escribírache unha carta / se a ti superas ler: / se lla dás a ler a outro, / alá vai o ben querer* (354).

162. **espetar** + [obxecto punzante (**vara**)] Introducilo nun corpo ou nunha superficie. *As de alá de arriba / cando van co gando / espetan a vara / e bailan o tango, / e bailan o tango / e a muiñeira, / as de alá de arriba / non hai quen as queira* (160).

163. **espiar a roca** Fiar o último que fica na roca dunha rocada de liño, estopa ou la. *Miña roca espiada, / meu fusiño por encher, / miña sogra enterrada, / meu marido por nacer* (573). [Un sinónimo de "espiar" é "espenar", como aparece nesta cantiga recollida por Saco (1987: 124): *Miña roca espenada, / meu fusiño por encher; / miña sogra está enterrada, / e meu home por nacer*].

164. **estudar para** + [profesión ou oficio (**crego**)] Realizar estudos desa especialidade. *Farruquiño, meu amor, / Farruquiño, meu amor, / vai estudiando pra crego, / serás o meu confesor* (452).

165. **facer a cama** ([a alguén]) Dispola para durmir nela. *Dime meu pai / que non fago nada, / fágolle máis / que un mollo*[15] *de palla: / fágolle a cama, / várrolle a casa, / tórnolle os cans / que non vaian á masa* (322). | *Fixen a cama no río, / a cabeceira nun toxo; / esta miña morenura / non é para ti, garboso* (457). [7 veces]

166. **facer** + [acción feita por diversión mais que pode molestar (**trasnada**)] Levala a cabo. *Neboeiro, neboeiro, / cando chove hai moita lama; / prenderon a Guillermina / por facer unha trasnada* (646). [2 veces]

facer as monicións > 88

167. **facer atención** [a alguén] Atendelo, facerlle caso. *Capilla que non ten santo / non se lle fai oración; / amor que non é de gusto / non se lle fai atención* (231).

168. **facer barullo** Producilo. *Teño un rapaciño / como un cascabullo; / cando vai ao baile / fai o seu barullo* (996).

169. **facer burla** (de algo) ([a alguén]) Burlarse del. *Baila como has de bailar, / maquiallo da mestura, / baila como has de bailar, / non andes facendo a burla* (187). [2 veces]

170. **facer** + [comida (**bola**, **bolo**, **chocolate**, **papas**, **manteiga**)] Elaborala, preparala. *Levantarme de mañán cedo / e coller a madrugada / e*

[14] "Rubir" é propiamente 'subir valéndose das mans e das pernas'. Algúns sinónimos son *aganchar*, *agatuñar* ou *gabear*. Na canción debe tratarse dun hipergaleguismo por "subir".

[15] Na primeira e na terceira edicións "monllo".

facer o chocolate / e levarllo ao home á cama (1101). [8 veces]

171. **facer compaña** [a alguén] Acompañalo [u.c./u.p.]. *Canta, miña pedra, canta, / a compás deste punteiro, / canta, miña pedra, canta, / faille compaña ao canteiro* (221).

172. **facer** + [diversión colectiva (**foliada**)] Levala a cabo. *Axúdame aquí, María, / axúdame aquí, cuñada, / axúdame aquí, María, / a facer a foliada* (186).

173. **facer** + [labor agrícola (**esfollada**[16])] Realizalo. *Agora chegou o tempo / de facer as esfolladas / para comer coas mozas / catro castañas asadas* (74).

174. **facer o fermento** Mesturar fariña con auga quente e deixala tapada até o día seguinte para que levede para xuntar despois á masa para facer o pan. *O cura foi ao muíño / e meteo o bico dentro / e sacou dabondo fariña / para facer o formento* (727). [A variante normativa é "fermento"].

175. **facer oración** [a alguén] Rezarlle. *Miña sogra é unha santa / e meu sogro un santurrón; / agora teño dous santos, / heilles facer oración* (576). [2 veces]

176. **facer** + [período de tempo (**anos**)] Haber xustamente [certo número de anos, meses, semanas...] do nacemento desa persoa. *Heime casar iste ano, / se non me caso, rabeo, / que xa fago trinta anos / prá colleita do centeo* (492).

177. **facer pesar** [a alguén] Causarlle tristeza ou mágoa. *Agora é tempo santo, / non é tempo de cantar, / están os santos cubertos / e facémoslle pesar* (76).

178. **facer** + [peza de roupa (**braga**, **camisa**, **chaqueta**, **saia**, **suxeitador**)] Darlle forma reunindo e colocando convenientemente os elementos de que se compón. *A cantar ganei un carto, / fixen unha chaquetiña; / a bailar gasteina toda, / fixen moi ben que era miña* (4). [6 veces]

179. **facer remanso** Ir máis lento ou deterse [un regueiro, río etc.]. *Alá na volta do río, / onde a auga fai remanso; / quen ten os amores lonxe / nos ollos non ten descanso* (104).

180. **facer rizos** Rizar o cabelo. *E peina o pelo / e péinao ben / e fai os rizos, / que che están ben* (337).

181. **facer** [u.c./u.p.] **sombra** Causala. *O carballo que é pequeno / tamén fai pequena sombra; / á moza que é bonitiña / pouca riqueza lle abonda* (708). [2 veces]

182. **facer un xuramento** Xurar de maneira solemne. *Teño un xuramento feito / e mais heino de cumplir: / o día do meu enterro / non hei de cantar, nin rir* (997).

183. **facer** [unha ave] **o niño** Construílo para pór os ovos e criar as súas crías. *O diaño do chirlomirlo / onde foi facer o niño: / á oliveira do adro / no máis alto ramalliño* (737). [3 veces]

184. **facer unha viaxe** (a un lugar) Viaxar [a ese lugar]. *Portugal, terra querida, / terra de moita ventura; / quen fixo o viaxe ao Río / foi Coutinhas e Cadura* (859).

fechar un ollo > 102

185. **fiar cartos** Vender un produto ou un servizo sen cobrar no momento. *Fía, miña nena, fía, / fía de noite e de día, / fía e non fíes cartos, / non fíes dos homes, / que son moi lagartos* (453).

[16] Chámase "esfollada" ao labor de lles tirar as follas a determinadas plantas, por exemplo ao millo, e tamén unha reunión de persoas que se facía para esfollar en que tiñan lugar xogos e bailes. Na cantiga pódese referir a unha ou ás dúas cousas.

186. **fiar lan** Reducila a fío. *Eu casar ben me casaba / pero tamén che hei contar, / quero facer unha saia, / téñoche a lan por fiar* (1100).
187. **firmar un recibo** Pórlle a firma. *Casarei contigo, vello, / mais tes que firmar recibo: / que has de morrer axiña, / se non, entérrote vivo* (248). [2 veces]
188. **fritir** + [alimento (**ovo**, **peixe**)] Cociñalo nun recipiente con aceite ou graxa moi quente. *Polo mar abaixo / vai unha sartén, / vai fretindo peixes, / han de saber ben* (842). [2 veces]
189. **gañar** + [diñeiro (**cartos**, **moedas**)] Percibir [certa cantidade] por algo. *Toca, pandeiriño, toca, / se non heite de rachar, / que me custaches os cartos, / axúdanos a gañar*[17] (1024) [7 veces]
190. **gardar** + [animal doméstico (**gando**)] Procurar que non sufra dano ou prexuízo. *San Antonio garde o gando / no medio daquela veiga; / os becerros fan as papas, / as vacas fan a manteiga* (913).
191. **gardar un fillo** Procurar que non sufra dano ou prexuízo. *Esta noite hei de ir ás mozas, / esta noite hei de ir a elas; / quen ten fillas que as garde / que eu non vou gardar delas* (367).
192. **gastar** + [peza de roupa ou calzado (**chaqueta**, **medias**, **polainas**, **solas**, **zapatos**)] **1**. Facer uso dela ou del. *As mociñas de Famelga, / non é unha que son todas, / gastan dous pares de medias / pra facer as pernas gordas* (167). **2**. Deteriorala, consumila ao usala. *A cantar ganei un carto, / fixen unha chaquetiña; / a bailar gasteina toda, / fixen moi ben que era miña* (4). [Sdo1: 1, Sdo 2: 5 = 6]
193. **gobernar a vida** Ocuparse dela, prestarlle a debida atención. *Unha vella dixo a outra / polo burato da porta: / ti goberna a túa vida / que a miña a ti non che importa* (1047). [2 veces]
194. **ir a** [acontecemento público ou social (**baile**, **enterro**, **fiadeiro**, **romaría**, **san Bieito**, **serán**)] Asistir a el. *Eu fun ao serán a Pazos, / non topei senón formigas / e volvín ao da Xesteira / onde hai lindas raparigas* (426). [10 veces]
195. **ir á feira** Asistir a ela. *Fun á feira de Forzáns, / merquei unha vaca mona; / á que casa con un cego / nunca lle falta zanfona* (463).
196. **ir á herba** Ir segala. *Maruxiña, non vaias á herba / porque vén o vento / e toda cha leva; / toda cha leva / e lévacha toda, / anda, Maruxiña, / non me seas tola* (539). [2 veces]
197. **ir a** + [lugar de viaxe (**O Brasil**)] Desprazarse alí. *Eu hei de ir ao Brasil / anque non gañe diñeiro, / porque despois din as mozas: / velaí vén un brasileiro* (427).
198. **ir á misa** Asistir a ela. *As mociñas do Araño, / mentras os máis van á misa, / quedan na corte coas vacas / rillando palla maísa* (169). [2 veces]
199. **ir ás mozas** Andar [un rapaz] á súa procura con fins amorosos. *Esta noite hei de ir ás mozas, / esta noite hei de ir a elas; / quen ten fillas que as garde / que eu non vou gardar delas* (367).
200. **ir con** + [animal doméstico (**gando**, **vaca**)] Levalo a pacer e vixialo. *As de alá de arriba / cando van co gando / espetan a vara / e bailan o tango, / e bailan o tango / e a muiñeira, / as de*

[17] En todo o cantigueiro aparece sete veces *gañar* e sete *ganar*.

alá de arriba / non hai quen as queira (160). [3 veces]

201. **ler as monicións** Facer unha lectura pública na igrexa delas. *Fixeron as monicións / como alí se acostumbraba / e levaronllas ao cura / que llas lese decontado* (1100).

202. **levar** [a morte] + [ser vivo (**amada**)] [a alguén] EUF. Tirarlle a vida. *Ó, morte, tirana morte, / ó, morte cruel sin fin; / levástesme a miña amada; / agora levaime a min* (751) [7 veces]

203. **levar traballo** Suporlle [u.c.] esforzo. *Da banda de alá do río / nin chove nin hai orballo; / meniña, se has de ser miña, / non leves tanto traballo* (288). [3 veces]

204. **levar unha tunda** Recibila. *Casadiña de tres días / disque levache unha tunda; / se cho saben as solteiras / xa non se casa ningunha* (247). [2 veces]

205. **mallar** + [cereal (**cebada**, **centeo**)] Golpealo cun mallo para separar o gran da palla. *Ai, roxiña, roxiña do pelo, / ven comigo mallar o centeo!, / o centeo, o centeo, a cebada, / ¡ai roxiña, miña namorada!* (89).

206. **mallar en** + [metal (**ferro**)] Golpealo repetidas veces cun martelo. *A muller do ferreiriño / moito traballiño leva, / de día malla no ferro, / de noite o ferreiro nela* (36).

207. **mallar en** + [persoa (**muller**)] Baterlle forte. *A muller do ferreiriño / moito traballiño leva, / de día malla no ferro, / de noite o ferreiro nela* (36).

208. **mandar recado** Envialo. *Da banda de alá do río, / do río daquela banda, / teño unha rapariga, / moitos recados me manda* (286). [2 veces]

209. **matar un porco** Facer a súa matanza. *Miña sogra é forradeira / do que non pode gardar; / inda ten o unto vello / do porco que ha de matar* (575).

210. **mazar o liño** Batelo coa maza para romper as partes leñosas e tirarlle a casca. *Este é o tempo de troupele, tróupele, / este é o tempo de troupelear, / este é o tempo de mazar o liño, / este é o tempo de liño mazar* (377).

meter + [combustíbel (**leña, toxo**)] [no lume] > 90

211. **meter desconfianza** [a alguén] Xerarlla [u.c./u.p.]. *A folla do castiñeiro / é tan longa como ancha; / a moita conversación / méteme desconfianza* (16).

212. **meterse nunha quimeria**[18] Tomar parte nela. *O meu hoxe aquí non vén, / o meu hoxe aquí non vén, / meteuse nunha quimeria, / acabadiño de quen* (749). [A forma que recolle o dicionario da RAG é "quimera" e significa 'idea de algo ou cousa que un imaxina como posíbel mais que non ten relación coa realidade'. Coidamos que o sentido nesta cantiga é 'rifa, pendencia', como recollen algúns dicionarios antigos].

213. **moer** + [cereal (**gran**, **millo**)] Reducilo a po. *Esta noite fun ao muíño / sin ter millo que moer; / enredeime coas rapazas / sen ter moito que facer* (360). [4 veces]

214. **mollar a pluma** [no tinteiro] Humedecela con tinta para poder escribir. *Carmela ten un tinteiro / cheo de tinta marela, / déixame mollar a pluma / no teu tinteiro, Carmela* (240). [2 veces]

215. **namorar** + [persoa (**moza, muller**)] Facer que sinta amor por ela. *Namoraba unha mociña, / era*

[18] Non normativizamos este substantivo por ser unha forma popular cun significado diferente ao habitual de "quimera".

orfa, non tiña pai. / Era unha infeliz doncella, / vivía con súa nai (1104). [3 veces]

namorarse de + [persoa (**bonita**, **nena**, **ollos**)] > 151

216. ***olvidar un amor** Deixar de sentilo. *Alcipreste non se rega / porque na lentura nace; / amor firme non se olvida / por máis traballos que pase* (105). [A forma normativa é "esquecer"]. [7 veces]

217. **pagar un traballo** [a alguén] Compensarllo con diñeiro ou con outra cousa ou servizo. *Costureiriña bonita, / pagándoche o teu traballo: / botarárslleme un remendo / á cabezalla do carro* (282).

218. **pagar unha soldada** [a alguén] Darlle unha cantidade de diñeiro que cobra con regularidade en troco dun traballo. *Vaite de aí, Pedro Chosco, / non me enganes á criada, / non ma vistes, nin ma calzas / nin lle pagas a soldada* (1060).

219. **pasar +** [extensión ou curso de auga (**mar**, **regueiro**, **río**)] Atravesar [esa extensión ou curso de auga] dun lado a outro. *Pasei o mar da Marola, / queridiña, por te ver; / arrisquei a miña vida / a piques de eu morrer* (820). | *A pasar o rigueiriño / díxenche que si, que si, / desde que o tiña pasado / catro cornos para ti* (45). | *O que ten amores lonxe / e río para pasar / fágalle a ponte de pedra / que de pau pode quebrar* (767). [3 veces]

220. **pasar traballos** Experimentar dificultades ou apuros. *Alcipreste non se rega / porque na lentura nace; / amor firme non se olvida / por máis traballos que pase* (105).

221. **pasar unha ponte** Atravesala dun lado a outro. *Olliños que ben me queren / na Xesteira non están, / pasan as Pontes de Bora; / non sei cando volverán* (787). [15 veces]

222. **pasear** + [poboación ou lugar (**Portacibrán**, **Xesteira**...)] Percorrer amodo [esa poboación ou lugar]. *De Loureiro a Rebordelo / hai unha legua de monte, / vivan os mozos solteiros / que a pasean de noite* (299). [3 veces]

223. **pedir a filla** [aos pais] Solicitar deles autorización para casar con ela. *Agora xa non se estila / pedir as fillas aos pais, / entras a porta pra dentro: / -Meu sogro, ¿como vos vai?* (83). | *Meniña tan bonitiña, / a teu pai te hei de pedir; / se te non quere dar, / contigo lle hei de fuxir* (546).

224. **pedir** + [desexo (**home**, **mozo**, **nena**)] [á Virxe María ou a Deus] Facerlle coñecer o que se desexa que conceda. *Agora que foi e foi, / meniña non teñas pena, / agora que foi e foi / pídelle a Deus unha nena* (79). | *Miña Virxen de Aguasantas, / non vos veño pedir pan, / véñovos pedir un mozo / que faga tremer o chan* (590). [8 veces]

225. **pedir esmola** ([a alguén]) Solicitala ou suplicala. *O coxo e mais o manco / e mais o enxorobado, / foron pedir a limosna / á casa do encorcumbado* (714).

226. **pegar** + [parasito (**piollos**)] [a alguén] Transmitirllos por contaxio. *Chamácheme piolloso, / eu piollos nunca os vin, / solo si mos ti pegache / cando contigo durmín* (1099).

227. **peitear o pelo** Desenguedellalo, alisalo ou compolo cun peite. *-Meniña que andas no monte, / ¿con que peinas o teu pelo? / -Con unha herba do monte / que lle chaman tormentelo* (544). [4 veces]

228. **perder a lei** [a alguén] Deixar de sentir por el simpatía e fidelidade. *Fócheste gabar, gabacho, / que me perderas a lei, / eu a ti non cha perdín / porque nunca cha tomei* (461).
229. **picar a pedra** Golpeala coa pica, o pico ou instrumento semellante para desbastala, labrala etc. *Pica, canteiriño, pica, / pica na pedra miúda, / pica na muller allea, / outro picará na túa* (833).
230. **picar con** + [obxecto punzante (**agulla**, **tesoira**)] [a alguén] Ferilo superficialmente con el. *O meu amor era xastre / e eu era costureira, / el picoume cunha agulla, / eu piqueino coa tixeira* (748).
231. **picar** + [vexetal (**verdura**)] Dividilo en anacos pequenos. *Manueliño, se te vas, / déixame unha cousa túa, / déixame a túa navalla / para picar a verdura* (522).
232. **plantar** + [planta (**couve**, **laranxeira**, **piñeiro**)] Enterrala cando é nova ou unha semente para que prenda e medre. *Miña sogra forradeira / do que non pode aforrar; / inda ten verzas na horta / das couves que ha de plantar* (577). [3 veces].
233. **pór a** + [oficio (**costureira**)] [alguén] Dedicalo a ese oficio. *Dios llo pague a miña nai / que me puxo a costureira, / vén a chuvia, non me molla, / vén o Sol e non me queima* (329).
pór + [combustíbel (**leña, toxo**)] [no lume] > 90
234. **pór** [femia de animal ovíparo] **un ovo** Expulsalo. *Son da opinión do cuco, / páxaro que nunca cría, / pon o ovo en niño alleo, / outro paxaro llo cría* (970). [3 veces]
235. **pór medo** ([a alguén]) Asustalo [u.c./ u.p.]. *Non quero blanca que espante, / nin negra que poña medo, / morena e chosca dun ollo / así a quere o meu Pedro* (663).
236. **pór** + [negocio (**taller**)] Montalo. *-De onde vés, Sariña? / -Veño de coser, / veño da Coruña / de poñer taller* (304).
237. **pór preito** [a alguén] Levalo adiante. *Púxenlle pleito a un veciño / polo derrego do leiro; / levar, levou todo a curia / pero amolar, amoleino* (867).
238. **pór/vestir** + [peza de roupa (**camisa**, **mantelo**, **monteira**, **pantalón**, **saia**)] Cubrir con ela o corpo ou parte del. *De ti non ser miña dama / tivo a culpa miña sogra, / o día da túa voda / puxen a monteira nova* (1099). | *Miña nai casoume en Braga / cun garoto de Lisboa, / non tiña calza, nin vestía / camisa nin cousa boa* (559). [pór: 5, vestir: 1 = 6]
239. **quedar por** + [nome (**bruxa**, **meiga**)] Ser considerada [u.p.] [dunha determinada forma] como consecuencia do seu comportamento. *Miña nai e mais a túa / entrambas quedan na feira: / miña nai queda por bruxa / a túa queda por meiga* (562).
240. **rachar** + [tecido, papel ou material semellante (**pandeiro**, **saia**)] Rompelo tirando del ou exercendo sobre el unha forza. *Rachaches a saia, / tundas que levache; / por causa da saia / na casa quedache* (891). | *Toca, pandeiriño, toca, /se non heite de rachar, /que me custaches os cartos, / axúdanos a gañar* (1024) [4 veces]
241. **regalar os ollos** Abrilos moito. *E se regalas os ollos / como ti sabes mirar, / fas beilar a todos / e astra os de carrunca / falos reloucar* (617).
242. **regar** + [planta (**alcipreste**, **rosa**)] Esparexer auga sobre ela. *Corre a auga do meu peito / por un cano de marfín, /*

para regar esta rosa / que teño ao lado de min (277). [2 veces]

243. **remendar** + [peza de roupa (**mantilla, refaixo**)] Coser un anaco de tecido sobre ela para tapar un furado. *Salerosa, remenda o refaixo / que o levas roto por riba e por baixo, / por riba e por baixo, por baixo e por riba, / salerosa, remenda a mantilla* (904).

244. **repenicar un pandeiro** Tocalo con mestría. *Dálle o pandeiro a Taresa / que volo sabe tocar, / dávoslle aquela voltiña, / sábeo repenicar* (291).

245. **rezar a un santo** Dicirlle unha oración de palabra ou mentalmente. *Alá enriba, non sei onde, / había non sei que santo, / rezándolle non sei que, / gañábase non sei canto* (102). [3 veces]

246. **rezar** + [oración (**avemaría**)] [a Deus ou a un santo] Dicila de palabra ou mentalmente. *Cando pases por Loureiro / pola beiriña do adro, / rézalle unha avemaría / a la Virgen del Rosario* (208).

247. **rondar** + [muller (**amante**, **moza**)] Ir [un mozo] pasear preto do lugar onde vive ou polo xeral polo que anda [unha moza] para vela, falarlle etc., con intencións de a namorar. *Pasei a Ponte Loureiro / correndo pra Chan do Preiro, / iba pra rondar a moza / que pasea no Beseiro* (813). [A RAG prefire "roldar"]. [2 veces]

248. **saber a doutrina** Coñecer o conxunto de principios da relixión cristiá expostos no catecismo. -*Non sabedes a doutrina, / eu non vos podo casar. / Se Dios vos dá unha cría / non a sabes enseñar* (1101).

249. **saber o tempero** [a un muíño] Saber temperalo[19]; saber como funciona, coñecelo. *Ao muíño de teu pai / eu ben lle sei o tempero: / cando está alto, baixalo, / cando está baixo, erguelo* (754). [Ver tamén "erguer o muíño" e "baixar o muíño"].

250. **sacar a teta** [a alguén] Deixar [unha muller] de dar de mamar [ao seu meniño]. *Sei cantar e sei bailar, / sei tocar a pandareta; / deprendeume miña nai / cando me sacou a teta* (946). [2 veces]

251. **sacar puntos** Facer figuras e movementos coas pernas ou cos pés nalgún dos diversos bailes. *Saca puntos, saca puntos, / galanciño do terreiro, / saca puntos, saca puntos / que non che custan diñeiro* (902).

252. **sachar** (**en**) + [planta (**millo**)] Removerlle co sacho, coa sacha ou con outros instrumentos aptos para este labor, a tona da terra. *Costureiriña bonita, / ti que fas polo vran? / Eu sachando no millo / e ti coa agulla na man* (283). [2 veces]

253. **segar** (**en**) + [planta (**herba**)] Cortala. *Da banda de alá do río / asubíame unha melra; / a melra como asubía / anda segando na herba* (285).

---

[19] Un dos coidados do muiñeiro é "tempera-lo muíño", ou sexa, subilo ou baixalo por medio do *aliviadoiro*, un tirante ou vara de pau, longo de abondo, que vai dende o tremiñado ou sobrado deica o *inferno* onde engancha no pontón que sostén en aire o rodicio e que pode ser tamén un rexo arame. O xeral é que sexa de pau. [...]. Subíndoo [o aliviadoiro] máis ou menos, as pedras do muíño fican máis ou menos xebradas entre si e o grao, en correspondencia, máis ou menos mundo. A que se move é a moa superior, xa que a de baixo ou pé é fixa. Ò meter cuña, a palanca turra para arriba da mesa do muíño, que, à súa vez puxa na vara ou eixo que coa segorella fai o mesmo na moa corredoira, o que pode facer cunha maior, menor amplitude. É o que se di *temperar*, e no tento e pulso co que se fai está o bo ou mal muiñeiro. Se sube máis, un espacio maior de contacto deixa a fariña máis basta; se sube menos, pedras moi xuntas e espacio moi comprimido, a fariña sae máis fina (Rivas, 1997: 241-343).

254. **seguir as pisadas** [de alguén] Seguilo. *Non me tires con pedriñas / nin con mazáns recortadas; / eu para ti non nacín, / non me sigas as pisadas* (597).
255. **sementar** + [cereal (**avea**, **millo miúdo**, **trigo**)] Espallar ou depositar a súa semente nunha terra de cultivo para que se reproduza. *Corredoira é boa terra, / e ruín porque a fan, / se lle sementan o trigo / inda dá o azafrán* (278). [5 veces]
256. **serrar** (**en**) + [madeira] Cortala cunha serra. *Serra, compadre, / serra, comadre, / na madeiriña / do señor abade. / Ti coa lima, / eu coa serra / xuntaremos / diñeiro coma terra* (961).
257. **solar** + [calzado (**zapato**)] Botarlle a sola. *As mociñas que hai agora / todas din que ten, que ten, / mandan solar os zapatos / coas follas de cardén* (171). [2 veces]
258. **subir a** + [árbore (**alcipreste**, **limoeiro**, **loureiro**)] Alcanzar certa altura dela. *Hei de subir ao loureiro / ao ramalliño do medio, / se caír agarrareime / ao do sombreiriño negro* (479). [7 veces]
259. **subir** + [elemento do relevo (**alto**, **costa**)] Ir da súa parte baixa á alta. *A subila e baixala / a costa do Cacharredo, / a subila e baixala / perdín a cinta do pelo* (56). [2 veces]
260. **ter alegría** Estar alegre. *Sabe Dios de hoxe nun ano, / sabe Dios de hoxe nun día: / sabe Dios de hoxe nun ano / quen terá máis alegría* (901).
261. **ter amores** ([con alguén]) Estar namorada [u.p. de alguén]. *Canta, ti; cantarei eu; / iremos os dous cantando, / canta quen tiver amores, / canta quen os vai deixando* (219). [22 veces]
262. **ter cariño** [a alguén] Sentir por el afección, amizade, tenrura, simpatía etc. *O cariño que che teño / e mais o que che hei de ter / colle na folla dun toxo / e mais non a ha de encher* (710). [5 veces]
263. **ter coidado** ([de algo]) Estar atenta [u.p.] para evitar un perigo. *Caravel que estás na horta, / déixate estar no botón: / meniña, terás coidado / de non dares ocasión* (233). [5 veces]
264. **ter culpa** [de algo] Ser culpábel diso. *De ti non ser miña dama / tivo a culpa miña sogra, / o día da túa voda / puxen monteira nova* (1099).
265. **ter descanso** Descansar. *Alá na volta do río / onde a auga fai remanso; / quen ten os amores lonxe / nos ollos non ten descanso* (104).
266. **ter devoción** [a un santo ou á Virxe] Ser devota [u.p.] del ou dela. *Miña Virxen de Aguasantas / ten unha anda de vidro, / que lla dou un mariñeiro / por devoción que lle tiña* (602).
267. **ter** + [doenza (**enguenido**, **sarampelo**, **sarna**)] Estar doente dela. *O ferreiro ten a sarne; / a muller, o xarampión; / os fillos están chorando: / ¡ai, Xesús, que perdición!* (739). [4 veces]
268. **ter estimación** Ser estimada [u.p.], ser considerada [dunha determinada maneira]. *Vén aí o Manuel, / carpinteiro sin serrón; / non te importes, Manuel, / tes a misma estimación* (1071).
269. **ter frío** Sentir esa sensación que produce a falta de calor. *María lavaba, / Xosé estendía, / i-o Fillo choraba / de frío que tiña* (524). [2 veces]
270. **ter graza** Causar unha impresión agradábel e divertida. *Eu non canto por cantar / nin pola gracia que teña; / canto por aliviar / o corazón de tanta pena* (429).
271. **ter** + [insecto parasito (**piollos**, **pulgas**)] Ser vítima del. *Na camisa*

teño pulgas, / nos calzoncillos piollos, / como teño tanto gando, / aos veciños canlle os ollos (631).

272. **ter malicia** Ser maliciosa [u.p.]. *Polo mar abaixo vai / o nabo e mais a nabiza; / os mozos que hai agora / non teñen senón malicia* (839).

273. **ter medo** ([a algo ou de algo]) Temelo ou temerlle. *Esta noite hei de ir alá, / rapaza, non teñas medo, / déixame a porta atrancada / cunha palla de centeo* (366). [11 veces]

274. **ter mozo/noivo** Manter [u.p.] relacións amorosas con outra. *Eu se quero mozos / teño máis dun cento: / rapaciños novos / todos do meu tempo* (440). | *Eu se quero mozas / teño trinta e unha; / e se me dá a gana / non quero ningunha* (441). | *Anselmo de Vilanova / era o noivo que tiña / púxose tras dunha reixa / para mirar que facía* (138). [mozo: 2, noivo: 2 =4]

275. **ter parecer** Posuír boa aparencia física. *Miña nai, casade as fillas / mentras teñen parecer, / que non son herbas dos campos / que volvan a enverdecer* (556).

276. **ter pena** ([de algo]) Sufrir moralmente por causa de algo. *Agora que foi e foi, / meniña non teñas pena, / agora que foi e foi / pídelle a Deus unha nena* (79). [3 veces]

277. **ter por noticia** [algo] Estar informada [u.p.] sobre iso. *A Luna de Portugal / vén alumbrar a Galicia; / ti xa tes outros amores / según teño por noticia* (20).

278. **ter queixa** [de algo ou de alguén] Queixarse, estar descontento de algo. *Eu pedinllo, ela doumo, / eu dela non teño queixa; / eu pedinllo, ela doumo / á sombra dunha carqueixa* (435).

279. **ter sona** [de algo] Ser moi coñecida [u.c./u.p.] por algo. *A Xesteira ten a sona, / a Xesteira a sona ten, / a Xesteira ten a sona / de cantar e bailar ben* (64). [8 veces]

280. **ter sono** Sentir gana ou necesidade de durmir. *Este meniño ten sono, / ten ganiñas de dormir, / ten un olliño cerrado, / outro non o pode abrir* (378). [2 veces]

281. **ter sorte** [con algo ou alguén] Ter un resultado positivo ou agradábel. *San Lorenzo de Almofrei, / sempre tes sorte cos curas: / antes tiñas Don Manuel, / agora tes Don Ventura* (917).

282. **ter unha porfía** Discutir [varias persoas ou unha con outra] obstinadamente [por algo]. *A Luna e mais o Sol / tiveron unha porfía: / a Luna en que era noite / o Sol en que era día* (21).

tirar a bailar > 105

283. **tirar a vista** [de algo] Non deixar [u.c./u.p.] ver [algo] *Teño unha oliveira en Vigo, / heina de mandar cortar, / cando vou a Redondela / tírame a vista do mar* (1007).

284. **tocar** + [composición musical (**muiñeira**)] Executala mediante un ou varios instrumentos. *Muiñeira da ribeira, / muiñeira ribeirana, / muiñeira da ribeira / tócocha de mala gana* (626).

285. **tocar** + [instrumento musical (**cazola**, **cunchas**, **frauta**, **gaita**, **pandeireta**, **pandeiro**, **viola**, **violín**, **violón**)] Facelo soar. *Eu cantar non sei cantar, / e bailar inda pior, / e pra tocar o pandeiro / outras o farán millor* (414). [33 veces]

286. **tomar a medida** [a algo ou a alguén] Medilo, comprobar o que mide. *Mariana de Soutelo / quería ser miña*

dama; / xa lle tomei a medida; / non me cabía na cama (528).

287. **tomar amores** Comezar unha relación amorosa. *No lugarciño de Insuela / amores hei de tomar: / ou no alto, ou no fondo, / ou no medio do lugar* (649). [4 veces]

288. **tomar** + [bebida ou comida (**almorzo**, **chocolate**, **lambedor**)] Bebela ou comela. *Estou acatarradiña, / hei de tomar chicolate, / ha de ser aserenado / nos labios do meu amante* (391). [4 veces]

289. **tomar coñecemento** [(de algo)] Adquirilo. *Agora comenzo eu, / viva o meu atrevimento, / onde non son conocida / tomarei conocimento* (75).

290. **tomar criado** Adquirir un compromiso mediante un acordo ou contrato para ese fin con alguén. *Eu cheguei a Almofrei / e púxenme a discurrir: / non sei se tome criada / ou se me poña a servir* (422).

291. **tomar lei** [a algo ou a alguén] Sentir verdadeira e sincera simpatía por algo ou alguén. *Fócheste gabar, gabacho, / que me perderas a lei, / eu a ti non cha perdín / porque nunca cha tomei* (461).

292. **tornar +** [animal (**can**)] Facer [u.p.] que se vaia [ese animal] ou se desvíe do camiño que leva. *Dime meu pai / que non fago nada, / fágolle máis / que un mollo de palla: / fágolle a cama, / várrolle a casa, / tórnolle os cans / que non vaian á masa* (322).

293. **traer no pensamento** [alguén] Pensar nel. *Boas noites, Xan Guindán, / tráiote no pensamento* (1100).

294. **traer recordos** [a alguén] Ser a causa deles. *A oliveira do adro / moitos recordos me trai, / dálle o aire, dálle a chuvia, / arrandéase e non cai* (42).

295. **traspor** + [lugar (**A Portela**)] Pasar ao outro lado de [un obstáculo]. *Xa me vou, xa me vou indo, / vou atraspondo a Portela, / xa me vou, xa me vou indo / pró lugarciño de Insuela* (1089)

296. **varrer a casa** Limpala cunha vasoira. *Dime meu pai / que non fago nada, / fágolle máis / que un mollo de palla: / fágolle a cama, / várrolle a casa, / tórnolle os cans / que non vaian á masa* (322).

297. **varrer o tremiñado** Varrer a fariña que cae de entre as moas do muíño ao piso deste para aproveitala. *Non quero ser muiñeiro, / nin varrer o tremiñado, / que despois no outro mundo / piden conta do roubado* (665). [Para Elixio Rivas (1997: 464), "propiamente *tremiñado* é o espacio arredor da moa, o piso ou chan onde cai a fariña cando non hai caixón ou depósito algún que a recolla. Este espacio neste caso cómpre que estea moi ben curiosiño antes de comezar a moenda. Unha vez feita, várrese coa vasoiriña e cunha pequena pa recóllese no fol". Por outra parte, segundo este autor, referíndose á cantiga do exemplo, "a referencia é a muíño de maquía moi primitivo; nos coñecidos en tempos derradeiros, non coido que houbese ningún de maquía no que así se recollese a fariña xa. Toda se recollía no farneiro". Este último é un 'depósito do muíño onde cae a fariña moída'].

vestir + [peza de roupa (**camisa, mantelo, monteira, pantalón, saia**)] > 238

298. **volver a honra** [a alguén] Restituírlla. *Agora que lle puxeches / a barriguiña redonda, / ou has de casar con ela / ou lle has de volver a honra* (81).

2.2.3. Substantivo + adxectivo

299. **amor certo** O que é de verdade. *A lebre cando adormece / dorme cos ollos abertos; / dorme cos ollos cerrados / quen ten os amores certos* (18). | *Esta noite hei de ir alá, / déixame o postigo aberto; / se cho encontro cerrado / o teu amor non é certo* (363).
300. **amor firme** O que non muda nin se debilita. *Alcipreste non se rega / porque na lentura nace; / amor firme non se olvida / por máis traballos que pase* (105). | *Hei de cortar unha rama / onde o río fai a volta; / o amor que non é firme / olvidalo non importa* (475).
301. [animal (**becerro**, **ovella**, **vaca**...)] + **mono** [Animal] falto dun ou dos dous cornos, dunha ou das dúas orellas, ou do rabo. *Fun á feira de Forzáns, / merquei unha vaca mona; / á que casa con un cego / nunca lle falta zanfona* (463). | *Miña nai por me casar / prometeume tres ovellas: / unha coxa, outra cega, / outra mona sen orellas* (567). [3 veces]
302. [animal (**galiña**)] + **pinto** O que ten pintas. *A miña galiña pinta / pon dous ovos cada día; / se me puxera máis outro / millor conta me facía* (30). [3 veces]
303. [animal (**besta**, **can**...)] + **rabelo** [Animal] que non ten rabo ou o ten moi pequeno. *Arrieiro da besta rabela, / sácalle a lordia / do cu cunha ferra* (157). | *Aquel que acolá canta / non lle teño que mandar: / velaí vai un can rabelo / pra que lle vaia axudar* (150). [2 veces]
304. [animal ou persoa femia (**cabra**, **vella**)] + **preñado** A que está en período de xestación. *Eu caseime cunha vella / por causa da fillarada; / pero o demo da vella / sempre me andaba preñada* (417). | *Teño unha cabra moi boa / e tres ovellas preñadas* (1100). [2 veces].
305. **batalla campal** A que ten lugar en campo aberto, coas forzas ao completo e en especial se é decisiva. *Santiago de Galicia, / espello de Portugal, / axudádeme a gañar / esta batalla campal* (927).
306. **bo mozo / boa moza** Home ou muller de boa presenza. *Manoliño é bo mozo, / de bo mozo canlle os ollos; / inda o hei mandar meter / no convento dos piollos* (516). | *Teño unha noiva no Porto, / outra no Ribeiro de Avia; / se a do Porto é boa moza / a do Ribeiro lle gana* (1006). [6 veces].
307. **cara bonita** A que é fermosa e agradábel. *Mira pra ela de lado, / mira que ela é boa tipa, / mira que corpo ben feito, / mira que cara bonita* (608).
308. **cara redonda** A que ten esa forma. *Se ti queres e eu quero, / miña cariña redonda, / se ti queres e eu quero, / unha cama nos abonda* (943).
309. **castaña asada** A preparada expóndoa directamente á calor do lume por diferentes medios. *Acabáronse as vendimas / e veñen as esfolladas, / para comer coas mozas / catro castañas asadas* (68). [3 veces]
310. **corta feira** Día da semana que segue á terza feira ou martes. *Hoxe é luns, mañán é martes, / corta feira logo vén; / de mañán en oito días / é a semana que vén* (499).
311. **día santo** O domingo e todos os que a Igrexa consagra como tales por mor da celebración dalgunha festividade. *Miña Virxen de Aguasantas / ten os zapatiños blancos / para pasear con eles / domingos e días santos* (594).

312. [elemento do relevo (**camiño, terra**)] + **chan** O que non ten desniveis, o que é igual en todas as súas partes. *A terriña de Almofrei / é unha terra moi chan, / se a pican menudiña / inda dá o azafrán* (57). | *De Loureiro a Rebordelo / todo é camiño chan, / todas son rosas e flores / postas pola miña man* (300). [3 veces]
313. [froita (**castaña**, **figo**, **laranxa**, **mazán**, **pera**, **piña**, **uva**)] + **madura** A que está xa formada de todo, a que está na súa sazón. *Lévame no carro, leva, / carreteiriño das uvas, / lévame no carro, leva, / comerei das máis maduras* (508). [10 veces]
314. [froita (**mazán**, **pera**)] + **podre** A que está en estado de descomposición, que perdeu as súas condicións naturais ou que xa non é apta para o consumo. *Chamáchesme pera podre, / eu a ti mazán podrida; / a pera podre se come, / a mazán coela se tira* (261). ["podrido –a" é unha forma incorrecta en galego].
315. [froita (**castaña**, **mazán**)] + **verde** A que non se formou de todo, a que non está madura. *A mazán do alcipreste / non é verde, que é madura; / a muller que a comer / non morre da paridura* (27). [2 veces]
316. [froito (**millo**)] + **serodio** O que madura tarde, o que se sementa ou recolle fóra do tempo. *-Pra onde vas millo serodio? / -Vou en busca do temperán. / -Alcanzaralo na palla, / non o alcanzarás no gran* (862).
317. [froito (**millo**)] + **temperán** O que madura antes do tempo previsto ou acostumado. *-Pra onde vas millo serodio? / -Vou en busca do temperán. / -Alcanzaralo na palla, / non o alcanzarás no gran* (862).
318. [madeira (**cañoto**)] + **seca** A que está morta. *Teño unhas castañetiñas / feitas de madeira seca, / traioas na faltriqueira, / tócoas cando me peta* (1012). [2 veces]
319. [madeira (**leña**)] + **verde** Aquela que aínda ten zume, por contraposición á seca. *Ponde leña nese lume, / que a verde non quere arder; / á muller de ruín home / máis lle valera morrer* (845).
320. **millo miúdo** Paínzo, planta (Setaria italica) de talo máis groso que o trigo e grans redondos de cor amarela que se utilizan como alimento humano e animal e, en verde, como forraxe. Tamén o gran desta planta. *Sementei millo miúdo / no colo dunha rapaza, / teño de ir polo mundo / antes de que o millo naza* (953). [4 veces]
321. **morte cruel** Morte dasapiadada. *Ó, morte, tirana morte, / ó, morte cruel sin fin; / levástesme a miña amada; / agora levaime a min* (751). [2 veces]
322. **morte negra** Morte inapelábel. *Eu subín ao alcipreste, / cheguei ao medio e caín; / alcipreste, morte negra, / eu para morrer nacín*[20] (443).
323. **ollos quedos** Os que están sosegados, en calma. *Ai que piñeiro tan alto!, / no medio ten mil enredos; / as meniñas da Xesteira / nunca ten os ollos quedos* (88) .
324. **ovo choco** Ovo podre ou estragado. *Quen me dera un ovo choco / derretido con saín, / para lle dar de beber / a eses que miran pra min* (679). ["choco" é tamén o ovo fecundado polo macho da

[20] Preferimos a versión das primeira e terceira edicións. Na segunda edición hai varias diferenzas: *Eu subín ó alcipreste / cheguei ó medio e caín / di alcipreste ¡morte negra! / e eu para morrer nacín*.

ave, mais supomos que a cantiga non se refire a este significado].

325. **ovo cru** Ovo en estado natural, que non está cociñado. *Quen me dera un ovo cru / pra fretir en aceite, / pra lle dar a ese lambón / que ten a cara do leite* (880).

326. **palabra amorosa** A que manifesta amor. *Pensaches de me enganar / con palabras amorosas, / e salíronche ortigas / de aquelas máis rabiosas* (829).

327. **palla maísa** Parte da cana do millo ou maínzo próxima á raíz, que serve de forraxe, palla milla. *As mociñas do Araño, / mentras os máis van á misa, / quedan na corte coas vacas / rillando palla maísa* (169). [Repárese en que o adxectivo feminino "maísa" vén de "maís", que é a denominación orixinal deste cereal procedente da América. É o millo graúdo, fronte ao miúdo ou paínzo. O único caso en que aparece a denominación "maís" no Cantigueiro de Cotobade é este: *Bótate, miña sachiña, / por ese maís ben raro; / moza que non é bonita / pra casar leva traballo* (195). O resto das veces (14) aparece "millo".].

328. **pelo rizo** O que forma aneis ou espirais**.** *O carballo dá a landra, / o castiñeiro o ourizo; / non queiras amores, nena, / con mozos de pelo rizo* (705).

329. **pelo roxo** O da cor do ouro ou algo máis escura. *Meniña do pelo roxo, / cómpreche un peine dourado, / se algún día fores miña / xa terei ese coidado* (542).

330. [persoa (**home**, **meniña**, **mozo -a**, **muller**, **rapaza**)] + **bonita/guapa** A de aparencia física agradábel ou por como vai vestida. *Ai que piñeiro tan alto!, / ai que piñas máis maduras!, / ai que meniña bonita!, / quen che ma dera nas uñas!* (98). | *Miña Virxen de Aguasantas, / non vos veño pedir jito; / véñovos pedir un home / que sea roxo e bonito* (589). | *O zapato quer a media, / a media quer o zapato; / a rapaza que é bonita / tamén quer o mozo guapo* (785). [bonito –a: 14, guapo -a: 2]

331. [persoa (**muller**)] + **fea** A de aparencia física pouco agradábel por carecer de perfección ou harmonía. *Cásate con muller fea, / se o queres pasar ben: / traballa como unha burra, / non cha namora ninguén* (252).

[persoa (**home**, **meniña**, **mozo -a**, **muller**, **rapaza**)] + **guapa** > 330

332. [persoa (**cuñada**, **estudante**, **filla**, **moza**, **nena**, **rapaz**)] + **nova** A que ten pouca idade. *Heiche de dar o boi blanco / e mais a vaca marela, / e mais a filla máis nova, / se queres casar con ela* (481). [6 veces]

333. [persoa (**meniña**, **mozo**)] + **solteira** A que non casou. *De Loureiro a Rebordelo / hai unha legua de monte, / vivan os mozos solteiros / que a pasean de noite* (299). | *O paxaro cando canta / mete o rabo na silveira, / tamén o metías ti / cunha meniña solteira* (757) [6 veces]

334. [persoa (**muller**, **vella**)] + **vella** A que ten moita idade. *Unha vella moito vella, / máis vella que Zaragoza, / ao falarlle do casoiro / de vella volveuse moza* (1054). [3 veces]

335. [peza de roupa (**roupa**, **saia**)] + **nova** A que ten pouco tempo de uso ou que está pouco gastada. *Eu caseime, ampareime, / agora estou amparada, / de solteira roupa nova / de casada romendada* (420). [3 veces]

336. [peza de roupa (**camisa**)] + **rabela** A que é curta ou escasa. *O abade de Borela / ten a camisa rabela, / que lla fixo a costureira / pra que volvese por ela* (686).
337. [planta (**maís**)] + **rara** [Planta] que está moi separada con respecto ás demais. *Bótate, miña sachiña, / por ese maís ben raro; / moza que non é bonita / pra casar leva traballo* (195).
338. [planta (**silva**)] + **seca** A que está morta. *A silva de verde pica / e de seca vai quebrando, / o que de amores se fía / sempre vive suspirando* (55).
339. [planta (**herba**, **ramo**, **silva**, **toxo**)] + **verde** A que aínda ten zume. *A rula que viudou / xurou de non ser casada, / nin pousar en ramo verde, / nin beber en auga clara* (52). [9 veces]
340. **san Xoán** Sexto mes do ano, xuño. *Velaí vén o maio / cuberto de flores, / detrás vén san Xoán / con outras millores* (1069).
341. **santo milagreiro** O que fai milagres. *Si vas a San Benitiño, / non vaias ao de Paredes, / que hai outro máis milagreiro, / que hai outro máis milagreiro / no conventiño de Lérez* (966).
342. **sardiña cabezuda** A que se vende ao público con cabeza e intestinos, que só se prepara para asalas ou salgalas, pois ningún guiso lle vén ben. *A sardiña cabezuda / ten a sangue na cabeza, / os mozos que hai agora / non queren senón riqueza* (54). | *San Miguel de Carballedo / é moi amigo das uvas, / san Martín de Rebordelo / das sardiñas cabezudas* (919).
343. **sesta lixeira** A que dura pouco e é pouco profunda. *Miña cuñadiña nova / bota unha sesta lixeira, / dórmese no mes de agosto, / esperta na primaveira* (553).
344. **sono primeiro** O que se dorme ao principio. *Estreliña do luceiro, / estreliña do luceiro, / quen ten amores non dorme / senón o sono primeiro* (397).
345. **sorte infeliz** A que non é boa. *Eu tiña dezaoito anos / cando o amor comencei. / Por miña infeliz sorte / pouco tempo namorei. / Namoraba unha mociña, / era orfa, non tiña pai* (1104).
346. **tempo santo** O que é dedicado pola Igrexa a celebrar unha festividade relixiosa. *Agora é tempo santo*[21], */ non é tempo de cantar, / están os santos cubertos / e facémoslle pesar* (76). [2 veces]
347. **unto vello** O que se conservou con sal para utilizar cando se precisar. *Miña sogra é forradeira / do que non pode gardar; / inda ten o unto vello / do porco que ha de matar* (575).
348. **vaca marela** Raza autóctona que ten a pelaxe entre amarela e arroibada. *Heiche de dar o boi blanco / e mais a vaca marela, / e mais a filla máis nova, / se queres casar con ela* (481).
349. **viño branco** Viño de cor clara, por oposición ao tinto. *O viño tinto é meu primo / e o blanco é meu parente; / non hai festa nin domingo / que eu non vexa á miña xente* (782). [2 veces]
350. **viño tinto** Viño de cor vermella escura. *Estou rouca, estou rouca, / estou rouca enrouqueada; / cun vaso de viño tinto / que me dou miña cuñada* (394). [4 veces]
351. **zapato baixo** Aquel que ten pouco ou ningún tacón. *Non quero zapato baixo, / que se me enterra na area; / non quero amores de lonxe, / que os teño na miña aldea* (668). [2 veces]

[21] Esta cantiga popular "sinala o respeto que merece a Coresma", dinos Antonio Fraguas (1996: 79).

2.2.4. Substantivo + preposición + substantivo

352. **aguillada dos bois** Pau longo con punta de ferro no extremo, que se utiliza para estimular o gando vacún. *O que fixo teu pai / coa guillada dos bois, / que pareo túa nai / nove meses despois* (764).
353. **aire de riba** Vento que vén do norte. *Vaite de aí, piolloso, / andas cheo de piollos / e vén o aire de riba / pódesnos encher a todos* (1061).
354. **aresta do liño** Residuo que se lle tira ao liño ao mazalo. *O vello perdeo a vella / antre as arestas do liño; / o vello todo se mata / polo seu agarimiño* (781).
355. **arroz con leite** Doce elaborado con arroz cocido en leite azucrado e aromatizado con rela de limón ou de laranxa e canela. *Como sei que che gusta / arroz con leite, / como sei que che gusta, / convidareite* (275).
356. **auga da tronada** Choiva intensa e súbita que adoita durar pouco. *Acomparo o teu querer / coa auga da tronada, / chove moito en pouco tempo / e non se aproveita nada* (69).
357. **banda do mar** Parte que dá ao mar. *Velaí vén o gaiteiro / por detrás do pinar, / velaí vén o gaiteiro, / vén da banda do mar* (1068).
358. **banda do río** Parte que dá ao río. *Da banda de alá do río, / do río daquela banda, / teño unha rapariga, / moitos recados me manda* (286). [6 veces]
359. **barco de vela** O que leva unha ou varias velas para ser impulsado polo vento. *Aí vén o barco de vela, / aí vén a sardiña toda, / velaí vén o meu Luisiño, / vén sentadiño na proa* (93). [2 veces]
360. **beira do mar** Espazo de terra próximo ao mar. *Alá na ribeira / na beira do mar / unha nena nova / veume namorar; / veume namorar / e deixoume quedar, / alá na ribeira / na beira do mar* (103). [4 veces]
361. **bota de viño** Recipiente de coiro do que se bebe directamente levantándoo cara ao alto e apertándoo coas mans. *San Benitiño do ollo redondo, / hei de ir alá, miña nai, se non morro, / hei de levar unha bota de viño / e un molete de pan do Porriño* (915)
362. **burato da porta** Orificio que corresponde á chave da pechadura. *Unha vella dixo a outra / polo burato da porta: / ti goberna a túa vida / que a miña a ti non che importa* (1047).
363. **cabezalla do carro** Peza longa de pau que sobresae da parte anterior do chedeiro do carro que fica situada entre os dous animais da xugada, ao xunguilos, no extremo do cal vai unido o xugo ou canga. *Costureiriña bonita, / pagándoche o teu traballo: / botarásllleme un remendo / á cabezalla do carro* (282). [3 veces]
364. **can de palleiro** O de aspecto semellante ao lobo, constitución robusta e tamaño medio, que está recoñecido como raza autóctona galega. *Téñoche un can de palleiro / que de noite anda ceibado: / ten cuidado, Maruxiña, / Maruxiña, ten cuidado* (1013).
365. **cinta do pelo** Tira longa que serve para cinguilo. *A subila e baixala / a costa do Cacharredo, / a subila e baixala / perdín a cinta do pelo* (56).
366. **domingo de Pascua** O que pon fin á semana de Paixón e conmemora a resurrección de Xesucristo. *Adiós, martes de Antroido, / adiós, meu amiguiño; / deica domingo de Pascua / xa non como máis touciño* (72).

367. **esfollada do millo** (1) Labor agrícola que consiste en lles tirar as follas ás plantas do millo ou (2) reunión de persoas que se facía para esfollar en que tiñan lugar xogos e bailes. *As esfolladas do millo / non dan proveito a ninguén, / mandei a muller a ela, / adormeceume e non vén* (161).
368. **estrela do norte** Estrela Polar, estrela da Osa Menor que indica a dirección do polo norte celeste. *Quen me dera estar tan alto / como a estrela do norte / para ver o que se pasa / en Pontevedra esta noite* (876).
369. **estreliña do luceiro** Planeta Venus. *Estreliña do luceiro, / a de moita claridá, / vaise o día, vaise a noite, / vaise a nosa mocedá* (395). [4 veces]
370. **faldra da camisa** Parte inferior dela que cae solta da cintura para abaixo. *Pola faldra da camisa / vinche correr un piollo, / viña da guerra de Cuba, / traía un parche nun ollo* (837). [2 veces]
371. **feixe de leña** Montón dela atado. *Á túa porta me tes / como un feixe de leña, / espero pola resposta / que da túa man me veña* (59).
372. **fiada de lan** Reunión de mulleres nunha casa para fiar la. Eran durante a noite e despois había baile e outras diversións. *Unha noite me pillaron / nunha fiada de lan; / unha noite me pillaron, / outra non me pillarán* (1041).
373. **flor de abril** A flor cando aínda non abriu, cando aínda non está con todos os seus pétalos abertos. *Arriba que habemos de ir, / arriba que habemos de ir, / a buscar a frol de maio, / a de abril deixala ir* (155).
374. **flor de maio** A flor cando abre, cando está no seu mellor momento. *Arriba que habemos de ir, / arriba que habemos de ir, / a buscar a frol de maio, / a de abril deixala ir* (155).
375. **folla de lata** Lámina de ferro cuberta cunha capa de estaño. *Os solteiros valen ouro, / os casados valen prata; / os viúvos, calderilla; / os vellos, folla de lata* (797).
376. **gacio/*racimo de uvas** Conxunto de uvas presas a un mesmo pé saído das ramificacións do talo. *Eu subín ao alcipreste / e collín un gacio de uvas; / non te me fíes nos homes / que son malos como Xudas* (445). | *Debaixo das túas faldras / tes un racimiño de uvas, / con permiso de teu pai, / vou mirar se están maduras* (308). ["Gacio" debe de ser unha variante de "acio[22]". Alén deste termo temos tamén os sinónimos "cacho" e "piña". A forma "racimo" é castelá].
377. **martes de Carnaval** / **martes de Entroido** Terza feira posterior ao domingo de Entroido. *Adiós, martes de Antroido*[23], */ adiós, meu amiguiño; / deica domingo de Pascua / xa non como máis touciño* (72). | *Vai, vai, que te leve o demo, / vai, vai que te ha de levar, / vai, vai que te leve o demo, /*

[22] Elixio Rivas (2011: 102) anota "gacio de uvas" en Cotobade, Aguasantas e Ponte Caldelas. Segundo este autor, "acio", coas variantes asio, azo, aso, asa, gacio, partiu do lat. *acinum* (colect. acina) 'grao de uva', logo o de sabugueiro, grandeira, etc. [...] En sintagma un acio colléu un g- antihiático: gacio". Achamos co mesmo significado en Patrimonio Léxico da Gallaecia a forma "gazo" en Porto do Son. Na Wikipedia, na entrada "A morte na cultura popular", encontramos a cantiga seguinte: *Eu ben vin estar o moucho / encima dun gacio de uvas, / vaite daí morte negra, / desamparo das viúdas*. Non se cita a procedencia destes versos.

[23] A outra cantiga que contén esta palabra é coa variante Entroido: *Cacaracá / ponte na pa, / fai un bolo / cómeo todo, / deixa un bocado / pra martes de entroido* (197).

o martes de Carnaval (1058). [m. de Carnaval: 1, m. de Entroido: 2 = 3]

378. **mes de san Xoán** Sexto mes do ano, xuño. *Sei cantar e sei beilar, / todo se me dá na man; / tamén sei tocar a sacha / polo mes de san Xoán* (948).

379. **molete de pan** Peza de pan máis ben grande e con moito miolo. *San Benitiño do ollo redondo, / hei de ir alá, miña nai, se non morro, / hei de levar unha bota de viño / e un molete de pan do Porriño* (915). [3 veces]

380. **mollo de palla** Conxunto de palla que se pode levar dunha vez nos brazos. *Dime meu pai / que non fago nada, / fágolle máis / que un mollo*[24] *de palla: / fágolle a cama, / várrolle a casa, / tórnolle os cans / que non vaian á masa* (322). [A RAG prefire a variante "monllo"].

381. **noite de luar** Aquela en que a luz do Sol se reflicte na Lúa. *Ai que noite está de Lúa!, / ai que noite de luar!, / ai que noite está de Lúa / pró meu amante rondar* (87).

382. **noite de *Navidá** Aquela en que se celebra o nacemento de Xesús, do 24 para o 25 de decembro. *Son voltas, son voltas, / son voltas que o mundo dá; / son voltas, son voltas / da Noite de Navidá* (971). [As formas xenuínas en galego son Nadal e Natal].

383. **ourelo de apertar** Fita con que se agarra o feixe de liño non só á roca para fialo, senón tamén para lanzar o feixe das plantas ao río, no proceso[25] anterior, para abrandalas. *Antoniño, meu Antonio, / meu erelo*[26] *de apretar, / des que te botei ao río / nunca te puden sacar* (142). [3 veces]

384. **palla de centeo** Palla centea, a deste cereal. *Esta noite hei de ir alá, / rapaza, non teñas medo, / déixame a porta atrancada / cunha palla de centeo* (366).

385. **pan de centeo** O que se fai con fariña centea, pan centeo. *Unha arca chea / de pan de centeno, / unha porca grande / e un porco pequeno* (1095).

386. **pan de trigo** O que se fai con fariña triga, pantrigo. *Para pan de trigo, Caldas; / para chocos, Redondela; / para cadelas, Moaña; / pra caciques, Pontevedra* (807). [2 veces]

387. **papas de millo miúdo** Alimento feito con fariña de paínzo cocida en auga ou en leite. *Papas de millo miúdo / feitas no pote pequeno; / os rapaces non son homes, / ese é o medo que eu teño* (799).

388. **papas do pote** Alimento feito con fariña cocida en auga ou en leite. *Indo polo Seixo arriba / deille a volta ao meu capote; / acordoume miña nai / e mailas papas do pote* (505).

389. **pedra do lar** A que está no centro da lareira e sobre a que se acende o lume e

[24] Na primeira e na terceira edición aparece "monllo".

[25] Maribel González Rey dános a seguinte información: «O proceso do liño comezaba coa sementeira, ao que seguía o arrincado da planta, para quitarlle as herbas e sacar o bagaño, a flor da planta que, unha vez seca, convértese nunha pequena bóla e serve de semente para a seguinte colleita. Para sacalo facíase o ripado e quedaba só a planta. Despois facíanse feixes, levábanse ao río durante nove días e poñíanlle unhas pedras por encima para que non marchasen. Deixábanse secar ao aire libre e despois no forno, e máis tarde fiábase na roca. Na cantiga, esta forma de chamar a Antonio pode referirse ao feito de que el para a muller que fala (unha fiandeira) representa a persoa na que se apoia, o seu complementario (a parella), mais non consegue retelo. Para ilustrar esta situación fai un xogo de palabras coa imaxe do feixe da flor do liño (por metonimia, o erelo de apretar) que se bota ao río, pero que non se pode recuperar porque vai río abaixo".

[26] As tres veces que aparece no cantigueiro é coa forma "erelo". O dicionario da RAG trae "ourelo" e defíneo como 'beira lonxitudinal dunha tea'.

se fai a comida na cociña antiga. *Unha noite no muíño, / outra na pedra do lar, / esta vida, queridiña, / eu non cha podo levar* (1042).

390. **pía do bautismo** A que hai nas igrexas para administrar o bautismo. *Teño que morrer cantando / porque chorando nacín, / que na pía do bautismo / faltou a sal para min* (990).

391. **puntada de cego** A que é longa. *Cando van a algunha casa, / se non lle fan boa vida, / botan puntada de cego / para acabar deseguida* (212).

392. **puñado de sal** Cantidade del que cabe nunha man pechada. *Trouporroutrou ¿pra onde vas vella? / -Trouporrouprou, para Redondela. / -Trouporrouprou ¿que vas a buscar? / -Trouporrouprou, un puñado de sal* (1034).

393. **rabela do arado** Peza curva de madeira situada na parte posterior do arado, por onde se agarra para o dirixir. *Canta, cuco, canta, cuco, / na rabela do arado; / as mulleres antre os homes / é un gando mal gardado* (214). [3 veces]

***racimo de uvas** > 376

394. **raia do Sol** Liña ou feixe de luz que desprende ese astro. *A raia do Sol, meniña, / á túa cama vai dar; / non é moito que eu te busque / cando o Sol te vai buscar* (50). [2 veces]

395. **sacho de cavar** Utensilio de labranza para remover a terra. *Andivécheste gabando / que te querían os mozos: / ¿quen te ha de querer a ti, / sacho de cavar nos*[27] *toxos?* (128).

396. **tempo de troupelear** Época de mazar o liño. *Este é o tempo de troupele, tróupele, / este é o tempo de troupelear, / este é o tempo de mazar o liño, / este é o tempo de liño mazar* (377). [Eladio Rodríguez define, na súa terceira acepción, "estroupelear" como 'dar golpes con maza o palo en el suelo, como se hace al machacar el lino en el verano; de donde proviene la copla folklórica: *Este é o tempo do estróupele-estróupele; este é o tempo de estroupelear; este é o tempo de mazar o liño; este é o tempo de o liño mazar*'. No mesmo artigo recolle os seguintes refráns: *Xa vèn o tempo do liño mazar; xa vèn o tempo de estroupelear, porque este mundo aquí se ha de quedar*. A palabra "tróupele" ou "estróupele" é onomatopeica e lembra o ruído producido ao mazar o liño].

397. **viño con mel** Maneira de consumir o viño[28]. *Señora María, / señor Manuel: / castañas asadas / e viño con mel*[29] (960).

398. **volta do río** Lugar en que muda de dirección. *Alá na volta do río / onde a auga fai remanso; / quen ten os amores lonxe / nos ollos non ten descanso* (104).

[27] Na segunda edición "cavar os toxos".

[28] Elixio Rivas infórmanos de que o viño quente con mel dábaselles a persoas doentes. Non debe ser o caso da cantiga que comentamos, pois parece que se trata dun magosto. Outra circunstancia en que se tomaba mel co viño era na matanza do porco. Dinos Elixio Rivas referíndose a varios lugares da súa terra da Limia: "Na matanza [...] a cea daba cabo alá polas dúas da mañá, rematando cunha queimada. Púñase a ferver unha gran pota con media ola de viño, mel, azucre, mazás ben picadiñas, noces, cacahués e figos pasos. Cunha culler íballe enchendo a ama da casa a cada un a súa gran cunca, en medio de chistes, cantarías e contos" (Rivas, 2011: 221). Este mesmo autor recolle, no mesmo libro (páx. 268), o seguinte refrán: *O viño con mel sabe mal pero fai ben.*

[29] Ferro Ruibal (2018: 94) inclúe esta cantiga como refrán e o propio Fraguas (1996: 37) dinos sobre ela o seguinte: "As castañas nos nosos días era comida pra cea, claro que podía haber intres de certa distinción conforme á interesante receita culinaria: *Señora María, / señor Manuel, / castañas asadas / e viño con mel".*

2.2.5. Verbo + adverbio

399. **amar amorosiñamente** Con moito amor. *Eu amar heite de amar / moi amorosiñamente, / pero casarme contigo / non o quere a miña xente* (402). [2 veces]

400. **botar fóra** Saír, ir fóra. *Miña sogra, cando rifa, / ponse no medio da casa: / ela dime: bota fóra, / eu digo: / ten boa traza* (574).

401. **chover miudiño** Poallar, caer choiva moi fina. *Eu quixera o teu querer / pouquiño a pouco, morena; / cando chove miudiño / queda máis auga na terra* (439).

402. **estar ben** [peza de roupa (**sombreiro**)] [a alguén] Acaerlle. *Que ben che está o sombreiro, / amantiño dos meus ollos; / que ben che está o sombreiro, / non lle está así a todos* (871).

403. **facer ben** Actuar da maneira correcta. *A cantar ganei un carto, / fixen unha chaquetiña; / a bailar gasteina toda, / fixen moi ben que era miña* (4).

404. **falar mal de** [algo ou alguén] Criticalo, dar opinións desfavorábeis sobre algo ou alguén. *Foches falar mal de min / a quen tanto me quería, / a ti todo che escoitaba, / a min todo me decía* (459). [3 veces]

405. **parecer ben** Ter [u.c./u.p.] bo aspecto. *O lugarciño de Insuela / de lonxe parece ben: / boa mazán, boa pera, / boas meniñas tamén* (643).

406. **querer ben** [a alguén] Ter bos sentimentos cara a el. *Olliños que ben me queren / na Xesteira non están, / pasan as Pontes de Bora; / non sei cando volverán* (787). [16 veces]

407. **saber ben** [un alimento (**peixe**)] ([a alguén]) Ter bo sabor. *Polo mar abaixo / vai unha sartén, / vai fretindo peixes, / han de saber ben* (842).

2.2.6. Adxectivo + adverbio

408. **ben casado** O que casa vantaxosamente, con persoa rica; o que é feliz na súa vida conxugal. *Oliveira ben plantada / sempre parece oliveira, / a meniña ben casada / sempre parece solteira* (786).

409. **mal empregado** Mal aplicado. *O pouco con Dios é bo, / o moito sin Dios é nada, / toda a miña hermosura / en ti vai mal empleada* (761).

2.3. Locucións

2.3.1. Locucións substantivas

410. **a fame e a gana de comer** Dúas persoas de feitío semellante [xeralmente por pasaren moita necesidade]. *Este ano hai moito pan, / casamentos que ha de haber; / vaise a casar a fame / coa gana de comer* (372). [É posíbel que "casar a fame coa gana de comer" sexa unha variante da locución verbal, moito máis corrente, "xuntarse a fame coa gana de comer" co significado de 'xuntárense dúas persoas de características similares, do mesmo estilo (xeralmente en sentido negativo); sumárense dúas situacións negativas'].

411. **a súa** A opinión, a vontade, a intención [da persoa a que se refire]. [Úsase con verbos como *facer* ou *valer*]. *Non quero home pequeno, / a miña me ha de valer, / que me parece na casa / a*

vasoira de varrer (664). [En Lorenzo (1973: 40) achamos: *Anque me moian a paus / a miña me ha de valer, / que levar paus por amores / pouco me pode doer*].

412. **barriga de tamboril** Barriga grande. Úsase como insulto. *Cálate, vaite calando, / cara de corno e candil, / ollos de gata raxada, / barriga de tamboril* (199).

413. **boa comenencia** Persoa considerada conveniente desde o punto de vista económico e social para casar con ela. *Andivécheste gabando / que eras boa comenencia, / saco de tundir nos foles / furadiño e sin concencia* (127). [No cancioneiro de Pérez Ballesteros achamos *Tèste ti por boa moza / e por boa comenencia; / por eso te vas quedando* / á la luna de Valencia (1979 b: 104)].

414. **boa vida** Vida ociosa e chea de comodidades. *Cando van a algunha casa, / se non lle fan boa vida, / botan puntada de cego / para acabar deseguida* (212). [4 veces]

415. **boa xente** Boa(s) persoa(s), persoa(s) de boas calidades. *Carballedo é boa terra, / cadrou naquela baixura, / boa terra, boa xente, / eso si que non hai duda* (234).

416. **cabeza de vento** Persoa que ten pouco xuízo ou que é pouco responsábel. *Adiós, feira de Famelga, / feira de pasa-lo tempo, / onde se van pasear / catro cabezas de vento* (71).

417. **cara de cañoto seco** Cara fea ou inexpresiva. Úsase como insulto. *Cálate, vaite calando, / cara de cañoto seco, / cálate, vaite calando / que eu contigo non me meto* (198).

418. **cara de cartón** Cara inexpresiva. *Moucho, laroucho, / que estás no penedo: / cara de cartón, / cara de cartón, / non che teño medo* (619).

419. **cara de corno e candil** Cara de desagrado, cara fea. Úsase como insulto. *Cálate, vaite calando, / cara de corno e candil, / ollos de gata raxada, / barriga de tamboril* (199).

420. **cara de leite fervido** Cara moi pálida. *Ten vergonza, ten vergonza, / cara de leite fervido, / inda agora me dixeron / que tiñas o enguenido* (983).

421. **cara de leite tallado** Cara moi pálida. *Ten vergonza, ten vergonza, / cara de leite tallado, / inda che hei mazar o lombo / co temoeiro do carro* (984).

422. **cara de linda mazán** Cara fermosa. *Meu santiño san Lorenzo, / que tendes de Capellán / a Don Manuel Vilanova, / cara de linda mazán* (550).

423. **cara de mazán madura** Cara de saúde. *Meu Santiño, san Lorenzo, / quen tendes por voso cura, / a don Manuel Vilanova, / cara de mazán madura* (551).

424. **cara de rosa** Cara fermosa, agradábel. [Tamén se di **cariña de rosa**]. *Vámonos para a Xesteira, / miña cariña de rosa; / vámonos para a Xesteira / que esta terra non é nosa* (1063). | *Vamos ao muíño, vamos, / miña cariña de rosa; / vamos ao muíño, vamos, / que esta semaniña é nosa* (1066). [2 veces]

425. **cara de sardiña(s) frita(s)** Cara fea. Úsase como insulto. *Tírate desa ventana, / cara de sardiñas fritas, / que eres capaz de asustar / astra ás Animas Benditas* (1019). | *Quítate desa ventana, / cara de sardiña frita, / que eres capaz de asustar / a las Ánimas Benditas* (889).

426. **este mundo** A Terra, o lugar onde o ser humano pasa a súa vida material. *Neste mundo todo é trampas, / eu*

tamén con elas vivo; / hanse de acabar as trampas, / eu hei de quedar perdido (647).

427. **lingua murmuradora** Persoa indiscreta, que o conta todo. *O río, cando vai cheo, / leva carballos e follas; / tamén podía levar / as lenguas marmuradoras* (770).

428. **maquiallo da mestura** Persoa pouco honesta; persoa ladra. Úsase como insulto. *Baila como has de bailar, / maquiallo da mestura*[30]*, / baila como has de bailar, / non andes facendo a burla* (187).

429. **mazán do cuco** Excrecencia do carballo producida por unha pequena avespa. *Non che hai como o carballo; / dá catro clases de fruto: / dá cocas e bugalliños, / landras e mazáns do cuco* (654).

430. **o cabo do mundo** Un lugar moi afastado. *O san Andrés de Teixido / está no cabo do mundo; / solo por te ver, meu Santo, / tres días hai que non durmo* (772).

431. **o outro mundo** EUF. [Nalgunhas crenzas] o mundo que hai despois da morte. *Non quero ser muiñeiro, / nin varrer o tremiñado, / que despois no outro mundo / piden conta do roubado* (665).

432. **ollos de gata raxada** Ollos claros e achinesados. *Cálate, vaite calando, / cara de corno e candil, / ollos de gata raxada, / barriga de tamboril* (199).

433. **pernas de cabra** Pernas moi delgadas. Úsase como insulto. *Anda, ti, pernas de cabra, / pantorrillas de carneiro; / para contestar comigo / busca fianza primeiro* (126).

434. **pito cairo** Persoa que non ten bo aspecto, que está pouco desenvolvida ou ten pouca saúde. Úsase como insulto. *Chamáchesme pito cairo / porque nacín en xaneiro; / se me o raposo non come / inda hei de ir ao teu poleiro*[31] (262). [Trátase dun uso figurado da colocación *pito cairo,* 'pito[32] que ten pouca pluma, non ten rabo ou está desnutrido ou menos

[30] Elixio Rivas explíca así esta UF: "Non ten a culpa, mais coma se a tivese e daí o ser peiorativo, moito nalgures, o lle chamar a un o *maquiallo da mistura*, tanto por *maquiallo* –que é diminutivo despectivo da medida coa que o muiñeiro cobra–, coma por *mistura* por matices peiorativos que o tema ten, xa dende o mesmo latín orixinario: *miscere* 'intrigar, provocar, trastornar'". Sobre o termo "maquía", relacionado con "maquiallo" dinos: " É 'porción de gra ou fariña que lle toca ò muiñeiro por moer, e a medida'; *maquiar* 'cobrar maquía', un cuartillo por ferrado xeralmente (Rguez.) (Rivas 1997: 100).

[31] Nalgunhas das variantes desta cantiga temos a locución verbal **cantar no poleiro** [a alguén], que M. D. Barbeito Lorenzo (2005) define e exemplifica así: "Ter [un home] conquistada [a unha muller] e facer o acto sexual [con ela]. *Como non ande con coidado, o Pepiño vaille cantar no poleiro á María*". A explicación dánola o antropólogo Mariño Ferro (1995): "explicaremos por que cantar no poleiro dunha moza significa gozala. O galo, por dominar e montar varias galiñas, é símbolo do macho [...] Pois ben, os galos, despois de montar a unha galiña, acostuman cantar. De aí que cantar no poleiro dunha moza signifique tela montado, e tela baixo dominio. Unha moza asegúralle ó pretendente que el non será quen a posúa: *Olvidácheme por probe, / eu a ti por vinculeiro, / aínda non es o galo / que canta no meu poleiro*". Coidamos que na cantiga do Cantigueiro de Cotobade non aparece a locución que comentamos. Si aparece nesta variante recollida por Saco (1987: 98): *Chamácheme pito cairo, / porque nacín no xaneiro; / deixa vir o mes de maio, / qu'hei de cantar no teu poleiro*.

[32] Mantemos a forma da segunda edición; na primeira e na terceira é "pito coiro". Por outro lado, como demostra Gonzalo Navaza (2004), o adxectivo "cairo" "corresponde ao topónimo da capital exipcia, que unha vez perdido o nexo preposicional que o unía ao substantivo (*pito do Cairo*, *galiña do Cairo*) deixou de interpretarse como nome propio e pasou a comportarse como adxectivo". A referencia ao Cairo está en relación cunha raza de galiña africana e talvez a crenza na orixe exipcia fose traída por soldados galegos nas campañas de Italia no primeiro terzo do século XVI.

desenvolvido'. Un contexto algo diferente témolo en Lorenzo (1973, 163): *Vivan as nenas blanquiñas / i ás morenas parta un raio, / que por moito que se laven / parecen un pito cairo*.].

435. **pouca cousa** *l.s*. (1) Persoa ou animal pequenos de corpo, débiles ou delgados. (2) Persoa de escaso valer. (3) *l.adv*. Pouco, escasamente. *Chamáchesme pouca cousa, / pouca cousa ti máis vales; / pouca cousa son as moscas / e poden cos animales* (263). [Coidamos que a primeira mención de "pouca cousa" debe referirse á acepción 2 ou, se cadra, á 1; a segunda á 3 e , finalmente, a terceira á 1].

436. **trigo limpo** Persoa de conduta íntegra. *Chamáchesme trigo limpo, / inda che teño algún xoio; / para contestar contigo / faime falta ter de todo* (264). [Trátase dun uso figurado da colocación *trigo limpo,* 'trigo que non ten mestura doutra cousa'].

2.3.2. Locucións adxectivas e comparacións

437. **alto como un ovo** IRÓN. Baixo, de pouca estatura. *Eres alta como*[33] *un ovo, / redonda como unha noz, / branca como chicolate: / boas noites nos dea Dios* (349).

438. **alto como un piñeiro** Moi alto, de moita estatura. *Eres alta como un pino, / redonda como unha noz, / blanca como un chocolate, / buenos días nos dea Dios* (350).

439. **branco como o pote** IRÓN. Moi moreno. *Eres blanca como o pote, / negra como a parromeira, / se non te casas de noite, / de día non hai quen te queira* (351).

440. **branco como (un) chocolate** IRÓN. Moi moreno. *Eres alta como un pino, / redonda como unha noz, / blanca como un chocolate, / buenos días nos dea Dios* (350). | *Eres alta como un ovo, / redonda como unha noz, / branca como chicolate: / boas noites nos dea Dios* (349). [2 veces]

441. **de banda** Ladeado, con inclinación para un dos lados. *Te-lo sombreiriño dreito, / ben o podes pór de banda, / anque teu pai sea rico / tamén a roda desanda* (982).

442. ***de campana** Acampanado, que ten forma de campá. *A perrera non a quito / porque non me dá a gana / mentras os homes non quiten / o pantalón de campana* (498). [O dicionario da RAG inclúe "acampanado -a" mais non "de campá"].

443. **de gusto** Satisfactorio, que causa pracer. *Do centeo sai a palla, / da palla sai o centeo; / amor que non é de gusto: / dálle palla a rego cheo* (330). [2 veces]

444. **de lado 1**. *l.adx*. Ladeado, virado cara a un lado. *Traes a gorra de lado / como se foras alguén; / inda podes dar as gracias / a quen na casa te ten* (1033). **2**. *l.adv*. Oblicuamente, de través. *Mira pra ela de lado, / mira que ela é boa tipa: / mira que corpo ben feito, / mira que cara bonita* (608). [Sdo. 1: 2, Sdo. 2: 1]

[33] A conxunción comparativa "coma" só aparece no cantigueiro unha vez sen ir seguida de pronome persoal tónico (*xuntaremos diñeiro coma terra*). Seguido deste aparece tres veces [*coma min*, *coma vós* (2 veces)]. O resto das veces temos sempre "como". Por outra parte, a conxunción comparativa "ca" non aparece ningunha vez. Daquela, por fidelidade coa lingua empregada no cantigueiro, mantemos as formas "como" e "que", agás naqueles casos obrigatorios xa indicados.

445. **de media polaina** De menor categoría, de menor capacidade económica[34]. *Mozas hainas, mozas hainas, / mozas hainas na ribeira: / hainas de media polaina, / hainas de polaina enteira* (625). [Para a definición desta e da seguinte UF baseámonos no que di Domingo Blanco (1999) sobre "hainos de media polaina, hainos de polaina enteira". Para el, refírese "a homes (mozos ou non) de bo vestir ou non tan bo, que se asocia á fachenda e á capacidade económina de cada un". Este significado confirmóunolo Elixio Rivas persoalmente. Por outra parte, debemos ter en conta que tamén se utiliza para homes, como na cantiga seguinte: *Mozos hainos na montaña, / mozos hainos na ribeira, / hainos de media polaina, / hainos de polaina enteira* (Lorenzo, 1973: 106)].

446. **de polaina enteira** De moita categoría, de moita capacidade económica[35]. *Mozas hainas, mozas hainas, / mozas hainas na ribeira: / hainas de media polaina, / hainas de polaina enteira* (625).

447. **de seu** Da súa propiedade exclusiva. *Traballos, miña naiciña, / ¿para quen traballo eu? / Traballo, mato o meu corpo, / non teño nada de meu* (1032).

448. **de parede** Destinado a estar colgado nunha parede. *A Virxen da Peregrina / ten un reló de paré, / por eso, anque sea noite, / sabe moi ben que hora é* (62).

449. **de prezo** Valioso, de moita estimación. *De sete damas que teño, / dígocho con certo aprecio, / de todas elas, meniña, / ti es a de menos precio* (1098). [3 veces]

450. **de razón** / **posto en razón** Razoábel, xusto. *Moito lle quero a mi madre, / moito máis é de razón, / que me trouxo nove meses / xunto do seu corazón* (614). | *Quero moito a miña nai: / está moi posto en razón, / que me trouxo nove meses / ao pé do seu corazón* (888).

451. **delgada como a palla do centeo** Moi delgada. *Delgadiña da cintura / como a palla do centeo, / chégate a min, delgadiña, / que eu non teño outro remedio* (313).

452. **do (meu, teu...) corazón** Querido [Segue a un nome, xeralmente de persoa, e expresa afecto cara a ela]. *Para Loureiro cantando, / prenda do meu corazón, / para Loureiro cantando, / para outro lado non* (806). [2 veces]

453. **do tempo** [de alguén / seu] Da mesma idade [que esa persoa]. *Eu se quero mozos / teño máis dun cento: / rapaciños novos / todos do meu tempo* (440). | *Rapariga do meu tempo, / chamácheme a min rapaz; / durme comigo unha noite, / pola mañán mo dirás* (892).

454. **en van 1**. *l.adx.* Inútil, baldío. *Miñas idas ao muíño, / miñas idas ao serán, / miñas paseas de noite, / miñas paseas en van* (607). **2**. *l.adv*. Inutilmente, sen resultado positivo. *Eu mañán aquí non volvo, / non gasto solas en van* (1099).

[34] Achamos diferentes explicación para esta UF: no dicionario de Leandro Carré defínese "ter ou ser de polaina e media" como 'ser solapado' e no de Franco Grande como 'ser solapado, retranqueiro'. Finalmente, Maribel González Rey dinos que "rapaza de polaina enteira" é 'muller brava', en alusión ás mulleres mariñeiras que usaban botas altas para se adentraren no mar, ás máis atrevidas, e "rapaza de media polaina", en contraposición, é 'muller tranquila', en alusión ás que usaban botas ata a rodilla para faenaren na beira do mar.

[35] Véxanse os comentarios á unidade anterior.

455. **feito de cera** De índole bondadosa, dócil, pacífico. *Manuel, Manueliño, / Manuel feito de cera; / quen me dera ser o lume / que ao meu Manuel derretera* (521).

456. **máis vello que Zaragoza** Moi vello. *Unha vella moito vella, / máis vella que Zaragoza, / ao falarlle do casoiro / de vella volveuse moza* (1054).

457. **malo como Xudas** Moi ruín. *Eu subín ao alcipreste / e collín un gacio de uvas; / non te me fíes nos homes / que son malos como Xudas* (445).

458. **negro como a parrumeira** Moi moreno ou moi negro. *Eres blanca como o pote, / negra como a parromeira, / se non te casas de noite, / de día non hai quen te queira* (351).

459. **para diante** [Muller] grávida. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* ou *quedar*]. *O demo tentoume a min / sempre que publico versos, / e as mozas que están pra diante / tamén as tentou o demo* (734).
posto en razón > 450

460. **redondo como unha noz** Redondo; gordo. *Eres alta como un ovo, / redonda como unha noz, / branca como chicolate: / boas noites nos dea Dios* (349). [2 veces]

461. **sen fin** Ilimitado. *Ó, morte, tirana morte, / ó, morte cruel sin fin*[36]*; / levástesme a miña amada; / agora levaime a min* (751). [2 veces]

462. **(tan) teso como as vergas dun canizo** Abraiado, pasmado. *Chegou á porta da ilesia, / díxolle que non quería. / Xan Guindán quedou tan teso*[37] */ como as vergas dun canizo, / deu a volta para a casa, / tan siquera adiós lle dixo* (1100).

[36] Na primeira edición temos: *O morte, tirana morte, / o morte cruel sin fin; / levástesme a miña amada / agora levaime a min*. Na segunda *O morte, tirana morte, / o morte, cruel sin fin; / levástesme a miña amada / agora levaime a min*. Cremos que na primeira versión "sin fin" é locución adxectiva pois modifica a "morte cruel". Na segunda, "sin fin" modifica "cruel" e sería unha locución adverbial co significado de 'ilimitadamente'.

[37] Non no sentido físico, non no sentido propio senón figurado.

2.3.3. Locucións pronominais

463. **o mundo enteiro** Toda a xente, todos. *Nas ondas do teu cabelo / heime botar a afogar, / pra que diga o mundo enteiro / que hai ondas máis que no mar* (645).

464. **todo o mundo** Toda a xente, todos. *Todo o mundo che mo di, / eu xa teño reparado / que a unha descolorida / estalle ben o encarnado* (1029).

2.3.4. Locucións verbais

465. **amolar** [u.p.] **o xogo** Distraer [durante o xogo] os adversarios para os aburrir e que abandonen. *Anque son tolo, / non son de todo, / merendei ben / e amolei o xogo, / e cobrei os cartos / do xabrón todo* (134).

466. **arrear** [u.p.] **bandeira** Renderse, declararse vencida. *Anque cante toda a noite / eu a mais a compañeira; / anque cante toda a noite, / non arreamos bandeira* (129). | *San Antonio de Maside, / onde se arrea bandeira; / vamos eu e ti, meniña, / comencemos a primeira* (912). [Para a RAG é máis recomendábel a forma "arriar"].

467. **asustar** [u.p.] **até as ánimas benditas** Ser moi fea. *Tírate desa ventana, / cara de sardiñas fritas, / que eres capaz de*

asustar / astra ás Animas Benditas[38] (1019). [2 veces]

468. **berrar** [u.p.] **como un becerro** Berrar moito. *Os mozos daquel lugar / formaron uns instrumentos, / ao tocalos coas mans, / berraban como becerros* (1101).

469. **botar** [un animal macho] **a pata por riba** [a un animal femia] Unirse [cunha femia] para fecundala. *O melro e mais a melra / ían polo campo arriba, / o melro como era pillo / botoulle a pata por riba* (745).

470. **botar** [u.p.] **bombas** Dar mostras de moita alegría. *As mociñas que hai agora / son pequenas e redondas, / cando van ao campanario / os veciños botan bombas* (170).

471. **botar** [u.p.] **o ollo** [a alguén ou a algo] Reparar [en alguén ou nalgunha cousa que se desexa conseguir]. *A esa, meu queridiño, / a esa bótalle o ollo: / ten donaire pra beilar, / ten donaire para todo* (12). | *Moreniña, por morena / téñoche o ollo botado, / has de ser miña muller / ou non hei de ser casado* (618).

472. **caíren os ollos** [a alguén (por algo)] Ollar con desexo [algo], devecer [por algo]. *Na camisa teño pulgas, / nos calzoncillos piollos, / como teño tanto gando, / aos veciños canlle*[39] *os ollos* (631). [O sentido da cantiga parece irónico. Por outra parte, achamos tamén esta unidade fraseolóxica noutro lugar do cantigueiro mais descoñecemos o significado que ten nela: *Manoliño é bo mozo, / de bo mozo canlle os ollos; / inda o hei mandar meter / no convento dos piollos* (516)].

473. **cantar** [u.c.] **como un asubío** Cantar [un carro] cun son moi agudo. *Se queres que o carro cante, / móllalle o eixo no río; / despois do eixo mollado / canta como un asubío* (942).

474. **cantar** [u.p.] **como un reiseñor** Cantar moi ben. *Da banda de alá do río / hai un lagarto con crista; / canta como un resiñol*[40]*, / baila que Dios nos asista* (287). | *Quen me dera ter a min / a gargantiña dun galo, / cantar como un reiseñor, / falar como un papagaio* (878).

475. **dalo** [unha muller a un home] EUF. Acceder a ter relacións sexuais con el. *E ti telo, telo, / non mo queres dar, / e despois de vella / halo de salar; / halo de salar / con sal e pimenta, / con sal e pimenta, / con pimenta e sal* (339). | *Eu pedinllo, ela doumo, / eu dela non teño queixa; / eu pedinllo, ela doumo / á sombra dunha carqueixa* (435). [6 veces]

476. **dar** [u.p.] **a alma a Deus** EUF. Morrer. *Miña nai, miña naiciña, / lle pido con gran dolor: / non podo dar a alma a Deus / sin despedirme do amor* (1104).

477. **dar a gana** (de algo) [a alguén] Querer [algo], apetecerlle [algo]. *Eu se quero mozas / teño trinta e unha; / e se me dá a gana / non quero ningunha* (441). [2 veces]

478. **dar** [u.p.] **(a) volta** Regresar. *Fun ao serán a Almofrei, / mirei por riba da porta, / non vin a quen eu quería / e collín e dei a volta* (471). | *Fun ao muíño de baixo, / dei volta polo de riba, / se o de baixo ten ferrollo, / o de riba caravilla* (467). [3 veces]

479. **dar** [u.p.] **a volta** [a algo] Variar a posición ou sentido [a algo] até ficar

[38] Elixio Rivas coméntanos que as ánimas son as que non se asustan, son elas as que asustan.

[39] A variante "caír" aparece en todo o cancioneiro.

[40] Na primeira edición e na terceira figura "resiñol", na segunda "reiseñor".

no oposto a aquel en que estaba. *Indo polo Seixo arriba / deille a volta ao meu capote; / acordoume miña nai / e mailas papas do pote* (505).

480. **dar** [u.p.] **as grazas** [a alguén] Agradecerlle. *Traes a gorra de lado / como se foras alguén; / inda podes dar as gracias / a quen na casa te ten* (1033). | *Moitas gracias dou a Dios, / moitas máis aos meus veciños, / de Pontevedra pasei, / lagarto de Cuspedriños* (611). [2 veces]

481. **dar** [u.p.] **conta de** [algo ou alguén] ([a alguén]) (1) Encargarse de, estar ao cargo de [algo ou alguén] ou (2) informar de [algo ou alguén]. *Canteiros e carpinteiros, / da vila de Pontevedra, / aquí falta unha rapaza, / tendes que dar conta dela* (228). [Non temos claro de cal das dúas acepcións se trata]. [2 veces]

482. **dar** [u.p.] **leña** [a alguén] Baterlle, golpealo. *Alá pola medianoite / veu o marido de Inés: / pumba nunha, pumba noutra, / doulle leña a todas tres* (1105).

483. **dar** [u.p.] **mala vida** [a alguén] Tratalo mal, facelo sufrir. *Todos me din que te deixe, / que me has de dar mala vida: / onde irás, boi, que non ares / se non á cortaduría* (1031).

484. **dar** [u.p.] **o si** [a alguén] Aceptar unha proposición [de alguén], en especial a de casamento. *Canto hai que te non vin, / xa o camiño cría herbas; / agora veño saber / se me dás o si de veras* (230). | *Non che dou o si, de veras, / nin digo que non tampouco, / que inda quero esperar / a ver se me vira outro* (653). [2 veces]

485. **dar** [u.p.] **palabra** (de algo) [a alguén] Facerlle unha promesa. *En Loureiro teño amores, / en Caroi non teño nada, / e na parroquia veciña / teño unha palabra dada* (347). | *Palabras, meu queridiño, / palabras, darei, darei; / palabras dareiche un cento / e ningunha cumplirei* (798).

486. **dar** [u.p.] **palla** [a alguén] Enganalo con boas palabras, darlle leria, darlle corda. *Do centeo sai a palla, / da palla sai o centeo; / amor que non é de gusto: / dálle palla a rego cheo* (330).

487. **dar** [u.c./u.p.] **que facer** [a alguén] Darlle traballo, ser laboriosa ou requirir [u.c.] moito esforzo. *Este pandeiro que toco / heino de rachar ao medio, / para darlle que facer / aos que están de parrafeo* (385).

488. **dar** [u.c./u.p.] **(tantas) voltas como (se fose) un sarillo** Dar moitas voltas. *Ao mozo que anda bailando / vaille caír o anillo, / dá tantas voltas á toa / como se fora un sarillo* (752).

489. **darse** [u.p.] **de perda** Botarse a perder, ficar sen as calidades que posuía. *Por baixo do lavadoiro / corre a auga, nace a herba; / xa che dixen moitas veces / que te ibas dar de perda* (851).

490. **darse** [u.c.] **na man** [a alguén] Ter moito xeito, ser moi habilidoso nesa actividade. *Sei cantar e sei beilar, / todo se me dá na man; / tamén sei tocar a sacha / polo mes de san Xoán* (948).

491. **deitar** [u.p.] **na cama** [alguén] Ter relacións sexuais con el. *Eu son a de menos precio, / tamén ti non es a gala, / outro máis rubio que ti / déitocho na miña cama* (1099).

492. **desandar a roda** Mudar a sorte; mudar unha situación. *Te-lo sombreiriño dreito, / ben o podes pór de banda, / anque teu pai sea rico / tamén a roda desanda* (982). [Outro testemuño desta locución témolo en Lorenzo (1973:

113): *Non te rías de quen chora, / que é cousa que Dios condena; / pode desanda-la roda / e collerte a mesma pena*].

493. **dicir** [u.p.] **adeus** ([a algo ou a alguén]) Despedirse [de algo ou de alguén]. *Nunca me digas adiós / por ser palabra moi triste; / entre dous que ben se queren / custa moito despedirse* (682). [2 veces]

494. **dicir** [u.p.] **mal de** [alguén] Criticalo. *A moza que é caladiña / e non di mal de ninguén, / canto máis baixiño mira / cantos máis amores ten* (35).

495. **estar** [u.c.] **de Deus** Ser inevitábel, estar disposta por Deus. *Teño sono, teño sono, / voume deitar a dormir; / o que de Dios estiver / ás miñas mans ha de vir* (991).

496. ***facer** [u.p.] **a puñeta** [a alguén] Causarlle algún dano ou prexuízo, amolalo. *Sei cantar e sei beilar, / sei tocar a pandareta, / tamén sei facer a burla / de quen me fai a puñeta* (947). [Trátase dunha locución coloquial castelá. Algúns equivalentes poderían ser –naturalmente dependendo do contexto– alén das palabras empregadas antes na definición, as locucións verbais *ferrar unha mala partida*, *tocar o berimbao* ou *tocar o nabo* (VULG.) entre outras]

497. **facer** [u.p.] **de conta** [algo] Imaxinar, supor [algo]. *Foches falar mal de min / a xunto dos meus amores, / fai de conta que botaches / auga por riba de flores* (460).

498. **facer** [u.c./u.p] **falta** [a alguén] Serlle necesaria. *Chamáchesme trigo limpo, / inda che teño algún xoio; / para contestar contigo / faime falta ter de todo* (264). [4 veces]

499. **facer** [u.c./u.p.] **mal** [a alguén] **1**. Producir [u.c. a alguén] un efecto malo; sentar mal. *Non quero verzas con unto / nin patacas con aceite, / pra min non hai cousa boa, / asta me fai mal o leite* (667). **2**. Causar [u.p. a alguén] dano. *San Antonio de Aguasantas, / casamenteiro das vellas, / ¿por que non casas as novas?, / que mal che fixeron elas?* (909).

500. **facer** [u.c.] **mellor conta** [a alguén] Convirlle máis, interesarlle máis, serlle máis proveitoso. *A miña galiña pinta / pon dous ovos cada día; / se me puxera máis outro / millor conta me facía* (30).

501. **facer** [u.p.] **o amor** [a alguén] Tratar de obter o amor desa persoa, cortexala. *Xan Guindán quere casar, / non ten a muller buscada, / foille facer o amor / á filla da tía Xoana* (1100). | *Xa che fixen o amor, / non teño máis que decir, / se me queres, dimo axiña / que me quero ir durmir* (1100).

502. **ilo** [u.p.] **andando** Irlle regular, nin moi ben nin moi mal [na vida, na saúde...]. *Fixen a cama no río, / vámolo así andando, / fixen a cama no río, / a auga vaina levando* (458).

503. **levar** [u.p.] **as colores** [a alguén] Facelo palidecer. *Casadiña de tres días, / ¿quen che levou os colores? / -Nin casada nin solteira / nunca chos tiven millores* (246). [Achamos a locución en Pérez Ballesteros (1979 a: 69): *Xaquinciño, Xaquinciño, / Xaquinciño, meu amor: / moitas terras andiveches, / ¡quen che levou a color?*]

504. **levar** [u.p.] **no corazón** [algo ou alguén] Ter [por algunha cousa ou por alguén] un sentimento de amor, amizade, simpatía... e telo sempre presente. *Lévame no carro, leva, /*

carreteiro de Padrón, / lévame no carro, leva, / lévame no corazón (509).

505. **levar** [u.p.] **o corazón** [a alguén] / **roubar** [u.p.] **o corazón** [a alguén] Conseguir o seu amor ou cariño. *A Virxen da Peregrina / cando vai na procesión / ten un mirar tan mainiño / que me leva o corazón* (60). | *Pasei a Ponte Loureiro / cara ao rigueiro do Can, / o corazón mo roubara / unha nena do Batán* (812).

506. **levar** [u.c./u.p.] **o mesmo camiño** (que algo ou que alguén) Ter igual resultado. *Miña nai cando era moza / era a flor do romeo, / eu, como son fillo dela, / o mesmo camiño levo* (555).

507. **levar** [u.c./u.p] **os cinco sentidos** [a alguén] Facelo actuar sen reflexión, facerlle perder a razón. *A parroquia de Loureiro / heina de fundir a tiros, / teño un mociño canela, / lévame os cinco sentidos* (44). [2 veces]

508. **mandar** [u.p.] **embora** [alguén] Despedilo. *O patrón mandoume imbora, / mais non foi por cousa mala, / só foi por mollar a pluma / no tinteiro da criada* (756). [É unha UF portuguesa].

509. **matar** [u.p.] **de rir** [alguén] Facelo rir moito. *As mociñas de Almofrei / matan a un de reír, / cando o cura dixo a misa / elas empezan a vir* (165).

510. **matar** [u.p.] **e esfolar** [u.p.] Ter o poder de decidir sen contar cos demais. *Non se reparte o consumo / sin intervención do demo; / el é quen mata i esfola / i o que goberna o concello* (670).

511. **matar** [u.p.] **o corpo** Acabar coa saúde. *Traballos, miña naiciña, / ¿para quen traballo eu? / Traballo, mato o meu corpo, / non teño nada de meu* (1032).

512. **mazar** [u.p.] **o lombo** [a alguén] Baterlle, darlle golpes. *Ten vergonza, ten vergonza, / cara de leite tallado, / inda che hei mazar o lombo / co temoeiro do carro* (984).

513. **morrer** [u.p.] **de fame** Pasar moita fame. *Namoreime dunha nena / porque ela cantaba ben, / agora morro de fame, / o cantar non me mantén* (641).

514. **non haber dúbida** ([de algo]) **1**. Ser evidente, ser absolutamente certo. *Carballedo é boa terra, / cadrou naquela baixura, / boa terra, boa xente, / eso si que non hai duda* (234). **2**. **non haber dúbida** Non haber queixa, non estar mal. *Eu querer, quéroche ben, / polo querer non hai duda; / quero que nos enterremos / ambos nunha sepultura* (436). [Coido que o primeiro exemplo tamén se pode entender co sentido da segunda acepción].

515. **non ser** [u.c.] **moito** Non ser estraña. *A raia do Sol, meniña, / á túa cama vai dar; / non é moito que eu te busque / cando o Sol te vai buscar* (50). [Recollido por Sobreira no século XVIII temos: *Murmuray murmuradores, / que sempre o habedes doyto, / murmurade dos casados, / que dos solteyros no he moyto* (Sobreira, 1979, 478)].

516. **non ter** [u.p.] **outro remedio** Non haber ou ter outra solución, estar obrigada [a algunha cousa]. [Ás veces vai seguida da conxunción *que*]. *Delgadiña da cintura / como a palla do centeo, / chégate a min, delgadiña, / que eu non teño outro remedio* (313).

517. **parecer** [u.p.] **unha rosa** Ser moi bonita. [Aplícase sobre todo a mulleres]. *Aldeíña da Xesteira / é sitio de paseantes, / as mozas parecen rosas / e os mozos estudiantes* (107).

518. **pasalo** [u.p.] Pasar o tempo de modo agradábel ou non, estar nunha situación agradábel ou desagradábel. *Cásate con muller fea, / se o queres pasar ben: / traballa como unha burra, / non cha namora ninguén* (252).
519. **pasar** [u.p.] **o tempo** Facer cousas sen interese ou proveito, só para se entreter. *Adiós, feira de Famelga, / feira de pasa-lo tempo, / onde se van pasear / catro cabezas de vento* (71). [4 veces]
520. **pedilo** [un home a unha muller] EUF. Proporlle ter relacións sexuais con ela. *Eu pedinllo, ela doumo, / eu dela non teño queixa; / eu pedinllo, ela doumo / á sombra dunha carqueixa* (435). [3 veces]
521. **pedir** [u.p.] **conta** (de algo) ([a alguén]) Esixir explicacións (de algo [a alguén]). *Non quero ser muiñeiro, / nin varrer o tremiñado, / que despois no outro mundo / piden conta do roubado* (665).
522. **perder** [u.p.] **o tempo** Facer algo sen obter un resultado positivo. *A cantar ganei un carto, / a bailar o casamento; / alabadiño sea Dios / que inda non perdín o tempo* (3).
523. **petar** [u.c.] **na cabeza** [a alguén] Apetecerlle, antollárselle [esa cousa]. *O cura que me casou / tamén me puido velar; / se me peta na cabeza / volvereime a descasar* (728).
524. **pór** [u.p.] **a barriga redonda** [a alguén] Deixar [un home] grávida [unha muller]. *Agora que lle puxeches / a barriguiña redonda, / ou has de casar con ela / ou lle has de volver a honra* (81).
525. **pór** [u.p.] **a man** [a alguén] Tocar; apalpar [alguén]. *Tes o corpiño ben feito, / as pernas tamén serán, / dáme licencia, mociña, / que che quero pór a man* (1097). [Temos outro exemplo en Lorenzo (1973: 32): *A folliña da malvela, / a carrapata no chau; / faliñas as que quixeres, / pero non me has pór a mau*].
526. **quebrar** [u.p.] **as cordas do corazón** Sentir unha gran dor ou emoción. *Eu aquí nunca cantei, / eu aquí non canto, non; / teño medo de quebrar / as cordas do corazón* (404).
527. **quedar** [u.p.] **atrás** Ser inferior, ser menos. *Heime casar iste ano / anque sea cun rapaz: / dos rapaces san os homes, / non quero quedar atrás* (491).
528. **quedar** [u.p.] [sen algo ou alguén] **como a agulla sen liña** Ficar frustrada. *Toda miña vida andei / tras dunha costureiriña, / agora quedei sin ela / como a agulla sin liña* (1027).
529. **quedar** [u.p.] **por riba** ([de alguén]) Vencelo, superalo. *Anque cantes e recantes / e volvas a recantar; / anque cantes e recantes, / eu por riba hei de quedar* (130).
530. **retorcer a porca o rabo** [a algo] Ser a dificultade, ser o problema. *Calquera burro se casa, / calquera burro é casado; / manter fillos e muller / retórcelle a porca o rabo.* [Neste caso facemos unha importante modificación da cantiga. As tres edicións do Cantigueiro de Cotobade coinciden na seguinte forma: *Calquera burro se casa, / calquera burro é casado, / manter fillos e muller / retorcerlle á porca o rabo*. Nós, daquela, modificamos a vírgula despois de "casado" por un punto e vírgula e trocamos "retorcerlle" por "retórcelle" e "á porca" por "a porca". Coidamos que debeu de haber unha mala interpretación ao ouvir a cantiga

ou ao escribila, posibelmente por descoñecemento da UF. Axúdanos a esta interpretación a seguinte canción recollida no libro *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra* na páxina 48): *Pra comer, non teñas medo / que un home se poña bravo; / pero, pra traballar moito, / retórcelle a porca o rabo*. Na mesma liña, achamos, citada por González García e Soto Arias (2016: 285), estoutra (recollida por Domingo Blanco en *A poesía popular en Galicia 1745-1885*): *Casar, calquera casa; / calquera burro é casado; / pero manter fillos e muller, / retórcelle á porca o rabo*. Neste caso, como se ve, hai unha diferenza importante, que é "á porca" no canto de "a porca". Nestas dúas versións, a conxunción "pero" axuda a que se manteña o sentido[41]].

roubar [u.p.] **o corazón** [a alguén] > 505

531. **ser** [u.c./u.p.] **todo** + substantivo Ter moita relevancia [nesa cousa ou persoa a parte ou o aspecto designado polo substantivo]. *Aparta, loureiro, / deixa claridá: / os mozos de agora / todo é falsedá* (144). | *Neste mundo todo é trampas, / eu tamén con elas vivo; / hanse de acabar as trampas, / eu hei de quedar perdido* (647). [3 veces]

532. **ser** [unha acción + outra acción] **todo un** Ser a mesma cousa. *Un solteiro me persigue, / un viúdo me vén buscar. / Todo che é un, miña filla : / non debes de reparar* (1038).

533. **servir** [u.p.] **o rei** Cumprir o servizo militar obrigatorio. *Choran meu pai e a nai / porque vou servir ao*[42] *rei. / -Non chore, meu pai, non chore, / se non morro volverei* (267). | *Miña sogra morreu onte, / eu por ela non chorei; / chorarei polo meu fillo / se me vai servir ao rei* (581). [En Pérez Ballesteros (1979 b: 180) lemos: *Sirvir ao rei, quiridiña, / sirvir ao rei é regalo; / ¡non quero sirvir ao rei / nin d'a pé nin d'a cabalo!*].

534. **tanto dar** [u.c. a alguén] Serlle indiferente, non lle importar. *Non quero vaiá, / non quero vaiá, / non quero que me poñas / a man na saiá, / que son casadá, / que son casadá, / que si fora solteira / tanto me dabá* (666).

535. **tentar o demo** [alguén] Ter unha mala tentación. *O demo tentoume a min / sempre que publico versos, / e as mozas que están pra diante / tamén as tentou o demo* (734).

536. **ter** [u.p.] **a lingua lixeira** Dicir o que pensa rapidamente e sen medo. *Teño unha herba na horta / que lle chaman a tixeira; / para contestar contigo / téñoche a lengua lixeira* (1000).

537. **ter** [u.p.] [alguén] **á porta como un feixe de leña** Telo a esperar sen lle facer caso. *Á túa porta me tes / como un feixe de leña, / espero pola resposta / que da túa man me veña* (59).

538. **ter** [u.p.] **entendido** [algo] Sabelo mais sen ter seguranza da súa certeza. *Te-lo chaleco de merda, / forrado con cagallóns, / polo que teño entendido, / os peidos son os botóns* (981).

[41] Despois de redactadas estas notas, ao lle preguntar a Áurea Barreiro Rivas do Cachafeiro (Forcarei) sobre esta cantiga, recitouma desta maneira e confirmoume o significado da locución que aparece nela: "*Casar calquera se casa, / calquera burro é casado, / manter fillos e muller / retórcechelle a porca o rabo*".

[42] A pesar de que nos testemuños desta UF nos diferentes cancioneiros achamos sempre este CD con preposición "a", coidamos que é máis acorde coa gramática galega o uso sen preposición.

539. **ter** [u.p.] **un pé en** [algo ou algures] Faltarlle pouco para chegar a ese lugar ou situación. *A muller do mariñeiro / pode contarse viúda, / porque ten un pé no mar / e outro pé na sepultura* (37).
540. **tirar** [u.p.] **polo xenio** [a alguén] Provocalo. *Teño unha saqueta feita, / toda chea de cantigas, / se me tiran polo xenio / desátolle as baraciñas* (1010).
541. **traballar** [u.p.] **como unha burra** Traballar moito. *Cásate con muller fea, / se o queres pasar ben: / traballa como unha burra, / non cha namora ninguén* (252). [Xeralmente a forma en feminino aplícase a mulleres e a forma en masculino a homes (*traballar como un burro*)].
542. **tremer** [u.c./u.p.] **como un figo maduro** Tremer moito. *Unha vella enriba do muro / trémenlle os pés como un figo maduro* (1046).
543. **valer** [u.c.] **máis** ([a alguén]) (**que** outra cousa) Ser mellor (ca ela), ser preferíbel. *Ponde leña nese lume, / que a verde non quere arder; / á muller de ruín home / máis lle valera morrer* (845). [3 veces]
544. **vir** [u.c.] **ás mans** [de alguén] Conseguila. *Teño sono, teño sono, / voume deitar a dormir; / o que de Dios estiver / ás miñas mans ha de vir* (991).
545. **volver** [u.p.] **en si** Recuperar a consciencia. *E despois volvín en min, / e despois volvín en min, / e non ama á súa señora / como me ha de amar a min* (336).

2.3.5. Locucións adverbiais

546. **a cabalo** Montado nun cabalo. *Se o facés por zapatos, / meu amor, vinde a cabalo, / se o facés por diñeiro, / inda teño aquí un cruzado* (1097).
547. **a escondidas** Sen ser visto, en segredo, ocultamente. *Súa nai que non quería / que a filla amores tivese. / Amabamos a escondidas, / sin que a súa nai soubese* (1104). [A forma normativa é "ás escondidas"].
548. **á noite / de noite / pola noite** Durante a noite. *O ferreiro vai no ferro, / a muller vai no carbón, / á noite, cando viñeren, / tocarán o violón* (740). | *Aldeíña da Xesteira, / cando eu a paseaba, / era de noite e chovía / pero eu non me mollaba* (106). | *Queridiña, donche os ollos, / rézalle a santa Lucía: / que chos cerre pola noite, / que chos abra polo día* (886). [2 + 13 + 1= 16 veces]
549. **a non ser** Indica a exclusión, canto á participación na acción expresada polo verbo, do termo que segue. *Eu mañán aquí non volvo, / que gasto solas de balde, / solo por ti, miña nena, / a non ser de voluntade* (1097).
550. **a rastro como un cangrexo** Arrastrándose ou arrastrando polo chan. *Por andar de parranda, / como me vexo: / coas pernas a rastro*[43] */ como un cangrexo* (847).
551. **a rego cheo** En abundancia. *Do centeo sai a palla, / da palla sai o centeo; / amor que non é de gusto: / dálle palla a rego cheo* (330).
552. **a rolos** Dando voltas sobre si mesmo, a rolar. *Botei un limón a rolos, / na túa porta parou, / cando o limón ten amores / que fará quen o botou* (196).
553. **á tarde** Durante a tarde, entre o mediodía e a tardiña. *Moito eu chorei /*

[43] A grafía nas tres edicións é "arrastro" mais adaptamos esta forma á norma oficial.

o domingo á tarde, / que veña Lorenzo / que diga a verdade (1096).

554. **á toa** Sen orde ningunha, sen lóxica ningunha, sen un criterio ou razón. *Ao mozo que anda bailando / vaille caír o anillo, / dá tantas voltas á toa / como se fora un sarillo* (752).

555. **algún día** Noutro tempo, noutrora. *Fixen a cama no río / a cabeceira nun toxo; / algún día ben che quixen, / agora xa me dás noxo* (456). [2 veces]

556. **alto como a estrela do norte** Moi alto, a moita altura. *Quen me dera estar tan alto / como a estrela do norte / para ver o que se pasa / en Pontevedra esta noite* (876).

557. **antes de onte** Antonte, no día anterior a onte. *A criada do cura / ten un neno / que naceo antesdonte*[44] */ antre o centeo* (8).

558. **ao desdén** Descoidadamente. *Se por cantar me pagaran, / faría por cantar ben; / pero, como non me pagan, / hei de cantar ao desdén* (937). [Un exemplo desta locución adverbial noutro contexto témola neste cantar recollido por Xoaquín Lorenzo (1973: 139): *Ramos de loureiro verde / botan follas ao desdén; / palabra de casamento / non lla días a ninguén*]

559. **ao gusto** [de alguén / seu] Segundo a vontade, desexo ou preferencia [de alguén]. *Carballeira do san Xusto, / carballeira do san Xusto; / naquela carballeiriña / hei de bailar ao meu gusto* (237).

560. **ao lombo** Sobre o lombo. *Pedreiros e carpinteiros, / pedreiriños polo menos, / collen os picos ao lombo, / deixan a criar os nenos* (827).

561. **ao lonxe** A unha distancia grande. *Amores ao lonxe, ao lonxe, / que ao preto calquera os ten, / eu tamén os teño lonxe / e correspóndenme ben* (121).

562. **ao mandado** [de alguén / seu] So as ordes [de alguén]. *Teño de plantar un pino / enriba do teu tellado; / cando o pino dea uvas / estarei ao teu mandado* (986). [Xoaquín Lorenzo (1973: 150) recolleu estoutra variante: *Teño plantado un piñeiro / por riba do meu tellado; / cando o piñeiro der uvas / estarei ao teu mandado*].

563. **ao medio** Pola metade, en dúas partes. *Este pandeiro que toco / heino de rachar ao medio, / para darlle que facer / aos que están de parrafeo* (385).

564. **ao mediodía** Durante o tempo en que o Sol está no seu punto máis elevado sobre o horizonte, contra as doce do día. *Anda, coxo, que che é noite, / busca pousada con día; / os coxos na miña terra / búscana ao mediodía* (124). [2 veces]

565. **ao menos** Como mínimo, aínda que non sexa máis que a cousa que se expresa. *Tantos novios que tiveche, / se os tiveras xuntiños, / facíache falta unha casa / ao menos de vinte pisos* (980).

566. **ao modo** [de alguén / seu] Ao estilo daquel ou daquilo que se menciona. *Mociñas da Corredoira, / hei cantar ao voso modo; / o día doce de marzo / é día de san Gregorio* (610).

567. **ao preto** A unha distancia pequena. *Amores ao lonxe, ao lonxe, / que ao preto calquera os ten, / eu tamén os teño lonxe / e correspóndenme ben* (121).

568. **ás escuras** Sen luz ningunha, na escuridade. *Cando eu era sancristán*

[44] Mantemos no exemplo a locución adverbial tal como aparece nas tres edicións.

/ facía moitas figuras, / mollaba o pan no aceite, / deixaba o santo ás escuras (206).

569. **cando o piñeiro dea uvas** IRÓN. Nunca. *Teño de plantar un pino / enriba do teu tellado; / cando o pino dea uvas / estarei ao teu mandado* (986).

570. **canto antes** O máis cedo ou o máis á présa posíbel. *Cásate canto máis antes / co fillo de Pedro Conde* (1098).

571. **como terra** En abundancia, en cantidade. *Serra, compadre, / serra, comadre, / na madeiriña / do señor abade. / Ti coa lima, / eu coa serra, / xuntaremos / diñeiro coma terra* (961).

572. **como un demoño** Moito. *As señoras costureiras / que andan polas aldeas, / engordan como demonios / co pan das casas alleas* (177).

573. **como un papagaio** Moito. [Úsase con verbos como *falar* ou *repetir* e, xeralmente, con valor despectivo]. *Quen me dera ter a min / a gargantiña dun galo, / cantar como un reiseñor, / falar como un papagaio* (878). [Como "falar como un papagaio" ten un valor pexorativo ou despectivo, cremos que non ten moito sentido ese desexo da cantiga. Parece máis ben que se escolleu pola rima asonante con "galo". Ou talvez teña un valor intensificativo simplemente].

574. **con día** Cando aínda é día, coa luz do Sol. *Anda, coxo, que che é noite, / busca pousada con día; / os coxos na miña terra / búscana ao mediodía* (124). [2 veces]

575. **cos ollos abertos** Vixilante, ben atento. *A lebre cando adormece / dorme cos ollos abertos; / dorme cos ollos cerrados / quen ten os amores certos* (18). [Cremos que nesta cantiga "cos ollos abertos" está usado en sentido recto; durmir dese xeito sería a maneira natural de o facer a lebre. Mais coidamos que ao mesmo tempo estase xogando co sentido figurado que sería aplicábel a aqueles que non teñen os amores certos, que non dormen tranquilos].

576. **de balde** Inutilmente, en van. *Eu mañán aquí non volvo, / que gasto solas de balde, / solo por ti, miña nena, / a non ser de voluntade* (1097). [É máis frecuente que esta locución signifique **a**) Gratuíto ou **b**) Gratis, gratuitamente].

577. **de broma** Para facer rir, sen intención seria. *E vai de broma, / e vai de broma; / e vai de broma, nena, / a noite toda* (341).

578. **de canto** De lado, inclinado. *Á beira de san Martiño / hai un carballo de canto, / arrandéase co aire / pra lle ir rezar ao Santo* (2).

579. **de cara a cara** Cara a cara, frontalmente, directamente. *Non me mires de reollo, / ese é mirar de traidor: / mírame de cara a cara / que son miradas de amor* (656).

580. **de costas** Coas costas para atrás, dando coas costas contra algo. [Úsase normalmente co verbo *caer*]. *O cura e mais a criada / foron ver os cabirtiños, / a criada foi de costas, / o cura foi de fociños* (720).

581. **de cu** Para atrás, sobre as nádegas. [Úsase normalmente co verbo *caer*]. *O cura foi ao muíño / co sombreiro na cabeza, / escorregáronlle os zapatos / e caeu de cu na presa* (722).

582. **de día / polo día** Durante as horas en que hai luz solar. *A muller do ferreiriño / moito traballiño leva, / de día malla no ferro, / de noite o ferreiro nela* (36).

| *Queridiña, donche os ollos, / rézalle a santa Lucía: / que chos cerre pola noite / que chos abra polo día* (886). [3 + 5 = 8 veces]

583. **de fociños** De fronte e boca abaixo [Úsase normalmente con verbos como *caer* ou *ir*]. *O cura e mais a criada / foron ver os cabirtiños, / a criada foi de costas, / o cura foi de fociños* (720).
de lado > 444

584. **de lonxe** Desde moita distancia. *Asubíasme de lonxe / como a can que anda perdido, / eu non son perro de caza / que entenda por asubío* (183). [3 veces]

585. **de madrugada** Ao amañecer, moi cedo. *Pasei a Ponte Loureiro, / paseina de madrugada, / quen me a min quería ben / inda quedaba na cama* (816). [3 veces]

586. **de mala gana** Sen gana, a desgusto. *Muiñeira da ribeira, / muiñeira ribeirana, / muiñeira da ribeira / tócocha de mala gana* (626).

587. **de mañán / pola mañán** Nas primeiras horas da mañá ou durante a mañá. *Levantarme de mañán cedo / e coller a madrugada / e facer o chocolate / e levarllo ao home á cama* (1101). | *Rapariga do meu tempo, / chamácheme a min rapaz; / durme comigo unha noite, / pola mañán mo dirás* (892). [2 + 1 = 3 veces]
de noite > 548

588. **de parrafeo** A conversar de forma informal. [Úsase con verbos como *estar*]. *Este pandeiro que toco / heino de rachar ao medio, / para darlle que facer / aos que están de parrafeo* (385).

589. **de patas para arriba** [Caendo] polo chan de maneira aparatosa *Era de inverno e chovía, / resvalou o tío Naranxo / e foi de patas pra riba* (1101).

590. **de pé** En posición vertical ou erguida, apoiándose nos pés. *Este noso maio / que maíño é, / este é o maíño / que anda de pé* (379). [4 veces]

591. **de *reollo** En sentido oblicuo. *Non me mires de reollo, / ese é mirar de traidor: / mírame de cara a cara / que son miradas de amor* (656). [A RAG, como podemos ver no seu dicionario en liña, considera incorrecta esta locución. No seu lugar temos, entre outras, "de esguello" ou "de través". Unha cantiga parecida achámola en Rielo Carballo (1980: 42): *Non me mires de loceño, / non me mires de través, / mírame cara a cara, / que tanta cousa non es*].

592. **de risa** Para facer rir, sen intención seria. *Non sei se o dirás de risa / mais eu dígocho de veras* (1100).

593. **de roda / en roda** En círculo, ao redor. *O muíño anda de roda, / anda de roda a moer, / o cariño que che teño / ti inda o has de saber* (753). | *Meu muíño, meu muíño, / bota a fariña en roda, / a filla da muiñeira / ten un andar que namora* (549). | *Vai de roda, vai de roda, / vai de roda, darredor, / así fai o que ben baila, / así fai o bailador* (1057). [de roda: 5, en roda: 1 = 6]

594. **de todo** Completamente, totalmente. *Anque son tolo, / non son de todo, / merendei ben / e amolei o xogo, / e cobrei os cartos / do xabrón todo* (134).

595. **de veras** De verdade; en serio. *Canto hai que te non vin, / xa o camiño cría herbas; / agora veño saber / se me dás o si de veras* (230). [3 veces]

596. **de vontade** Sen ser obrigado. *Eu mañán aquí non volvo, / que gasto*

solas de balde, / solo por ti, miña nena, / a non ser de voluntade (1097).

597. **do revés** De maneira oposta á normal ou habitual. *O demo, cando rabea, / pon os cornos do revés; / rabea, demo, rabea, / que demo sempre o es* (733). [2 veces]

598. **dunha hora pra outra** De maneira repentina. *Amamos catorce meses / sin haber a novidade, / que dunha hora pra outra / doulle Dios a enfermedade* (1104).

599. **en busca** [de algo ou de alguén] Buscando [algo ou alguén]. *-Pra onde vas millo serodio? / -Vou en busca do temperán. / -Alcanzaralo na palla, / non o alcanzarás no gran* (862). [2 veces]

600. **en camisa** Só coa camisa, lixeiro de roupa. *Esta noite fun ao muíño / cun fato de mozas novas, / elas todas en camisa, / eu no medio coas cirolas* (359).

601. **en paz** Con tranquilidade. *Fun ao muíño con Paula, / fun ao muíño con ela, / fun ao muíño con Paula, / fun en paz e vin en guerra* (465).
en roda > 593
en van > 454

602. **frente a frente** De maneira directa, en fronte un do outro. *Non me mires frente a frente / que non quero ser mirada, / son fillas de moi bos pais, / non quero ser marmurada* (657). [A forma normativa é "fronte a fronte"].

603. **na man / nas mans 1**. En poder ou baixo a dependencia [de alguén]. [Úsase con verbos como *caer*, *estar*, *pórse* ou *ter*]. *Teño un caravel na horta / con tres flores a bulir: / xa me tiveches na man / e deixáchesme fuxir* (993). **2**. Dentro das posibilidades [de alguén] [Úsase co verbo *estar*]. *Canta, rula; canta, rula; / canta, rula, naquel souto; / coitadiño do que espera / polo que está nas mans doutro* (218). | *Adiós, miña queridiña, / que che me vou de serán, / se ti queres serme boa / tes o remedio na man* (73). [Sdo. 1: 2, Sdo. 2: 2 = 4]

604. **na (miña/túa...) vida** Nunca. *Na miña vida tal vin / na feira do Carballiño: / vintecinco estudiantes / bebendo un vaso de viño* (636). [4 veces]
nas mans > 603

605. **nas uñas** [de alguén] Baixo o dominio, en poder [de alguén]. *Ai que piñeiro tan alto!, / ai que piñas máis maduras!, / ai que meniña bonita!, / quen che ma dera nas uñas!* (98)

606. **no medio** Na metade, na parte central. *A parroquia de Loureiro / é moi digna de querer; / ten un loureiro no medio / que fumega sin arder* (43). [5 veces]

607. **nos brazos** [de alguén] **1**. Soportando o peso cos brazos. *Fun ao muíño con Paula, / fun ao muíño con ela, / ela durmeo nos meus brazos, / eu dormín nos brazos dela* (466). **2**. En relación amorosa [con alguén]. *Unha vez caín no río, / outra vez caín no mar, / outra caín nos teus brazos, / non me puden levantar* (1055). [Sdo. 1: 2, Sdo. 2: 1]

608. **nunha carreira** Nun espazo de tempo moi breve. *Pasei a Ponte Loureiro, / paseina nunha carreira, / boteille un tiro a unha lebre, / matei unha costureira* (818).

609. **para sempre** Definitivamente, indefinidamente. *Chamáchesme moreniña / á vista de tanta xente, / agora vaime quedar / moreniña para sempre* (257). [2 veces]

610. **pola conta que me/che... ten** Pola miña/túa... conveniencia. *Ti a min quéresme moito, / eu tamén che quero*

ben, / pero entregar non me entrego / pola conta que me ten (1014).
pola mañán > 587
pola noite > 548

611. **pola vida** Moito [Úsase co verbo *querer*]. *Viva a romboia! / Romboia viva! / Teño unha nena / que lle quero pola vida* (91). [2 veces]

612. **polo aire** Ás présas, rápido, lixeiro. *Fun ao muíño de meu compadre, / fun polo vento e vin polo aire; / esta é cousa de encantamento, / ir polo aire e vir polo vento* (468).
polo día > 582

613. **polo menos** Como mínimo, aínda que non sexa máis que [o que se expresa]. *Pedreiros e carpinteiros, / pedreiriños polo menos, / collen os picos ao lombo, / deixan a criar os nenos* (827). [2 veces]

614. **por conseguinte** Tamén, igualmente. *Rebordelo é boa terra, / Loureiro por consiguiente, / non pode haber boa terra / que produza mala xente* (893). [O sentido habitual desta locución é 'como consecuencia do que se expresa, por tanto', mais cremos que non é así nesta cantiga].
pouca cousa > 435

615. **pouco a pouco / pouco e pouco** De maneira continua mais lenta. [Tamén se di **pouquiño a pouco** e **pouquiño e pouco**]. *Eu quixera o teu querer / pouquiño a pouco, morena; / cando chove miudiño / queda máis auga na terra* (439). | *Pasei a Ponte Loureiro, / paseina pouquiño e pouco; / choraba por meu irmán, / as penas eran por outro* (814). [1 + 1 = 2 veces]

616. **que Deus nos asista** IRÓN. Mal. *Da banda de alá do río / hai un lagarto con crista; / canta como un resiñol, / baila que Dios nos asista* (287). [Esta UF é orixinariamente unha fórmula para expresar o desexo de que non ocorra nada malo].

617. **que rabea** Moito; moi ben. *Este pandeiro que toco / é de pelica de ovella; / onte comía no monte, / hoxe toca que rabea* (384). [A forma normativa é "que rabia"].

618. **un pouco** Algo, en pequena medida. *Marmula, marmulador, / marmula de min e doutro; / no inferno hai unha cama / para descansar un pouco* (534).

619. verbo + **que** + mesmo verbo [esquema fraseolóxico] [Úsase para expresar reiteración]. *Eu ben vin estar o demo / a cabalo dunha bruxa: / o demo tira que tira, / a bruxa puxa que puxa* (408). [2 veces]

2.3.6. Locucións prepositivas

620. **á beira de 1**. Nun lugar próximo a. *Á beira de san Martiño / hai un carballo de canto, / arrandéase co aire / pra lle ir rezar ao Santo* (2). **2**. Próximo afectivamente a. *Despois que quixeches outras / achégaste á beira miña; / o que comeo a faneca / que coma tamén a espiña* (320).

621. **a cabalo de** Coas pernas abertas sobre alguén ou sobre algunha cousa. *Eu ben vin estar o demo / a cabalo dunha bruxa: / o demo tira que tira, / a bruxa puxa que puxa* (408). [2 veces]

622. **a compás de** Seguindo o ritmo de; de acordo con. *Canta, miña pedra, canta, / a compás deste punteiro, / canta, miña pedra, canta, / faille compaña ao canteiro* (221).

623. **á conta de** Aproveitando certa circunstancia da persoa ou da cousa que se expresa. *Pasei por Madrid cantando / sin saber o que decía; / á*

conta do meu diñeiro / deprendín a cortesía (825).

624. **a piques de** A punto de, próximo a. *Pasei o mar da Marola, / queridiña, por te ver; / arrisquei a miña vida / a piques de eu morrer* (820).

625. **á vista de** Na presenza de, diante de. *Chamáchesme moreniña / á vista de tanta xente, / agora vaime quedar / moreniña para sempre* (257).

626. **á volta de** (1) Ao redor de ou (2) despois de. *Anque che son das Mariñas, / son mariñán, / o fungueiro, meniña, / lévoo na man, / por si á volta da eira / me bóta-lo can* (132). [Non temos claro de cal das dúas acepcións se trata].

627. **a xunto de / xunto de** Indica proximidade. *Foches falar mal de min / a xunto dos meus amores, / fai de conta que botaches / auga por riba de flores* (460). | *Moito lle quero a mi madre, / moito máis é de razón, / que me trouxo nove meses / xunto do seu corazón* (614). [3 + 1 = 4 veces]

628. **antes de** Nun momento anterior a. *O anelo que me diches / heino de pisar cos pés, / antes de casar contigo / hei de saber quen ti es* (691). [2 veces]

629. **ao lado de** Nun lugar próximo a. *Corre a auga do meu peito / por un cano de marfín, / para regar esta rosa / que teño ao lado de min* (277).

630. **ao pé de** Nun lugar próximo a. *Amores ao pé da porta / eu non os podo tomar; / como os gatos en xaneiro / que non fan senón fungar* (122). [4 veces]

631. **ao redor de** / **arredor de** Por toda a parte exterior de, dándolle a volta a. *Moitas voltas dá a auga / ao redor daquel outeiro, / tamén as dá Manoeliño / coa filla do ferreiro* (612). | *Cantas voltas dá a auga / arredor do ameneiro, / cantas voltas daba eu / por ter o amor canteiro* (225).

632. **atrás de / tras de 1**. [Indica localización de posterioridade no espazo respecto do que se expresa]. *Anselmo de Vilanova / era o noivo que tiña, / púxose tras dunha reixa / para mirar que facía* (138). **2**. [Indica que se segue ou se persegue algo, ou conseguir algo]. *A folla do alcipreste / ela de verde non roxe; / traballiño pode ser / correr atrás de quen foxe* (14). | *Toda miña vida andei / tras dunha costureiriña, / agora quedei sin ela / como a agulla sin liña* (1027). [atrás de: 2, tras de: 3]

633. **baixo de** / **debaixo de** Nun lugar inferior a. *Por baixo do limoeiro / non pode apañar a folla; / inda non ten o proveito / e xa lle botan a sona* (852). | *Debaixo do limoeiro, / onde están presos os cans; / para contestar comigo / tes que ir lavar as mans* (310). [3 + 13 = 16]

634. **camiño de** En dirección a, dirixíndose para. *Vexo Vigo, vexo Cangas, / tamén vexo Redondela, / vexo a Ponte Sampaio / camiño da miña terra* (1077).

635. **cara a** En dirección a. *Pasei a Ponte Loureiro / cara ao rigueiro do Can, / o corazón mo roubara / unha nena do Batán* (812). [3 veces]

636. **da man de** Por mediación de, da persoa. *Á túa porta me tes / como un feixe de leña, / espero pola resposta / que da túa man me veña* (59). | *O carballo dá a landra / e por baixo a cardén / así se toman as cousas / como da man de quen vén* (704). [3 veces]
debaixo de > 633

637. **dentro de 1**. No interior de. *Miña Virxen de Aguasantas / ten unha*

vidreira nova; / dentro daquela vidreira / ten un meniño que chora (604). **2**. Despois de que se cumpra [un período de tempo]. *Ábreme a porta, Rosiña, / déixate de tonterías / que me hei de casar contigo / dentro de moi poucos días* (66). [9 + 1 = 10]

638. **despois de** Nun tempo posterior a. *Se queres que o carro cante, / móllalle o eixo no río; / despois do eixo mollado / canta como un asubío* (942). [2 veces]

639. **detrás de** [Indica localización de posterioridade no espazo respecto do que se expresa]. *Eu ben vin nacer o Sol / por detrás daquel outeiro; / non me poñas tanta palla / que non son ningún palleiro* (411). [4 veces]

640. **diante de** En fronte de. *Por cantar catro cantares / diante da porta do muíño, / déronme duas apertas / e mais moéronme o trigo* (853).

641. **en vez de** En lugar de. *Arrimeime a un pino verde / por ver se me consolaba, / e o pino como era verde / en vez de cantar choraba* (159).

642. **encima de** Nun lugar superior respecto de algo. *Eu ben vin estar o moucho / encima dun amieiro / coa subela na man / deprendendo a zapateiro* (409). [2 veces]

643. **enriba de** / **riba de** Nun lugar superior respecto de algo. *Eu ben vin estar o moucho / enriba daquel penedo: / non che teño medo, moucho, / moucho, non che teño medo* (410). | *Teño unha herba na horta, / pasa por riba do muro; / se o teu cariño é leal, / o meu tamén é seguro* (998). [3 + 5 = 8 veces]

644. **na cas de** En cas de, na casa de. *Se querés aquí, aquí; / se querés alá, alá; / se querés na cas do cura, / na cas do cura será* (938). [Esta locución úsase normalmente sen artigo (en cas de)].

645. **no medio de** Na metade de, na parte central de. *No lugarciño de Insuela / amores hei de tomar: / ou no alto, ou no fondo, / ou no medio do lugar* (649). [4 veces]

646. **par de** Ao lado de, xunto a. *O Abade de Cerdedo / ten unha vena de louco; / señor san Xoán de Cerdedo, / non o poña par*[45] *do outro* (687).

647. **por causa de** Tendo como causa a cousa ou persoa que se expresa. *Rachaches a saia, / tundas que levache; / por causa da saia / na casa quedache* (891). [6 veces]

riba de > 643
tras de > 632
xunto de > 627

[45] Na primeira edición e mais na terceira figura "para", cousa que non ten sentido. Na segunda foi corrixido por "par".

2.3.7. Locucións conxuntivas

648. **a mais / e mais 1**. [Une palabras, frases ou oracións e expresa suma]. *Anque cante toda a noite / eu a mais a compañeira; / anque cante toda a noite, / non arreamos bandeira* (129). | *Esta noite e mais a outra / e mais a outra pasada, / abalei unha pereira / que nunca foi abalada* (357). **2**. [Indica unha limitación ou oposición ao dito]. *O carballo dá a landra / a mais non dá cousa boa; / cada un dá o que ten / asegún é a persona* (703). | *Xa non ten ferriñas, / ferriñas non ten, / xa non ten ferriñas / e mais toca ben* (1091). [Sdo. 1: a mais 1, e mais 32; Sdo. 2: a mais 1, e mais 2 = 36]

649. **antes de que / antes que** [Indica tempo pasado ou anterior ao momento de que se fala ou en que se fala]. *Sementei millo miúdo / no colo dunha*

rapaza, / teño de ir polo mundo / antes de que o millo naza (953). | *Meniñas do meu lugar, / vinde buscar o tangano, / se habés de vir, vinde logo, / antes que faga máis dano* (547).

650. **así que** Logo que. *Así que lle veu as pernas / xa cambeou de parecer: / que dote nin que centella, / o que importa é ter muller* (179).

651. **des que / desde que** [Indica o momento a partir do que ocorre algo]. *Eu cantar cantaba ben / e tiña moi linda voz, / e non sei quen ma levou / des que me xuntei a vós* (413). | *Eu collín a flor da xesta / que é a primeira que vén; / desde que te vin a ti / non amei a máis ninguén* (423). [des que: 2, desde que: 2]

652. **despois que** [Indica tempo posterior respecto doutro]. *Despois que quixeches outras / achégaste á beira miña; / o que comeo a faneca / que coma tamén a espiña* (320).

e mais > 648

653. **en canto** Así que. *Cinco sentidos che temos / e os cinco necesitamos, / todos os cinco perdemos / en canto nos namoramos* (271).

654. **para que** [Indica finalidade]. *Nas ondas do teu cabelo / heime botar a afogar, / pra que diga o mundo enteiro / que hai ondas máis que no mar* (645). [para que: 3, pra que: 6 = 9]

655. **por máis que** [Indica a imposibilidade de conseguir algo aínda que se insista e se faga todo o posíbel por conseguilo]. *Alcipreste non se rega / porque na lentura nace; / amor firme non se olvida / por máis traballos que pase* (105).

656. **tanto... que...** [Introduce unha consecuencia]. *Ai, Maruxiña, / por Deus, dáme un bico, / tanto che quero / que xa non me explico* (100).

2.4. Fórmulas

657. **alá vai** (+ u.p/u.c.) [Dise para se lamentar dunha perda]. *Escribírache unha carta / se a ti superas ler: / se lla dás a ler a outro, / alá vai o ben querer* (354).

658. **así Deus me favoreza** [Úsao unha persoa para reforzar a veracidade do que di]. *Pensas que che quero moito / porque miro para ti: / así Dios me favoreza / como me río de ti* (830).

659. **boas noites (nos dea Deus)** [Úsao unha persoa para saudar e despedirse pola noite ou cando se vai deitar]. *-Boas noites, tía Xoana. / Onde lle vai a rapaza?* (1100). | *Eres alta como un ovo, / redonda como unha noz, / branca como chicolate: / boas noites nos dea Dios* (349). [No contexto da segunda canción, esta fórmula parece posta aí para que o derradeiro verso rime (rima asonante) con "noz"]. [boas n.: 3, boas n. nos dea D. 1 = 4 veces]

660. **bon día / bos días (nos dea Deus)** [Úsase para saudar desde a mañá até a hora de xantar ou como resposta a quen nos saudou]. *Bon día, ó*[46], *Xuliana, / co teu corpiño apertado* (1103[47]). | *Buenos días, caballero, / felices las madrugadas, / na que Dios así non quixo / que non fose a túa dama* (1099). | *Buenos Días nos dea Dios / e tamén*

[46] Véxanse as notas 11 e 13.

[47] Na composición 1103 hai trazos dialectais que non se corresponden cos do galego occidental, xerais neste cantigueiro, son *bon* e *tu*. Alén diso, a presenza do substantivo "copo" e de "seu don Xorxe" parece suxerir o influxo do portugués. O pronome tónico "tu" para a segunda persoa só se dá outra vez en todo o cantigueiro.

as madrugadas, / meniña que estás na horta / apañando as maravallas (1097). [bon día: 2, buenos días: 1, buenos días nos dea Deus: 4 = 7]

661. **catro cornos para ti/el...** [Úsase para negar ou para rexeitar algo]. *A pasar o rigueiriño / díxenche que si, que si, / desde que o tiña pasado / ¡catro cornos para ti!*[48] (45).

662. **como che/vos... vai?** [Úsase para saudar ou para preguntar pola saúde, o traballo etc.]. *Agora xa non se estila / pedir as fillas aos pais, / entras a porta pra dentro: / -Meu sogro, ¿como vos vai?* (83).

663. **deixa/deixade... chover** [Úsase para expresar indiferenza ou desinterese]. *Dicen que chove, que chove, / se chove deixa chover; / eu ben sei da ala piñeira / onde me hei de esconder* (321). [Non temos claro neste caso se estamos ante o uso desta fórmula. Un caso en que si o é témolo neste fragmento d'*A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos: *Deixa chover, Pedro, que por hoxe: // Ante leves ergo pascentur in aethere cervi, / et freta destituent nudos in littore pisces* (Pintos, 1853: 383)].

664. **demo/diaño de** + nome [Úsase para se referir a alguén ou a algo despectivamente]. *Eu caseime cunha vella / por causa da fillarada; / pero o demo da vella / sempre me andaba preñada* (417). | *O diaño do chirlomirlo / onde foi facer o niño: / á oliveira do adro / no máis alto ramalliño* (737).

665. **Deus che/lle... dea sorte** [Dise para desexar boa sorte]. *Dios che dea tanta sorte / como ao*[49] *meu cabalo negro; / sete anos tivo a sarna / e morreo do xarampelo* (326). [Pola comparación co cabalo, parece que nesta cantiga o uso da fórmula é humorístico].

666. **Deus che/lle... pague** (+ CD) [Dise para mostrar agradecemento]. *Á Virxen da Peregrina / funlle limpar a capela, / Ela díxome dende o alto: / Dios che pague, miña nena* (63). | *Dios llo pague a miña nai / que me puxo a costureira, / vén a chuvia, non me molla, / vén o Sol e non me queima* (329).

667. **Deus me/nos dea paciencia** [Úsase para expresar resignación]. *Dios che me dea pacencia / con esta miña muller, / que non fai o que eu lle mando, / solamente o que ela quer* (327). [A forma "pacencia", aínda que é bastante corrente, non é a normativa. A RAG recolle "paciencia"].

668. **Deus te/vos... axude** [Dío unha persoa cando encontra outra ou outras a traballar]. *Por aquí pasou un home, / non dixo: "Dios vos axude"; / por aquí ha de volver / derreado e sen saúde* (849). [Temos a mesma UF nesta cantiga: *-Dios t' axude, Mingo Méndez, / ¿ti qu' estás aí facendo? / -Estou tremando deste valo / que parés qu'está caendo* (Pérez Ballesteros (1979 c: 107)].

diaño de + nome > 664

669. **e logo** [Úsase para engadir énfase nunha interrogación, ao principio da frase]. *-Xa fai un pouqueniño / que estou quentando as canelas.* / *-E logo tes moito frío?* (1100).

670. **e todo** [Úsase para reforzar o que se di; vai ao final da oración e equivale a *mesmo*. *Sei dun niño dunha melra / no cañoto dun repolo; / deron as nenas con el, / levaron cañoto e todo* (949). [2 veces]

[48] Os signos de admiración non aparecen en ningunha das edicións.

[49] Nas tres edicións sen contracción: "o meu cabalo".

671. **fai/facede... o favor** (de + ORACIÓN) [Expresión de cortesía con que se pide algo]. *Eu non son ningunha burra / que teña que rexistar; / se vires con esa idea, / fai o favor de marchar* (430).

672. **felices as madrugadas** [Úsase para saudar pola mañá ou para responder a un saúdo como "bos días"]. *Buenos Días nos dea Dios, / felices las madrugadas, / meniña que estás na horta / apañando as maravallas* (1099). | *-Buenos días, caballero, / felices las madrugadas, / na que Dios así non quixo / que non fose a túa dama* (1099). [Dános a impresión de que esta UF é unha especie de complemento ou continuación de "bos días". Por outra parte, por aparecer nun romance e co artigo castelán, podería tratarse dunha UF castelá. Unha especie de variante (*e tamén as madrugadas*) témola noutros tres casos. Un deles é o seguinte: *-Boenos días nos dea Dios / e tamén as madrugadas / meniña que estás na horta / apañando as maraballas* (1097). De por parte achamos no Cantigueiro Popular da Limia Baixa, de Xoaquín Lorenzo, outra variante, mais desta vez en dúas cantigas de catro versos: *Dios che dea os boenos día, / millores as madrugadas, / mociña que andas na horta / collendo maravalladas* (páx. 70). | *Dios che dea os buenos días, / millores as madrugadas, / mociña que andas na horta / collendo nas avelairas* (páx. 71).]. [2 veces]

673. **grazas a Deus que cocemos catro panciños e cinco debemos** [Utilízase, cando algo non sae todo o ben que se esperaba, para atenuar o aspecto negativo. Funciona como unha especie de autoconsolación[50]]. *Gracias a Dios que cocemos / catro panciños / e cinco debemos* (472). [Coidamos que non se trata dunha cantiga senón dunha fórmula que aparece sen contexto. Tamén pode ser que falten algúns versos cos que si faría parte dunha cantiga].

674. **loado sexa Deus 1.** [Úsase para expresar admiración ou satisfacción, ás veces ironicamente]. *A cantar ganei un carto, / a bailar o casamento; / alabadiño sea Dios / que inda non perdín o tempo* (3). **2**. [Úsase para saudar]. *Alabado sea Dios, / agora lles vou contar / un contiño moi bonito, / moito lles ha de gustar* (1101).

675. **mal raio (de Deus) mate/parta** + CD**! / un raio (de Deus) parta** + CD**!** [Utilízase para se queixar de alguén ou para lle desexar mal]. *O gaiteiro de Soutelo, / mal raio de Dios o mate, / non quere tocar a gaita / sin tomar o chicolate* (741). | *Unha vella moito vella / cun peido matou a outra, / malo raio parta á vella, / que forza ten na petouta* (1053). | *Teño unha herba na horta / que lle chaman vaina ver; / un raio de Dios te parta / se volves a responder* (1004). [3 veces]

676. **moi felices**[51] [Dise como resposta a saúdos como "bos días" ou "boas noites]. *-Boas noites, miña dama, / aquí tes o teu Naranxo. / -Moi felices -lle contesta- / séntate aquí ao meu lado* (1101). [Acerca desta expresión só achamos a seguinte información de Eladio Rodríguez (1960): **¡felices!** Frase de saludo, elipsis de felices días. A veces se antepone el adv. moi: ¡Moi felices!].

[50] Esta definición collémola de Maite Veiga Díaz (1996). A variante que esta autora recolleu en Castro de Rei é "Gracias a Dios que hoxe cocemos / catorce pas e quince debemos".

[51] Cotexar a UF **felices as madrugadas**.

677. **nunca Deus me dera** [Dise para expresar contrariedade] *-Xa fai un pouqueniño / que estou quentando as canelas.* / *-E logo tes moito frío? / Ai, nunca Dios che me dera! / Non sei se me irás quecer* / *agora prá primavera* (1100).
678. **por Deus** [Dise para expresar súplica]. *Ai, Maruxiña, / por Deus*[52]*, dáme un bico, / tanto che quero / que xa non me explico* (100).
679. **que demoro!** [Úsase para dar énfase ao que se di]. *Hei de ir casar a Caroi, / ¡que demoro*[53] *pode ser!, / anque non haxa máis, / pataquiñas ha de haber* (477). [Temos esta UF na seguinte canción recollida por Pérez Ballesteros (1978 b: 82): *Heime de casar n'aldea, / ¡que demoro podrá ser!, / anque non haxa milliño, / pataquiñas ha d' haber*. "Demoro" é un eufemismo de "demo"].
680. **que** + substantivo + **nin (que)** + ***centella** [Úsase para enfatizar o rexeitamento ou a negación dalgunha cousa]. *Así que lle veu as pernas / xa cambeou de parecer: / que dote nin que centella, / o que importa é ter muller* (179). [A RAG non admite o substantivo "centella". Unha UF equivalente é **que** + substantivo + **nin (que)** + **raios**].
681. **que te/o... leve o demo / xa te/o... poden... levar os demos** [Dise para mostrar rexeitamento ou desprezo]. *Vai, vai que te leve o demo, / vai, vai que vai levar, / vai, vai que te leve o demo, / a ti e a túa nai* (1059). | *Santa Marta das Estacas, / San Lorenzo de Fornelos; / ao abade de Forzáns / xa o poden levar os demos* (923). [5 + 1 = 6 veces]
682. **queda/quedade... con Deus** [Dío, para se despedir de quen se vai, a persoa que fica]. *A Luna estase pondo, / os tellados xa fan sombra; / eu voume prá miña cama, / quédate con Dios, Paloma* (22).
683. **queira Deus** + CD [Dise para expresar o desexo de que algo ocorra]. *O día que eu me case / queira Dios non apareza / nin cura, nin sancristán, / nin as chaves da eirexa* (736).
684. **quen me/che... dera** (+ CD) [Dise para expresar o desexo de ter ou de que suceda a cousa que se expresa]. *De Lisboa me mandaron / tres peras nun ramalliño, / quen che me dera saber / quen me ten tanto cariño* (298). [18 veces]
685. **sabe Deus** (+ CD) [Utilízase para ponderar a incerteza de algo]. *Sabe Dios de hoxe nun ano / onde estará o meu corpo: / ou aquí, ou noutro lado, / ou na sepultura morto* (900). [4 veces]
686. **santo Antonio te/vos... defenda** [Úsase para desexar boa sorte]. *Pasei a ponte do Porco, / paseille a man polo lombo: / san Antonio te defenda, / porquiño que estás ben gordo* (811). [2 veces]
687. **se Deus quer** [Dise para expresar a esperanza de que algo aconteza]. *Tamén o Sol é casado, / tamén o Sol ten muller, / tamén ti, miña meniña, / serás miña, se Dios quer* (976). | *Toca pandeiriña, toca, / na voda de miña*

[52] Na primeira edición lemos "por Dios" e a partir da segunda aparece "por Deus". Por outra parte, na terceira corrixiuse "tanto che quero" por "tanto te quero". Esta corrección é innecesaria pois este verbo, con este significado, úsase tanto con dativo como con acusativo.

[53] A versión que preferimos é a da primeira edición. As outras dúas difiren desta no segundo e cuarto versos: *Hei de ir casar a Caroi, / que demoro poder, / anque non haxa máis / pataquiñas has de haber* (2ª e 3ª ed.).

prima, / que, se Dios quer e non chove, / tamén tocarás na miña (1023). [A RAG prefire a forma "quere"].

688. **ten boa traza** [Úsase para expresar contrariedade ou lixeiro desgusto]. *Miña sogra, cando rifa, / ponse no medio da casa: / ela dime: "bota fóra", / eu digo: / "ten boa traza"* (574).

689. **ten/tende... vergonza** [Úsase para mandar calar alguén]. *Miña nai doume unha tunda / co aro dunha peneira, / miña nai, teña vergonza / da xente que vén da feira* (561). [5 veces]

un raio (de Deus) parta + CD**!** > 675

690. **vai/ide... á merda!** [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Vai á merda, vai á merda, / xa te podes ir andando, / xa comeches a cebola / xa te vas esforricando* (1056). [3 veces]

691. **vaia que** + ORACIÓN [Úsase para dar énfase a algo]. *Heiche de dar uns pendientes / anque custen cen reás; / para que digan os mozos: / ¡vaia que pendientes tras!* (482).

692. **vaite/ídevos... de aí!** [Díselle a alguén que está a importunar]. *Vaite de aí, piolloso, / andas cheo de piollos / e vén o aire de riba / pódesnos encher a todos* (1061). [3 veces]

693. **vállame/nos Deus!** [Dise para expresar admiración, sorpresa, desgusto ou resignación]. *A dama que anda no baile / ten no mandil unha rula, / o galán que anda coela / ¡válgame Dios que hermosura!* (12). | *Válgame Dios, ó, río, / qué grande vas; / encoméndome a Dios / e dou volta atrás* (1062). [O valor que ten esta UF nos dous exemplos é o de admiración]. [2 veces]

694. **vállame/nos o Sacramento!** [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Non sabedes unha cousa, / ¡válgame o Sacramento!, / eu acabo coa zanfona / e rebéntome do peito* (669).

695. **vállate/o... o demo!** [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Unha vella cagou clavos, / outra cagou ferraduras; / válgavos o demo, as vellas / cagás as cousas ben duras* (1045).

696. **vállate/o... Xuncas!** [Dise para expresar admiración ou sorpresa]. *Unha vella moito vella / dun peido matou a outra; / válgate Xuncas, ó, peido, / que me saliches de forza* (1050). [Segundo Eladio Rodríguez (1961), Xuncras é un eufemismo popular para designar a Xudas. Neste caso a variante é "Xuncas", que nas tres edicións aparece con minúscula. Modifico tamén, por me parecer a solución lóxica, os dous últimos versos, que nas diferentes edicións era "*válgate xuncas o*[54] *peido / que me saliches de forza*"].

697. **xa me entendes** [Díselle a quen está informado dun asunto e sabe de que se trata para evitar unha explicación]. *Alá enriba, non sei onde, / á porta de non sei quen, / encontrei con xa me entendes, / non llo digas a ninguén* (48). [A cantiga do exemplo é puramente lúdica e non podemos dicir con total certeza que nela a UF comentada teña o valor que tería nun contexto normal].

xa te/o... poden... levar os demos > 681

[54] Véxanse as notas 11 e 13.

2.5. Refráns

698. **a muller que come a nata non pode ter a manteiga** [Non se pode gastar e ter ao mesmo tempo[55]]. *San Lorenzo de Fornelos, / santa Marta de Ortigueira, / a muller que come a nata / non pode ter a manteiga* (918).

699. **acabáronse as vendimas e veñen as esfolladas, para comer coas mozas catro castañas asadas** [Despois das vendimas vén o tempo das esfolladas que, terminada a faena, acaban con festa e cómense castañas]. *Acabáronse as vendimas / e veñen as esfolladas, / para comer coas mozas / catro castañas asadas* (68).

700. **alcipreste non se rega porque na lentura nace** [Non é preciso regar o ciprés]. *Alcipreste non se rega / porque na lentura nace; / amor firme non se olvida / por máis traballos que pase* (105).

701. **non hai cousa máis humilde que o amor cando pretende** [Quen quere conquistar outra persoa evita ser soberbio]. *O caravel cando nace / de pequeniño recende; / non hai cousa máis humilde / que o amor cando pretende* (702).

702. **o que comeu a faneca que coma tamén a espiña** [Quen se beneficia dalgunha cousa debe sufrir tamén as molestias que ocasiona]. *Despois que quixeches outras / achégaste á beira miña; / o que comeo a faneca / que coma tamén a espiña* (320).

703. **o que dá a cepa torta a uns faille doer a cabeza e a outros dar a volta** [Fai referencia aos efectos do viño]. *O que dá a cepa torta, / o que dá a cepa torta; / a uns faille doer a cabeza / e a outros dar a volta*[56] (762).

704. **o que escoita de si oe** [Quen escoita conversas alleas arríscase a ouvir que falan mal del]. *O que escoita de si oi / á*[57] *porta deste muíño, / o que escoita de si oi: / volve a coller o camiño* (763).

705. **o que forra sempre ten** [Cómpre aforrar para ter reservas]. *O que forra sempre ten, / tamén o forrar é bo, / o sombreiro que leva o novio / era do pai do avó* (765).

706. **os fillos da miña filla meus netiños son; os da miña nora, ou serán ou non** [Acostúmase preferir os fillos das fillas aos dos fillos pois tense a certeza de que son netos]. *Os fillos da miña filla, / meus netiños son; / os da miña nora, / ou serán ou non* (792).

707. **onde hai fume, lume hai** [Polos efectos podemos chegar ás causas]. *Onde hai carozos hai fume, / onde hai fume, lume hai; / onde hai parrandas de noite / forza de cariño hai* (789).

708. **onde irás, boi, que non ares se non á cortadoría** [Vaias onde fores terás que traballar e pasar dificultades]. *Todos me din que te deixe, / que me has de dar mala vida: / onde irás, boi, que non ares*[58] */ se non á cortaduría* (1031).

709. **por que non casas, Pedro? Por que non casas, Xan? As que me dan non as quero, / as que quero non mas dan**

[55] Así é como explica Elixio Rivas o refrán "A muller que vai á nata, non ten parte na manteigha" [Rivas (1978: 115)].

[56] Ferro Ruibal (2018: 127) recolle unha variante deste refrán: *O viño é fillo da cepa torta: a unhos déitaos i-a outros non lles deixa atopar a porta.*

[57] Nas dúas edicións en que aparece esta cantiga, segunda e terceira, "a" vai sen acento gráfico.

[58] Nas tres edicións lemos "are" no canto de "ares", mais debe tratarse dunha gralla pois "irás" está en segunda persoa e, por tanto, a concordancia pide "ares".

[Sempre hai un inconveniente]. *Por que non te casas, Pedro; / por que non te casas, Xan? / -As que me dan non as quero, / as que quero non mas dan* (857).

710. **quen canta o seu mal espanta** [Cantar ou divertirse alivia os males]. *Quen canta seu mal espanta, / quen chora máis o aumenta; / eu tamén estou cantando / cun dolor que me atormenta* (874).

711. **quen mal anda mal acaba** [Unha vida desordenada leva a un mal final]. *Manuel anda no monte / coa chaqueta romendada, / déixate andar, Manuel, / quen mal anda, mal acaba* (517).

712. **quen ten fillos ten traballos** [Os fillos son fonte de preocupacións para os pais]. *Quen ten piñeiros ten piñas, / quen ten piñas ten piñóns, / quen ten fillos ten traballos, / quen ten xenros ten ladróns* (885).

713. **sardiña que o gato leva, aquela levada vai** [Refírese a situacións en que unha perda xa non ten remedio]. *Sardiña que o gato leva / aquela levada vai; / heite de levar, meniña, / do poder de túa nai* (930). [Eladio Rodríguez (1961) recolle *Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ao prato* e *Sardiña que o gato leva, gandida vai*].

714. **sarna con gusto non pica** [Cando se fai algo por gusto, non importan as molestias que ocasione, pois compensa a satisfacción de o facer]. *Primeiro quixen a Pepa, / despois quixen a Marica, / agora quérote a ti: / sarne con gusto non pica* (865).

5. Anexo

Cadro de vixencia das unidades fraseolóxicas

	Vixentes		Non vixentes
2.2. Colocacións			
2.2.1. Substantivo (suxeito) + verbo			
	abanar un abanador abrir + [flor (caravel)] acender unha luz alumar a Lúa arrandearse + [árbore (oliveira)] asubiar + [ave (galo, melra)] berrar + [animal (becerro)] cantar + [ave (cuco...)] cantar un carro chegar o tempo [de algo] cortar + [ferramenta cortante (...)] dar o aire/vento [a algo] darse + [froito dunha planta (...)] doer + [parte do c. (...)] [a alguén] enamorar(se)/namorar(se) + [p.] entrar pena [a alguén] estilarse + [costume (pedir a filla)] facer/haber + [período de t. (...)] facer/ir + [circ. clim. (aire...)] ferver + [líquido (caldo)] fungar un gato [a alguén] gustar + [comida (...)] [a alguén] gustar + [p. (meniña)] [a alguén] haber + [div. col. (festa, serán)] haber + [fenóm. atmosf. (orballo)] irse + día/noite ladrar un can ou cadela ([a alguén]) madurar + [froito (castaña)] manter un alimento [alguén] moer o muíño ([a gra]) nacer + [animal ou p. (marido...)] nacer + [astro (Sol)] nacer auga nacer + [planta (alcipreste...)] parir + [muller (nai...)] ([un fillo]) pegar a risa [a alguén] picar + [insecto (pulga)] [a alguén] picar + [pl. con esp. (...)] [a alguén] pórse + [astro (Lúa)] prender + [pl. (amieiro, salgueiro)] quebrar + [material (vidro)] recender + [planta (caravel)] repenicar un pandeiro secar + [planta (carballo, herba)] tocar + [instr. musical (pandeira...)] tocar unha campá vir a noite vir o vran	dar unha volta [a alguén] enverdecer + [planta (herba)] ir alta a Lúa ir cheo un río pasar un barqueiro [alguén] pretender + [persoa (...)] [moza] vir + [flor (flor da xesta)]	bailar o Sol brandear unha folla cantar a pedra clarear a Lúa ir encuberta a Lúa peneirarse + [persoa (muller)] perderse un amor roer o muíño rollar un testo
64	48 (75 %)	7 (10.93)	9 (14.06)

2.2.2. Verbo + substantivo (obxecto) / verbo + preposición + substantivo			
	abalar + [árbore (pereira)]	aprender/dep. a + [oficio (...)]	achegar o lume
	abrir + [medio de acceso (...)]	arrandear + [árbore (carballo)]	arrenegar o demo
	abrir + [tipo de pecho (tarabelo)]	atizar un candil	aserenar + [bebida (chocolate...)]
	abrir un ollo	botar a auga	baixar o muíño
	acirrar/botar un can [a alguén]	botar/facer as monicións	bater o fado
	afiar + [ferr. cortante (navalla)]	botar polo mundo	botar a sona [(de algo) a alguén]
	apagar a sede	botar un tiro [a algo ou...]	coller amores
	apagar un candil	cantar os Reis	dar memorias [a alguén]
	arrolar un neno	chamar/tirar a bailar [alguén]	dar [un pai] unha filla [a un pret.]
	atrancar unha porta	dar licenza [a alguén]	encher o fuso
	bailar + [baile (fandango...]	dar o dote [a alguén]	erguer o muíño
	beber + [bebida (auga, viño)]	dar o son [a outra]	espiar a roca
	botar as culpas [(de algo) a alguén]	dar ocasión (de...) ([a alguén])	facer atención [a alguén]
	botar gran [ao muíño]	dar proveito [a alguén]	facer + [diversión col. (foliada)]
	botar/meter/pór + [com. (...)] [no l.]	dar un abano [a unha árbore]	facer o fermento
	botar [planta] + flor	dar unha fala/palabra [a alguén]	facer oración [a alguén]
	botar [planta] + raíz	encomendarse a Deus	facer pesar [a alguén]
	botar un peido	enfeixar + [c. q. poden ser ata. (toxo)]	mazar o liño
	botar un remendo [a algo]	enredarse con + [p. (rapazas)]	meterse nunha quimeria
	botar unha sesta	entrar no baile	namorar + [persoa (moza, muller)]
	cantar un cantar	facer remanso	pedir a filla [aos pais]
	causar unha baixa [a alguén]	fiar lan	perder a lei [a alguén]
	ceibar + [animal (can)]	gardar un fillo	pór a + [oficio (costureira)] [alguén]
	cerrar/fechar un ollo	ir ás mozas	rondar + [muller (amante, moza)]
	chamar + [nome (celid.)] [a algo]	levar [a morte] + [ser vivo (amada)]	saber a doutrina
	chamar + [nome (...)] [a alguén]	meter desconfianza [a alguén]	saber o tempero [a un muíño]
	chiscar/choscar un ollo ([a alguén])	mollar a pluma [no tinteiro]	ter amores ([con alguén])
	cocer pan	pasear + [poboación (...)]	ter estimación
	coller + [planta ou froito (avea...)]	picar a pedra	ter parecer
	comer caldo	pór medo ([a alguén])	tomar amores
	contar unha mentira ([a alguén])	pór + [negocio (taller)]	tomar criado
	convidar + [persoa (...)] ([a algo])	pór preito [a alguén]	tomar lei [a algo ou a alguén]
	correr o Entroido	quedar por + [nome (bruxa, meiga)]	traspor + [lugar (A Portela)]
	cortar + [árbore (oliveira...)]	repenicar un pandeiro	varrer o tremiñado
	cortar + [cabelo ou pelo (perrera)]	sacar a teta [a alguén]	volver a honra [a alguén]
	coser + [peza de roupa (camisa)]	sacar puntos	
	criar + [persoa (neno, rapaza)]	seguir as pisadas [de alguén]	
	criar + [planta vent. (herbas...)]	solar + [calzado (zapato)]	
	cumprir un xuramento	ter alegría	
	custar + diñeiro (...)] ([a alguén])	ter por noticia [algo]	
	dar a despedida ([a alguén])	ter unha porfía	
	dar cariño [a alguén]	tirar a vista [de algo]	
	dar gusto ([a alguén])	tomar a medida [a algo ou a alguén]	
	dar noxo [a alguén]	tomar coñecemento [(de algo)]	
	dar queixa [de ... (a alguén)]	tornar + [animal (can)]	
	dar sorte [a alguén]	traer no pensamento [alguén]	
	dar un abrazo [a alguén] / .. aperta		
	dar un bico [a alguén]		
	dar un couce [a alguén]		
	dar un pincho		
	dar un recado [a alguén]		
	dar [un s...] + [c. (...)] [a alguén]		
	dar [unha planta] + [froito (...)]		
	dar [unha terra] + [planta (azafrán)]		
	dar unha tunda [a alguén]		
	deitarse na cama		

	derramar bágoas desatar + [atadallo (baraza)] dicir a verdade [a alguén] dicir misa durmir un sono enamorarse/nam. de + [p. (bonita)] ensinar + [p. (cría)/animal (galo)] enterrar + [p. morta (muller...)] enxertar + [planta (salgueiro)] escribir + [escrito (...)] [a alguén] espetar + [obxecto punzante (vara)] estudar para + [prof. ou of. (crego)] facer a cama ([a alguén]) facer + [acción... (trasnada)] facer barullo facer burla (de algo) ([a alguén]) facer + [comida (bola...)] facer compaña [a alguén] facer + [labor agrícola (esfollada)] facer + [período de tempo (anos)] facer + [peza de roupa (braga...)] facer rizos facer [u.c./u.p.] sombra facer un xuramento facer [unha ave] o niño facer unha viaxe (a un lugar) fiar cartos firmar un recibo fritir + [alimento (ovo, peixe)] gañar + [diñeiro (cartos, moedas)] gardar + [an. doméstico (gando)] gastar + [p. de r. ou c. (chaqueta)] gobernar a vida ir a [acontec. públ. (baile...)] ir á feira ir á herba ir a + [lugar de viaxe (O Brasil)] ir á misa ir con + [anim. dom. (gando, vaca)] ler as monicións levar traballo levar unha tunda mallar + [cereal (cebada, centeo)] mallar en + [metal (ferro)] mallar en + [persoa (muller)] mandar recado matar un porco moer + [cereal (gran, millo)] olvidar un amor pagar un traballo [a alguén] pagar unha soldada [a alguén] pasar + [ext. ou c. de auga (mar...)] pasar traballos pasar unha ponte pedir + [des. (...)] [á V. M. ou a D.] pedir esmola ([a alguén]) pegar + [parasito (...)] [a alguén] peitear o pelo		

234	picar con + [o. p. (ag.)] [a alguén] picar + [vexetal (verdura)] plantar + [planta (couve...)] pór [femia de a. ovíparo] un ovo pór/vestir + [peza de r. (mantelo...)] rachar + [t., p. ou m. s. (...)] regalar os ollos regar + [planta (alcipreste...)] remendar + [peza de r. (mantilla...)] rezar a un santo rezar + [oración (avemaría)] [...] sachar (en) + [planta (millo)] segar (en) + [planta (herba)] sementar + [cereal (avea...)] serrar (en) + [madeira] subir a + [árbore (alcipreste...)] subir + [el. do relevo (alto, costa)] ter cariño [a alguén] ter coidado ([de algo]) ter culpa [de algo] ter descanso ter devoción [a un s. ou á Virxe] ter + [doenza (enguenido...)] ter frío ter graza ter + [insecto parasito (piollos...)] ter malicia ter medo ([a algo ou de algo]) ter mozo/noivo ter pena ([de algo]) ter queixa [de algo ou de alguén] ter sona [de algo] ter sono ter sorte [con algo ou alguén] tocar + [c. musical (muiñeira)] tocar + [instr. musical (cazola...)] tomar + [beb. ou com. (almorzo...)] traer recordos [a alguén] varrer a casa	153 (65.38 %)	46 (19.65)	35 (14.95)
2.2.3. Substantivo + adxectivo			
	[animal (galiña)] + pinto [animal (besta, can...)] + rabelo [anim. ou p. f. (cabra...)] + preñado cara redonda castaña asada día santo [el. do relevo (camiño...)] + chan [froita (castaña...)] + madura [froita (mazán, pera)] + podre [froita (castaña, mazán)] + verde [madeira (cañoto)] + seca	[animal (becerro...)] + mono batalla campal bo mozo / boa moza cara bonita [froito (millo)] + serodio [froito (millo)] + temperán palabra amorosa [persoa (home...)] + bonita/guapa [peza de roupa (camisa)] + rabela [planta (maís)] + rara sesta lixeira	amor certo amor firme corta feira millo miúdo morte cruel morte negra ollos quedos palla maísa pelo roxo sardiña cabezuda sono primeiro

53	[madeira (leña)] + verde ovo choco ovo cru pelo rizo [persoa (muller)] + fea [persoa (cuñada...)] + nova [persoa (meniña, mozo)] + solteira [persoa (muller, vella)] + vella [peza de roupa (roupa...)] + nova [planta (silva)] + seca [planta (herba...)] + verde san Xoán santo milagreiro vaca marela viño branco viño tinto 27 (50.94 %)	unto vello zapato baixo 13 (24.52)	sorte infeliz tempo santo 13 (24.52)
2.2.4. Substantivo + preposición + substantivo			
47	arroz con leite banda do mar banda do río barco de vela beira do mar bota de viño can de palleiro cinta do pelo domingo de Pascua esfollada do millo feixe de leña folla de lata martes de Carnaval/ m. de Entroido mes de san Xoán molete de pan noite de Navidá pan de centeo pan de trigo pía do bautismo puñado de sal 20 (42.55 %)	aguillada dos bois aire de riba cabezalla do carro estrela do norte faldra da camisa fiada de lan gacio/racimo de uvas mollo de palla noite de luar palla de centeo pedra do lar rabela do arado raia do Sol sacho de cavar volta do río 15 (31.91)	aresta do liño auga da tronada burato da porta estreliña do luceiro flor de abril flor de maio ourelo de apertar papas de millo miúdo papas do pote puntada de cego tempo de troupelear viño con mel 12 (25.53)
2.2.5. Verbo + adverbio			
9	chover miudiño estar ben [p. de r. (...)] [a alguén] facer ben falar mal de [algo ou alguén] querer ben [a alguén] saber ben [un al. (...)] ([a alguén]) 6 (66.66 %)	botar fóra 1 (11.11)	amar amorosiñamente parecer ben 2 (22.22)
2.2.6. Adxectivo + adverbio			
2	(0)	ben casado mal empregado 2 (100)	(0)
Total	50.08 %	33.02 %	16.88 %

2.3. Locucións			
2.3.1. Locucións substantivas			
	a súa boa vida boa xente cabeza de vento cara de rosa este mundo o cabo do mundo o outro mundo pouca cousa	a fame e a gana de comer cara de cartón cara de leite fervido lingua murmuradora pernas de cabra trigo limpo	barriga de tamboril boa comenencia cara de cañoto seco cara de corno e candil cara de leite tallado cara de linda mazán cara de mazán madura cara de sardiña(s) frita(s) maquiallo da mestura mazán do cuco ollos de gata raxada pito cairo
27	9 (33.33 %)	6 (22.22)	12 (44.44)
2.3.2. Locucións adxectivas e comparacións			
	de campana de lado de parede do (meu, teu...) corazón do tempo [de alguén / seu] en van para diante sen fin	alto como un ovo alto como un piñeiro de banda de gusto de seu malo como Xudas	branco como o pote branco como (un) chocolate de media polaina de polaina enteira de prezo de razón / posto en razón delgada como a palla do centeo feito de cera máis vello que Zaragoza negro como a parrumeira redondo como unha noz (tan) teso como as vergas dun canizo
26	8 (30.76 %)	6 (23.07)	12 (46.15)
2.3.3. Locucións pronominais			
	o mundo enteiro todo o mundo		
2	2 (100 %)	0 (0)	0 (0)
2.3.4. Locucións verbais			
	botar o ollo [a alguén ou a algo] caíren os ollos [a alguén (por algo)] dar a gana (de algo) [a alguén] dar (a) volta dar a volta [a algo] dar as grazas [a alguén] dar conta de [algo/alguén] ([a alg]) dar leña [a alguén] dar o si [a alguén] dar palabra (de algo) [a alguén] dar que facer [a alguén] dar (t.) voltas c. (se fose) un sarillo dicir adeus ([a algo ou a alguén]) estar de Deus facer a puñeta [a alguén] facer falta [a alguén] facer mal [a alguén] morrer de fame non haber dúbida ([de algo])... non ter outro remedio pasalo	arrear bandeira berrar como un becerro botar a pata por riba [a un a. f.] botar bombas cantar como un asubío cantar como un reiseñor dar a alma a Deus dar mala vida [a alguén] facer de conta [algo] ilo andando levar no corazón [algo ou alguén] levar o corazón [a alguén]/ roubar... levar o mesmo camiño (q algo ou alg) matar o corpo mazar o lombo [a alguén] parecer unha rosa pedir conta (de algo) ([a alguén]) pór a barriga redonda [a alguén] tentar o demo [alguén] tirar polo xenio [a alguén] tremer como un figo maduro	amolar o xogo asustar até as ánimas benditas dalo [unha muller a un home] dar palla [a alguén] darse de perda darse na man [a alguén] deitar na cama [alguén] desandar a roda dicir mal de [alguén] facer mellor conta [a alguén] facer o amor [a alguén] levar as colores [a alguén] levar os cinco sentidos [a alguén] mandar embora [alguén] matar de rir [alguén] matar e esfolar non ser moito pedilo [un home a unha muller] pór a man [a alguén] quebrar as cordas do corazón quedar [sen alg/] c. a agulla sen liña

	pasar o tempo perder o tempo petar na cabeza [a alguén] quedar atrás quedar por riba ([de alguén]) ser todo + substantivo ser [unha acción + outra] todo un tanto dar [u.c. a alguén] ter entendido [algo] ter un pé en [algo ou algures] traballar como unha burra valer máis ([a alguén]) (que outra) volver en si		retorcer a porca o rabo [a algo] servir o rei ter a lingua lixeira ter á porta c. un feixe de leña vir ás mans [de alguén]
81	34 (41.97 %)	21 (25.92)	26 (32.09)
2.3.5. Locucións adverbiais			
	a cabalo a escondidas á noite / de noite / pola noite a non ser a rego cheo a rolos á tarde á toa antes de onte ao gusto [de alguén / seu] ao lombo ao lonxe ao medio ao mediodía ao menos ao modo [de alguén / seu] ás escuras canto antes como terra como un demoño como un papagaio con día cos ollos abertos de balde de broma de costas de cu de día / polo día de fociños de lonxe de madrugada de mala gana de mañán / pola mañán de pé de reollo de todo de veras do revés en busca [de algo ou de alguén] en paz frente a frente	a rastro como un cangrexo de canto de cara a cara de patas pra arriba de risa de roda / en roda dunha hora pra outra na man / nas mans nas uñas [de alguén] que Deus nos asista	algún día alto como a estrela do norte ao desdén ao mandado [de alguén / seu] ao preto cando o piñeiro dea uvas de parrafeo de vontade en camisa por conseguinte

74	na (miña/túa...) vida no medio nos brazos [de alguén] nunha carreira para sempre pola conta que me/che... ten pola vida polo aire polo menos pouco a pouco / pouco e pouco que rabea un pouco verbo + que + mesmo verbo 54 (72.97 %)	10 (13.51)	10 (13.51)
2.3.6. Locucións prepositivas			
28	á beira de a cabalo de á conta de a piques de á vista de a xunto de / xunto de antes de ao lado de ao pé de ao redor de / arredor de atrás de / tras de baixo de / debaixo de camiño de cara a dentro de despois de detrás de diante de en vez de encima de enriba de / riba de no medio de par de por causa de 24 (85.71 %)	a compás de á volta de da man de na cas de 4 (14.28)	0 (0)
2.3.7. Locucións conxuntivas			
9	a mais / e mais antes de que / antes que así que des que / desde que despois que en canto para que por máis que tanto... que... 9 (100 %)	0 (0)	0 (0)
Total	66.39 %	14.14 %	19.45

2.4. Fórmulas			
	alá vai (+ u.p/u.c.) como che/vos... vai? demo/diaño de + nome Deus me/nos dea paciencia e logo e todo fai/facede... o favor (de + OR.) por Deus que + subst. + nin (que) + centella queira Deus + CD quen me/che... dera (+ CD) sabe Deus (+ CD) se Deus quer ten/tende... vergonza vai/ide... á merda!	boas noites (nos dea Deus) bon día / bos días (nos dea Deus) Deus che/lle... dea sorte Deus che/lle... pague (+ CD) grazas a Deus que cocemos... loado sexa Deus mal raio (de Deus) mate/parta + CD!... que te/o... leve o demo... queda/quedade... con Deus ten boa traza vaia que + OR. vaite/ídevos... de aí! vállame/nos Deus! xa me entendes	así Deus me favoreza catro cornos para ti/el... deixa/deixade... chover Deus te/vos... axude felices as madrugadas moi felices nunca Deus me dera que demoro! santo Antonio te/vos... defenda vállame/nos o Sacramento! vállate/o... o demo! vállate/o... Xuncas!
41	15 (36.58 %)	14 (34.14)	12 (29.26)
2.5. Refráns			
	o que forra sempre ten os fillos da miña filla meus ... onde hai fume, lume hai onde irás, boi, que non ares... quen canta o seu mal espanta quen mal anda mal acaba sarna con gusto non pica	a muller que come a nata non pode... acabáronse as vendimas... o que comeu a faneca que coma... o que escoita de si oe quen ten fillos ten traballos sardiña que o gato leva, aquela...	alcipreste non se rega porque... non hai cousa máis humilde que... o que dá a cepa torta... por que non casas, Pedro? Por...
17	7 (41.17 %)	6 (35.29)	4 (23.52)
Total	48.55 %	28.89 %	22.27 %

4. Referencias bibliográficas

4.1. Fontes primarias

BARROS JUSTO, Ramiro (2013): *Vocabulário ilustrado da Terra de Cotobade.* Santiago de Compostela: Tórculo Comunicación Gráfica SA.

BLANCO, Domingo (1999): "Do refrán á cantiga" en ÁLVAREZ, Rosario e VILAVEDRA, Dolores (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero* (Vol. II). Santiago de Compostela: Universidade de santiago de Compostela, 203-233.

FRAGUAS, Antonio (2019): *Cantigueiro de Cotobade.* Vigo: Editorial Galaxia.

FRAGUAS FRAGUAS, Antón (1996): *As cousas de Antonio de Insuela*. Santiago: Editorial Compostela SA.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio (1953): "Notas sobre el fuego en Galicia. La farsa "Dulcinea" o la quema de la Pascua" en *Zephyrus: Revista de prehistoria y arqueología* 4, 401-415.

(1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade.* Trasalba: Fundación Otero Pedrayo.

(1998): *Cantigueiro de Cotobade.* Sada: Ediciós do Castro.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio e OTERO PEDRAYO, Ramón (2019): *As coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade. Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán*. Discurso lido o día 8 de maio de 1956 no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Antonio Fraguas Fraguas e resposta do excelentísimo señor don Ramón Otero Pedrayo. A Coruña: Real Academia Galega.

GONZÁLEZ GARCÍA, Luís e SOTO ARIAS, María Rosario (2016): "Galeguismos no español de América: coincidencias semánticas entre unidades fraseolóxicas galegas e do español de América" en GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (Ed.), *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 245-301.

LORENZO FERNÁNDEZ, Xoaquín (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Galaxia.

PÉREZ BALLESTEROS, José [1979] (1885): *Cancioneiro popular gallego,* Tomo I. Edición facsimilar, Madrid: Akal Editor.

[1979] (1886a): *Cancioneiro popular gallego,* Tomo II. Edición facsimilar, Madrid: Akal Editor.

[1979] (1886b): *Cancioneiro popular gallego,* Tomo III. Edición facsimilar, Madrid: Akal Editor.

PINTOS, Xoán Manuel [1853] (2002): *A gaita gallega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol)*. Sada: Ediciós do Castro.

RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas*. *Contribución al Diccionario Gallego.* Santa Marta de Tormes-Salamanca: Editorial CEME.

(1997): *O muíño*. Ourense: Imprenta Grafo Dos Editorial.

(2011): *A videira e o viño*. Ourense: Abeleda Edicións.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958): *Diccionario Enciclopedico gallego-castellano*. Tomo I. Vigo: Galaxia.

(1960): *Diccionario Enciclopedico gallego-castellano*. Tomo II. Vigo: Galaxia.

(1961): *Diccionario Enciclopedico gallego-castellano*. Tomo III. Vigo: Galaxia.

SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. Ourense: Diputación Provincial de Ourense.

SIMÕES, Guilherme Augusto (1993): *Dicionário de Expressões Populares Portuguesas*. *Arcaísmos, Regionalismos, Calão e Gíria, Ditos, Frases Feitas, Lugares-comuns, Aportuguesamentos, Estrangeirismos, Curiosidades da Linguagem*. Lisboa: Publicações Dom Quixote.

SOBREIRA, JUAN (1979): *Papeletas para un dicionario gallego.* Edición e estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".

VALLADARES NUÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central.

4.2. Fontes secundarias

ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001a): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporánea I.Volume A - F*. Lisboa: Ed. Verbo.

ACADEMIA DAS CIÊNCIAS DE LISBOA (2001b): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporánea II. Volume G - Z*. Lisboa: Ed. Verbo.

ASOCIACIÓN XUVENIL "OS ESTRALOXOS" (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Xunta de galicia, deputación Provincial de Lugo, Concello de Pantón.

BARBEITO LORENZO, María Dolores (2005): "Frases feitas do concello das Neves" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 2005, 293-301.

CUBA, Xoán R.; REIGOSA, Antonio e MIRANDA, Xosé (1999): *Dicionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

FERRO RUIBAL, Xesús (2018): "Viño, de ricos; e pan, de pobres. Vinificación e viño na paremioloxía galega" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 20, 67-196.

GARCÍA NEGRO, María Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. Vilaboa: Edicións do Cumio.

LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, María Rosario (2008): *Dicionario de fraseoloxía galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1995): *O sexo na poesía popular.* Vigo: Edicións do Cumio.

MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.

NAVAZA BLANCO, Gonzalo: "Historia e etimoloxía do *pito cairo*", en BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (ed.) (2004): *Novi te ex nomine: Estudos filolóxicos ofrecidos ao Prof. Dr. Dieter Kremer*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Páxs. 165-179.

REAL ACADEMIA GALEGA: *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 380 (2019).

REAL ACADEMIA GALEGA: *Dicionario da Real Academia Galega en liña* <http://academia.gal/dicionario>.

RISCO, Vicente (1994): *Obras completas 3. Etnografía*. Vigo: Galaxia.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (1910): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Madrid: Imprenta de Ricardo Rojas. [Edición facsimilar de Editorial Maxtor (2001)].

SANTAMARINA, Antón (ed.) (2003): *Dicionario de dicionarios*. *Versión 3.* A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

VEIGA DÍAZ, Maite (1996): "Pequena contribución á fraseoloxía galega" en *Cadernos de lingua* 14. A Coruña: Real Academia Galega, 85-100.

Recensións
Reviews

FERNÁNDEZ MARTÍN, Patricia e SARDELLI, M.ª Antonella (eds.) (2019): *Estudios lingüísticos y literarios de las unidades fraseológicas en las obras cervantinas*. Bari: Les Flâneurs Edizioni; ISBN: 978-88-31314-03-9, 174 páxs.



A monografía obxecto de recensión é o primeiro volume da colección italiana *Fraseologia e paremiologia,* editada por María Antonella Sardelli e Patricia Fernández Martín. Recolle as reflexións tanto de expertos fraseólogos e paremiólogos coma de estudantes do Liceo Clásico Statale Socrate de Bari surxidas tras o *Seminario Internazionale Miguel de Cervantes*, celebrado en Bari en 2017. É unha mostra da importancia que están a adquirir a fraseoloxía e a paremioloxía nos hispanistas italianos.

Tal como observamos no índice, a obra divídese en dúas partes: a primeira componse de seis estudos en castelán e a segunda, en italiano, de tres aproximacións realizadas por estudantes. Son achegas de estudosos de formación heteroxénea pero complementaria nas que reflexionan sobre a riqueza lingüística e literaria dos textos cervantinos. Profundicemos en cada unha delas.

A primeira parte comeza cun artigo do helenista Fernando García Romero (Universidad Complutense de Madrid) que leva por título "Sobre un proverbio que se le olvidó decir a Sancho". Despois de repasar a orixe grecolatina, o significado e o uso dalgunhas paremias e fraseoloxismos utilizados por Cervantes (*una golondrina no hace primavera; tener vista de lince; la ocasión la pintan calva; a buen entendedor, pocas palabras bastan*, entre outras), céntrase na paremia *palabra y piedra suelta no tienen vuelta*, tamén de orixe grega e empregada por Sancho na novela do ecuatoriano Juan Montalvo Fiallos *Capítulos que se le olvidaron a Cervantes* (1895). Mostra como evoluciona a paremia dende Eurípides pasando pola latinidade antiga, medieval e renacentista, ata chegar ás letras contemporáneas.

O segundo artigo desta primeira parte leva por título "A Dios y veámonos. Estudio contrastivo romance de las paremias populares del Quijote con Dios", no que Joan Fontana i Tous (Universitat de Barcelona) analiza, por unha banda, as estratexias tradutolóxicas

(equivalencia *ad litteram*, equivalencia *ad sensum*, "anuestramiento") para o refrán *A Dios rogando y con el mazo dando*, primeira das dezasete paremias quixotescas nas que aparece a plabra "Dios". Por outro lado, recompila as formas empregadas nas versións romances das dezasete paremias que non mencionan a Dios. Toma como fonte de estudo trece traducións romances en galego, portugués, catalán, francés, italiano, rumano e asturiano.

María del Mar Fuentes Chaves (Universidad de Salamanca) destaca en "El Quijote de Andrés Trapiello, ¿una traducción al castellano actual?" a vixencia da obra cervantina catrocentros anos despois da súa publicación, facendo un estudo contrastivo entre a lingua de Cervantes e a do *Don Quijote de la Mancha* (2015) de Trapiello. Tras unha serie de consideracións previas nas que se presenta a obra e se aclara a conveniencia de considerala unha tradución e non unha adaptación, a autora exemplifica con dez paremias do *Quijote* e a súa correspondencia na obra do autor leonés o seu *modus operandi* na tradución. Mostra nas conclusións as técnicas que emprega Trapiello para *actualizar* as paremias que considera complexas para un lector medio do século XXI.

En "Las colocaciones léxicas: la actividad cognitiva conceptualizadora en El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha", Rossana Sidoti (Università degli Studi di Messina) explora a obra cervantina dende o punto de vista da semántica cognitiva. Extrae colocacións léxicas existentes no *Quijote* para estudar a función cogntiva da metáfora nunha obra que foi considerada por moitos autores *unha moi lograda metáfora da vida*. Así, partindo dos estudos de G. Lakoff e M. Johnson, explica que expresións como *malignidad del tiempo, devorador y consumidor de todas las cosas* son exemplos de conceptos metafóricos ontolóxicos que mostran o pensamento e o tempo como entidades antagonistas ao humano, ou que unha expresión tan coñecida da obra como *se le secó el cerebro* é un exemplo de metáfora sensorial na que a escasez de auga/vida impide o funcionamento da mente como entidade/máquina. Son moitas as colocacións explicadas que nos permiten entender que a metáfora é un mecanismo lingüístico que permite explicar como verbalizamos a realidade.

O quinto traballo, realizado por Alessia A. S. Ruggeri (Università di Roma Tre) e Paolo Rondinelli (Academia della Crusca), céntrase noutra obra cervantina, tal como se observa no seu título "Los refranes de las Novelas Ejemplares y su posible derivación erasmista", e ten como obxectivo presentar a relación entre Erasmo e Cervantes a partir do rastro dos refráns de matriz non só erasmista, senón tamén erasmiana (de influencia directa) presentes na obra novelística. A primeira parte do artigo introduce a recepción do erasmismo en España e a súa influencia na literatura áurea e en Cervantes e na súa obra. Tal como podemos ler no texto, "nas obras cervantinas apreciase un criticismo racionalista encarnado nun humanismo renacentista erasmista". A segunda parte céntrase na análise de fragmentos das *Novelas ejemplares* para establecer relación cos Adagia de Erasmo analizando o contexto textual e cultural no que se insertan.

Remata a primeira parte deste volume co traballo de Rafael Negrete Portillo (Universidad Europea de Madrid) "Teatro fuera del teatro. Lecturas dramatizables de textos cervantinos", que selecciona once fragmentos das obras cervantinas plausibles de seren representados.

Son textos de "El licenciado vidriera", "La ilustre fregona" das *Novelas Ejemplares*, versos do Canto de Calíope de *La Galatea*, extractos de *Don Quijote de la Mancha* entre os que destaca o soneto dialogado entre Rocinante e Babieca, *Ocho comedias nuevas nunca antes representadas* como *La gran sultana* e a súa traxedia por excelencia *El cerco de Numancia*. O obxectivo do autor é aportar un enfoque didáctico e lúdico aos textos do autor alcalaíno tomando como pilares a liberdade, a modernidade e o feminismo dos personaxes cervantinos.

A segunda parte comeza cun artigo escrito por Francesco Lupelli e Angello Sassi, estudantes da Classe III C del Liceo Clasico Statale Socrate di Bari, que leva por título "Don Chisciotte ed Enrico IV: una lucide follia", onde comparan a loucura de Don Quijte coa do personaxe Enrique IV, protagonista da obra dramática de Luigi Pirandello. Se ben os dous personaxes parecen ser títeres actuando no escenario da realidade, Enrique IV presenta unha "lucida follia", xa que é capaz de decidir se retornar ou non á realidade a pesar de que o seu entorno (os demais personaxes da obra) se adapta totalmente a el, mentres que, no momento en que Don Quijote se convirte en Alonso Quijano, morre.

O segundo traballo en italiano, "La novella impertinente", reúne a cinco estudantes do IV Liceo Classico, sez. B, del Liceo Classico Statale Socrate di Bari, Alessia Roberta Bruno, Corinna Cellini, Martina de Cosmo, Vittoria Magarelli, Caterina Martino, e Tiziana Minervini, coordinados polo profesor Francesco Nuzzaco, docente de literatua italiana e latina, para analizar as técnicas narrativas empregadas nas novelas intercaladas do *Quijote*: *El curioso impertinente* e *El capitán cautivo,* que parten da estrutura dos exempla medievais fusionados cos temas de Boccacio e Ariosto. O artigo que pecha este volume, "Letture Pericolose", foi escrito por un grupo de catro estudantes da Classe C del Liceo Classico Statale Socrate di Bari: Sara Alfonso, Caterina Campanella, Annalisa Coppolecchia e Erica De Santis. Percorren distintas obras literarias nas que a lectura forma parte da temática e representa un problema, ben individual ou social. Son personaxes como Don Quijote Emma, de *Madame Bovary* de Flaubert, por querer simular o que lían; por exercer de censores, Jorge, de *El nombre de la rosa* de Umberto Eco, quen se suicida por envelenar as páxinas da *Poética* de Aristóteles, e Guy Montang, na novela distópica *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury, perde a sociedade que coñecía na que non existían os libros a favor doutra que valora o coñecemento transmitido na literatura.

A lectura dos textos que recopila este volume aporta unha visión novedosa sobre as obras cervantinas, centrada tanto en aspectos fraseolóxicos e paremiolóxicos coma literarios. As adapatcións dramáticas dos variados textos cervantinos permiten o achegamento a obras complexas dende unha perspectiva lúdica e didáctica sen que o texto canónico deixe de ter importancia. Ademais, é moi necesaria a existencia de obras colectivas coma esta nas que os estudantes poidan dar os seus primeiros pasos na investigación —cervantina, neste caso—.

Vanessa Fernández Pampín
IES do Milladoiro

GAUTIER, Laurent (ed.) (2018): *Figement et discours spécialisés. Forum für Fachsprachen-Forschung*, vol. 105. Berlín: Frank & Timme GmbH Verlag für wissenschaftliche Literatur. ISBN 978-3-86596-413-7; 158 pp.

A obra *Figement et discours spécialisés,* publicada pola editorial Frank & Timme —especializada en literatura científica— no número 105 da colección *Forum für Fachsprachen-Forschung* ("Foro para a investigación das linguaxes técnicas") que dirixen Hartwig Kalverkämper en colaboración con Klaus-Dieter Baumann, recibiu o apoio económico da Universidade de Bourgogne a través do TIL (*Centre Interlangues: Texte, Image, Langage* (EA 4182)) para a súa publicación. Isto explica que, aínda que estea redactada en francés na súa meirande parte (só 1 dos 7 capítulos está en alemán), case todos os autores sexan francófonos e xermanistas. Esta colaboración franco-alemá atopa, en todo caso, o seu nexo de unión na figura do Catedrático francés en Lingüística Alemana e Aplicada Laurent Gautier, director do Centro TIL e coordinador da presente obra.

A temática que desenvolve este volume atinxe as relacións entre a fixación e as linguas de especialidade. No seu prólogo, o Profesor Gautier pon en valor, precisamente, o percorrido da investigación sobre as linguas especializadas no espazo francófono desde a súa emerxencia en 1995, coa obra de Lerat, ata ocupar un lugar recoñecido no ámbito académico e mesmo privilexiado no paradigma da lingüística de corpus. Esta última é, de feito, a que mellor pon de manifesto a presenza non só dun perfil combinatorio dos termos de cada lingua profesional, senón tamén a existencia dunha comunicación especificamente especializada, é dicir, onde existe unha relación intrínseca entre as formas e os contidos. Grazas á análise dos datos masivos que se extraen dos corpus pódese, efectivamente, comprobar a repetición e a estabilidade das expresións ligadas a certos conceptos específicos. Estes trazos que transforman o estatus destas expresións, de "preferentes" (ou tamén "recorrentes", diriamos nós) a "exclusivas" dunha lingua de especialidade, outórganlles carácter propio. ´

Ese carácter propio é o que cada autor deste volume vai abordar desde a súa perspectiva nas dúas partes nas que se divide a obra: unha dedicada ás relacións entre Terminoloxía e Fixación, e outra dedicada ás existentes entre Fixación e Discursos. Estas dúas partes atopan a súa xustificación nos dous polos entre os cales discorre a fixación: no límite inferior está o termo e no límite superior está o discurso. Entre un e outro, a fixación forma un contínuum que serve de fio condutor a toda a obra, de tal xeito que o conxunto das contribucións, aínda que divididas nesas dúas partes, xiran en torno a unha mesma temática: as relacións entre a fixación e os discursos especializados, tal e como indica o título deste libro. A análise desas relacións por parte de cada un dos especialistas salienta un aspecto que pode facer bascular a atención do lector cara a un dos dous polos, pero

sen perder nunca de vista a relevancia que ten a fixación na creación do termo e na elaboración dos discursos en linguas de especialidade.

Adentrándonos na lectura do libro, o primeiro no que nos fixamos é nos nomes dos especialistas que forman parte do elenco de autores, sete en total. Así, abre a primeira parte a grande fraseóloga Gertrud Greciano, cunha aportación sobre a construción dun glosario multilingüe relacionado coa xestión de riscos, seguido do lingüista especializado en terminoloxía, Gérard Petit, que analiza o papel da fixación na creación dos termos; de seguido, van Françoise Rigat, analista do discurso, cunha contribución sobre as fórmulas no discurso institucional, e Jean-Marc Delagneau, especialista en didáctica das linguas, que se interesa polo ensino do alemán nun ámbito profesional como o da loxística e os transportes. Na segunda parte, colaboran outros tres grandes especialistas, unidos en torno á análise da dimensión discursiva da fixación en textos xornalísticos: o fraseólogo anglicista Ramón Martí Solano inclínase polo estudo do fenómeno contrario, a deslexicalización na prensa; a fraseóloga xermanista Marina Iakushevich interésase polas metáforas conceptuais e o seu papel na emerxencia da fixación, e, finalmente, o terminólogo anglicista Roumain Vanoudheusden pon de manifesto na prensa deportiva o uso "estilístico" das expresións fixas.

Pero máis alá de describir a estrutura deste libro, o que cómpre salientar é como cada un dos autores aborda o tema da fixación desde o ámbito da especialidade que elixiu para o seu traballo. Así, e como non podía ser de outro xeito, Greciano empeza lembrando, na súa función de "teloneira", a Salah Mjeri como "propietario intelectual" do concepto de *figement* (fixación) en fraseoloxía desde a súa tese con Robert Martin, que deu lugar á publicación en 1997 do libro *Le figement lexical: descriptions linguistiques et structuration sémantique.* En relación co tema escollido, a creación do glosario europeo *Glossaire Multilingue et Multimedia de la Gestion du Risque* ("Glosario Multinlingüe e Multimedia da Xestión do Risco"), que decide abordar desde a perspectiva da Teoría das Catástrofes, de René Thom, a fixación constitúe para a autora o "poder da forma", no senso que "é unha axuda formal preciosa que permite respectar as forzas dinámicas de ensamblaxe, [...]; garante a forma das unidades discretas ensambladas e a súa irreversabilidade" (p. 20).

Esta relación de poder entre a forma e a fixación tamén a salienta Gérard Petit no seu estudo sobre a formación dos termos e as condicións ás que se ven estes atados non só por parte dos terminólogos, senón tamén por parte das institucións de normalización e as instancias de lexitimación que son as que os validan. Este autor relaciona a fixación á forma pluriverbal do termo, de tal xeito que esta vén sendo consecuencia daquela, mais, aínda que ámbalas dúas son inseparables, é preciso disocialas. En efecto, pola propia natureza do termo, este nunca atinxe ser fixo de todo, xa que, por razóns designativas do referente, sempre tende a variar e estender a súa forma pluriverbal ata atopar a denominación descritiva máis idónea, máis transparente. Polo tanto, a fixación resulta ser para os terminólogos unha asíntota, no sentido matemático da palabra. Desde esa perspectiva, "por moito que a pluriverbalidade poida manifestar unha forma de fixación, non debe permitir que esta se realice" (p. 27). Os motivos que aduce Petit para disociar a fixación da pluriverbalidade, baseándose nun estudio de termos relacionados coa economía e a enerxía nuclear, consisten no feito de que, por unha parte, o termo, na súa

forma pluriverbal, debe fuxir da fixación formal total, aínda que sexa a súa condición necesaria para formarse, para deixar marxe dabondo para desenvolver a súa función sinalética u designativa, pero por outra, debe aspirar a esa fixación para ser recoñecido como tal e utilizado correctamente na comunicación especializada.

Quen trata de relacionar a fixación máis alá da forma é a seguinte especialista, Françoise Rigat, ao abordar os termos que saen acuñados dun organismo como a FAO, ligados á alimentación. O estudo que realiza do *Glosario do dereito á alimentación* elaborado por esa institución deixa ver claramente o impacto que teñen os aspectos semánticos e pragmáticos na formación da fixación dos termos pluriverbais. Alén de seren a maioría deles unidades fraseolóxicas composicionais, os termos creados nun organismo coma a FAO poden estar motivados non só por unha necesidade práctica de estandarización terminolóxica que facilite a comunicación entre os seus usurarios, senón tamén por un uso ideolóxico particular. Isto último sae á luz ao observar a autora unha certa opacidade semántica en termos creados sexa por eufemismo, para rebaixar a carga conflitiva do seu significado (fálase, por corrección política, máis de *inseguridade alimentaria* que de *fame*), sexa por creación dun valor consensual, "político", en torno ao concepto que representa como un ben supremo (poñendo, por exemplo, a *seguridade alimentaria* como un dereito ao acceso aos alimentos). Estes dous procedementos son de tipo extralingüístico e contribúen a que eses termos acaben fixándose no uso por razóns que non son propiamente terminolóxicas. Este estudo vén confirmar o que xa dicía A. Gautier en 2004 (p. 254), e que a autora cita en conclusión, a saber que "a evolución da investigación fixo necesario un certo número de axustes [dos criterios de fixación] dos que convén salientar que están a miúdo ligados á exploración de ámbitos novos da produción lingüística" (*ibid.*, 71).

Estes axustes, mencionados en alusión á evolución que a fixación tivo desde que se creou o concepto á vez como fenómeno lingüístico, que sinala a presenza dunha dicotomía entre combinacións libres de palabras e combinacións fixas, e como proceso de creación de combinacións fixas a partir de combinacións libres, son tanto máis necesarios canto que as linguas de especialidade se multiplican en función da creación de novas actividades profesionais. Por ese motivo, o especialista Jean-Marc Delagneau, no seu estudo sobre a terminoloxía da loxística e dos transportes en relación co Porto Marítimo do Havre en Francia no cadro do ensino das linguas estranxeiras, destaca a necesidade de adaptar "as nocións teóricas da fixación e da fraseoloxía para que poidan aplicarse ás linguas de especialidades" (p. 83). Esta adaptación pasa por ter en conta os contextos de uso dos termos. Ao ser o sector da loxística e dos transportes un ámbito composto por unha ampla variedade de actividades profesionais, cunha dimensión interna, cara ao desenvolvemento da produción, e externa, cara á distribución, a lingua vencellada a estas actividades tamén é variada. Esa lingua contén estruturas e termos moi heteroxéneos, cun grao moi variable de especialización, e polo tanto de fixación, atopándose incluso varios casos de deslexicalización. Desde o punto de vista da didáctica dunha lingua estranxeira (neste caso o alemán para francófonos), resulta relevante recoller, en forma de glosarios ou dicionarios plurilingües combinatorios, eses termos en función deses distintos graos de fixación, pero tamén en función dos contextos de uso. Eses contextos de uso son os que

caracterizan aos termos dentro de cada lingua-cultura nacional, amparándoos fronte a unha aseptización dunha terminoloxía estandarizada dentro dunha *lingua franca,* o inglés.

Ben é certo que todo termo aspira á fixación máxima para ser considerado consolidado dentro do seu ámbito de especialización. Unha vez conseguida, este acada o estatus de termo consagrado, con forma canónica e institucional. Polo camiño, van caendo as outras formas denominativas que competiron por designar o referente ao que aludían. Agora ben, non sempre resulta así, e mantéñense na lingua varias formas sinonímicas de denominación para un mesmo referente, que tamén recollen os dicionarios. Resulta entón difícil determinar cal é a forma canónica e cales son as variantes. Disto trata o traballo de Ramón Martín Solano, o cal, baseándose na dicotomía establecida por Moon (1998) entre variacións institucionais e variacións *ad hoc*, entre as que se atopan os casos de manipulación léxica ou sintáctica, se aproxima aos procesos de inversión na fraseoloxía inglesa do discurso xornalístico. Como ámbito proclive á manipulación fraseolóxica, o discurso xornalístico constitúe un medio privilexiado para facer visible a "tensión permanente entre estabilidade e creatividade lingüísticas" (p. 108). Vén a confirmar que a fixación en fraseoloxía non debe darse por irreversible.

O traballo de Marina Iakushevich, o único redactado en lingua alemá (todos os demais están en francés), centrado no papel que desenvolven as colocacións relacionadas cun campo de especialidade particular, o da depresión, permite mostrar, a partir do seus usos nun corpus xornalístico de divulgación científica, como a fixación está estreitamente ligada á iconografía. A súa análise, baseada nos traballos de Lakoff e Johnson (1980) sobre as metáforas conceptuais, lévaa a relacionar o fenómeno fixativo con procesos á vez formais, semánticos e cognitivos. Así, a propia estrutura da colocación, dividida en base e colocativo segundo a concepción de Hausmann, propicia a fixación, reforzando as relacións semánticas que establecen este tipo de formativos na construción das imaxes, as cales quedan logo fixadas na mente dos usuarios, sobre todo no caso das colocacións relacionadas coa depresión xa que implican a parte emocional dos individuos. Mais, alén destes factores, tamén inflúe a función textual e discursiva das colocacións na súa fixación, como é o caso das colocacións relativas á depresión ligadas a contextos médicos, xa que "Die Kontextualisierung des Ausdrucks zeigt, dass die grundlegenden semantischen Prozesse vor dem Hintergrund des aktuellen Gebrauchs interpretiert werden müssen, d.h. die Bedeutung des Gesamtausdrucks konstituiert sich im konkreten Gebrauch" ("A contextualización da expresión mostra que os procesos semánticos básicos deben interpretarse no contexto de uso actual, é dicir, o significado da expresión global constitúese no uso concreto") (p. 124).

Relacionando tamén fixación e metáfora, Romain Vanoudheusden pon de manifesto no seu estudo sobre o estilo periodístico da prensa deportiva a relevancia do uso das metáforas como patróns de creatividade lingüística. Chama *estereotipia lingüística* o conxunto das expresións fixas utilizadas na lingua e salienta a súa presenza privilexiada na prensa deportiva, ao punto de que moitas veces as súas expresións, co tempo, pasan a outros campos de especialidade e mesmo á lingua común. Esa presenza de estereotipos lingüísticos está relacionada, ademais, cun estilo literario propio da prensa deportiva que vén dos seus inicios como prensa especializada, ao principio en mans de literatos,

avogados etc. Nesta relación entre fixación e estilo literario, composto este de hipérboles, metáforas guerreiras, alusións culturais etc., aquela, cos seus distintos graos de restrición, "impón unha convención estilística fundamental sen a cal un artigo sobre deporte non podería publicarse" (p. 142). Desde esta perspectiva, a fixación condiciona o xénero e caracterízao ao punto de ser o seu trazo principal.

En definitiva, a análise do fenómeno fixativo nas linguas de especialidade entronca perfectamente co debate que a fixación, como noción, espertou entre os lingüistas, os fraseólogos e os terminólogos desde a súa creación no último terzo do século pasado. Desde o momento mesmo da súa mención como fenómeno lingüístico universal, foi obxecto de estudo tanto por parte dos seus defensores como dos que minoraron a súa importancia. Considerado por Mejri (1998) como un concepto estruturante da linguaxe en xeral, ao colocalo á altura de categoría articulatoria da lingua (constituiría a "terceira articulación" da linguaxe, despois das dúas de Martinet), os seus límites e ámbitos de acción sempre foron temas de análise desde distintas perspectivas segundo os especialistas. Desde o punto de vista da lingua xeral, común, a fixación ligouse á pluriverbalidade de tal xeito que esta é "a condición necesaria para que se poida falar de fixación" (Mejri e Anscombre, 2011: 238). Agora ben, saber cal das dúas é a máis importante para definir a fraseoloxía resulta difícil se partirmos da condición que pon Greciano (1986: 321), citada aquí por F. Rigat (*ibid*., 69) para definir unha unidade fraseolóxica (UF): segundo esta autora, para poder chamar UF a una combinación de palabras, esta debe cumprir dous destes tres trazos, pluriverbalidade, fixación e iconicidade (ou figuración). Polo tanto, aínda que se decida un pola pluriverbalidade e a fixación, ámbalas dúas serían por igual necesarias desde un punto de vista formal (léxico e morfosintáctico): a fixación só actúa nunha secuencia de máis de dúas palabras, e a pluriverbalidade só se mantén se hai fixación. A inclinación pola combinación destas dúas condicións para definir unha UF ten, aparentemente, todo o seu sentido desde a perspectiva das linguas terminolóxicas, posto que os termos se definen precisamente polo seu aspecto formal (pluriverbal, de tipo sintagmático), a súa transparencia semántica e a súa función referencial. Nesta definición de termo, parece, pois, que a iconicidade non atopa o seu lugar.

Non obstante, a práctica terminolóxica amosa que isto non se dá en tódolos casos. Esta obra é a proba de que, a pesares de que as terminoloxías recorren á fixación de forma masiva (*ibid.*, Petit, p. 27), a pluriverbalidade fuxe dela (cf. o seu carácter asintótico, segundo o mesmo autor); tampouco é un trazo estable, non só polas variantes que existen dun mesmo termo, aínda que este estea consolidado, senón pola posibilidade que ten unha forma canónica de deslexicalizarse; nin a terminoloxía está exenta de iconicidade, como o demostra o estudo de Iakushevich sobre as imaxes das colocacións sobre a depresión. Pero, a parte de que a práctica contradí a teoría en canto á relación da fixación coa pluriverbalidade e a figuración no caso das terminoloxías, tamén este volume pon de manifesto a amplitude das causas que realmente inciden na formación dos termos: na elección dos elementos léxicos e sintácticos para formaren unidades fraseolóxicas que aspiren a ser termos estables inflúen factores non só de tipo lingüístico (denominación descritiva), senón tamén extralingüísticos: comunicacionais (expertos), ideolóxicos (institucións), psíquicos (conceptos mentais), lúdicos (xogos de palabras), estilísticos (convencións literarias) etc.

En canto á universalidade da fixación como fenómeno lingüístico que atinxe á formación de termos de uso internacionais, esta obra tamén aborda a problemática que existe entre a necesidade de atopar un espazo intermedio entre un nivel de homoxeneización terminolóxica e o respecto da identidade propia de cada lingua. Así, se ben é certo que hai unha necesidade de conseguir un nivel de consolidación dos termos, cun grao máximo de fixación, para asegurar unha homoxeneidade idónea que favoreza a comunicación, mediante unha normalización terminolóxica consensual entre expertos e institucións de lexitimación, tamén hai unha necesidade de salvagardar unha terminoloxía expresada, non por medio dunha lingua franca, senón por medio de cada unha das linguas-culturas propias. As relacións por unha banda, entre fixación e variación, e por outra, entre variación e manipulación, mostran que na práctica terminolóxica esa aspiración do termo á estabilidade, lexitimidade e homoxeneidade non deixa de ser unha ilusión.

En calquera caso, a atracción exercida pola fixación, tomada nun sentido amplo ou restrinxido, nos estudosos do sistema fraseolóxico das linguas mostra que non deixa indiferente a ninguén. As reflexións de todos os especialistas desta obra contribúen a facela evolucionar de tal xeito que en moitos casos se vai liberando da súa visión inicial, aplicada á forma lingüística aparente, para afondar noutros elementos propiciadores de fixación léxica, máis soterrados, ligados a factores lingüísticos (semánticos e pragmáticos) ou extralingüísticos. Mais tamén, estas reflexións axudan a ver os seus límites nas linguaxes terminolóxicas, xa que por natureza o termo oscila constantemente entre a súa aspiración á estabilidade e súa inclinación á variabilidade. Por este feito, este volume, aínda que centrado na fixación para renderlle tributo como fenómeno central da linguaxe, en realidade pon de manifesto o seu carácter non absoluto como fenómeno lingüístico.

Referencias bibliográficas

Mejri, Salah (1998) : « La mémoire des séquences figées : une troisième articulation ? ou la réhabilitation du culturel dans le linguistique », en *Actes des Ve Journées scientifiques du réseau LTT de l'AUPELF-UREF: La mémoire des mots,* 3-11.

Mejri, Salah e Anscombre, Jean Claude (2011) : *Le figement linguistique: la parole entravée*. París: Champion.

María Isabel González-Rey
Universidade de Santiago de Compostela

LEI, Chunyi (2017): *Teoría fraseológica y lenguaje figurado en España y China.* Granada: Granada Lingüística. ISBN: 978-84-92782-49-9; 115 páxinas.

O libro *Teoría fraseológica y lenguaje figurado en España y China* de Chunyi Lei, publicado pola editorial Granada Lingüística en 2017 dentro da colección dirixida por Juan de Dios Luque Durán e Antonio Pamies Bertrán, está dedicado a un estudo contrastivo do chinés e do español que presta especial atención á teoría fraseolóxica e á linguaxe figurada.

Como indica o propio título, este volume estrutúrase en dúas partes principais: 1. as teorías fraseolóxicas do chinés e do español; e 2. a linguaxe figurada (metáfora e arquimetáfora) nestas dúas linguas.

A primeira parte comeza coa presentación das obras españolas que recompilan as unidades fraseolóxicas (en diante, UF), dende obras antigas da Idade Media ata dicionarios bilingües para o español e outras linguas. A continuación, presenta unha análise detallada dalgunhas taxonomías da fraseoloxía española. Considérase que a primeira clasificación é a de Julio Casares (1950), que inclúe a locución, a frase proverbial e o refrán e está baseada na función sintáctica das UF. Lei recoñece a importancia do estudo de Casares para os estudos modernos da fraseoloxía: "como punto de partida para os estudos modernos da fraseoloxía do español e como unha influencia indirecta nos estudos fraseolóxicos en xeral, xa que os seus criterios de clasificación das locucións foron aceptados por todos os fraseólogos [...]"[1] (p. 9). Por outra banda, segundo a autora, a taxonomía de Alberto Zuluaga Ospina (1980) incorporou as achegas alemás modernas á proposta de Casares. En función da estrutura interna e do funcionamento no discurso das UF, Zuluaga estableceu dúas clasificacións diferentes: a primeira, de acordo coas propiedades de fixación e idiomaticidade, divide as UF en expresións fixas, semiidiomáticas e idiomáticas; non obstante, para a autora, a outra clasificación, baseada no valor semántico funcional das UF, non difire moito da de Casares. Lei tamén menciona a taxonomía de Julia Sevilla Muñoz, que só abarca as paremias, e introduce a taxonomía de Gloria Corpas Pastor. No seu *Manual de fraseología,* Corpas analiza os aspectos pragmáticos das UF, o que Lei considera unha achega esencial. Corpas propón unha clasificación de tres esferas: colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos, que se corresponden ao fixado pola norma, o sistema e a fala, respectivamente. A autora tamén sinala que, segundo González Rey, a inclusión das colocacións na fraseoloxía non é unha proposta aceptada por todos os investigadores. Lei confirma que a teoría de Gloria Corpas destaca por ser a primeira teoría global que abrangue todos os tipos de UF e ofrece unha aclaración común a todos

[1] Texto orixinal (en diante, T.O:): "como punto de partida para los estudios modernos de la fraseología del español y como una influencia indirecta en los estudios fraseológicos en general, ya que sus criterios de clasificación de las locuciones han sido aceptados por todos los fraseólogos [...]".

eles sen omitir as propiedades características de cada subclase. Este apartado termina coa descrición da clasificación de Antonio Pamies Bertrán (2007a, 2014a, 2016). Lei cre que "o que distingue esta clasificación son, sobre todo, as súas razóns teóricas, derivadas da súa propia definición do feito fraseolóxico. Os tres grandes grupos baséanse nun criterio semántico-cognitivo [...]"[2] (p. 23). Efectivamente, se se compara con teorías anteriores que se basean principalmente na estrutura e no valor semántico, a proposta de Pamies con base na teoría cognitiva é novidosa, pois, segundo esta, a fraseoloxía estaría composta por pseudosintagmas (compostos, *phrasal*, locucións, construcións onímicas, fraseotermos etc.) semisintagmas (comparacións estereotipadas, colocacións, CVS etc.) e secuencias pseudodiscursivas (fórmulas, citas non sentenciosas, paremias, frases proverbiais etc.). Segundo o noso parecer, esta clasificación da fraseoloxía española é a máis ampla ata o de agora.

O seguinte apartado trata a teoría fraseolóxica chinesa e a súa taxonomía. Segundo a autora, no chinés non existe un termo equivalente a "fraseoloxismo" ou "unidade fraseolóxica", mais si hai palabras que designan os diferentes fenómenos fraseolóxicos, como é o caso de *chengyu* (成语 **feito – palabra*, "frase feita") ou *guan yong yu* (惯用语 **habitual – uso – palabra*, "expresión de uso habitual"). Non obstante, Wu Zhankun (2012), no seu libro *Shu Yu Xue Gang Yao* (熟语学纲要 "Panorama da fraseoloxía"), indica que en chinés a palabra *shuyu* ten tres sentidos: o estudo dos fenómenos fraseolóxicos; o conxunto dos fenónemos fraseolóxicos; e cada unidade fraseolóxica. Neste sentido, pódese dicir que o concepto *shuyu* corresponde aos conceptos de "fraseoloxismo" ou "unidade fraseolóxica" do español.

Antes de introducir as taxonomías da fraseoloxía, a autora fai unha especial análise do concepto *chengyu*. Os *chengyu* son un tipo de expresión peculiar da lingua chinesa e ocupan un lugar importante na fraseoloxía do chinés, tal e como sinala Lei: "máis do 90 % dos fraseoloxismos chineses serían *chengyu*"[3] (p. 26). Non hai unha opinión uniforme entre os fraseológos chineses sobre o que abarca o concepto de *chengyu* e, neste sentido, a autora critica a proposta de Fang Shenghui (1943) de empregar o termo *chengyu* como un hiperónimo que abranga outras moitas expresións como *yanyu, xie hou yu, guan yong yu* etc. Estamos de acordo coa autora en que esta clasificación non é discreta porque estanse a mesturar os diferentes tipos de expresións. Lei tamén presenta a teoría de Sun Weizhang (1989), segundo a cal, o *chengyu* é unha subclase do concepto *shuyu*. Así, formados na maior parte dos casos por catro caracteres, cunha longa historia e de uso frecuente, os *chengyu* teñen fixación formal e significado idiomático. A autora engade que, durante moito tempo, os diferentes tipos de UF chinesas eran considerados parte dun campo léxico e estudábanse dentro do eido da lexicoloxía, algo que tamén sucede coas UF do español. Como indica Mario García (2008), as UF españolas estúdanse, tradicionalmente, dentro da lexicoloxía, considerando a equivalencia coa unidade *palabra* e o significado unitario similar ao

[2] T.O.: "lo que distingue esta clasificación son sobre todo sus razones teóricas, derivadas de su propia definición del hecho fraseológico. Los tres grandes grupos se basan en un criterio semántico-cognitivo [...]".

[3] T.O.: "más del 90% de los fraseologismos chinos serían *chengyu*".

dos léxicos simples, así como a dificultade de separar unidades fraseolóxicas doutras unidades.

Entre as taxonomías presentadas pola autora deste libro, é evidente que non existe unha clasificación universal da fraseoloxía chinesa. En ocasións, hai confusión ou contradicións entre as diferentes teorías. A grandes trazos, hai lingüistas que toman *shuyu* como un hiperónimo que inclúe outros fraseoloxismos, como Wang Dechun (1983), Sun Weizhang (1989) e Yao Xiyuan (2013), mais tamén hai especialistas que tratan os *shuyu* como un tipo máis de fraseoloxismo. Lei destaca a clasificación de Wu Fan (2014): "Wu Fan emprega o termo *shuyu* como hiperónimo dividido en cinco subgrupos: *chengyu, guan yong yu, xie hou, yanyu* e *geyan,* e, segundo a súa capacidade de construír actos de fala e enunciados por si mesmos, clasifícaos en dous grupos: sintagmas fraseolóxicos e enunciados fraseolóxicos"[4] (p. 53). Obviamente, aquí o criterio de clasificación é a capacidade de construír actos de fala ou textos por si mesmos, un criterio similar ao aplicado na fraseoloxía española. A autora comparte este punto de vista e confirma que a distinción entre sintagmas e enunciados mantense nas taxonomías das UF españolas dende o principio. Deste xeito, este criterio convértese nun elo das fraseoloxías chinesa e española.

Noutro apartado, Lei reflexiona sobre a equivalencia e a tradución dos frasemas. Citando os puntos de vista de Corpas, Timofeeva, Bradeanu etc., Lei suxire que a tradución dalgúns fraseoloxismos pode significar un gran desafío para os tradutores. A causa principal é que os fraseoloxismos sempre implican elementos extralingüísticos propios dunha determinada comunidade lingüística. En palabras da autora, "a cultura, a mentalidade e a interrelación discursiva afectan moito á tradución, polo que en certa etapa causa a inaccesibilidade da tradución. A fraseoloxía é exactamente o que constitúe a particularidade cultural da tradución"[5] (p. 73). Para tratar a cuestión da equivalencia de tradución dos fraseoloxismos, Lei expón tres teorías representativas: por un lado, a teoría de Gloria Corpas sobre as locucións está composta pola equivalencia total, a equivalencia parcial, a equivalencia nula e a equivalencia aparente. Por outro lado, segundo a autora, Julia e Manuel Sevilla Muñoz abordan este problema dende unha perspectiva lexicográfica e as técnicas tradutolóxicas que propoñen para a tradución dos refráns e das frases proverbiais serían a actancial, a temática e a sinonímica. En función das ideas expostas, podemos dicir que ambas teorías destacan a importancia da competencia tradutora para unha correcta tradución. Coas técnicas presentadas por Julia e Manuel Sevilla Muñoz, sería posible obter unha correspondencia literal e conceptual. Non obstante, para que esta correspondencia sexa a "equivalencia total" que Gloria Corpas define, habería que cumprir todos os requisitos da "equivalencia total". Isto tamén é unha mostra da "intraducibilidade dos frasemas" referida por Lei ao inicio deste apartado. Por último, tamén cabe mencionar

[4] T.O.: "Wu Fan emplea el término *shuyu* como hiperónimo, que se divide en cinco subgrupos: *chengyu, guan yong yu, xie hou yu, yanyu*, y *geyan*, y, según su capacidad de construir actos de habla y enunciados por sí mismos, los incluye en dos grupos: sintagmas fraseológicos y enunciados fraseológicos".

[5] T.O.: "La cultura, la mentalidad y la interrelación discursiva afectan mucho a la traducción, por lo que en cierta etapa causa la inaccesibilidad de la traducción. La fraseología es exactamente lo que constituye la particularidad cultural en la traducción".

as equivalencias de Chen Zhi (2007), quen opina que os diferentes elementos culturais se manifestan nos distintos niveis lingüísticos e, especialmente, nos niveis fonético, fonolóxico, gramatical, semántico e pragmático. Segundo se un fraseoloxismo e a súa tradución son correspondentes nos niveis denotativo e connotativo, Chen Zhi formula a teoría de equivalencia total, equivalencia parcial ou diverxencia absoluta na tradución dos fraseoloximos cara o español ou o chinés. Lei considera que a análise de Chen Zhi pode facilitar información das diferenzas culturais entre China e España, mais, na nosa opinión, a "equivalencia total" de Chen Zhi non é totalmente coincidente coa "equivalencia total" que propón Gloria Corpas. Como xa comentamos ao expoñer a teoría de Julia e Manuel Sevilla Muñoz, a "equivalencia total" de Corpas contén máis requisitos en máis facetas da lingua e, en consecuencia, este tipo de equivalencia é máis difícil de acadar.

A segunda parte deste libro trata sobre a linguaxe figurada nas dúas linguas. Primeiro, exponse a evolución dos estudos da metáfora. De acordo coa autora, durante moito tempo, tratouse á metáfora como unha figura retórica. Dende Max Black, "comézase a ver a metáfora como un problema semántico que se ten que tratar no nivel da oración"[6] (p. 83). Segundo a *Teoría cognitiva da metáfora* de Lakoff e Johnson, a metáfora preséntase non só na linguaxe, senón tamén no pensamento e na acción do ser humano. Como resume Lei, "a metáfora non só é un fenómeno lingüístico, senón tamén é un proceso conceptual e experimental que reflicte a nosa forma de pensar e actuar e constitúe a forma en que percibimos o mundo"[7] (p. 84). Polo que atinxe ao funcionamento da metáfora, baseándose nas ideas de Lakoff (1987), a autora suxire que, tras as metáforas particulares variadas, hai un núcleo conceptual compartido por metáforas de distintas linguas. É dicir, hai un modelo metafórico cunha base biolóxica e psicolóxica común da cal derivan as múltiples expresións metafóricas en diferentes linguas.

En canto ao panorama de estudo da metáfora na China, Lei explica que foi nos anos 90 cando se comezou a estudar a metáfora baixo o marco da semántica cognitiva. Isto débese a introdución, nesa época, de obras occidentais sobre este tema. A fraseoloxía está moi relacionada coa metáfora porque a metáfora xoga un papel primordial na descodificación de moitos fraseoloxismos. Como defende a autora, "a fraseoloxía pódese considerar o eido que ofrece os exemplos máis abundantes e ilustrativos da motivación da linguaxe figurada, xa que permite un seguimento de moitos dos fenómenos que interveñen no proceso de proxección interconceptual"[8] (p. 86). A nomenclatura descritiva empregada na teoría da metáfora conceptual une directamente un dominio fonte cun dominio meta, o cal resulta pouco operativo ao investigar un corpus de fraseoloxismos amplio e detallado, segundo manifestan Iñesta e Pamies (2002). Por iso, ambos autores tentan clasificar a nomenclatura en tres niveis: modelos

---

[6] T.O.: "se comienza a ver la metáfora como un problema semántico que se tiene que tratar en el nivel de la oración".

[7] T.O.: "la metáfora no sólo es un fenómeno lingüístico, sino también es un proceso conceptual y experiencial que refleja nuestra forma de pensar y actuar y constituye la forma en que percibimos el mundo".

[8] T.O.: "La fraseología se puede considerar como el campo que ofrece los ejemplos más abundantes e ilustrativos de la motivación del lenguaje figurado, porque permite un seguimiento de muchos de los fenómenos que intervienen en el proceso de proyección inter-conceptual".

icónicos, arquimetáforas e metáforas particulares. Lei aclara que, neste sistema de tres niveis, os modelos icónicos están formados por diferentes tipos de dominio fonte que están clasificados, á súa vez, en arquimetáforas. Así mesmo, cada arquimetáfora encerra unha serie de metáforas particulares. Ao noso entender, a teoría de Iñesta e Pamies baséase na teoría cognitiva da metáfora de Lakoff, á cal desenvolven co fin de mellorar a súa aplicación práctica. Para mostrar os resultados de empregar esta teoría na práctica, a autora menciona o traballo de Pamies, Lozano e Cortina (2006), onde se aplica esta teoría ao dominio da embriaguez e se conclúe que as metáforas particulares en distintas linguas corresponden a cinco modelos icónicos relacionados co animal, o movemento, o corpo, a agresión e o vexetal e, á súa vez, con trece arquimetáforas. Outro traballo mencionado pola autora é o artigo *Metaphor, culture and conceptual systems: A case study of sex metaphors in a Hong Kong Chinese newspaper* (2009), de Tsang Ching Yee, onde se analizan as metáforas sexuais empregadas nun xornal para adultos e se resumen en "O sexo é unha guerra" e "O sexo é comer". A autora tamén destaca o traballo de Xiao Yanhong (2016), que realizou un estudo semántico contrastivo da metáfora na fraseoloxía do chinés e do español.

Este traballo revela a existencia de mecanismos compartidos polas dúas linguas na creación de fraseoloxías e metáforas. Tamén verifica a validez da teoría dos modelos icónicos e arquimetáforas. En consecuencia, debe recoñecerse a relevancia desta investigación, pioneira en estudar a fraseoloxía do español e do chinés dende unha perspectiva semántica mediante a aplicación da devandita teoría. En resumo, o tema tratado neste libro é innovador, pois a bibliografía ao respecto é escasa. Este estudo ofrece un panorama xeral do estado da cuestión da fraseoloxía e da metáfora na China e en España, incluíndo o concepto da fraseoloxía, as taxonomías existentes, a tradución de fraseoloxismos e a evolución do estudo da metáfora en ambas as dúas linguas. Ademais, preséntanos unha serie de estudos contrastivos español-chinés da fraseoloxía e a metáfora realizados ata agora. Non cabe dúbida de que este traballo poderá servir como base teórica para afondar no estudo contrastivo castelán-chinés da fraseoloxía e da metáfora contrastiva.

Liqun Wang
Universidade de Santiago de Compostela

SAILER, Manfred e MARKANTONATOU, Stella (eds.) (2018). *Multiword expressions. Insights from a multi-lingual perspective.* Colección Phraseology and Multiword Expressions 1. Berlin: Language Science Press, 336 pp. DOI: 10.5281/zenodo.1182583

Esta obra inauguraba en 2018 unha nova serie dedicada especificamente á fraseoloxía, «Phraseology and Multiword Expressions», da editora Language Science Press, un selo especializado en lingüística e con sede en Berlín que conta co apoio técnico-editorial da Universidade Libre de Berlín. A obra está dispoñible para descarga de balde, un feito que se agradece, por tanto as publicacións especializadas adoitaren ter prezos sobreelevados para a adquisición particular.

En *Multiword expressions. Insights from a multi-lingual perspective,* Manfred Sailer e Stella Markantonatou compilan un total de 10 estudos sobre as unidades plurilexicais. A maioría deles dan conta de parte dos resultados do grupo de traballo sobre a relación léxico-gramática da acción IC1207 - *Parsing and multi-word expressions. Towards linguistic precision and computational efficiency in natural language processing* (PARSEME), desenvolvida entre os anos 2013 e 2017 e centrada fundamentalmente na mellora da representatividade lingüística, a precisión e a eficiencia computacional da herdanza plurilingüística europea nas aplicacións de procesamento de linguaxe natural (no sucesivo, PNL) mediante a descrición e modelado das unidades plurilexicais. A acción, na que participaron 30 linguas, quería así avanzar no PNL e a súa aplicación nas TIC para linguas diferentes do inglés, idioma que ten absorbido boa parte dos esforzos científicos neste eido desde os comezos da lingüística computacional. O abano de linguas que cobre a obra é amplo: alemán, búlgaro, español, estonio, francés, grego, inglés, maorí, romanés e serbio.

O concepto de unidade plurilexical do que se parte é amplo, entendido como termo xeral para calquera tipo de unidade fraseolóxica (no sucesivo, UF). Ben que os traballos xiran fundamentalmente derredor das locucións e as colocacións, tamén hai traballos que inclúen a onomástica e os compostos terminolóxicos.

As achegas xiran derredor de tres focos temáticos específicos: a taxonomía das unidades plurilexicais, a definición de tipos de unidades concretos e os métodos e problemas na investigación destas unidades desde un punto de vista multilingüe. En xeral, a perspectiva destas últimas parte da posibilidade de dar cunha constante que sexa independente de cada lingua e que facilite así o seu tratamento con TIC. A maioría das investigacións que aquí se recollen enmárcanse dentro de proxectos que procuran o establecemento dun marco teórico e taxonómico que facilite a identificación e o tratamento das UF dentro das aplicacións de PNL, como os sistemas de tradución automática (no sucesivo, TA) ou os de etiquetaxe de corpus. Detallamos a seguir os contidos de cada un dos capítulos.

No capítulo 1, «The syntactic flexibility of semantically non-decomposable idioms», Sascha Bargmann e Manfred Sailer defenden un tratamento sintáctico máis uniforme dos frasemas tanto a escala intralingüística coma interlingüística partindo da premisa de que as UF idiomáticas deberían ser analizadas atendendo aos elementos que as compoñen, que se rexen polas regras estándar da sintaxe e que contribúen ao significado da unidade. Fan un contraste entre o inglés e o alemán aplicando estratexias de cambio de orde dos elementos, topicalización e pasivización. Tras o detalle das posibilidades, estenden a proba a outras linguas, nomeadamente á pasiva reflexa en estonio e a pasiva no francés.

A perspectiva multilingüística tamén se aplica na seguinte achega, «Semantic and syntactic patterns of multiword names: A cross-language study», un traballo de seis autoras que se engloba dentro da onomástica e da procura de regras para o seu aproveitamento computacional. Céntrano en tres categorías de nomes propios: persoas, lugares e entidades. As linguas analizadas son o búlgaro, o francés, o grego, o inglés e o serbio. Na súa investigación procuran a descrición dun modelo común para a descrición e clasificación desta categoría de palabras en diferentes linguas (*language-neutral semantic patterns*) co obxectivo de que se poida estender a outras linguas. O recoñecemento deste tipo de unidades será de gran utilidade para a TA, a extracción de información multilingüe e a automatización na elaboración de resumos. A partir do recoñecemento dos denominados *triggers*, que pertencerían a campos semánticos concretos, determinan unha serie de modelos semánticos que permiten identificar e determinar os tipos de nomes. En cambio, os padróns sintácticos que tamén analizan son específicos de cada lingua, ben que poden coincidir nalgunhas. O feito de que os padróns sintácticos das diferentes linguas se poidan vincular a un mesmo padrón semántico constitúe un elemento de comparación que permite o seu aproveitamento con medios computacionais.

En «MEWs and the Emotion Lexicon: Typological and cross-lingual considerations», Aggeliki Fotopoulou e Voula Giouli fan no 3.º capítulo unha análise comparativa grego-francés das UF do campo das emocións. Inclúen unha proposta de clasificación baseada en características sintácticas, léxicas e semánticas. As autoras observan que ambas as linguas presentan, no plano intralingüístico, un grao de variación considerable e, no interlingüístico, similitudes na sintáctica e na semántica subxacentes.

O capítulo 4 vén da man de Patrick Hanks, Ismael El Maarouf e Michael Oakes co título «Flexibility of multiword expressions and Corpus Pattern Analysis», en que aplican a técnica da análise de padróns en corpus desenvolvida polo propio Hanks para rexistrar significados (*map meaning*), unha técnica xa posta en marcha no *Pattern Dictionary of English Verbs*, con máis de 1600 entradas, incluídos *phrasal verbs* e locucións verbais. Dado que ese traballo esixira bastante intervención manual na fase de identificación, queren con este proxecto acelerar o proceso de detección dos padróns dentro do corpus aplicando métodos estatísticos e fornecer unha ferramenta que se poida aplicar a máis linguas. Nesta achega presentan unha análise bilingüe inglés-francés a partir de corpus monolingües e con vistas á tradución, centrada nun estudo de caso cos verbos *bite* / *mordre* como núcleos de UF de todo tipo (locucións verbais, fórmulas, colocacións…) e na procura das súas preferencias léxicas, sintácticas e semánticas nos corpus.

«Multiword expressions and the Law of Exceptions», de Koenraad Kuiper, conforma o 5.º capítulo da obra. Parte da Lei das excepcións como universal lingüístico, que defende que, na relación entre gramática e léxico, as regularidades gramaticais teñen un correlato nas excepcións que se manifestan no léxico, e de dous tipos de idiosincrasias léxicas: por unha banda, restricións arbitrarias dentro das opcións dadas pola gramática; por outra, aquelas que infrinxen as normas gramaticais. Traballa nos exemplos con inglés, neerlandés e maorí. Como indica o propio autor, esta achega é un primeiro exercicio de comprobación das hipóteses de partida.

O capítulo 6, «Choosing features for classifying multiword expressions», de Éric Laporte, enmárcase dentro da temática da taxonomía. Ante a falta de consenso, o autor procura cales son as características esenciais que se precisan para a clasificación e que, por tanto, cómpre investigar de forma prioritaria. Incide na necesidade da clasificación por dous motivos: por unha banda, por razóns prácticas de organización e de comunicación dentro da comunidade científica; por outra, polo feito de que facilitaría o recoñecemento por medios estatísticos en contornas computacionais.

No capítulo 7, unha das editoras do volume, Stella Markantonatou, comparte autoría con Niki Samaridi en «Revisiting the grammatical function "object" (OBJ and OBJø)». Desde o marco teórico da gramática léxico-funcional, as autoras analizan en grego e inglés os dous tipos de obxecto que distingue esta gramática (OBJ e OBJø) e analizan o seu comportamento nas expresións fixas e nas expresións de significado composicional, en concreto, se ambas as categorías de obxecto se poden aplicar aos sintagmas nominais. A súa conclusión é que cómpre unha nova categoría, unha nova función gramatical (que denominan FIX) para explicar os complementos, xa que non se poden explicar coas estratexias de diagnóstico clásicas aplicadas aos complementos.

Verginica Barbu Mititelu e Svetlozara Leseva abordan no capítulo 8 a cuestión da derivación no ámbito das expresións plurilexicais do romanés e do búlgaro, en concreto, a formación de novas UF por derivación a partir de UF existentes, e analizan, fundamentalmente desde a perspectiva paradigmática, como a derivación provoca cambios na morfoloxía, sintaxe e semántica das UF.

O capítulo 9, «Modelling multiword expressions in a parallel Bulgarian-English newsmedia corpus», de Petya Osenova e Kiril Simov, propón o establecemento de correspondencias de unidades léxicas fixas a partir dun corpus paralelo búlgaro-inglés empregando cadeas léxicas, que consideran un mecanismo apropiado para representar as UF xa que permiten codificar a flexibilidade gramatical dalgúns dos elementos que compoñen as UF, así como o valor informativo das palabras soltas. A partir de aí, establecen estruturas de correspondencia, tales como UF-palabra, UF-sintagma libre e UF-UF. O concepto de falta de simetría no establecemento das correspondencias no que fan reiteradamente fincapé resulta, a estas alturas, innecesario. Alén disto, coñecer a dirección do corpus sería relevante, xa que un corpus de traducións ten o nesgo de ser un corpus derivado, non «orixinal».

Pecha o volume un capítulo 10 dedicado ao establecemento dunha taxonomía de frasemas do español que resulte axeitado para os sistemas de PNL. En «Spanish multiword expressions: Looking for a taxonomy», Carla Parra, Almudena Nevado e Eoghan Sánchez toman os exemplos do inglés da taxonomía de Ramisch (2012, 2015) e elaboran un corpus de unidades similares en español que, neste caso, consta de 150 unidades. Na análise, contrástanas co CREA e o CORPES XXI. Establecen unha taxonomía ordenada conforme a dous eixes: tipoloxía morfosintática e grao de flexibilidade. A tipoloxía do inglés revélase desaxeitada para o español, polo que unha das súas conclusións é que as tipoloxías se deberían adaptar a cada lingua, mais que cumpriría avanzar a investigación para coñecer se poden ser comúns a linguas da mesma familia.

Como adoita ser común nos traballos de autoría múltiple enfiados unicamente por un obxecto de estudo, pero sen coordinación entre os contidos, a calidade dos capítulos é desigual. Con todo, cómpre destacar a fabulosa introdución dos editores para describir o estado da cuestión e as temáticas emerxentes, así como os marcos conceptuais dentro dos que se engloban os traballos, co que conseguen darlle a necesaria coherencia ao conxunto.

Patricia Buján Otero
Universidade de Vigo

SOLANO RODRÍGUEZ, M.ª Ángeles e BIELAWSKA, Karolina (coords.) (2018): *Proyectos de fraseología integrada para la enseñanza de ELE*. Madrid: Instituto Cervantes. ISBN 9788409100132; 338 páxs.

O volume *Proyectos de fraseología integrada para la enseñanza de ELE* inaugura, ao acubillo da Biblioteca Fraseológica do Centro Virtual Cervantes (CVC), a serie "Didáctica", que ten por obxectivo contribuír á ensinanza/aprendizaxe das unidades fraseolóxicas mediante a publicación de metodoloxías e actividades destinadas á aula de lingua, literatura, cultura ou tradución, así coma á autoformación.

Coordinado por M.ª Ángeles Solano Rodríguez e Karolina Bielawska, o volume que estamos a presentar supón unha achega importante no eido da fraseoloxía aplicada, da fraseodidáctica, partindo das suxestións do *Marco europeo común de referencia para as linguas* (MECR). Contén dez unidades de programación por tarefas destinadas ao desenvolvemento da competencia fraseoloxía do español. Estas unidades didácticas (UD) están dirixidas a docentes de español como lingua estranxeira (ELE) que se afrontan ante diferentes contextos de aprendizaxe e niveis de coñecemento lingüístico (A1-B2). Estas dez unidades son o

resultado do curso de promoción educativa «Diseño de unidades didácticas para la enseñanza y aprendizaje del español como lengua extranjera», celebrado na Universidade de Murcia en 2014. De marcado carácter experimental, esta iniciativa pedagóxica caracterizábase pola dinámica de resolución de problemas (ensaio, error e reflexión) e a titoría entre iguais (estudantes do último curso de grao e de mestrado). E son M.ª Ángeles Solano Rodríguez e Karolina Bielawska quen de coordinar este traballo coral, á vez orixinal e innovador, neste volume que se inscribe no ámbito da formación do profesorado de ELE para a ensinanza/aprendizaxe de unidades fraseolóxicas do español.

O prólogo, firmado por M.ª Isabel González Rey, incide na transcendencia e vitalidade da fraseoloxía práctica á que fai referencia o termo fraseodidáctica (*Phraseodidaktik*), acuñado en Alemania por Peter Khün nos anos oitenta do século pasado. De seguido, o volume arranca co capítulo "Integrar la fraseología en unidades didácticas por tareas", onde M.ª Ángeles Solano sinala a necesidade de incorporar na formación do profesorado de Educación Secundaria e de linguas estranxeiras contidos de didáctica do compoñente fraseolóxico das linguas. Considera que toda unidade de programación deber contemplar como obxectivo comunicativo de aprendizaxe a identificación, a comprensión e o bo uso das unidades fraseolóxicas (UF) máis recorrentes. A profesora Solano parte dunha clasificación das UF en catro grandes categorías: os sintagmas fraseolóxicos (locucións verbais, adxectivas, nominais, prepositivas e colocacións), os enunciados fraseolóxicos (rutineiros, pragmáticos e discursivos), os esquemas sintácticos (unidades fraseolóxicas que precisan completarse con elementos da sintaxe libre) e as paremias.

As achegas do volume seguen o principio de que toda unidade de aprendizaxe debe responder a unha planificación flexible, pero sistemática, na que a intervención docente responda ás tres fases cognitivas básicas de atención, adaptación e apropiación. Na fase de atención é preciso tomar consciencia do feito fraseolóxico na lingua nativa e noutras linguas coñecidas. Así, resulta de gran utilidade facer compilacións de UF e asocialas unhas coas outras en mapas conceptuais en atención aos diferentes tipos de relacións (sinonimia, homonimia e antonimia).

As dez unidades didácticas están estruturadas na secuencia dun número de sesións (de cinco a dez, dunha hora, hora e media ou dúas horas de duración) e están encadradas nos niveis A1, A2, B1 e B2 de español (MECR), en contextos de ensinanza oficial da Educación Secundaria Obrigatoria e de ensinanza non regrada para adultos. Abordan áreas temáticas de interese para as persoas ás que se dirixen (o deporte, o cinema, as viaxes, as relacións persoais, a gastronomía e a alimentación) e presentan ferramentas de distintos tipos de avaliación (da tarefa final, das competencias empregadas, de autoavaliación e de coavaliación da aprendizaxe).

A primeira unidade didáctica, "¡Me lo paso pipa en España!", da man de Félix Ekstrom Tormos e Karolina Bielawska, está deseñada para preadolescentes de nivel inicial A1 de español (nivel básico do MECR) e ten como obxectivo acadar a tarefa final de escribir unha carta informal a un amigo español (*penpal*), con miras a un posterior intercambio escolar. Entre os fraseoloxismos traballados atopamos *ser (como) una jaula de grillos,*

pasar las horas muertas + GERUNDIO*, hincharse a* + INFINITIVO*, tener buena/mala pinta, estar para chuparse los dedos, pasarlo pipa, ser más lento que el caballo del malo, estar como pez en el agua, lo bueno se acaba pronto* e *la práctia hace al maestro.*

Ramón William Sánchez Harrison e Syrine Daoussi achegan a segunda unidade didáctica, titulada "De compras navideñas", que está dirixida a estudantes anglófonos de 13-14 anos de nivel A1–A2 de español (nivel elemental do MECR) e debe desenvolverse no primeiro trimestre do curso porque a tarefa final é un xogo de rol na contorna das compras do Nadal. Entre as unidades fraseolóxicas abordadas están as que fan referencia ao momento de facer o pagamento: *echar cuentas, rascarse el bolsillo, pagar en efectivo, pagar al contado* e *pagar a tocateja.*

A terceira UD, "¡Extra, extra, escribimos una noticia!", vén firmada por María José López Ramón e María Dolores Sánchez López-Casas. Tamén está pensada para estudantes preadolescentes de nivel A2 de español como lingua estranxeira. A tarefa final consiste na redacción e presentación dunha noticia para o telexornal da clase sobre vivencias e actividades desenvolvidas ao longo do curso escolar. Nas mostras das tres noticias resultantes destacan *estar la mar de* + ADJETIVO*, acabar molido, recargar las pilas, hacer un frío que pela, de lo lindo, estar para chuparse los dedos, pegarse una leche, llorar como una magdalena* e *ir sobre ruedas.*

As seguintes dúas unidades didácticas están enmarcadas no nivel de transición entre o A2 e o B1 de español (niveis elemental e soleira do MECR). Así, a cuarta unidade didáctica, "Vamos al cine ¿no?", de Raquel Cuesta González y Jaime Pérez Macanás, está dirixida a adolescentes de diferentes nacionalidades en situación de inmersión lingüística en España co obxectivo de facer a dramatización dunha conversación telefónica para ir ver xuntos unha película. Trabállanse enunciados fraseolóxicos pragmáticos (*¡Vaya tela!, ¡Qué fuerte!, ¡Madre mía!, ¡Lo que nos faltaba!, ¡Muy bonito!, ¡Qué guay!, ¡Es una pasada!, ¡Ni hablar!)* e discursivos (*en fin, por supuesto, por cierto, en resumidas cuentas)*.

A quinta unidade didáctica, "Fraseología deportiva", de Silvia García González e Isabel Ortuño Carbonero, diríxese a xogadores de fútbol nun contexto de ensinanza non regrada e en inmersión lingüística en España. Persegue unha dobre tarefa final: a construción dun glosario fraseolóxico deportivo e a realización dunha entrevista cun periodista. As unidades traballadas proceden das regras e das tácticas do xogo, así coma da cultura futbolística española e o desenvolvemento da actividade deportiva (*fuera de juego, saque de banda, pase y movimiento, táctica del balón largo, meter gol, hacer falta, sacar/recibir una tarjeta amarilla, sacar/recibir una tarjeta roja* e *ser ofensivo,* entre outras).

Na mesma liña temática atópase a oitava unidade didáctica, "Eres todo un narrador deportivo!", dirixida tamén a xoves deportistas anglófonos de nivel B1 de español fóra do ensino regrado. O obxectivo dos autores, Mario Sánchez Morales e Syrine Daoussi, é a elaboración dunha crónica deportiva que aparecerá publicada nun blog e será presentada nun coloquio. Figuras relevantes do baloncesto, do fútbol e do tenis son os alicientes dos textos e das noticias traballadas na unidade.

Inmaculada Garrido Tébar, Juan Vázquez González e Noelia García Rodríguez son autores da sexta e da sétima unidades didácticas: "¡Buen viaje!" e "¡Oído cocina!". Ambas as dúas están dirixidas a estudantes adolescentes de nivel B1 de español (nivel soleira do MECR). O obxectivo de "¡Buen viaje!" é elaborar un xogo de mesa sobre cidades, gastronomía, festas populares e meteoroloxía. E "¡Oído cocina!" pretende acadar a planificación e a dramatización de actuacións simuladas nun restaurante, con diálogos que conteñan fraseoloxismos e un menú con pratos típicos da cociña española.

A fraseoloxía recollida nestes dous traballos comprende as UF *Quien fue a Sevilla perdió la silla, Ancha es Castilla, en la luna de Valencia, el tiempo es oro;* unidades referidas ao ámbito meteorolóxico coma *de sol a sol, llover a cántaros, llover a mares, hacer un sol de justicia, hacer un día de perros, hacer un frío que pela, A mal tiempo, buena cara*; locucións coma *no dejar a alguien ni a sol ni a sombra, ser (alguien) un sol, estar en las nubes, estar en la luna, estar alguien que truena, romper el hielo, ir algo viento en popa, ver las estrellas, ser (alguien) una estrella, cambiar de aires*; e locucións relacionadas con divertirse como *pasar una noche toledana, pasarlo bomba, irse de jarana, pegarse una juerga, andar de picos pardos, salir de farra* e *pasarlo pipa*, entre outras.

Para abordar a diversidade gastronómica das diferentes rexións españolas, a sétima unidade, "¡Oído cocina!", aborda UF como *a la sopa boba, abrir el apetito, con las manos en la masa, crecer como hongos, de toma pan y moja, descubrir el pastel, llamar al pan pan y al vino vino, para chuparse los dedos, ser harina de otro costal, ser pan comido, tener buen paladar, venderse como rosquillas* etc.

Rosario Cano Piñero e Irene Plaza Iniesta achegan a novena unidade didáctica "No sabrás lo que es pena, hasta que no juntes tu sangre con la ajena", destinada a adultos británicos de nivel de transición entre o B1 e o B2 de español (nivel avanzado do MECR) que están aloxados con familias españolas. A tarefa final consiste na elaboración e presentación dun blog con información sobre a súa vida cotiá nese contexto familiar de acollida en España. A partir das buscas e consultas no *Refranero multilingüe*, as persoas participantes na experiencia traballan con paremias coma *De tal palo, tal astilla; Dime con quién andas y te diré quién eres; Mal de muchos, consuelo de todos / de tontos; Más vale el diablo por viejo que por diablo; Más vale pájaro en mano que ciento volando; Más vale tarde que nunca; No por mucho madrugar amanece más temprano*; *Y con esto y un bizcocho*, *hasta mañana a las ocho* etc.

A décima e última unidade didáctica do volume, "Como en casa, en ningún sitio", de Paloma Morcillo Ortega e Alba María Gálvez Vidal, está dirixida a estudantes universitarios alemáns de segundo ciclo con intencións de facer unha estadía de tipo académico en España. Despois de elaborar un "catálogo de expresiones fijas", a tarefa final consiste nun xogo de rol con improvisacións a partir de situacións da vida real (buscar piso en anuncios de prensa, relacionarse cos demais inquilinos, firmar o contrato de aluguer e resolver un problema de convivencia). Nesta unidade recóllense expresións como *estar en apuros, sano y salvo, ser como buscar una aguja en un pajar, ser un*

manitas, poner al mal tiempo buena cara, arrimar el hombro, tener un día de perros, no pegar ni con cola, hablar por los codos, llevarse bien con alguien etc.

Podemos dicir que estas dez unidades didácticas do volume *Proyectos de fraseología integrada para la enseñanza de ELE* conforman unha boa andamiaxe na que están dispostos de xeito claro e sistemático os seus compoñentes: os descritores dos niveis de competencia lingüística do MECR, as especificacións de contidos, os obxectivos e as distintas taxonomías de observación para poder efectuar as avaliacións correspondentes. Todo isto fai que este traballo coordinado por M.ª Ángeles Solano Rodríguez e Karolina Bielawska se converta nunha ferramenta necesaria e innovadora para a fraseoloxía aplicada do español, especialmente útil e inspiradora no eido da formación de docentes de ELE. Trátase dun estupendo comezo para a nova serie de "Didáctica" da Biblioteca Fraseológica do Centro Virtual Cervantes. Moitos parabéns!

Referencias bibliográficas

MECR - XUNTA DE GALICIA (2005): *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.* Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) / Consello de Europa / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Tradución ao galego de COUNCIL OF EUROPE (2001): *Common European Framework for Languages: Learning, Teaching, Assessment.* Strasbourg: Council for Cultural Cooperation, Education Committee, Language Policy Division (https://www.lingua.gal/recursos/outros/_/publicacions/recurso_0001/marco-europeo-comun-referencia-para-linguas).

SEVILLA MUÑOZ, Julia e ZURDO RUIZ-AYÚCAR, M.ª Teresa (dirs.) (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid. Instituto Cervantes - Centro Virtual Cervantes (http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero) [Data da consulta: 9-12 de decembro de 2019].

M. Carmen Losada Aldrey
Universidade de Santiago de Compostela

Novas
News

NOVAS

1. Libros, revistas e artigos (excluídos os publicados neste volume)

ABIE, Tsegaye (2019): "Women in Awngi [Ethiopia] Proverbs: Positive Image in Focus", en *International Journal of English Language, Literature and Translation Studies,* 6 (1); 72-84.

ADEOTI, Gbemisola (2019): "The Loudness of the 'Unsaid': Proverbs in Selected African Drama", en *Legon Journal of the Humanities*, 30 (1); 82–104.

ADRIANOVA, Natalia S.; OSTROUMOVA, Olga F.; KUZMINA, Elena K. e VANCHIKOVA, Elena A. (2017): "'War' Concept Representation in Military Phraseology (Case Study of Russian and French Languages)", en *Modern Journal of Language Teaching Methods,* 7 (9/3); 106-111.

ALBERDI, Carmen (2018): "Les mots dièse (hashtag): figement lexical et figement cognitif», en *Anales de filología francesa,* 26; 7-26.

AL-ZUBAIDI, Nassier A. G. (2019): "Woman Stereotypes and Patriarchal Hegemony: A Feminist Stylistics Analysis of Iraqi Folk Proverbs", en *Al-Ustath,* 58 (1); 67-84.

AMALI, Halima; CIROMA, Zainab e BASHIR, Amina (2019): "Idoma proverbial names as a vehicle of expression: a sociolinguistic view", en *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship,* 36; 57-73.

ANTOLÍ-MARTÍNEZ, Jordi M. (2018): "Origen y evolución de la locución *Donar a Entendre* en catalán medieval. Un acercamiento diacrónico a la fraseología", en SOUTET, Olivier; SFAR, Inès e MEJRI, Salah (eds.), *Phraséologie et discours.* París: Honoré Champion; 259-278.

ARIMI, Sailal (2005): "Contested Wisdom in Indonesian and Japanese Proverbs: A Linguistic-Cultural Mapping /インドネシア語と日本語の諺に見られる知恵の競い合い 一口言語的・文化的写像", en 都市文化研究 *Studies in Urban Cultures,* 6; 76-101.

ASENSIO, María Dolores (2018): "Las TIC en el aprendizaje de las unidades fraseológicas en FLE: el uso de Youtube et PowerPoint como recursos didácticos», en *Anales de filología francesa,* 26; 27-45.

AYRIS, Alexander A. (2019): "Polemics and Proverbs: Religious Controversy in England, 'German Lips,' and the Character of a Genre", en *Reformation & Renaissance Review* [revista electrónica].

BADR, Hassan e MENACERE, Karim (2019): "Demystifying Phraseology: Implications for Translating Quranic Phraseological Units", en *Advances in Language and Literary Studies,* 10 (1); 28-40.

BAKHMATOV, Daniil A. (2019): "Issue of the paths of phraseology evolution", en *Bulletin of the Moscow State Regional University*, 4; 72–79.

BALSLIEMNKE, Petra (2018): "Gedankenlose Sprache – Gedankenlose Zeit? Motivierung von Phraseologismen in der NS-Zeit und Sprachbewusstsein", en SOUTET, Olivier; SFAR, Inès e MEJRI, Salah (eds.), *Phraséologie et discours.* París: Honoré Champion; 279-290.

BARANOV, Anatolij; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KISLEVA, Ksenia; KOZERENKO, Anastasija e VOZNESENSKAJA, Marija (2018): "Frequency and Style: Evidence from Russian Phraseology", en SOUTET, Olivier; SFAR, Inès e MEJRI, Salah (eds.), *Phraséologie et discours.* París: Honoré Champion; 237-243.

BARANYINÉ KÓCZY, Judit (2018): *Nature, Metaphor, Culture: Cultural Conceptualizations in Hungarian Folksongs.* Nova Iorque: Springer.

BECK, David (2019): "Phraseology in Morphology: It's a Sign!", en *Linguistica Atlantica,* 37 (2); 1-19.

BEN AMOR BEN HAMIDA, Thouraya (2018): "La terminologie phraséologique: le cas du *défigement*", en SOUTET, Olivier; SFAR, Inès e MEJRI, Salah (eds.), *Phraséologie et discours.* París: Honoré Champion; 15-30.

BÉRCHEZ CASTAÑO, Esteban (2019): "Sobre los Proverbios Latinos", en *Liburna*, 14; 57–71.

